Guía de avaliación videoxogos educativos

Silvia López Gómez

Programa de Doutoramento en Educación
Fac. CC Educación
Santiago de Compostela

2015

Índice

Introdución....4
A) FICHA DE IDENTIFICACIÓN....6
A.1. Videoxogo obxecto de análise....6
A.2. Autoría....6
B) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....7
B.1. Temática....7
B.2. Clasificación....7
B.3. Grupo destinatario....8
B.4. Funcións xerais....10
B.5. Obxectivos educativos....10
B.6. Contidos educativos....11
B.7. Competencias....15
B.8. Habilidades....15
B.9. Ámbito de incidencia....16
B.10. Teorías de aprendizaxe....16
B.11. Estrutura educativa....17
B.12. Retos....17
B.13. Posibilidades de intervención no deseño instrutivo....20
Conclusións da análise B....20
C) ANÁLISE DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....21
C.1. Idioma....21
C.2. Son....21
C.3. Rexistro....21
C.4. Plataforma....22
C.5. Sistema operativo....22
C.6. Sistema periférico....22
C.7. Linguaxe de programación....23
C.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....23
C.9. Compras....23
C.10. Publicidade....23
C.11. Outros requisitos técnicos....24
Conclusións da análise C....24
D) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN (GAMEWORLD)....25
D.1. Idea do xogo....25
D.2. Natureza do mundo do xogo....25
D.3. Niveis....25
D.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....26
D.5. Trama argumental....26
D.6. A estrutura espacial do videoxogo....26
D.7. Visión do xogador/a....28
D.8. Personaxes....29
D.9. Obxectos simbólicos....32
D.10. Estrutura temporal....32
Conclusións da análise D....33
E) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS E INTERACCIÓN....34
E.1. Regras do xogo....34
E.2. Obxectivos do xogo....34
E.3. Conflito do xogo....35
E.4. Os/as xogadores/as....35

E.5. Interface....35
E.6. O equilibrio de dificultade....36
E.7. Sistema de información....36
E.8. Eventos do videoxogo....37
E.9. Resultados do xogo....38
Conclusións da análise E....38
F) ANÁLISE DA XOGABILIDADE INSTRUTIVA....39
F.1. Facilidade de aprendizaxe das mecánicas do xogo e dos contidos pedagóxicos....39
F.2. Equilibrio da experiencia lúdico – educativa....39
F.3. Eficacia da retroalimentación, axudas e reforzos....40
F.4. Adecuación dos aspectos audiovisuais....41
F.5. Accesibilidade....44
F.6. Funcionalidade técnica xeral....44
F.7. Aplicación didáctica....45
F.8. Modelo de profesionalidade docente implícito no videoxogo....45
F.9. Modelo de aprendizaxe do alumnado....47
F.10. Tarefas organizativas que implican ao centro....47
Conclusións da análise F....48
G) ANÁLISE DOS MATERIAIS COMPLEMENTARIOS DE APOIO....49
G.1. Presenza de material complementario e/ou información de apoio....49
G.2. Documentación pedagóxica....49
G.3. Documentación técnica....50
Conclusións da análise G....50
H) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....51
H.1. Xogabilidade e eficacia didáctica....51
H.2. Funcionalidade....51
H.3. Conclusións finais....51

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Introdución

Estamos ante unha guía para a análise de videoxogos deseñados con intencións educativas (englobando videoxogos educativos, xogos dixitais educativos, produtos multimedia lúdico - educativos e serious games educativos), constituída por oito ámbitos ou grandes bloques temáticos:

- **A) Ficha de identificación**. Neste primeiro bloque, constarán os aspectos fundamentais que identifican o videoxogo (título, ano ou dato de lanzamento, imaxe de referencia, prezo...), mais tamén interesa obter datos en canto ás institucións, empresas ou persoas encargadas de crear o videoxogo obxecto da análise, cales son os perfís profesionais implicados no seu desenvolvemento e por que medios xurdiu a iniciativa (é produto dunha contratación? dunha iniciativa propia de tipo empresarial? creouse con fondos públicos?, etc.)
- **B) Análise do deseño instrutivo**. Este ámbito refírese aos aspectos educativos, aos motores que impulsaron a creación do videoxogo, a súa intencionalidade. Preténdese analizar a coherencia entre a temática, clasificación e grupo destinatario cos obxectivos e contidos pedagóxicos, indagando ademais cuestións relacionadas coa selección e presentación dos mesmos. Trátase de determinar os principios pedagóxicos que sustentan o xogo, a súa estrutura e características dos retos ou actividades que o compoñen.
- **C) Análise das características técnicas**. Preténdese identificar as características e especificacións técnicas, así como a tecnoloxía utilizada para a elaboración do videoxogo.
- **D) Análise do mundo de ficción**. No bloque procuramos indagar nos aspectos relacionados co deseño do mundo ficticio virtual do xogo, os que dan sentidos aos seus eventos (Morales, 2015). Pretendemos obter datos da súa trama argumental (se a ten), das personaxes que integra (xénero, procedencia, idade...), dos escenarios, dos obxectos... Trátase de facer unha lectura denotativa, mais tamén unha análise connotativa (valores, sensacións, arquetipos, estereotipos, coherencia...)
- **E) Análise do sistema de regras e interacción**. Por medio desta análise, observaremos as posibilidades de actuación que permite o xogo, as súas mecánicas e dinámicas, así como a maneira nas que se fan visibles.
- **F) Análise da xogabilidade instrutiva.** Neste ámbito avaliaremos a usabilidade e xogabilidade do videoxogo, en relación estreita coa súa aplicación didáctica.
- **G) Análise dos materiais complementarios de apoio**. Determínanse os materiais que complementan o videoxogo, especificando e valorando a información que conteñen.
- **H) Valoración global**. Procuraremos proporcionar unha panorámica xeral dos resultados obtidos na avaliación do videoxogo.

Asemade, os ámbitos de análise, subdivídense en certas unidades de indagación máis específicas, coas que se pretende agrupar aquelas cuestións analíticas máis estreitas e relacionadas entre si, así como ordenar, clarificar e sistematizar con maior precisión o proceso de avaliación. Así por exemplo, o ámbito D, subdivídese en dez unidades de análise claramente diferenciadas (D1, D2, D3... D10), coas que se pretende agrupar aquelas cuestións que poidan reunirse baixo un mesmo paraugas temático.

Así, a estrutura básica da guía pasaría a corresponderse coa que se presenta no índice deste documento.

Pola súa banda, cada unha de tales unidades constitúese ou subdivide, á súa vez, nunha serie de ítems ou indicadores que adoptan a forma interrogativa ou afirmativa. Cada un deses ítems ofrece, así mesmo, diferentes opcións de resposta ou categorías de análise entre as que a

investigadora, debe valorar e marcar a opción de resposta que máis se aproxime ao aspecto concreto que se pregunte en cada caso, explicitando en todos eles convenientemente os motivos que induciron a efectuar tal elección, para o cal se inclúen espazos especialmente destinados a plasmar as "observacións" ou "xustificacións" pertinentes respecto das respostas.

Trátase porén de criterios abertos nos cales se amosa unha polarización entre varios extremos (a fin de facilitar e sistematizar a aplicación da guía), de xeito que tódolos ítems contan con diferentes tipos de categorías de resposta, que poden corresponderse con algunhas das variantes que seguen:

- opcións de resposta dualizada → Si ou Non (por exemplo, o ítem 001);
- opcións de resposta múltiple ou aberta a diversas posibilidades que se ofrecen de xeito particular, indisociable e individualizado para unha determinada cuestión específica, podendo elixir entre diferentes opcións concretas (por exemplo, o ítem 105);
- opcións de resposta graduada, coas que se pretende valorar o grao de certeza ou falsidade de determinada afirmación no caso do videoxogo que se está a analizar e en base á seguinte correspondencia → 0 = Non, en modo algún // 1 = Bastante, en gran medida // 2 = Si, absolutamente; (por exemplo, o ítem 003). Xustificando irrenunciablemente a elección

Estamos así ante un instrumento de análise eminentemente cualitativo que combina, sen embargo, trazos de corte cuantitativo, incluíndo elementos cuantificadores do número de referencias a múltiples situacións a valorar, así como un sistema de gradación (do 0 ó 2) nalgúns dos ítems (Parcerisa, 1996; Zapico, 2012), que nos permitirá presentar (unha vez chegados á fase da recollida e interpretación dos resultados comparativos da análise entre videoxogos), unha serie de datos cuantitativos que se valerán da estatística para ilustrar graficamente o froito do contraste entre os xogos, no marco dun proceso que se erixirá como eminentemente cualitativo, reflexivo e interpretativo.

Somos plenamente conscientes de que agora cumpriría pasar a xustificar e reflexionar máis fondamente ó redor dos trazos característicos de cada un dos elementos da guía, presentando os porqués últimos que nos levaron a concibir os seus diversos ámbitos, unidades, ítems e categorías, así como mencionar nos ámbitos de análise as numerosas fontes que se tomaron como base e axudaron a definir, estruturar e perfilar cada unha das unidades e ítems. Todas estas cuestións, si estarán recollidas na tese.

Mais non debemos excedernos nas nosas esixencias de dedicación temporal pola súa parte, polo que nos vemos na obriga de rematar esta breve contextualización do instrumento.

A) FICHA DE IDENTIFICACIÓN

A.1. Videoxogo obxecto de análise

Título			Imaxes de referencia
Ano ou data de lanzamento			
Número ou nome da edición			
Colección			
Formato	□ Físico (especificar)	□ Dixital (especificar)	
Localización			
Prezo		Data e/ou forma de adquisición	
□ € □ Pts □ Gratuíto			
Premios e/ou outros méritos recibidos (indicar como se obtivo a información)			
Outros datos (número de copias reproducidas e onde se repartiron, prezo versións, licenzas...)			
Observacións:			

A.2. Autoría

Iniciativa		
□ Produto propio	*Con subvención?	
	□ Non	□ Si (indicar)
□ Contratación		

Datos					
Implicados	Nome	Función	Perfís	Localidade	Páxina web
□ Empresa					
□ Persoas físicas (programadores, profesorado...)					
□ Institución					
□ Fundación					
□ Outros (esp.)					
Observacións:					

B) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO

B.1. Temática

001	Faise referencia explícita no videoxogo ou no material de soporte á temática ou temas que aborda?	
	□ Si	* De que xeito?
		* Cales son?
	□ Non	
002	No caso de non recoller os temas abordados, con cal/es se identificaría?	

Temas	Especificar subtemas	Xustificar
□ Medio ambiente		
□ Historia		
□ Alimentación		
□ Sexualidade		
□ Tecnoloxía		
□ Coñecemento da contorna		
□ Valores		
□ Aprendizaxe de linguas		
□ Outro/s (especificar)		

003	A temática pode ser atractiva e de interese para o grupo destinatario do videoxogo.
	*Valoración[1] → 0 1 2
	*Xustificación:
	Observacións:

B.2. Clasificación

004	Indícase no videoxogo ou no material de soporte a que categoría pertence? En caso afirmativo, que termo se emprega?	
	□ Si	□ Videoxogo educativo
		□ Xogo dixital educativo
		□ Minixogo educativo
		□ Minisite con minixogos educativos
		□ Videoxogo para a saúde
		□ Videoxogo científico
		□ Xogo Serio
		□ Serious Games
		□ Outro (especificar)
	□ Non	

1 0 = Non, en modo algún / 1 = Bastante, en gran medida / 2 = Si, absolutamente

005	Indícase no videoxogo ou no material de soporte o xénero e subxénero[2] ao que pertence?		
	□ Si	Xénero	Subxénero
		□ Acción	□ Plataformas
			□ Arcade
			□ Outro (esp.)
		□ Aventura	□ Aventura conversacional
			□ Aventura gráfica
			□ Outro (esp.)
		□ Deportivos	
		□ Estratexia	□ Estratexia social
			□ Estratexia económica
			□ Outro (esp.)
		□ Simulación	□ Simulador de naves
			□ Simulador de sistemas
			□ Simulador social
			□ Outro (esp.)
		□ Sociais	□ Xogo concurso
			□ Xogo musical
			□ Xogo de movemento
			□ Outro (esp.)
		□ Outro/s (especificar)	
	□ Non		
006	No caso de non recoller a clasificación, con cal se identificaría?		
	*Especificar categoría:		
	*Especificar xénero:		
	*Especificar subxénero:		
	Observacións:		

B.3. Grupo destinatario

007	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?	
	□ Si	□ Centros educativos
		□ Fogar
		□ Centros socioeducativos
		□ Centros de rehabilitación
		□ Outro (especificar)

2 A clasificación de videoxogos está baseada en Gil e Vida (2007).

	□ Non		
008	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?		Especificar
	□ Si	□ Local	
		□ Provincial	
		□ CCAA	
		□ Nacional	
		□ Internacional	
		□ Outro (especificar)	
	□ Non		
009	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte a quen vai dirixido o videoxogo?		Especificar
	□ Si	□ Idade	
		□ Nivel educativo	
		□ Usuarios/as principais	
		□ Usuarios/as secundarios	
		□ Experiencias persoais vivenciais	
		□ Outro (especificar)	
	□ Non		
010	O videoxogo é recomendable ou está orientado a persoas con dificultades?		Especificar
	□ Si	□ Cognitivas	
		□ Auditivas	
		□ Visuais	
		□ Outra (esp.)	
	□ Non		
011	Menciónase explicitamente no videoxogo ou no material de soporte os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?		
	□ Si	* De que xeito?	
		* Cales son?	
	□ Non		
012	A empresa, institucións ou persoas creadoras do videoxogo comparten os mesmos modelos culturais (costumes e tradicións, normas sociais, valores predominantes...), que as persoas ás que se dirixe o videoxogo?		
	*Valoración → 0 1 2		
	*Xustificar:		
	Observacións:		

B.4. Funcións xerais

013	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte para que se creou o videoxogo? Cal é a súa función?	
	□ Si	□ Entreter □ Motivar □ Adquirir coñecementos □ Adestrar □ Experimentar □ Avaliar □ Outro (especificar)
	□ Non	
	Observacións:	

B.5. Obxectivos educativos

014	Aparecen enumerados no videoxogo ou no material de soporte os obxectivos educativos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	
	□ Si	* De que xeito?
		* Cales son?
	□ Non	
	Relación co Currículo Oficial	
015	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte, se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración educativa?	
	*Indicar a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo:	
	□ Si	*Etapa/s:
		*Ciclo/s:
		*Curso/s:
		*Área/s:
	□ Non	
016	O videoxogo introduce obxectivos educativos non prescritos pola Administración educativa?	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
	Formato	
017	Os obxectivos educativos descompóñense en unidades asociadas a retos, niveis, probas ou quebracabezas independentes.	

018	Os obxectivos educativos son de tipo xeral, o xogador/a (alumnado)[3] pode alcanzalos marcando os seus propios obxectivos específicos.
	Adecuación
019	Os obxectivos educativos son adecuados ao xogador/a (alumen función da súa idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
020	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
021	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se expoñen.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
022	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
023	Inclúense todos os obxectivos educativos que, segundo as intencións e o ámbito de aplicación do videoxogo se deberían incluír.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
024	Os obxectivos pedagóxicos intégranse cos obxectivos do xogo, teñen cohesión.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

B.6. Contidos educativos[4]

025	Aparecen enumerados no videoxogo ou no material de soporte os contidos educativos que se tratan no videoxogo?	
	□ Si	* De que xeito?
		* Cales son?
	□ Non	
	Relación co Currículo Oficial	
026	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte, se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración educativa?	

3 Co obxectivo de facilitar a lectura e de empregar unha linguaxe non sexista, así como para diferenciar roles, empregarse nesta guía o termo "alumnado" para referirnos ao xogador ou xogadora (grupo principal destinatario do xogo), agás nas cuestións referidas á xogabilidade. O termo"profesorado" fará referencia á persoa ou persoas encargadas de dinamizar o xogo ou pór a disposición do mesmo ao alumnado (profesores/as, educadores/as, nais/pais, profesionais dunha área determinada -museos, persoal sanitario...-, etc.)

4 Este apartado B6 (Contidos educativos), así como o F8, F9 e F10 está baseado e toma preguntas incluídas no "Guión para el análisis y la elaboración de materiales para el desarrollo del currículum" de Bonafé (1995).

	*Indicar Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo:	
	□ Si	*Etapa/s:
		*Ciclo/s:
		*Curso/s:
		*Área/s:
	□ Non	
027	O videoxogo introduce contidos ou aspectos culturais non prescritos?	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
	Procedencia da información	
028	No videoxogo ou no material de soporte explicítase as fontes ou documentación de referencia tomados para a selección e tratamento dos contidos no videoxogo.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
029	No caso de explicitar as fontes, estas son diversas?	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
030	A información contida no videoxogo presenta campos abertos que poden completarse ou modificarse? En caso afirmativo, especificar quen pode realizar os cambios (alumnado, profesorado, familia...), que información se pode modificar e onde.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
	Ámbitos culturais e opcións ideolóxicas	
031	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
032	O contido inclúe outros ámbitos de saber: popular, tradicional...	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
033	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
034	O videoxogo exerce discriminación positiva cara as persoas máis desfavorecidas (economicamente, culturalmente, en situación de especial vulnerabilidade social).	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
035	O videoxogo respecta as diferenzas culturais, familiares e as capacidades de aprendizaxe.	
	*Valoración → 0 1 2	

	*Xustificar:
036	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
037	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
038	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
039	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
040	Outros valores e prexuízos implicados no material (...)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Lóxica interna
041	O contido reflicte os puntos de vista compartidos e os puntos de vista diferentes da comunidade científica.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
042	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte a lóxica que organiza e secuencia o contido.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
043	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte os criterios polos cales se incluíron e excluíron contidos. Xustifícase o por que da selección que se levou a cabo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
044	Especifícase no videoxogo ou no material de soporte os conceptos básicos incluídos no videoxogo, e as relacións entre eles.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Formato e representación
045	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
046	Os contidos ou ideas xerais e inclusivas preséntanse primeiro e logo se diferencian progresivamente en función dun maior detalles e especificidade.
	*Valoración → 0 1 2

	*Xustificar:
047	O videoxogo inclúe organizadores previos: contidos introdutorios que faciliten a relación entre o que alumnado sabe e o que necesita saber para aprender significativa a tarefa ou reto en cuestión.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
048	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
049	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
050	Durante os retos a superar no videoxogo, engádense contidos para centrar a atención do alumnado ou dirixilos no proceso de aprendizaxe (información sobre os resultados das respostas, feitos históricos, axudas mnemotécnicas, etc.)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
051	O material permite relacionar a información que contén cos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do alumnado.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
052	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
053	Os contidos preséntanse de forma orixinal e atrainte.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
054	Diferéncianse adecuadamente o que son datos obxectivos de elementos fantásticos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Adecuación
055	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
056	Preséntase cunha linguaxe e símbolos adecuados ao nivel do alumnado.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
057	Os contidos correspóndense cos obxectivos educativos.

	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
058	Os contidos tratados no videoxogo contribúen ao logro dos obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
059	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
060	Preséntanse nunha secuencia e estrutura correcta. O nivel de dificultade é progresivo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
061	Inclúense todos aqueles contidos que, atendendo ás intencións e ao ámbito de aplicación do videoxogo, se deberían incluír.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

B.7. Competencias

062	Aparecen enumerados no videoxogo ou no material de soporte as competencias básicas que activa?	
	□ Si	□ Competencia en comunicación lingüística
		□ Competencia matemática
		□ Competencia en coñecemento e interacción co mundo físico
		□ Competencia dixital e tratamento da información
		□ Competencia social e cidadá
		□ Competencia cultural e artística
		□ Aprender a aprender
		□ Autonomía e iniciativa persoal
		□ Outras (especificar)
	□ Non	
	Observacións:	

B.8. Habilidades[5]

063	O videoxogo que habilidades lle esixen ao alumnado para a súa execución?	Xustificar
	□ Habilidades psicomotrices	

5 Habilidades tomadas do "Instrumento para la Evaluación de Habilidades Desarrolladas con Videojuegos (IE-HADEVI) de Del Moral e Villalustre (2012).

□ Habilidades de asimilación e retención de información	
□ Habilidades de procura e tratamento de información	
□ Habilidades organizativas	
□ Habilidades creativas	
□ Habilidades analíticas	
□ Habilidades para a toma de decisións	
□ Habilidades para a resolución de problemas	
□ Habilidades metacognitivas	
□ Habilidades interpersoais	
□ Outras (especificar)	
Observacións:	

B.9. Ámbito de incidencia

064	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?	Xustificar
	□ Conceptual	
	□ Procedemental	
	□ Actitudinal	
065	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
	Observacións:	

B.10. Teorías de aprendizaxe

066	Faise mención explícita no videoxogo ou material complementario á teoría ou teorías de aprendizaxe subxacentes?	
	□ Si	□ Condutista
		□ Construtiva
		□ Cognitivista
		□ Conectivista
		□ Outra (especificar)
	□ Non	
067	No caso de non recoller as teorías de aprendizaxe que subxacen, con cal/es dos seguintes principios se identificaría?	Xustificar
	□ O videoxogo ten un marcado carácter lineal e condutista, utiliza procesos de ensaio-erro dirixidos por	

medio de reforzos positivos (por exemplo: gañar puntos) ante accións automáticas.	
□ Son usados apropiadamente os "programas de reforzo", prémianse as accións realizadas baixo determinadas condicións, non cada vez que se emite unha acción. (Por exemplo: a recompensa prodúcese tras a consecución dun obxectivo educativo).	
□ O videoxogo contempla un enfoque cognitivista, os contidos organízanse de maneira xerárquica pero permite unha interacción non lineal.	
□ O videoxogo presenta problemáticas de complexidades similares ao mundo real, ás que hai que facer fronte aplicando os aspectos a aprender.	
□ É un videoxogo de contorna aberta onde o alumnado constrúe o coñecemento a través da actividade, busca recursos, solicita asesoramento segundo o seu propio criterio... Incorpora finais abertos.	
□ Outras (especificar)	
Observacións:	

B.11. Estrutura educativa

068	Como se estruturan as tarefas ou retos a realizar no videoxogo?	Xustificar
	□ Lineal	
	□ Xerárquica	
	□ Composta	
	□ Non lineal	
	□ Outra (especificar)	
	Observacións:	

B.12. Retos

069	Aparecen enumerados no videoxogo ou no material de soporte os retos e/ou actividades que se teñen que realizar no videoxogo?		
	□ Si	* De que xeito?	
		* Cales son?	
	□ Non		
070	O videoxogo integra retos variados?		Xustificar
	□ Si	□ Memorización	□ Creación
		□ Construción	□ Selección
	□ Non	□ Clasificación	□ Identificación
		□ Razoamento	□ Lóxica

		□ Estratexia	□ Labirintos	
		□ Quebracabezas	□ Cálculo de elementos	
		□ Coñecemento	□ Pregunta-resposta	
		□ Outros (esp.)		
071	Os retos integran distintos niveis de dificultade?			
	□ Si (especificar)			
	□ Non			
072	Que situacións acontecen nos retos?			Xustificar
	□ De axuda ás personaxes			
	□ De perigo, de escape			
	□ De construción			
	□ De resolución de problemas			
	□ De exploración			
	□ Outras (especificar)			
073	Natureza dos retos:			Xustificar
	□ Os retos pódense elixir, seleccionar ou crear no videoxogo			
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida			
	□ Os retos están predefinidos no xogo pero varían aleatoriamente ou a través dun azar matemático cada vez que se xoga unha partida			
	□ Outra (especificar)			
074	Control do progreso. Integra o videoxogo un controlador das accións do alumnado?			
	□ Si (especificar)			
	□ Non			
075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos:			Xustificar
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas			
	□ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...			
	□ Presentación por parte de personaxes previo ao reto			
	□ Presentación textual nunha pantalla previo ao reto			
	□ Outros (especificar)			
	Adecuación pedagóxica			
076	Os retos son apropiados para a aprendizaxe dos contidos educativos integrados no videoxogo.			
	*Valoración → 0 1 2			
	*Xustificar:			

077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
078	Os retos son significativos, próximos ao mundo real.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
079	A secuencia dos retos e das informacións presentadas son graduais, progresivas (pasos de incremento adecuados, transición suave) e adecuadas ás características psicoevolutivas do alumnado.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
080	A cantidade e calidade de retos a superar son suficientes para conseguir aprendizaxes estables e permanentes.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
081	Son adecuados ao alumnado, en función da súa idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
082	Os retos carecen de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Características intrínsecas
083	Os retos son desafiantes. Os seus obxectivos están claramente especificados mais a posibilidade de obtelos móstrase incerta.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
084	Os retos son interesantes, crean e manteñen predisposición positiva para as aprendizaxes.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
085	Os retos son gratificantes, non son nin demasiado fáciles nin demasiado difíciles.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
086	Os retos propostos resólvense basicamente consultando a información contida no videoxogo ou nos materiais complementarios.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Relación coa contorna
087	O videoxogo baséase ou presenta nos retos contidos culturais relacionados coa contorna inmediata do alumnado.
	*Valoración → 0 1 2

	*Xustificar:
088	O material integra retos con aproveitamento didácticos dos recursos da contorna.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
089	O videoxogo permite un tratamento diferenciado en función do contexto cultural, social e ambiental de aplicación.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

B.13. Posibilidades de intervención no deseño instrutivo

090	Que opcións se brindan ao usuario/a (alumnado, profesorado...) para intervir na estrutura, retos, actividades, priorización de contidos... do videoxogo	Xustificar
	□ Ningunha	
	□ Combinatoria (selección niveis, retos, actividades...)	
	□ Construtiva (creación de niveis, retos, actividades...)	
	Observacións:	

Conclusións da análise B

En liñas xerais respecto ao deseño instrutivo do videoxogo, podemos concluír...

C) ANÁLISE DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

C.1. Idioma

091	Que idioma/s soporta o videoxogo?
	*Indicar número de idiomas:
	□ Galego
	□ Español
	□ Vasco
	□ Catalán
	□ Inglés
	□ Outro (especificar)
092	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan plausibles os idiomas?
	□ Interface
	□ Locucións personaxes / voz en off
	□ Textos escritos (informacións, diálogos, instrucións pantalla...)
	□ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso, web de soporte...)
	□ Outros (especificar)
093	Nunha partida, mestúranse diferentes idiomas? (por exemplo que as voces estean en galego pero subtituladas ao español)
	□ Si (especificar)
	□ Non
	Observacións:

C.2. Son

094	O videoxogo integra son?	
	□ Si	□ Interface
		□ Locucións personaxes / voz en off
		□ Textos escritos (informacións, diálogos, instrucións pantalla...)
		□ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
		□ Música ambiente
		□ Banda sonora
		□ Outros (especificar)
	□ Non	
	Observacións:	

C.3. Rexistro

095	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?

□ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso:
□ Non	
Observacións:	

C.4. Plataforma

096	O videoxogo pode ser utilizado en diferentes plataformas?		Especificar (modelo)
	□ Si □ Non	□ Consola	
		□ Computador	
		□ Teléfono intelixente	
		□ Tableta	
		□ Outros (especificar)	
097	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento do videoxogo non entraña dificultades.		
	Observacións:		

C.5. Sistema operativo

098	En que sistemas operativos funciona?	Especificar (versión)
	□ Windows	
	□ Linux	
	□ MacOs	
	□ Android	
	□ iOS	
	□ Outros (especificar)	
	Observacións:	

C.6. Sistema periférico

099	Para a interacción no videoxogo permítese a utilización de diferentes periféricos?	
	□ Si □ Non	□ Teclado
		□ Táctil
		□ Rato
		□ Joystick
		□ Xestos
		□ Outros (especificar)
	Observacións:	

C.7. Linguaxe de programación

100	Cal é a linguaxe de programación utiliza na creación do videoxogo?
	□ ActionScript (Adobe Flash)
	□ JavaScript (HTML5)
	□ Java (xogos Android)
	□ Objective C (xogos iPad, Iphone)
	□ Outra (especificar)
	Observacións:

C.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

101	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?	Especificar
	□ Realidade Aumentada	
	□ Realidade Virtual	
	□ Kinect	
	□ Conexión á rede	
	□ Chat	
	□ Control parental	
	□ Redes Sociais	
	□ Outras (especificar)	
	Observacións:	

C.9. Compras

102	O videoxogo inclúe compras integradas?
	□ Si (especificar os obxectivos e prezos das compras: mellorar habilidades personaxe, aumentar tempo de xogo...)
	□ Non
	Observacións:

C.10. Publicidade

103	O videoxogo integra publicidade?
	□ Si (especificar o tipo de publicidade: subliminar, intrusiva...)
	□ Non
	Observacións:

C.11. Outros requisitos técnicos

104	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?	Especificar
	□ Conexión á rede	
	□ Resolución mínima da pantalla	
	□ RAM	
	□ Tipo de tarxeta de son	
	□ Instalación de plugins	
	□ Execución de arquivos	
	□ Outros (especificar)	
	Observacións:	

Conclusións da análise C

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír...

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN (GAMEWORLD)[5]

D.1. Idea do xogo

105	Idea do xogo baseada en:	Especificar
	□ Orixinal	
	□ Libro	
	□ Banda deseñada	
	□ Película	
	□ Feito real	
	□ Outra (especificar)	
	Observacións:	

D.2. Natureza do mundo do xogo

106	Que tipo de natureza caracteriza o videoxogo?
	□ Natureza abstracta
	□ Natureza icónica
	□ Natureza narrativa
	Observacións:

D.3. Niveis

107	O xogo consta de etapas, misións ou niveis?	
	□ Si	Especificar número:
		Describir:
	□ Non	
108	No caso de integrar niveis cal é a súa estrutura interna?	
	□ Lineal	
	□ Núcleo con radios	
	□ Sandbox	
	□ Outra (especificar)	
109	Pódese repetir os niveis as veces desexadas?	
	□ Si, unha vez superados	
	□ Si, aínda que non se superen	
	□ Non, teríase que comezar o videoxogo	
	□ Outra opción (especificar)	

5 Os apartados: *D) Análise do Mundo de Ficción* e *E) Análise do Sistema de Regras e Interacción* baséanse en parte no libro en versión dixital "Serious Games. Diseño de videojuegos con una agenda educativa y social" de Morales (2015) dos cales se tomaron contidos para estruturar esta guía.

	Observacións:

D.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo

110	Que opción se brinda para intervir no espazo de configuración do xogo?
	□ Ningunha
	□ Combinatoria (selección avatar, escenarios, xogadores...)
	□ Construtiva (construción personaxes, escenarios, obxectos...)
	Observacións:

D.5. Trama argumental

111	No caso de incluír trama argumental, como se representa a historia contextual?
	□ Por medio de *cutscenes* (especificar: se só ao principio, entre fases...)
	□ Mediante voces en *off*
	□ Outras (especificar)
112	O videoxogo prové unha historia entendible para as características evolutivas do grupo destinatario do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
113	O videoxogo incita a coñecer e ir descubrindo a historia.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
114	A historia envolve emocionalmente (xerando intriga, alegría, misterio, etc.) Non é aburrida.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
115	A trama argumental é coherente coa estratexia educativa do videoxogo, axuda á consecución dos obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

D.6. A estrutura espacial do videoxogo

Os escenarios do xogo

116	Número:	
	□ Un escenario ou fondo	
	□ Varios escenarios (especificar número)	
117	Localización contornas:	Nº de referencias

	□ Interior vivenda	
	□ Interior colexio	
	□ Interior nave espacial	
	□ Cidade	
	□ Parque	
	□ Mundo fantástico (esp.)	
	□ Neutro	
	□ Outros (esp.)	
118	Estrutura de navegación:	
	□ Unicursal (só se pode avanzar ou retroceder por un camiño único que conduce á meta do xogo)	
	□ Multicursal (débese explorar atopando pistas, abrir portas, tomar a senda correcta...)	
	□ Rizoma (pódese saltar dun escenario a outro. Non existe camiño único, nin reto de tomar a dirección correcta)	
	□ Outra (esp.)	
119	Dimensións:	
	□ 2D	
	□ 3D	
120	Perspectiva:	
	□ Cónica	
	□ Caballera	
	□ Axonométrica	
	□ Outra (esp.)	
121	Expresión plástica:	
	□ Fotográfica	
	□ Debuxo a mano alzada	
	□ Modelado dixital	
	□ Outra (esp.)	
122	Estilo gráfico:	
	□ Realista	
	□ Abstracto	
	□ Cartoon	
	□ Pixelado	
	□ Manga	
	□ Outro (esp.)	
123	Cores:	
	□ Cálidos	
	□ Fríos	
	□ Claros	

	□ Escuros	
	□ Apagados	
	□ Pastel	
	□ Outra (esp.)	
124	En que época histórica se ambienta o videoxogo?	Especificar
	□ Presente	
	□ Pasado	
	□ Futuro	
	□ Outra	
	□ Non reflexa ambientación	
125	A contorna do videoxogo inspírase e/ou reflexa lugares reais.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
126	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
127	A atmosfera creada na contorna de xogo axuda á inmersión do alumnado.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
128	A ambientación do xogo é acorde cos obxectivos do xogo.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
129	Os escenarios, os elementos e obxectos que o compoñen integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
130	Existe homoxeneidade e coherencia entre o guión literario e o guión técnico (adecuada secuenciación dos escenarios, animacións que o integran...)	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
	Observacións:	

D.7. Visión do xogador/a

131	No espazo virtual do xogo
	□ Omnipresente (o mundo ficticio móstrase totalmente ao alumnado)
	□ Errante (mostra só visións parciais que varían ao cambiar de posición ou punto de vista)
	□ Subxectivo

	□ Cenital
	□ Posibilidade de variar o punto de vista
	□ Móstrase o transcurso dos acontecementos mediante unha representación calidoscópica
	□ Preséntanse diversas vistas simultáneas da mesma acción (especificar)
	□ Outra (especificar)
132	O espazo físico (espazo real que ocupa o alumnado) incorpórase dentro da dinámica do xogo)?
	□ Si
	□ Non
	Observacións:

D.8. Personaxes

Presenza de personaxes

133	Intégranse no videoxogo personaxes?	
	□ Si	
	□ Non	
134	No caso de integrar personaxes, de que maneira?	
	□ Pre-definidos	
	□ Selección avatar (especificar as opcións)	
	□ Creación avatar (especificar as opcións)	
	□ Outro (especificar)	
135	Estilo gráfico	
	□ Realista	
	□ Cartoon	
	□ Manga	
	□ Abstracto	
	□ Pixelado	
	□ Outro (esp.)	
136	Características da representación gráfica	
	□ 2D	
	□ 3D	
137	Especie	Nº de referencias
	□ Persoa	
	□ Animal	
	□ Extraterrestre	
	□ Ser fantástico	
	□ Outro (especificar)	
	□ Non se distingue	

138	Etnia / Cor	Nº de referencias
	□ Caucásica	
	□ Negroide	
	□ Mongoloide	
	□ Australoide	
	□ Azul	
	□ Amarelo	
	□ Verde	
	□ Gris	
	□ Outro (esp)	
	□ Non se distingue	

139	Xénero	Nº de referencias
	□ Feminino	
	□ Masculino	
	□ Asexual	
	□ Outro (esp.)	
	□ Non se distingue	

140	Idade	Nº de referencias
	□ Infancia (0-12 anos)	
	□ Adolescencia (13-18 anos)	
	□ Mocidade (19-35 anos)	
	□ Adultez (36-65 anos)	
	□ Vellez (65 en diante)	
	□ Varios	
	□ Outro (esp.)	
	□ Non se distingue	

141 Roles

Femininos	Nº de referencias	Masculinos	Nº de referencias
□ Heroína		□ Heroe	
□ Axudante		□ Axudante	
□ Antagonista		□ Antagonista	
□ Árbitro/Provedora		□ Árbitro/Provedor	
□ Destinataria		□ Destinatario	
□ Outra (especificar)		□ Outro (especificar)	

142	Linguaxe predominante
	□ Divulgativa
	□ Xerga coloquial

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	□ Científica
	□ Outra (especificar)

Arquetipos

143	No videoxogo descríbese a personalidade das principais personaxes.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
144	Os nomes das personaxes suxiren as súas cualidades.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
145	O papel que desempeñan as personaxes femininas no desenvolvemento e trama do videoxogo é importante.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
146	O videoxogo non reproduce estereotipas sexistas.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
147	O videoxogo favorece a igualdade entre culturas, xéneros, razas, ideoloxías, extracción social, etc.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
148	Os arquetipos cos que se identifican as personaxes principias do videoxogo son coherentes cos obxectivos e contidos educativos do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
149	As proporcións e corpos son adecuadas á idade e sexo das personaxes.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
150	Inclúense personaxes de diferentes complexións (delgada, atlética, grosa...)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
151	As vestimentas e complementos das personaxes son apropiadas para as accións que realizan no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
152	O movemento das personaxes e/ou pose adecúase ás accións que realizan.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
153	Aprécianse nos rostros, xestos e movementos diferentes estados anímicos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:

154	As formas de falar das personaxes son coherentes cos seus estados.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

D.9. Obxectos simbólicos

155	**Funcionalidade**
	□ Proporcionan ou axudan a obter información para o desenvolvemento do xogo
	□ Manipúlanse para realizar as accións no xogo
	□ Proporcionan habilidade especiais ás personaxes
	□ Premian ou penalizan a puntuación no videoxogo
	□ Utilízanse como recursos motivacionais para chamar a atención. Non requiren interacción
	□ Outra (especificar)

Relevancia

156	Os obxectos simbólicos gardan coherencia coa escenografía do mundo de ficción do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
157	Gardan relación coas regras do xogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
158	Gardan relación cos obxectivos e contidos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

D.10. Estrutura temporal

Tempos, relacións e excepcións

159	Dimensión temporal	
	Tempo interno (tempo que transcorre dentro do mundo ficticio do xogo)	□ Cada nivel, proba ou partida teñen un tempo asignado para completarse (esp.)
		□ O tempo empregado afecta á puntuación (esp.)
		□ Emprégase unha dinámica de xogos por quendas (esp.)
		□ Outros (esp.)
	Tempo externo (tempo real que o alumnado emprega en xogalo)	□ Finita: o xogo termina nun tempo dado (esp.)
		□ Infinita: non existe unha limitación de tempo externo para terminar unha partida

160	Relacións entre as dimensións temporais:
	□ Dimensión única (é tempo real, non ficticio)
	□ Simétrica (xógase en tempo real)
	□ Asimétrica (tempo real diferente ao figurado)
	□ Proxectada (tempo e accións do xogador/a son representados no mundo ficticio do xogo nunha época distinta ou con algún outro cambio que altere o significado do tempo, ex.: para explicar acontecementos)
161	Excepcións ao fluxo temporal do xogo:
	□ *Cut-scenes*
	□ *Flash back* / *Flash forward*
	□ Outra (especificar)
	Observacións:

Conclusións da análise D

En liñas xerais respecto ao mundo de ficción do videoxogo, podemos concluír...

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS E INTERACCIÓN

E.1. Regras do xogo

162	No videoxogo explicítanse as regras operativas? Descríbese como se xoga ao videoxogo?	
	□ Si	* De que xeito?
		* Cales son?
	□ Non	
163	As regras percíbense de maneira clara e inequívoca.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
164	O videoxogo, na súa estrutura de regras, na súa dinámica de interacción, contempla experiencias conducentes á aprendizaxe dos obxectivos educativos do xogo.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
	Observacións:	

E.2. Obxectivos do xogo

165	Aparecen enumerados no videoxogo os obxectivos do xogo?	
	□ Si	* De que xeito?
		* Cales son?
	□ Non	
166	Tipoloxía dos obxectivos do xogo.	
	□ Absolutos (teñen unha condición de vitoria invariable)	
	□ Relativos (teñen unhas condicións de vitoria que poden variar en funcións dos eventos de cada partida)	
	□ Abertos a interpretación subxectiva do alumnado, profesorado...	
	□ Outra (especificar)	
	Relación dos obxectivos do xogo cos obxectivos pedagóxicos	
167	Os obxectivos do videoxogo son adecuados á idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
168	Os obxectivos do xogo son adecuados para alcanzar os obxectivos pedagóxicos.	
	*Valoración → 0 1 2	
	*Xustificar:	
	Observacións:	

E.3. Conflito do xogo

169	Natureza do conflito
	□ Conflito de superación persoal
	□ Interpersoais
	□ Intergrupais
	□ Negociados
	□ Cooperativos
	□ Outros (especificar)
	Observacións:

E.4. Os/as xogadores/as

	Estrutura de interacción
170	Composición dos xogadores/as
	□ Un só xogador/a
	□ Un só equipo
	□ Dous xogadores/as
	□ Dous equipos
	□ Múltiples xogadores/as
	□ Múltiples equipos
	□ Outra (especificar)
171	Relación entre xogadores/as
	□ Alianza estática
	□ Alianza dinámica
	□ Outra (especificar)
172	Reto dos/as xogadores/as
	□ Secuencias idénticas
	□ De instancia
	□ Aberta
	□ Outra (esp.)
	Observacións:

E.5. Interface

173	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?
	□ Mapa xeral do xogo
	□ Acceso a axuda (especificar tipoloxía da axuda)
	□ Acceso a mapas conceptuais que impliquen a interconexión entre contidos e conceptos e a súa localización nos niveis ou retos

	□ Acceso a informacións ou síntese dos contidos ou aspectos máis significativos tratados no videoxogo
	□ Logos (especificar cales)
	□ Botóns (especificar)
	□ Barras de scroll
	□ Checkboxes
	□ Caixas de diálogo
	□ Menú (especificar compoñentes)
	□ Submenú (especificar compoñentes)
	□ Outros (especificar)
174	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
175	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender. Empréganse metáforas familiares.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
176	As funcións ou elementos integrados na interface non desvían a atención ou desorientan (elementos decorativos, excesivos número de botóns...)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
077	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

E.6. O equilibrio de dificultade

178	Existen mecanismos para modular a dificultade do xogo?	
	□ Si	□ Bríndanse ao inicio da partida (especificar cales son, como son?)
		□ Aparecen durante o transcurso do xogo (especificar cales son, como son?)
	□ Non	
	Observacións:	

E.7. Sistema de información

	Tipoloxía e axentes
179	Que tipo de información se revela e se oculta durante a partida e cales dos axentes do xogo teñen acceso a ela?
	□ Información coñecida por todos os/as xogadores/as

□ Información que só coñece un xogador ou xogadora ou equipo de xogadores/as
□ Información que só é coñecida polo sistema do xogo
□ Información que se xera de forma aleatoria
□ Outra (especificar)
Observacións:

E.8. Eventos do videoxogo

	Accións ou decisións, eventos ou estados	
180	Mutabilidade	
	□ Temporal	
	□ Finita	
	□ Infinita	
181	Salvabilidade	
	□ Ilimitada	
	□ Condicional	
	□ Nula	
182	Accións do xogador/a	
	Diexéticas	□ Colorear
		□ Responder
		□ Seleccionar
		□ Arrastrar
		□ Construír
		□ Falar
		□ Crear
		□ Explorar
		□ Moverse
		□ Disparar
		□ Colaborar
		□ Competir
		□ Outras (especificar)
	Non diexéticas	□ Pause
		□ Configuración
		□ Menú
		□ Outra (especificar)
	Observacións:	

E.9. Resultados do xogo

183	Tipo de resultados
	□ Monoxogador/a con resultado absoluto
	□ Monoxogador/a con resultado de vitoria
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	□ Outros (especificar)
184	Marcadores
	□ Alfanuméricos
	□ Icónicos
185	Cómputo
	□ Individual, por equipos ou ambos
	□ Mostra o resultado total ou parcial
	□ Puntuación final ou definitiva da partida
	Observacións:

Conclusións da análise E

En liñas xerais respecto ao sistema de regras e interacción do videoxogo, podemos concluír...

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

F) ANÁLISE DA XOGABILIDADE INSTRUTIVA

F.1. Facilidade de aprendizaxe das mecánicas do xogo e dos contidos pedagóxicos

186	As regras e mecánicas do xogo son fáciles de comprender, tendo en conta a idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
187	Controlar o xogo é sinxelo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
188	No videoxogo preséntase información de forma redundante, que non repetitiva.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
189	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo, a aprendizaxe prodúcese a través da toma de decisións e accións realizadas, non a través de pantallas con información textual.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
190	As habilidades ou coñecementos aprendidos nun reto ou nivel aplícanse noutro nivel para a aprendizaxe de novas habilidades ou coñecementos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

F.2. Equilibrio da experiencia lúdico – educativa

191	En xeral, a complexidade do videoxogo é suficiente para que non sexa obvia nin predicible polo xogador/a.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
192	O videoxogo estimula a curiosidade e o descubrimento, a información e/ou a obtención dos contidos teñen certo grao de ocultismo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
193	A función educativa do videoxogo e a capacidade para entreter e divertir é equilibrada.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
194	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:

195	Os avances no videoxogo incitan ao xogador/a a realizar novas accións.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
196	O videoxogo adáptase de acordo á interacción co xogador/a xerando distintas situacións.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

F.3. Eficacia da retroalimentación, axudas e reforzos

197	Que tipo de reforzos integra o videoxogo?
	□ Reforzo fixo
	□ Reforzo variable
	□ Outros (especificar)
	□ Non integra reforzos
198	Que accións ou acontecementos suceden no videoxogo para recibir un reforzo?
	□ Ante calquera acción (agás cando se interactúa con elementos da interface)
	□ Ao premer en zonas da pantallas activas (imaxes, personaxes, obxectos...)
	□ Ante accións ou respostas correctas
	□ Ante accións ou respostas incorrectas
	□ Ao conseguir un obxectivo
	□ Ao superar un nivel
	□ Ao superar un reto
	□ Cando remata o xogo (superado ou non superado)
	□ Outras (especificar)
199	Que retroalimentación se recibe (que se premia ou castiga)?
	□ Apórtanse / quítanse puntos, moedas, insignias...
	□ Apórtanse pistas relevantes para avanzar no xogo
	□ Apórtanse coñecementos ou incentívase a afondar nos contidos, habilidades ou valores tratados no videoxogo
	□ Son de acerto / erro
	□ Animacións de vitoria /derrota
	□ Outros (especificar)
200	A retroalimentación que ofrece non é aburrida, nin ofrece información innecesaria.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
201	As indicacións que prové o videoxogo son relevantes ao contexto da historia do xogo e á consecución dos obxectivos pedagóxicos.

	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
202	O videoxogo comeza cun titorial interactivo (explica as accións a realizar, funcionamento, interface...)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
203	A axuda móstrase en pantalla aínda que non se solicite ou se realice algunha acción. Esta axuda desaparece gradualmente a medida que se avanza no xogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
204	As axudas do videoxogo son indicacións, pero non provén a solución aos problemas expostos. A axuda é indirecta.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
205	Durante o xogo non se ofrecen axudas, actívanse nun espazo da interface sendo decisión do alumnado consultalas ou non.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

F.4. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
206	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 *Xustificar:
207	No caso de incluír subtítulos ou texto narrativo, preséntanse nunha caixa ou sobre un fondo que permita lelos ben e diferencialos do resto da pantalla.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)
208	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do alumnado.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
209	Reforzan a interacción do alumnado no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
210	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → 0 1 2

	*Xustificar:
211	Presenta medios atractivos e ben situadas na pantalla.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
212	Nos medios tense en conta a diversidade sociocultural, etnográfica, cor de pel... das personaxes.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
213	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
214	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Texto escrito
215	Non ten faltas de ortografía e a construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
216	O estilo literario é adecuado ao alumnado.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
217	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade, é comprensible.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
218	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa. Conta cun inicio sedutor, é envolvente.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
219	Utiliza fontes fáciles de ler.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
220	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
221	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
222	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos.

	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
223	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
224	Contraste adecuado de texto a fondo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Locucións
225	Son acordes ao nivel psicoevolutivo do xogador/a.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
226	Son coherentes cos obxectivos e contidos educativos tratados no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
227	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
228	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Son (música, efectos...)
229	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
230	Os son de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
231	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
232	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Combinación dos aspectos audiovisuais
233	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas...)
	*Valoración → 0 1 2

	*Xustificar:
234	A información gráfica, ilustracións, animacións, etc. ten un alto valor pedagóxico para a adquisición de coñecementos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
235	A información crave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

F.5. Accesibilidade

236	Que se pode configurar no videoxogo?	Especificar
	□ Axustar o tamaño da fonte	
	□ Activar e desactivar subtítulos	
	□ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)	
	□ Contraste, brillo e cor do xogo	
	□ Controis do xogo	
	□ Outros (especificar)	
	Observacións	

F.6. Funcionalidade técnica xeral

237	Inclúe unha opción ou botón para quitar a música ambiente ou son de fondo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
238	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
239	Está libre de erros técnicos, de execución e de programación.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
240	O tempo de carga é razoable.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
241	Evítanse o *scroll* ou barras de desprazamento verticais e horizontais.
	*Valoración → 0 1 2

	*Xustificar:
242	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
243	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introducción ao xogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
244	Os subtítulos pódense pasar manualmente, apertando por exemplo un botón.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
245	Os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

F.7. Aplicación didáctica

246	O tempo estimado en completar o xogo adecúase ao contexto para o que foi creado o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
247	O tempo estimado en completar o xogo adecúase ás características psicoevolutivas do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
248	Se o videoxogo inclúe un control do progreso, apórtase un resumo con suficiente información (número e porcentaxe dos retos, actividades... superadas e non superadas, tempo invertido...)
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
249	Os retos, información ou actividades que proporciona o videoxogo conéctanse con situacións ou problemas prácticos da vida cotiá, persoal ou social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

F.8. Modelo de profesionalidade docente implícito no videoxogo

	Comunicación dos criterios de elaboración do material
250	Ao profesorado dáselle información sobre a lóxica interna que organiza a contido do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:

251	Ao profesorado dáselle información sobre os enfoques seguidos no videoxogo en relación coa aprendizaxe do alumnado.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
252	Ao profesorado dáselle información sobre os criterios de conexión do contido coa contorna social e cultural.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
253	Ao profesorado dáselle información dos criterios seguidos sobre a estratexia de ensino.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Grao de autonomía e rol do profesorado
254	O videoxogo ou materiais complementarios, esquecen a figura do profesorado, non se fai referencia ao seu rol.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
255	Se o videoxogo conta cunha guía didáctica ou material específico para o profesorado, suxírense posibles estratexias e uso do videoxogo, pero non prescribe unha secuencia ou uso particular.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
256	No videoxogo o rol do profesorado é importante, é activo. Pode configurar, seleccionar, cambiar... contidos, retos ou actividades.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
257	No videoxogo ou materiais complementarios suxírese que o profesorado actúe como dinamizador, guía ou impulsor de experiencias de aprendizaxe colaborativas a partir do uso do xogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
258	No videoxogo ou materiais complementarios suxírese que o profesorado actúe como soporte experto dos contidos tratados no xogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Consideración das necesidades e opinión do profesorado
259	No videoxogo ou materiais complementarios anticípanse as dificultades posibles da súa posta en práctica.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
260	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do profesorado sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:

	Observacións:

F.9. Modelo de aprendizaxe do alumnado

261	No videoxogo inclúense retos a superar recorrendo a fontes de información alternativas ao videoxogo, levando ao alumnado a facer pescuda noutros materiais.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
262	No videoxogo ou no material complementario suxírense tarefas que deben realizarse en equipo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
263	No videoxogo o alumnado pode configurar, seleccionar, cambiar... contidos, retos ou actividades, adaptándoo as súas necesidades, permitindo controlar o seu propio proceso de aprendizaxe.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
264	O videoxogo esperta no alumnado intereses que van máis aló da resolución dos retos propostos, como por exemplo, incita á investigación.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
265	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do alumnado sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

F.10. Tarefas organizativas que implican ao centro

266	O videoxogo suxire agrupamentos flexibles do alumnado.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
267	No videoxogo inclúense tarefas de interacción comunicativa entre alumnado de distintos niveis educativos ou centros educativos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
268	O videoxogo inclúe funcionalidades ou suxire estratexias organizativas que vinculan ao conxunto do equipo docente dun centro, con outros centros, do centro coa comunidade...
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:
	Observacións:

Conclusións da análise F

En liñas xerais respecto á xogabilidade instrutiva do videoxogo, podemos concluír...

G) ANÁLISE DOS MATERIAIS COMPLEMENTARIOS DE APOIO

G.1. Presenza de material complementario e/ou información de apoio

269	Material informativo e recursos de apoio	Integrado videoxogo	Web soporte	Material impreso	Packaming Embalaxe	Outro (esp.)
	Sinopse	□	□	□	□	□
	Presentación formal do videoxogo	□	□	□	□	□
	Instrucións ou manual de uso	□	□	□	□	□
	Información técnica	□	□	□	□	□
	Guía didáctica docente	□	□	□	□	□
	Materiais para o alumnado (especificar)	□	□	□	□	□
	Código PEGI (especificar)	□	□	□	□	□
	Outros (especificar)	□	□	□	□	□
	Observacións:					

G.2. Documentación pedagóxica

270	Profesorado / Familias	Valoración	Xustificar
	□ Claridade e precisión na exposición de obxectivos, contidos e actividades.	0 1 2	
	□ Explicación ou xustificación de modo explícito a fundamentación (é dicir, explícanse as bases e criterios desde os que se elaborou o material).	0 1 2	
	□ Explicación das grandes finalidades educativas que persegue.	0 1 2	
	□ Explicación da lóxica que organiza e secuencia os retos.	0 1 2	
	□ Explicación das fontes ou documentación de referencia para a selección e tratamento dos contidos no videoxogo.	0 1 2	
	□ Explicación da relación entre os contidos e as áreas do nivel educativo (no caso de videoxogos realizados como material curricular)	0 1 2	
	□ Explicación do rol do profesorado, das familias, do persoal sanitario... (soporte, dinamizador...)	0 1 2	
	□ Explicación das dificultades posibles da posta en práctica do videoxogo.	0 1 2	
	□ Suxestións didácticas e exemplos de utilización con estratexias de uso, disposicións grupais e indicacións para a súa integración curricular.	0 1 2	
	□ Suxestións en canto á realización de actividades posteriores non incluídas nel.	0 1 2	
	□ Suxestións en canto a procesos de avaliación, a parte dos resultados obtidos no videoxogo.	0 1 2	

□ Instrucións para a posible modificación do programa ou do contido (retos, controlar ou modificar a retroalimentación...)	0 1 2	
□ Información sobre as vantaxes da utilización do videoxogo respecto a outros medios.	0 1 2	
□ Presentación ou incorporación doutros materiais cos cales se pode traballar para a afondar nos contidos.	0 1 2	
□ Outros (especificar)	0 1 2	
Observacións:		

G.3. Documentación técnica

271	Que se inclúe?	Valoración	Observacións
	□ Procedemento de instalación (en caso de ser necesario).	0 1 2	
	□ Aclaracións das opcións de usuario/a para adaptar ou modificar o videoxogo (en caso de que se poida)	0 1 2	
	□ Garantía	0 1 2	
	□ Contacto (teléfono, correo, formulario...)	0 1 2	
	□ Outros (especificar)	0 1 2	
	Observacións:		

Conclusións da análise G

En liñas xerais respecto aos materiais complementarios ou de apoio ao videoxogo, podemos concluír...

H) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

H.1. Xogabilidade e eficacia didáctica

272	Á luz dos resultados obtidos nos diferentes puntos de análise, poderíase dicir, en liñas xerais, que o videoxogo é:	
	□ Divertido e entretido	*Valoración → 0 1 2
		*Xustificar:
	□ Flexible	*Valoración → 0 1 2
		*Xustificar:
	□ Adaptable	*Valoración → 0 1 2
		*Xustificar:

H.2. Funcionalidade

273	O videoxogo avaliado consegue a función pola cal foi creado, presentando vantaxes significativas con respecto a outros recursos.
	*Valoración → 0 1 2
	*Xustificar:

H.3. Conclusións finais

274	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico.

Análise do videoxogo

TuTu

Data de inicio do proceso da análise	15 de decembro de 2015
Hardware empregado	IPad 2 Modelo: 1395 Versión: 9.1

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....5
A.3. Imaxes de referencia....7
Conclusións do bloque A....8
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....9
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....9
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....10
Conclusións do bloque B....11
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....12
C.1. Código PEGI....12
C.2. Idea do xogo....12
C.3. Funcións xerais....12
C.4. Clasificación....13
C.5. Grupo destinatario....14
C.6. Obxectivos lúdicos....15
C.7. Regras do xogo....15
C.8. Retos....15
C.9. Obxectivos educativos....16
C.10. Contidos educativos....17
C.11. Relación co Currículo Oficial....17
Conclusións do bloque C....18
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....19
D.1. Idioma....19
D.2. Son....19
D.3. Rexistro....20
D.4. Plataforma....20
D.5. Sistema operativo....21
D.6. Sistema periférico....21
D.7. Outros requisitos técnicos....22
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....22
D.9. Linguaxe de programación....22
D.10. Compras....22
D.11. Publicidade....23
D.12. Garantía....23
D.13. Contacto....23
Conclusións do bloque D....23
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....25
E.1. Obxectivos educativos....25
E.2. Contidos educativos....25
E.3. Ámbito de incidencia....27
E.4. Retos....28
E.5. Retroalimentación e axuda....30
E.6. Teorías de aprendizaxe....31
Conclusións da análise E....32
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....34
F.1. Tempo....34
F.2. Control do progreso....34
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....34

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....36
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....36
Conclusións da análise F....37
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....38
G.1. Natureza do mundo do xogo....38
G.2. Estrutura....38
G.3. Niveis....38
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....39
G.5. Trama argumental....39
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....40
G.7. Visión do xogador/a....41
G.8. Personaxes....42
G.9. Obxectos simbólicos....47
G.10. Estrutura temporal....47
Conclusións da análise G....48
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....49
H.1. Regras do xogo....49
H.2. Obxectivos do xogo....49
H.3. Recompensas....49
H.4. Conflito do xogo....50
H.5. Os/as xogadores/as....50
H.6. O equilibrio de dificultade....51
H.7. Eventos do videoxogo....51
H.8. Resultados do xogo....53
Conclusións da análise H....53
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....55
I.1. Interface gráfica....55
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....56
I.3. Accesibilidade....58
I.4. Funcionalidade técnica xeral....59
Conclusións da análise I....61
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....63
K.1. Conclusións finais....63

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	Tutu		
002	Ano ou data lanzamento	2012	App Store: 19/11/2012	☒ Non figura
			Google Play: 17/12/2012	
			PC (Windows): xaneiro 2013	
003	Colección	TuTu, la serie		□ Non forma parte
004	Soporte	□ CD		Especificar
		☒ En liña	□ Accesible en Web	
			☒ Descarga en Web	Non dispoñible
			□ Rede social	
			☒ Descarga en tenda	App Store e Google Play
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	• Na propia páxina do proxecto "TuTu, la serie": http://tutulaserie.com/?language=gl • Na páxina de Ficción Producciones: http://ficcion-producciones.com/web/tutu-app-2/ • Na App Store: https://itunes.apple.com/es/app/tutu/id556520505?mt=8 • En GooglePlay: https://play.google.com/store/apps/details?id=com.ficcion.apptutu		
006	Prezo	☒ €	1,99 € en iOS	Data compra en iOS: 14/12/2015
			1,30 € en Android	
		□ Pts		
		□ Gratuíto		
		□ Outra opción		

Observacións
• O videoxogo forma parte dun proxecto transmedia composto por unha serie de capítulos para TV que combina imaxe real e imaxe por ordenador, unha colección de contos pop-up, xoguetes físicos (quebracabezas, artigos escolares, de aseo, roupa e accesorios...) e a app obxecto de análise. • O xogo está dispoñible en Android e iOS. A versión en PC non se atopa operativa no momento da análise, indícase que estará "Muy pronto". Descoñecemos se algún día estivo activada, máis cando os medios de comunicación anunciaban que a partir de xaneiro do 2013 poderíase xogar en Windows. Véxase a este respecto a seguinte nova publicada no diario de novas tecnoloxías de Galicia "Código Cero": *Ficción Producións presenta en Santiago o videoxogo TuTu para móbiles e tablets* (http://codigocero.com/Ficcion-Producions-presenta-en) • O ano de publicación do videoxogo tómase da ficha que sobre os seus produtos realiza a empresa desenvolvedora. • As datas de lanzamento específicas tomáronse da publicación citada no anterior parágrafo.

- Non se accedeu aos capítulos de TV, nin aos contos e demais materiais que forman parte do proxecto "TuTu, la serie", xa que na páxina non se aporta información de como obtelos. Facendo buscas na rede sobre este aspecto, atopamos unha nova tamén publicada en Código Cero con data moi recente, 17 de novembro de 2015, titulada: *A serie galega TuTu poderá verse en Clan* (http://codigocero.com/A-serie-galega-Tutu-podera-verse-en-Clan). Semella que haberá que esperar un meses para poder ver os capítulos desta serie de forma gratuíta.
- Sorprende a diferenza de prezo da app existente entre a versión en iOs e a de Android. O motivo pode deberse a que non son a mesma versión, estando a aplicación máis actualizada en iOS (versión 1.1) que en Android (versión 1.0), onde non se especifican as melloras realizadas. Non obstante, fixándonos nas datas das actualizacións, en iOS consta que foi actualizado o 30/11/2012 e en Android uns meses máis tarde o 26/04/2013.
- Os datos recollidos nesta guía pertencen á versión 1.1. en iOS.

A.2. Autoría


007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	□ Empresa tecnolóxica				
	□ Xunta de Galicia				
	□ Concello				
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	□ Fundación				
	□ Editorial				
	■ Produtora audiovisual	1	Ficcion Producciones S.L.	Ames (A Coruña)	http://ficcion-producciones.com/web/gl/
	□ Persoa/s física/s				
	□ Outras/os (especificar)				
	□ Non figuran				
008	Iniciativa				
	■ Propia				
	□ Contratación				
	□ Concurso público				
	■ Subvención	Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)			
	□ Outra				
	□ Non figura / difícil de determinar				
009	No videoxogo ou no material de soporte inclúense créditos cos nomes propios das persoas que participaron na elaboración do recurso?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
010	No videoxogo ou no material de soporte indícase se participaron na súa creación un equipo pedagóxico ou especialistas en educación?				

■ Si	*Especificar → Na descrición do xogo ofrecida na App Store indícase que o programa de aprendizaxe no que se basea foi desenvolvido por un equipo de educadores.
□ Non	
Observacións	

- Ficción Producciones defínese como unha empresa dedicada á produción audiovisual, experta en novas tecnoloxías.
  Fundada en 2003, destaca polo desenvolvemento de contidos de ficción e animación tanto para o mercado nacional como internacional. Algunhas das súas produción:
  - A película "Sinbad" baseada na obra "Se o vello Sinbad volvese ás illas", de Álvaro Cunqueiro. Longametraxe co-producida coa Televisión de Galicia.
  - En TV o programa semanal de humor e entretemento familiar "A cada da conexa" emitido por Televisión de Galicia.
  - A miniserie "Mar Libre" co-producida no ano 2009 coa Televisión de Galicia.
  - A tamén miniserie de dous capítulos "Códice Calixtino, 800 anos e un roubo!", estreada na TVG o martes 23 de decembro de 2014.
  - A longametraxe de animación "Meñique" (2014), producida cos estudos de animación cubanos ICAIC. Baséases no libro do cubano José Martí "La edad de Oro" e diríxese a infantes e adolescentes. Trátase da primeira longametraxe hispana-cubano realizado en 3D.
  - Curtametraxes de animación como: "Checkout", "Man" e "Pequena Gran Aventura".
  - En canto a produtos relacionados cos videoxogos:
    - Inventio, videoxogo sobre Santiago de Compostela no século XII. Creado por demanda do Consorcio de Santiago de Compostela e dispoñible no Museo das Peregrinacions de dita cidade.
    - Os advergaming "A Casa da Conexa. A invasión de Ardebullo" (2014), de descarga gratuíta en Google Play e App Store.
    - Oadvergaming "A Casa da Conexa 2" (2015), de descarga gratuíta en Google Play.
    - A Wiki Dragal, proxecto impulsado no curso 2013/14 pola Secretaría Xeral de Política Lingüística a través dos equipos de dinamización da lingua galega dos institutos públicos de Galicia, na que mediante xogos apréndese lingua, topónimos, mitoloxía e lendas galegas, etc. Trátase dun programa multidisciplinar de animación á lectura que parte da triloxía homónima da escritora Elena Gallego Abad.
    - E o proxecto transmedia TuTu.
- Na páxina "TuTu, la serie" indícase textualmente que o proxecto foi unha actividade subvencionada polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. En imaxes móstrase o logo do Ministerio e o de AGADIC. Dentro do xogo non se fai referencia a este aspecto.
  Ficción Producciones recibiu no ano 2012 unha axuda da Axencia Galega das Industrias Culturais de 163.952 euros na submodalidade de películas para televisión. Intuímos que parte do proxecto TuTu (quizais tamén a app obxecto de análise) foi posible grazas a esta axuda, mais non por iso deixa de ser unha iniciativa propia que tivo que dar comezo antes dese ano.
- Se ben na páxina da empresa se mostran os créditos das película, animacións ou curtametraxes realizadas por esta produtora, non sucede o mesmo na sección de videoxogos.
- En canto a que no proxecto participaron especialistas en educación, dicir que esta información ademais de constar no apartado descritivo da App Store, tamén é recorrente nos medios de comunicación. Véxase por exemplo a publicación de ElCorreoGallego.es (marzo, 2013): *La gallega Ficción Producciones viaja al Cartoon Movie 2013* (http://www.elcorreogallego.es/tendencias/ecg/la-gallega-ficcion-producciones-viaja-al-cartoon-movie-2013/idEdicion-2013-03-11/idNoticia-795638/) na que textualmente dise: *Este proyecto es una apuesta por el entretenimiento educativo infantil, edutainment, de calidad, en el que han trabajado educadores especializados en la educación.*

A.3. Imaxes de referencia

011



Menú principal



Minixogo Nina

Observacións

- Imaxes tomadas da aplicación en iOS.

A.4. Outros datos

012 Premios e/ou méritos recibidos (indicar como se obtivo a información)

—

013 Número de copias reproducidas e onde se repartiron, descargas, persoas rexistradas... (indicar como se obtivo a información)

- En Google Play indícase que TuTu descargouse entre 50 e 100 veces. De 6 valoracións obtivo un 3,2. Estes son os comentarios de usuarios/as que baixaron a app no ano 2012:
  - *No esta mal Si se actualiza con nuevas actividades estara mejor en un futuro, a mi niña de 3 años ke ha gustado bastant.*
  - *Con niño de 3 años Es muy insulsa. Creo que podían haber hecho mucho más, estando subvencionada con dinero público. No la recomiendo, es pagar por nada.*
  - *Para niños de 2/3 años Complicada de utilizar*
- Na App Store nnon hai suficientes valoracións para mostrar o promedio da versión actual. Inclúense 9 reseñas. Móstranse as seguintes opinións:
  - *A mi sobri le tiene loco y yo alguna que otra partida también he jugado, la musiquilla y los ruidos de fondo están guais.*
  - *Es muy divertida, mi hija se lo pasa genial y tiene muy buena base pedagógica, muy vistosa en sus entornos y me encantan sus personajes son geniales.*

014 Outra información de interese

- A aplicación TuTu tivo gran repercusión na prensa no momento do seu lanzamento. Recollemos a continuación unha pequena mostra destas novas:
  - Galicia Confidencial (novembro, 2012): *O videoxogo educativo TUTU chega a móbiles e tabletas*. Ligazón: http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/12298-videoxogo-educativo-tutu-chega-mobiles-tabletas
  - Código Cero (novembro, 2012): *Ficción Producións presenta en Santiago o videoxogo TuTu para móbiles e tablets.* Ligazón: http://codigocero.com/Ficcion-Producions-presenta-en
  - Clag (marzo, 2012): *O videoxogo educativo "TUTU" chega a móbiles e tabletas coa vista posta en televisión e teatro infantil*. Ligazón: http://www.clag.es/gl/novas/o-videoxogo-educativo-tutu-chega-mobiles-e-tabletas-coa-vista-posta-en-television-e-

teatro
    - La Voz de Galicia (novembro, 2012): *Videoxogo galego para móbiles*. Ligazón: http://galego.lavozdegalicia.es/noticia/vidadigital/2012/11/28/videojuego-gallego-moviles/0003_201211G28P30996.htm
    - La Opinión Coruña (novembro,2012): *'Tutu', unha aplicación para fomentar a integración infantil*. Ligazón: http://galego.laopinioncoruna.es/vida-y-estilo/tecnologia/2012/11/22/tutu-aplicacion-fomentar-integracion-infantil/666868.html

    Mais tamén atopamos novas sobre o proxecto ao longo dos anos:

    - GaliciaAberta (xaneiro, 2013): *Videoxogo galego para móbiles*. Ligazón: http://emigracion.xunta.gal/actualidade/nova/videoxogo-galego-mobiles
    - Xente Dixital (outubro, 2013): *Dous videoxogos galegos*. Ligazón: http://blogs.xunta.es/xentedixital/blog/dous-videoxogos-galegos/
    - Código Cero (marzo, 2014): *Os videoxogos centraron unha xornada organizada polo Cluster Audiovisual*: http://codigocero.com/Os-videoxogos-centraron-unha
    - Vertele (abril, 2015): *'TuTu', la serie infantil 'made in Spain' a la conquista del mercado internacional*: http://www.vertele.com/noticias/tutu-la-serie-infantil-made-in-spain-a-la-conquista-del-mercado-internacional/
- Descoñecemos as descargas totais obtidas desta aplicación, mais tendo en conta a publicidade transmitida a través da prensa dixital (seguindo o demostrado no punto anterior) sorprende que na App Store non se teñan as suficientes valoracións para poder mostrar un promedio da versión actual do xogo.

Conclusións do bloque A

En liñas xerais respecto á identificación do videoxogo podemos concluír...

- Estamos ante un xogo multiplataforma creado por unha das maiores produtoras audiovisuais de Galicia, e que forma parte dun proxecto trasmedia que contou cunha importante subvención pública para a súa creación.
- Está dispoñible para a súa descarga tanto en Google Play como na App Store. Non en PC, a pesar de ser anunciado o seu lanzamento en xaneiro do 2013 para Windows.
- A aplicación tivo e segue tendo gran repercusión nos medios dixitais galegos. O xogo é un produto asociado a unha serie de TV na que interveñen os mesmos protagonistas, e que poderá verse dentro duns meses a través ca canle pública Clan, especializada en achegar debuxos animados e series infantís a través da grella de TV e, tamén, a través da súa web (Código Cero, 17 de novembro de 2015: http://codigocero.com/A-serie-galega-Tutu-podera-verse-en-Clan).
- Na descrición do videoxogo dispoñible nas Stores saliéntase que para a súa creación participaron especialistas en educación, ademais exponse as potencialidades ou beneficios pedagóxicos de cada un dos bloques nos que se estrutura a app.
- O xogo non é gratuíto, de feito sorprende o seu custo. A día de hoxe se unha aplicación de finais do ano 2012 custa case 2€ enténdese que é de alta calidade ou que se lle vai sacar rendibilidade.

B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO

B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo

015	Que recursos acompañan o videoxogo? (breve descrición)
■ Web do proxecto	Nome: TuTu, la serie Apartados da web: • Inicio: inclúe selección do idioma (galego, español e inglés), *trailer* coa presentación das personaxes e ligazón ás redes sociais do proxecto: ◦ Facebook: https://www.facebook.com/Tutu-la-Serie-177760442364436/ ◦ Twitter: https://twitter.com/TutulaSerie • Tutu Puppets: composto por tres vídeos (promoción, como se fixo, primeiro ensaio xeral) e un breve texto explicando a serie de capítulos para TV. • Máis TuTu: explícase brevemente o proxecto transmedia e leva ás diferentes liñas de produtos: ◦ Personaxes: descrición das 6 personaxes. ◦ Apartado descargas: caretas recortables e fondos de pantalla. ◦ Liña editorial: breve explicación da liña de libros de TuTu. ◦ Xoguetes: breve explicación dos xoguetes e materiais incluídos na tenda do proxecto (non atopamos a ligazón, dubidamos da súa existencia). ◦ Xogos: ligazóns ao videoxogo obxecto da presente análise (PC / Android / iOS). A versión en PC non está dispoñible.
□ Embalaxe	
□ Material impreso	
■ Espazo en tenda virtual	Información ofrecida na App Store: • Nome do xogo • Nome da empresa desenvolvedora • Clasificación por idade • Capturas de pantalla • Descrición • Novidades • Información • Historial de Actualizacións • Enlace ao sitio web da empresa. • Ligazón a outras apps da empresa. Constan: *A Casa da Conexa*, *Dragal el cómic*, *Dragal el cómic Premium*. • Valoracións e reseñas
□ Outro (especificar)	
Observacións	
• Como podemos apreciar, é a través da App Store onde obtemos información relevante sobre o xogo. • Cómpre destacar, que na páxina web do proxecto, no apartado específico “Xogos”, móstrase un texto que pode dar lugar a confusións, xa que se refire a xogos “en plural” cando en realidade as tres ligazóns que se presentan baixo o mesmo levan á mesma aplicación pero para dispositivos diferentes.	

B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo

016	Que materiais ou informacións se integran no videoxogo ou nos recursos sinalados no anterior apartado?			
	Materiais	Onde?[1]	Formato[2]	Descrición
	□ Titorial			
	☒ *Trailer*	Web do proxecto	Vídeo	Vídeo animado de 5:15 minutos de duración con locucións e música de fondo. Descríbense o mundo de TuTu e preséntanse cada unha das personaxes.
	☒ Sinopse	App Store	Texto online	A sinopse inclúese ao comezo da descrición facilitada na App Store, é a seguinte: *Aprende y diviértete en el mundo de Tutu y sus amigos. !Conoce a Fante, Rafa, Nina, Vella y Tupa! Juega con ellos mientras descubres los colores, los números y muchas cosas más.*
	☒ Presentación formal	Web do proxecto Web da empresa	Texto online	*Los juegos de Tutu Games están basados en la especial personalidad de nuestros personajes, desarrollados con un claro objetivo de edutaiment y basado en los objetivos educativos para los mas pequeños. Son aplicaciones interactivas de carácter didáctico y lúdico, que estimulan el desarrollo de las múltiples inteligencias: lingüística, lógico-matemática, espacial, motricidad, coordinación…*
	□ Guía didáctica específica para docentes			
	☒ Información xeral de carácter pedagóxico.	App Store	Texto online	Salienta os estudos nos que está baseado o xogo, informa das idades para as que está orientado e describe as habilidades e capacidades que se desenvolven ou estimulan en cada un dos bloques que compoñen a app.
	□ Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso			
	□ Materiais didácticos complementarios (vídeos, actividades para imprimir...)			
	☒ Información técnica	App Store	Texto online	Infórmase do nome da empresa, categoría da app, data de actualización, versión, tamaño, valoración, dispoñibilidade, compatibilidade e idiomas.

1 Indicar se está dentro do videoxogo ou na embalaxe, ou no material impreso, etc
2 Indicar se é un PDF para descargar, epub, material impreso, titorial interactivo que explica as accións a realizar, o funcionamento da interface, etc.

☐ Outro/s	Merchandasing	Web do proxecto	Descargas en PDF e fondos de pantalla	6 caretas recortables (unha por personaxe) e 7 fondos de pantalla a elixir entre catro tamaños.
	Presentación das personaxes	Web do proxecto	Imaxe e texto online	Subapartado específico da web onde se mostran as 6 personaxes protagonistas do mundo de TuTu. Ao premer en cada unha delas obtemos unha presentación textual en terceira persoa.
Observacións				
—				

Conclusións do bloque B

En liñas xerais respecto aos materiais e informacións que acompañan o videoxogo podemos concluír...
• A información sobre o videoxogo está diversificada. Puidemos comprobar que os aspectos técnicos e pedagóxicos son tratados na propia páxina da App Store, o que quere dicir que unha vez descargado o xogo, teríamos que novamente acudir a esta páxina se quixésemos revisar a información. Isto implica: dispoñer de conexión á rede, arriscarse a que haxa actualizacións e que os datos cambien ou se obvien aspectos interesantes, que desapareza a páxina, etc. • A páxina do proxecto céntrase maioritariamente en describir as personaxes (en formato vídeo e en texto) e en aportar material de promoción. Cómpre destacar a calidade e coidado deseño do vídeo de presentación do mundo de TuTu, tanto a nivel visual, como sonoro e de guión. Trátase dun vídeo que engloba o proxecto transmedia, de presentación das personaxes, non é específico do videoxogo. • A sinopse dende o punto de vista argumentativo é curta, adianta os obxectivos principais que se obteñen co uso do xogo, anímase a descargalo e informa das personaxes que o compoñen. En definitiva, é atractiva. Sen embargo, ten algún erro ortográfico (ábrese a exclamación co símbolo ao revés) e emprega unha linguaxe sexista (*amigos*, *ellos*...) • En canto á presentación formal, non se especifica o tipo de xogo que nos imos a descargar e tampouco se ofrece unha descrición dos xogos que forman a aplicación. Inclúese unha información xeral de carácter pedagóxico na que se mencionan as capacidades que potencian cada un dos bloques nos que se estrutura TuTu. • Como adiantamos no bloque anterior, fálase de xogos en plural cando é unha única aplicación. O motivo de empregar o termo en plural pode deberse a que a app está formada por 4 minixogos, se é así deberíase adiantar o número de xogos ou minixogos que a compoñen para non confundir ás usuarias e usuarios.

C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA

C.1. Código PEGI

017	Faise uso da clasificación PEGI?				
□ Si	* Que etiqueta ou etiquetas se inclúen?				
	□ PEGI 3	□ PEGI 7	□ PEGI 12	□ PEGI 16	□ PEGI 18
	□ Linguaxe groseira		□ Drogas	□ Medo	□ Xogo
	□ Sexo	□ Violencia	□ En liña	□ Discriminación	□ PEGI OK
■ Non					
Observacións					
• Emprégase o sistema de clasificación de Apple: 4+; 9+; 12+ e 17+. • O xogo clasifícase como 4+					

C.2. Idea do xogo

018	Especifícase se o videoxogo está baseado noutro medio?		
■ Si	□ Orixinal →	□ Libro →	□ Banda deseñada →
	□ Película →	□ Feito real →	■ Outra (esp.) → Teatro de títeres "Rosalía, a pulga que escribía"
□ Non			
Observacións			
• No videoxogo non se especifica de onde xurdiu a idea ou se está baseado noutros medios, mais polas novas xurdidas a raíz do lanzamento do xogo sabemos que as personaxes de Tutu nacen da obra de marionetas "Rosalía, a pulga que escribía" da compañía teatral Galitoon. Ficción Producciones mercou os dereitos das personaxes para crear o universo TuTu (culturagalega, 12 de decembro de 2012: http://culturagalega.gal/noticia.php?id=21885)			

C.3. Funcións xerais

019	Especifícase para que se creou o videoxogo?				
■ Si	*Onde? → • web do proxecto • web da empresa • App Store				
	*Cal é a súa función?				
	■ Entreter	□ Motivar	□ Adestrar	□ Experimentar	□ Reforzar aprendizaxes
	■ Educar	■ Outras (especificar) → • Estimular o desenvolvemento das múltiples intelixencias • Desenvolver capacidades			
□ Non					

Observacións
• A función de "Entreter" e "Educar" especifícase na web do proxecto onde se explica o Proxecto Transmedia: *Tutu é un proxecto multiplataforma orientado ao público infantil en idade preescolar, baseado no concepto de entretemento educativo (edutainment).* Aínda que o termo *edutainment* tamén é utilizado no apartado "Xogos" de dita web. • En canto a función de "Desenvolver as múltiples intelixencias", esta queda recollida na web do proxecto e na web da empresa: *Son aplicacións interactivas de carácter didáctico e lúdico, que estimulan o desenvolvemento das múltiples intelixencias: lingüística, lóxico-matemática, espacial, motricidade, coordinación...* • A función "Desenvolver capacidades" é resaltada na App Store: *TUTU ayuda a desarrollar las capacidades de los más pequeños de la casa.*

C.4. Clasificación

020	Indícase que tipo de recurso é?				
	■ Si	*Onde? → • web do proxecto • web da empresa			
		*Que termo se emprega?			
		□ Videoxogo	■ Xogo	□ Xogo dixital	□ Mini xogo	□ Recurso lúdico
		■ Outro/s (especificar) → Aplicacións interactivas de carácter didáctico e lúdico			
	□ Non				
021	Indícase o xénero ou subxénero ao que pertence?				
	■ Si	*Onde? → • web do proxecto • web da empresa			
		*Que termo se emprega?			
		□ Educativo	□ Conversacional	□ Aventura gráfica	■ Serious Game	□ Estratexia
		□ Outro (especificar) →			
	□ Non				

Observacións
• Na descrición ofrecida na App Store non se indica o tipo de recurso que é TuTu. Mais a app si está indexada por parte da empresa na categoría "Juegos" Na web do proxecto emprégase o termo "xogo" mais en plural: "xogos". Tamén defínese o recurso como: Aplicacións interactivas de carácter didáctico e lúdico • O termo *Serious Games* emprégase na páxina web da empresa. Concretamente na ficha descritiva do xogo, que inclúe a seguinte información: ◦ *Título: Tutu* ◦ *Xénero: Serious Game* ◦ *Plataforma: PC / Android / iOS* ◦ *Ano: 2012*

C.5. Grupo destinatario

022	Especifícase para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?				
	■ Si	*Onde? →App Store (dentro do texto descritivo)			
		*Para cal? (especificar)			
		■ Centros educativos • Infantil	■ Fogar	□ Museo →	
		□ Outro (especificar) →			
	□ Non				
023	Especifícase para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?				
	□ Si	*Onde? →			
		*Para cal? (especificar)			
		□ Local	□ Provincial	□ CCAA	□ Nacional	□ Internacional
		□ Outro (especificar) →			
	■ Non				
024	Especifícase a quen vai dirixido principalmente o videoxogo?				
	■ Si	*Onde? → App Store (dentro do texto descritivo)			
		*Que se determina? (especificar)			
		■ Idade • De 2 a 5 anos	■ Nivel educativo • Educación Infantil	□ Características especiais (autismo, xordeira, cegueira...)	
		□ Outro (especificar) →			
	□ Non				
025	Menciónase os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?				
	□ Si	*Onde? →			
		*Cales son? →			
	■ Non				

Observacións

- Na App Store indícase que TuTu é *un complemento ideal para la enseñanza infantil reglada o una herramienta excepcional para la introducción a conceptos básicos que se trabajarán en el aula posteriormente.* A raíz desta información entendemos que a aplicación pode ser utilizada como material educativo na Educación Infantil, ou ben para usar no fogar axudando a reforzar as aprendizaxes que posteriormente serán adquiridas nas escolas.
  No texto tamén se indica: *TUTU ayuda a desarrollar las capacidades de los más pequeños de la casa.*
  En relación a este aspecto, interpretamos que o videoxogo foi deseñado fundamentalmente para o fogar pero que tamén pode ser utilizado nas escolas.
- Na descrición incluída na App Store indícase que a app diríxase a nenos de 2 a 5 anos, mostrándose na clasificación 4+. Esta dicotomía débese ao que sistema de clasificación de iOS de Apple, divide os xogos en catro categorías (4+; 9+; 12+ e 17+), o nivel 4+ é adecuado para todas as idades.

C.6. Obxectivos lúdicos

026	Explicítase o obxectivo u obxectivos finais do xogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son →
	■ Non	
	Observacións	
	• Nin na páxina web do proxecto, nin na páxina da empresa nin na descrición facilitada na App Store se explica o que hai que facer en cada un dos bloques (termo empregado polos creadores) que compoñen a aplicación. Resulta curioso que se realice un esforzo por explicar que se potencia ou estimula dende un punto de vista pedagóxico en cada bloque, mais non que se fai en cada un deles.	

C.7. Regras do xogo

027	Descríbese de forma xeral como se xoga ao videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son →
	■ Non	
	Observacións	
	• Nin a aplicación nin os materiais complementarios inclúen unhas instrucións xerais de como se xoga.	

C.8. Retos

028	Enumérase os retos e/ou actividades que se teñen que realizar?
	■ Si
	*Onde? → Dentro da aplicación, no apartado axuda que contén cada un dos xogos que a compoñen.
	*Resumo de cales son → • Xogo 1 – Wack a Mole ◦ nivel Fácil - Medio - Difícil: *Toca a Nina todas las veces que aparezca. ¡Que no se te escape!* • Xogo 2 - *El redil* ◦ nivel Fácil: *Mete a todas las ovejas en el redil y cierra la puerta.* ◦ nivel Medio: *Mete a las ovejas rosa dentro del rendil y cierra la puerta.* ◦ nivel Difícil: *Mete a las ovejas negras en el redil izquierdo, a las rosas en el derecho y cierra la puerta.* • Xogo 3 - *Ovejas* ◦ nivel Fácil: *¿Cuántas ovejas están pastando?* ◦ nivel Medio: *Toca a la oveja correcta* ◦ nivel Difícil: *Ordena las ovejas arrastrándolas hasta su color.* • Xogo 4 - *El autobús* ◦ nivel Fácil – Medio - Difícil: *¡Pulsa en las ventanas y descubre las parejas de cada uno de los personajes!*
	□ Non

Observacións
• No xogo 1, as actividades son iguais nos tres niveis de dificultade. A dificultade percíbese no aumento de número de elementos que saen á vez (personaxe Nina) e a rapidez na que se mostran en pantalla. • No xogo 4 tamén hai que realizar a mesma actividade. Trátase dun xogo tipo *memory* onde en cada nivel aumentan o número de parellas. • As especificacións do que hai que facer, saen ao premer sobre o botón [?] que se mostra na parte superior dereita da pantalla logo de seleccionar o minixogo. • Estas instrucións móstranse en texto e escóitanse en voz en off. No xogo 2 tamén son acompañadas por unha imaxe estática.

C.9. Obxectivos educativos

029	Enuméranse as competencias básicas que activa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
030	Enuméranse os obxectivos educativos concretos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	
	□ Si	*Onde? → App Store (dentro do texto descritivo)
		*Resumo de cales son? → Introducir os conceptos básicos que se traballan en infantil: iniciación á cuantificación de elementos, nocións básicas de orientación, coordinación motora, percepción de semellanzas e diferenzas entre obxectos, fomento do uso da memoria, etc.
	□ Non	

Observacións
• Na descrición da aplicación (App Store) non se explicita ou se realiza un apartado específico baixo o epígrafe "Obxectivo educativos", mais consideramos que estes especifícanse no texto realizado para cada unha das actividades ou minixogos que conforman a aplicación. En concreto: ◦ *EL REDIL: Primeras acciones sobre objetos y colecciones, fomentando la construcción de relaciones. Estimula el desarrollo de las capacidades lógico-matemáticas actuando sobre conjuntos.: agrupar, distribuir, clasificar, realizar correspondencias, discriminación de atributos, resolución de problemas y relaciones de pertenencia-no pertenencia. La actividad, además, es una introducción a la cuantificación y a la coordinación motora, trabajando sobre nociones básicas de orientación (hacia, hasta, desde...).* ◦ *OVEJAS: Iniciación a la cuantificación de elementos, su asociación, conocimiento de los números, sus grafías y el reconocimiento de magnitudes relativas a los números elementales, facilitando las primeras experiencias con sus habilidades lógico-matemáticas. Trabajo con nociones elementales de orientación espacial: poniendo en relación objetos, expresando su posición con respecto al espacio con nociones topológicas básicas (cerca-lejos, dentro-fuera...) y la identificación de los colores primarios.* ◦ *EL AUTOBUS: Desarrollo de la percepción, el barrido visual del espacio y las capacidades cognitivas. Percepción de semejanzas y diferencias entre objetos. Fomenta el uso de la memoria y su posterior aplicación a una tarea.* ◦ *WACK A MOLE: Estimulación de las capacidades motrices y la inteligencia corporal cinestésica. Manejo de actividades que requieren rapidez y coordinación óculo-manual. Ubicación de sí mismo y de otros objetos en el espacio.* • Emprégase correctamente o termo *edutainment,* mais hai termos ou frases moi abstractas e

xerais que non clarifican ou poñen en tea de xuízo o valor pedagóxico da aplicación. Por exemplo: *desarrollados con un claro objetivo de edutaiment y basado en los objetivos educativos para los mas pequeños.* Quizais a "basado" lle falta unha s? Cales son os obxectivos educativos dos máis pequenos?

C.10. Contidos educativos

031	Enuméranse os contidos educativos que se tratan no videoxogo?	
	■ Si	*Onde? → App Store (dentro do texto descritivo)
		*Resumo de cales son? → Introdución á cuantificación e á coordinación motora. Recoñecemento das nocións elementais de orientación espacial. Fomento do uso dá memoria. Percepción de semellanzas e diferenzas entre obxectos.
	□ Non	
	Observacións	
	• No apartado descritivo mestúranse os obxectivos e contidos. Non están claramente delimitados e definidos. Ver observacións do apartado anterior (C.9.)	

C.11. Relación co Currículo Oficial

032	Indícase a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo.	
	□ Si	*Onde? →
		*Cal é? →
	■ Non	
033	Especifícase se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	
034	Especifícase se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	
	Observacións	

- Na descrición incluída na App Store facilítase unha información xeral, mais non específica sobre a relación do videoxogo co currículo escolar. Indícase que corre paralelo ás primeiras materias do plan de estudios da escola infantil, mais non se indica nin que materias, nin cal é o plan de estudios.
- Nesta descrición tamén se fala da aplicación como se fose un programa de aprendizaxe: *El programa de aprendizaje desarrollado por el equipo de educadores está basado en los estudios Jean Piaget, Psicología Evolutiva, y Howard Gardner, Teoría de las Inteligencias Múltiples.*
  Pero non se indica ou explica cada unha das referencias, non se expón en que se basean de cada estudo e teoría nomeada.

Conclusións do bloque C

En liñas xerais respecto á información lúdica-pedagóxica que acompaña o videoxogo podemos concluír...
A meirande información lúdico-pedagóxica que obtemos sobre a aplicación atópase na App Store, no apartado de Descrición. Consideramos que neste apartado: • Inclúese unha descrición pedagóxica moi técnica da aplicación. Empréganse un gran número de tecnicismos e enuméranse unha serie de estudos e teorías que non son minimamente explicados. Ademais na descrición de cada un dos bloques, mestúranse obxectivos e contidos resultado complicado a súa lectura e entendemento. • Consideramos que esta información podería incluírse e completarse na web do proxecto ou nun apartado específico para educadores/as dentro da aplicación. • Por cada bloque enuméranse unha gran cantidade de contidos e xéranse unhas expectativas moi altas en canto aos beneficios pedagóxicos que se poden obter ao xogar en TuTu. • Bótase en falta unha explicación xeral da aplicación, indicando por exemplo o número de minixogos que a compoñen, os niveis de dificultade que se inclúen, que hai que facer en eles... Por exemplo, fálase de bloques nos que se dividen os xogos, pero sen informar que hai que facer neles. • Atopamos que a empresa emprega diferentes termos para referirse a aplicación, chamándonos a atención a utilización do termo *serious games* para unha aplicación dirixida a un público infantil. • A páxina web do proxecto carece de información sobre a aplicación. Pero si se presentan moi ben as personaxes, as cales resultáronos moi visuais, coidadas e atractivas. Sen embargo, sorprendeunos ou decepcionounos que non fosen deseñadas dende Ficción Producciones, se non que foron mercados á compañía teatral Galitoon. • Bótase en falta un texto explicativo en canto á incongruencia da idade destinataria. • Bótase en falta un texto que explique brevemente o proxecto transmedia ou que informe correctamente da páxina web do proxecto, onde os usuarios e usuarias poderían obter máis información. • Na App Store inclúese unha ligazón web que leva supostamente a Ficción Producciones cando en realidade leva á web do proxecto.

D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

D.1. Idioma

035	Sen entrar no videoxogo, especifícase o idioma ou idiomas que soporta?				
	■ Si □ Non	*Onde? → Na información facilitada na App Store			
		*Indicar número de idiomas → 1			
		□ Galego	□ Español	□ Vasco	□ Catalán	■ Inglés
		□ Outro/s (especificar) →			
036	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan visibles os idiomas?				
	■ Botóns (texto)				
	□ Botóns (locución)				
	■ Caixas con textos escritos (instrucións, narración, axudas...)				
	■ Caixas con textos locutados (instrucións, narración, axudas...)				
	□ Locucións personaxes				
	□ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso...)				
	■ Outros (especificar) → Voz en off				
	Observacións				

	• Na web do proxecto e na da empresa non se especifica en que idiomas está o videoxogo (as webs están en galego, español e inglés).
	• Na App Stote especifícase que o xogo está en inglés, mais en inglés soamente está algún botón e algún texto que se mostra en pantalla.
	• Os idiomas fanse visibles en:
	  ◦ Textos escritos:
	  ▪ Botón Record (inglés)
	  ▪ Botón Back (inglés)
	  ▪ Texto Game Over (inglés)
	  ▪ Tres botóns indicativos do nivel de dificultade: Fácil, Medio, Difícil (español)
	  ▪ Catro caixas con instrucións (español)
	  ◦ Locucións:
	  ▪ Locución (voz en off) das catro caixas coas instrucións de cada minixogo.
	  ▪ Indicacións dentro do nivel fácil e medio do minixogo 2 sobre o que hai que facer.
	  ▪ Reforzo positivo nalgún minixogo: *Bien!*
	• Así é que a aplicación fundamentalmente está en español, e non en inglés como se indica na App Store. Mestúranse dous idiomas.				

D.2. Son

037	Que sons integra o videoxogo?
	■ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
	■ Música
	■ Voces
	□ Outros (especificar)

□ N/A
Observacións
• Ao premer nos botóns escóitase un son "neutro", non se escoita unha locución indicativa da acción. O son escóitase nos seguintes botóns: *back*, ao premer na interrogante de instrucións de cada xogo e nos niveis de dificultade. Non se escoita ao premer nas imaxes que levan a cada xogo, nin no botón *Record*, nin ao premer na pantalla de inicio que leva á pantalla de selección dos xogos. • As personaxes non teñen locucións, mais si existe voz en off (masculina, semellando un adolescente), encárgase de locutar: ◦ O texto das instrucións de cada xogo. Aínda que non sempre se locutan "tal cal", é o caso do xogo 2. Por exemplo no nivel medio o texto escrito é: *Mete a las ovejas rosa dentro del rendil y cierra la puerta.* E escóitase: *Arrastra las ovejas rosas hacia el redil y cierra la puerta.* Tamén non é exactamente igual no xogo 3. No texto escrito móstrase: *¡Pulsa en las ventanas y descubre las parejas de cada uno de los personajes!*. No locutado escóitase: *Pulsa en las ventanas y descubre las parejas de cada uno de NUESTROS personajes!* ◦ No xogo 3, non se locutan as instrucións do nivel fácil nin medio. Entendemos é para non solapar os sons, xa que neste xogos indícanse as accións a realizar, por exemplo: *Toca la oveja que esté más cerca del árbol.* ◦ Indicar as accións a realizar no xogo 3 (nivel fácil e medio). Tamén para indicar cando se realizan as accións correctas, escóitase sempre un: *Bien* (a voz é diferente, tamén é masculina mais trátase dunha voz máis adulta) • Ademais de son nalgúns botóns, intégrase son nos seguintes elementos: ao saltar o texto Bonus, a personaxe Nina (xogo 1) emite dous son diferentes, ao arrastrar as ovellas, as ovellas balan cando non se interactúa con elas, ao premer nas cartas no xogo 4 e nos son de acerto (nalgúns casos). • Na aplicación escóitanse entre 5 e 6 músicas de fondo diferentes. O único momento no que non se escoita música de fondo é na pantalla de inicio, nas pantalla dos *Record* e nas pantallas de selección do nivel de dificultade.

D.3. Rexistro

038	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?	
	□ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.4. Plataforma

039	Inclúese información sobre as plataformas nas que funciona?	
	■ Si □ Non	*Onde? → • web do proxecto • web da empresa • App Store
		*Indicar as plataformas nas que pode ser utilizado.

	□ Consola (esp.)	□ PC	■ Teléfono intelixente
	■ Tableta	■ Outra/s (esp.) → iPod touch	
Observacións			
• Na web da empresa, móstrase a seguinte información en forma de ligazón: *Plataforma: PC / Android / iOS*. Ao premer na ligazón, vaise á web do proxecto, á sección xogos. • Na web do proxecto, hai unha ligazón en forma de imaxe para cada Store, acompañada dos seguintes textos: ◦ *Available on the App Store* ◦ *Disponible en Google Play* ◦ E a imaxe do PC co texto "Muy pronto". Téñase en conta que dado que esta opción non está dispoñible evitamos seleccionar arriba a opción PC. Como podemos observar un texto está en inglés e outros en español (independentemente do idioma que teñamos seleccionado na web) • É na App Store onde obtemos máis información en canto a compatibilidade. Indícase que a app é compatible con iPhone, iPad e iPod touch. • Trátase dunha app multiplataforma			

D.5. Sistema operativo

040	Inclúese información sobre os sistemas operativos nos que funciona?				
	■ Si □ Non	*Onde? → • web do proxecto • web da empresa • App Store			
		*Indicar e especificar versión.			
		□ Windows	□ Linux	□ MacOs	■ Android	■ iOS
		□ Outro/s (especificar)			
	Observacións				
	• En iOS require iOS 5.0 ou posterior. • En Android 2.0.1 e versións superiores. • Sobre a versión PC non se especifica o sistema operativo.				

D.6. Sistema periférico

041	Inclúese información sobre os periféricos necesarios para a interacción no videoxogo?			
	□ Si ■ Non	*Onde? →		
		*Indicar cales se necesitan		
		□ Teclado	□ Rato	□ *Joystick*	■ Pantalla táctil
		□ Outro/s (especificar)		
	Observacións			
	• Se incluísemos a versión PC entendemos serían necesario o rato (para as interaccións) e o teclado (para escribir os *Record*)			

D.7. Outros requisitos técnicos

042	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?		
	■ Conexión á rede	□ Resolución mínima da pantalla	□ RAM
	□ Tarxeta de son	□ Instalación de plugins	□ Execución de arquivos
	□ Outros (especificar)		□ N/A
	Observacións		
	• Necesítase a conexión á rede para descargar o xogo e acceder á web da empresa para ver os datos de contacto.		

D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

043	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?
	□ Realidade Aumentada
	□ Realidade Virtual
	□ Kinect
	□ Chat
	□ Control parental
	□ Redes Sociais
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
	Observacións
	• O proxecto conta cun perfil en Facebook e no Twitter, pódese acceder a eles dende a páxina do proxecto. A data de 28 de decembro a páxina de Facebook ten 108 gústasme. Conta cunha última publicación con data de 7 de decembro de 2015, na que comparten unha nova do xornal "ElCorreo Gallego" na que se informa da emisión da serie en Clan. • No Twitter ten 89 seguidores e a data da última publicación é do 17 de febreiro do 2015, sendo a penúltima publicación do 2013.

D.9. Linguaxe de programación

044	Especifícase a linguaxe de programación na que se creou o videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións:	
	—	

D.10. Compras

045	O videoxogo inclúe compras integradas?	
	□ Si	*Especificar obxectivos e prezos das compras (mellorar habilidades personaxe,

	aumentar tempo de xogo...) →
■ Non	
Observacións	
—	

D.11. Publicidade

046	O videoxogo integra publicidade?
□ Si	*Especificar tipo de publicidade (subliminar, intrusiva...) →
■ Non	
Observacións:	
—	

D.12. Garantía

047	Inclúe garantía de compra ou algún tipo de protección legal ante erros xurdidos no videoxogo?
□ Si	*Especificar →
■ Non	
Observacións:	
—	

D.13. Contacto

048	Inclúese algún teléfono, correo, formulario... para consultas, resolver problemas ou dúbidas?
■ Si	*Especificar → • Dentro do xogo • Na App Store
□ Non	
Observacións:	
• Dentro do xogo, na páxina inicial, inclúese unha ligazón (simbolizada cunha arroba [@] acompañada co nome da empresa) que dirixe á páxina do proxecto. Na páxina do proxecto hai diversas ligazóns á páxina da empresa, mais non se especifica que estas ligazóns sexan para solucionar problemas ou resolver dúbidas. • Na App Store, como é habitual nas aplicación para iOS, consta as seguintes ligazóns "intercambiadas": ◦ Sitio web de Ficción Producciones, leva á páxina do proxecto. ◦ Soporte técnico de Tutu, leva á páxina da empresa.	

Conclusións do bloque D

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír...

- Estamos ante un xogo multiplataforma practicamente en español, aínda que se informa de que está en inglés.
- Xogo rico en músicas ambiente y en efectos de son.
- Aplicación que unha vez descargada non necesita conexión á rede para poder ser xogada, nin outras tecnoloxías para a comunicación e interacción.
- O proxecto conta cun perfil e Facebook e en Twitter, que poderían ser utilizados como formulario de contacto, aínda que non se especifica esta opción en ningún lugar. De feito o perfil de Twitter semella estar abandonado.
- A aplicación integra un botón na páxina inicial [@ Ficción Producciones] que parece levar a un correo electrónico ao que escribir en caso de problemas ou dúbidas xurdidas na app, mais non é así, salta á pantalla principal da web do proxecto.
- Non inclúe compras ni publicidade integrada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO

E.1. Obxectivos educativos

	Adecuación
049	Os obxectivos educativos son adecuados ao grupo destinatario ao que se dirixe (en función da idade ou áreas de desenvolvemento: motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A[1]
	*Xustificar: A meirande parte dos obxectivos educativos son adecuados a infantes maiores de 3 anos, a aplicación percíbese complicada para nenas e nenos de 2 anos. Se tomamos o Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, comprobamos que os obxectivos relacionados co inicio en habilidades matemáticas, identificando atributos e cualidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación pertence o currículo de 2º ciclo da educación infantil. Obxectivos xeralmente tratados no xogo 2 e 3.
050	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Os obxectivo dos xogos 2 e 3 son coherentes, mais non os do xogo 1 e o 4. Tamén é certo que estamos ante unha aplicación que integra minixogos independentes polo que os obxectivos dun e outro non teñen por que estar relacionados.
051	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se perseguen.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Dada a idade do grupo destinatario e os obxectivos educativos que se pretenden acadar, opinamos que é acertada a estrutura da aplicación en minixogos, mais bótase en falta unha historia ou relación entre os xogos.
052	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: Se temos en conta a descrición da aplicación realizada pola empresa creadora na App Store, na que se especifican os obxectivos que se pretenden acadar, comprobamos que xeran unhas expectativas moi altas que resultan complicado alcanzar dado o escaso número de minixogos que forman a aplicación. Os retos non son suficientes para conseguir aprendizaxes estables e permanentes.
053	Os obxectivos pedagóxicos intégranse coherentemente cos obxectivos do xogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A experiencia lúdica-educativa en cada un dos minixogos non está fragmentada, mais salvo o xogo 1 e o 4 trátanse máis de actividades educativas con elementos lúdicos que de xogos, polo que resulta complicado determinar o grado de integración. A app no seu conxunto non ten un obxectivo lúdico xeral.
	Observacións:
	—

E.2. Contidos educativos

Procedencia da información

1 0 = Non, en modo algún | 1 = Bastante, en gran medida | 2 = Si, absolutamente | N/A = Non aplica

054	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Dado que trata contidos relacionados cos números, cores, clasificacións, etc.
055	O contido inclúe ámbitos de saber popular, tradicional...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: No contido do xogo 2 evidénciase, a través das imaxes e as accións a realizar, contidos relacionados co ámbito rural: móstrase unha paisaxe de campo na que hai ovellas que se teñen que cercar.
056	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Estrutura e representación
057	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, quebracabezas, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O contido estrutúrase en minixogos independentes uns dos outros, polo tanto non se organiza de forma xerarquizada.
058	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Na aplicación non se inclúe contido expositivo, débense demostrar os coñecementos ou habilidades sen axudas previas. Si é certo que no nivel fácil do xogo 3, preséntanse previa ás accións a realizar no xogo unha animación na que se cuantifican as ovellas, mais entendemos isto como un elemento necesario para resolver o reto e non tanto unha exposición ou lección de contidos.
059	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
060	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: No xogo 1 e 4 cremos que os contidos si están ben integrados. Xa que dun xeito lúdico se cumpren en certa medida con parte dos obxectivos e contidos especificados na descrición da aplicación para estes minixogos. Nos restantes xogos, máis semellantes a actividades infantís interactivas, os contidos son demasiados evidentes, resultando nalgúns casos repetitivos.
	Promoción de valores
061	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
062	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: No xogo 2, hai que guiar e encerrar ovellas. Estas ovellas personalizadas caracterízanse por ser do sexo feminino, de cor rosa e coquetas (teñen un gorro cunha flor).

	No nivel medio e difícil deste xogo, introdúcense como personaxes ou elementos cos que hai que interactuar ovellas negras. Recordemos que o termo "ovella negra" relaciónase xeralmente con aspectos negativos. Deriva da presenza indesexable e pouco común da la negra en rabaños de ovellas, o cal non era bo para o criador xa que a la das devanditas ovellas non era cotizada no mercado. Esta ovellas negras caracterízanse no xogo por ser máis pequenas que as rosas e por levar unha especie de boina, semellando ser máis maiores en canto idade, recordándonos a cregos ou curas. Tamén é importante destacar, que neste xogo a medida que se van metendo as ovellas no cercado escóitanse os números en masculino cando entendemos tería que ser en feminino.
063	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
064	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
065	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
066	O contido carece de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Adecuación
067	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os contidos e accións a realizar na aplicación poden resultar complexos para nenas e nenos de 2 e 3 anos.
068	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
069	Os escenarios, os elementos e obxectos que compoñen o videoxogo, integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Salvo os fondos, todos os elementos que forman cada un dos minixogos son necesarios para a realización da actividade e polo tanto para a consecución dos obxectivos. Mais non aportan contidos ou informacións extra que faciliten as súa obtención.
	Observacións:
	—

E.3. Ámbito de incidencia

070	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?

	■ Conceptual
	■ Procedemental ou de habilidades
	□ Actitudinal
	*Xustificar → Se ben nalgún nivel de dificultade do xogo é necesario ter certos coñecementos numéricos, predominan os retos nos que se poñen en proba a coordinación óculo-manual, a rapidez e a memoria.
071	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?
	*Valoración → 0 1 2 ■N/A
	*Xustificar:
	Observacións:
	—

E.4. Retos

072	De que tipoloxía son os retos que forman o videoxogo?				
	■ Memorización	□ Lóxica	□ Creación	□ Construción	□ Estratexia
	□ Labirintos	□ Selección	□ Quebracabezas	■ Habilidade	□ Clasificación
	□ Cálculo de elementos	■ Identificación	□ Pregunta-resposta	□ Outro/s (esp.)	
	*Xustificar: • O xogo 1 é de habilidade. • Os xogos 2 e 3 mesturan identificación e habilidade. • O xogo 4 é de memoria.				
073	Os retos integran distintos niveis de dificultade?				
	■ Si	*Especificar → Como adiantamos, cada un dos retos (un total de 4) integran tres niveis de dificultade, facendo un total de 12 retos, probas, minixogos ou actividades.			
	□ Non				
074	Natureza dos retos:				
	□ Os retos pódense elixir ou seleccionar.				
	□ Os retos pódense crear.				
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida				
	■ Os retos están predefinidos no xogo e repítense cada vez que se xoga unha partida, mais algúns dos elementos que os integran varían aleatoriamente.				
	□ Outra (especificar)				
	*Xustificar → Nalgúns dos minixogos varían elementos ao entrar máis dunha vez a xogar. Por exemplo, no xogo 2 varían o número de ovellas.				
075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos.				
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas				
	□ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...				
	□ Presentación por parte de personaxes previo ao reto				

	■ Accédese directamente ao reto ao premer nunha imaxe ou texto.
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → Accédese a cada un dos retos dende o menú principal, ao premer nas imaxes que caracterizan cada xogo. Estas imaxes están integradas nunha especie de roda que hai que xirar para poder seleccionar o xogo desexado.
	Adecuación pedagóxica
076	Os retos son apropiados para o tratamento dos contidos educativos integrados no videoxogo.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Os retos aínda que escasos son apropiados, mais empregan fórmulas clásicas de actividades dixitais infantís, así como xogos habituais ou de "fácil" programación: como o *memory*.
077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Ao ter cada minixogo tres niveis de dificultade, preséntanse diferentes retos asociados aos mesmos contidos, mais practicamente non existe relación entre os minixogos, é dicir as habilidades ou coñecementos aprendidos nun reto ou nivel de dificultade non se aplican noutro nivel para a aprendizaxe de novas habilidades ou coñecementos.
078	Os retos son próximos aos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Nos retos practícanse coñecementos e habilidades necesarios para a vida cotiá e persoal. Mais os retos en si son moi sinxelos e algúns deles, como os do minixogo 1, non é próximo á realidade
079	Os retos preséntanse nunha secuencia e estrutura correcta. O nivel de dificultade é progresivo.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Se valoramos os niveis de dificultade de cada minixogo, estes si se presentan nunha secuencia e estrutura correcta, de menos a máis, de máis fácil a máis difícil. Pero os minixogos non se presentan nunha secuencia determinada, se non que se poden seleccionar independentemente Non hai como tal unha secuencia de retos ou informacións graduais, progresivas (pasos de incremento adecuados, transición suave). De todos os xeitos os niveis de dificultade duns e outros é similar.
	Características intrínsecas
080	Os retos son desafiantes. Os seus obxectivos están claramente especificados mais a posibilidade de obtelos móstrase incerta.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Na aplicación non se inclúen fórmulas para desafiar aos destinatarios/as, simplemente son minixogos independentes. En canto aos obxectivos, no xogo 1 si se sabe cando remata o xogo (inclúe vidas), tamén no 2 e no 4, pero non no nivel fácil e medio do xogo 3, xa que se pode estar "practicamente" o tempo desexado xa que non se inclúe puntuación, nin número de intentos para resolver as accións que se solicitan, etc.
081	Os retos propostos resólvense basicamente consultando a información contida no videoxogo ou nos materiais complementarios.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de que algún reto precisaría da axuda dalgún adulto para poder resolverse correctamente, sobre todo nos que se requiren mover as ovellas e/ou os que requiran habilidades motrices, en cada minixogo non existe presión do tempo nin de puntuación (salvo o 1), polo que todos os retos poden ser resoltos coa información ou guías / enunciados da voz en off (no nivel fácil e medio do xogo 3) que se aportan.

	Observacións
	—

E.5. Retroalimentación e axuda

082	Que accións ou acontecementos suceden no videoxogo para recibir retroalimentación?
	■ Ante accións ou respostas correctas
	■ Ante accións ou respostas incorrectas
	□ Ao conseguir un obxectivo
	□ Ao superar un nivel
	□ Ao superar un reto
	■ Cando se supera o xogo
	■ Cando remata o xogo aínda que non sexa superado
	□ Outras (especificar)
	*Xustificar → En función do minixogo a retroalimentación é diferente, especificamos a continuación o que sucede en cada un deles: • Minixogo 1: principalmente ante accións correctas. Tamén ao perder as tres vidas, salta á parte inferior da pantalla a imaxe da ovella acompañando ao texto: *Game over*. Sen son. • Minixogo 2: ante accións correctas e incorrectas. Tamén ao rematar o xogo. • Minixogo 3: ante accións correctas e incorrectas (salvo no nivel de dificultade difícil, que soamente se escoita un efecto de son ante as accións correctas e ao rematar o xogo -voz *Bien*-) • Minixogo 4: ante accións correctas e incorrectas. Tamén ao rematar o xogo. • Cando rematan os xogos 1, 2, nivel difícil do 3 e o 4 saltan as imaxes de introdución do Record acompañadas dun son. Pero como se introducen no nivel fácil e medio? Estes minixogos semellan non ter fin, xa que as accións solicítanse consecutivamente, descoñecéndose cando remata.
083	Que retroalimentación se recibe (que se premia ou castiga)?
	■ Apórtanse puntos, moedas, insignias...
	□ Quítanse puntos, moedas, insignias...
	□ Apórtanse pistas relevantes para avanzar no xogo
	□ Apórtanse coñecementos ou incentívase a afondar nos contidos, habilidades ou valores tratados no videoxogo.
	■ Son de acerto
	■ Son de erro
	■ Animacións de vitoria → Soamente no nivel difícil do xogo 3
	□ Animacións de derrota
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → • Minixogo 1: ◦ Obtéñense puntos ao premer sobre Nina antes de que desapareza. A puntuación é variable, ás veces anótanse no marcador 5 puntos, outras 10 ou 15... ◦ Escóitase son de acerto ao premer sobre a personaxes. ◦ Escóitase reforzo positivo (efecto de son) ao saltar en pantalla Bonus (aportan puntuación extra)

	◦ Bótase en falta son de erro ou que informe cando se perde unha vida. • Minixogo 2: ◦ Escóitase reforzo positivo: *Bien!* ao rematar o xogo. No nivel fácil e medio se emprega a voz en off masculina pero no nivel difícil feminino (simulando ser a dunha ovella) • Minixogo 3: ◦ Nivel Fácil: Escóitase reforzo positivo e negativo (efectos de son). ◦ Nivel Medio: Escóitase reforzo positivo e negativo (efectos de son). O reforzo positivo tamén se informa de forma visual (baixo a ovella móstrase unha especie de sombra vermella). ◦ Nivel difícil: Escóitase reforzo positivo (efecto de son). • Minixogo 4: ◦ Escóitase reforzo positivo (efecto de son) ◦ Escóitase reforzo negativo (voz en off que semella ser de personaxe dicindo: *No*) ◦ Ao rematar o xogo escóitase *Bien* e as ovellas móvense cara o interior dunha casa.
084	A retroalimentación que ofrece o videoxogo é relevante á natureza do xogo e á consecución dos retos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A retroalimentación é relevante nalgún minixogo para anunciar que rematou, tamén nos casos nas que as accións son correctas. Mais bótanse en falta *feed-back* cando as interaccións realizadas non son correctas ou por exemplo no xogo 1 cando se van perdendo vidas. É certo que a retroalimentación non é aburrida, nin se ofrecen informacións innecesarias. É unha retroalimentación baseada en efectos de son, non se aportan pistas ou axudas con contidos que guíen a aprendizaxe.
085	Como se mostra ou é a axuda que se ofrece no videoxogo?
	□ A axuda móstrase en pantalla aínda que non se solicite ou se realice algunha acción. Esta axuda desaparece gradualmente a medida que se avanza no xogo.
	□ As axudas do videoxogo son indicacións, pero non provén a solución aos problemas expostos. A axuda é indirecta.
	□ Durante o xogo non se ofrecen axudas, actívanse nun espazo da interface sendo decisión do xogador/a consultalas ou non.
	□ No xogo non se ofrece ningún tipo de axudas.
	□ Outro (esp.)
	*Xustificar →
	Observacións:
	• A única axuda que se recibe nos minixogos é nas instrucións de cada un deles, onde se especifica como xogar, non se aportan consellos ou guías para a súa superación. Tamén no xogo 2 escóitase en off o número de ovellas que se van introducindo correctamente nos cercos, mais consideramos que isto forma parte da actividade, a modo de guía para afianzar os coñecementos e non como unha axuda para azanzar no xogo.

E.6. Teorías de aprendizaxe

086	Con cal dos seguintes principios se identificaría o videoxogo?
	□ O videoxogo ten un marcado carácter lineal e condutista, utiliza procesos de ensaio-erro dirixidos por medio de reforzos positivos (por exemplo: gañar puntos) ante accións automáticas.
	□ Son usados apropiadamente os "programas de reforzo", prémianse as accións realizadas baixo determinadas condicións, non cada vez que se emite unha acción. (Por exemplo: a recompensa prodúcese tras a consecución dun obxectivo educativo).

□ O videoxogo contempla un enfoque cognitivista, os contidos organízanse de maneira xerárquica pero permite unha interacción non lineal.
□ O videoxogo presenta problemáticas de complexidades similares ao mundo real, ás que hai que facer fronte aplicando os aspectos a aprender.
□ É un videoxogo de contorna aberta onde o alumnado constrúe o coñecemento a través da actividade, busca recursos, solicita asesoramento segundo o seu propio criterio... Incorpora finais abertos.
□ Outras (especificar)
Observacións:
—

Conclusións da análise E

En liñas xerais respecto ao deseño instrutivo do videoxogo, podemos concluír...

- Tendo en conta a descrición da aplicación facilitada na App Store, na que se especifican os obxectivos educativos que se pretenden acadar, comprobamos que xeran unhas expectativas moi altas que resultan complicado alcanzar dado o escaso número de minixogos que forman a aplicación. Os retos non son suficientes para introducir os conceptos propostos e quizais non son os máis adecuados para a adquisición de aprendizaxes estables.
- Os contidos dentro da aplicación organízanse a través de 4 minixogos, cada un con tres niveis de dificultade. A mecánica dos niveis de dificultade dos minixogos 1, 2 e 4 é a mesma, mais no videoxogo 3 non. Cada nivel ofrece unha mecánica diferente, polo que obtemos seis xogos distintos:
  - *A*. Premer sobre a personaxe ás veces que apareza (minixogo 1).
  - *B*. Arrastrar personaxes até un lugar determinado (minixogo 2).
  - *C*. Premer no número correcto (minixogo 3, nivel fácil).
  - *D*. Premer nas personaxes seguindo indicacións aportadas en audio (minixogo 3, nivel medio).
  - *E*. Ordenar personaxes segundo a súa cor (minixogo 3, nivel difícil).
  - *F*. Premer para descubrir as parellas (minixogo 4).
- En cada un destes xogos os obxectivos e contidos son basicamente diferentes e apropiados a nenas e nenos de 3 a 5 anos e non de 2. Esta opinión contrastámola co Decreto 330/2009 no que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se considera os obxectivos e contidos relacionados co inicio das habilidades matemáticas no currículo de segundo ciclo. Ben é certo que a partir dous 2 anos de idade, podemos atopar nenas e nenos que memorizan os números do 1 ao 10, e que inclusive manexan as tabletas con grande destreza, mais na aplicación mover certas personaxes requiren dunha gran dose de paciencia e dominio que non teñen adquirida esta parte da poboación.
- Na aplicación predominan as aprendizaxes procedimentais ou de habilidade fronte as conceptuais ou de valores:
  - O minixogo *A*, require para ser superado rapidez e coordinación óculo-manual en sintonía co especificado no apartado descritivo da aplicación na App Store, resultando un xogo entretido mais demasiado condutista, repetitivo e automático. Trátase dun xogo aditivo para entreter, non tanto para reforzar aprendizaxes ou conceptos.
  - No minixogo *B*, que en principio parecía enfocarse ao desenvolvemento das capacidades lóxico-matemáticas e a introdución á cuantificación, transfórmase nun actividade motora, dado o esforzos que implica mover as ovellas correctamente.
    É certo que neste xogo *B* emprégase unha situación contextualiza na que se "xoga" co remedio coñecido de "contar ovellas" (práctica recomendada para conciliar o soño), mais consideramos pouco acertado empregar a personaxe Vella e as ovellas negras nesta actividade, dadas as connotacións de xénero e sociais que levan. Poderíanse empregar igualmente ovellas sen personalizar, evitando encerralas no cercado.

    - Os xogos que numeramos neste apartado como *C* e *D* semellan non ter fin, é dicir solicítanse acción consecutivas sen indicar cando rematan, o que dificultan o seguimento ou cuantificación de acertos e de erros. Neste caso si se tratan máis de actividades conceptuais e de comprensión que procedimentais.
    - Vemos acertado o xogo *E* no que se deben identificar as cores primarias, empregando as ovellas, mais tal e como sucede no xogo 2 pode resultar dificultoso movelas.
    - O xogo *F*, se ben é unha actividade que soe utilizarse para fomentar o uso da memoria e que se atopa moi presente nas aplicacións infantís, consideramos complicado que se cumpra o obxectivo relacionado co desenvolvemento da percepción de semellanzas e diferencias entre obxectos. As cartas dan a volta demasiado rápido e non se aportan indicacións ou guías que axuden a fixarse nas similitudes, diferenzas..., quizais para cumprir con este obxectivo debería deseñarse outro tipo de actividade.
- A retroalimentación tamén difire en certa medida entre os xogos. Recórrese practicamente ao efecto de son positivo ante accións correctas e ao rematar os xogos (recordemos, os que si teñen fin). Tamén nalgúns casos emprégase a locución *Bien*, mais non en todos se informa a través de son dos erros ou accións que se realizan de forma incorrecta.
- Na aplicación tamén se inclúen o que denominados guías en off, serían como reforzos para remarcar contidos e realizar cuestións. No minixogo 2 este reforzo emprega unha linguaxe sexista, en lugar de indicar os números en feminino dinse en masculino. Neste xogo estanse contando ovellas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA

F.1. Tempo

087	O tempo estimado en completar o xogo (ou cada unha das súas fases) adecúase ao contexto para o que foi creado.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	• A aplicación non ten limitación temporal. Salvo o xogo 1, os xogos 2, 3 (nivel difícil) e 4 rematan ao ser correctamente completados. No nivel fácil e medio do xogo 3 pódese estar o tempo desexado. • Adecúase tanto a un contexto escolar como familiar.

F.2. Control do progreso

088	O videoxogo inclúe un controlador das accións do xogador ou xogadora?	
	□ Si	*Especificar a información que contén (número e porcentaxe dos retos ou actividades superadas e non superadas, tempo invertido...) →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a

	Rol	
089	O videoxogo ou materiais complementarios, fan referencia á figura do profesorado, educador/a, nai, pai...	
	□ Si	*Especificar o rol que se suxire (soporte dos contidos tratados no xogo, guía de experiencias de aprendizaxe colaborativas a partir do uso do xogo...) →
	□ Non	
	Posibilidades de intervención no deseño instrutivo	
090	Que opcións se brindan especificamente á figura mediadora para intervir na estrutura do xogo?	
	□ Selección de niveis de dificultade.	
	□ Selección de retos ou actividades.	
	□ Creación completa de retos ou actividades	
	□ Non se brindan opcións para configurar o xogo.	
	□ Outra (especificar)	
	*Xustificar →	
	Comunicación dos criterios de elaboración do videoxogo	
091	Se o videoxogo ou os materiais complementarios contan cun apartado específico para a figura dinamizadora, que información explícita se aporta?	

	■ Explícase as grandes finalidades educativas que persegue.
	□ Explícase ou xustifícase a teorías ou teorías de aprendizaxe subxacentes.
	□ Explicación da lóxica interna que organiza os contidos e a secuencia dos retos.
	□ Explicación das fontes ou documentación de referencia tomadas para a selección e tratamento dos contidos do videoxogo.
	□ Explicación dos criterios polos cales se incluíron e/ou excluíron contidos. Xustifícase o por que da selección que se levou a cabo.
	□ Explicación dos conceptos básicos incluídos no videoxogo, e as relacións entre eles.
	□ Explicación dos criterios de conexión do contido coa contorna social e cultural.
	□ Explicación da relación entre os contidos e as áreas do nivel educativo.
	□ Explicación sobre as vantaxes da utilización do videoxogo respecto a outros medios.
	□ Non se conta cun apartado específico para profesorado, educadores/as, nais, pais...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Na App Store descríbese dende un punto pedagóxico a aplicación, aínda que non se afonda en profundidade. Noméanse as teorías nas que se basea a app pero non se explican. A este respecto ver as observación do apartado C.12 deste documento.
	Propostas de uso
092	Se o videoxogo conta cunha guía didáctica ou material específico para o profesorado, educadores/as, nais ou pais, que se aporta?
	□ Suxestións didácticas e exemplos de utilización do videoxogo.
	□ Suxestións en canto á realización de actividades posteriores non incluídas nel.
	□ Suxestións en canto a procesos de avaliación, a parte dos resultados obtidos no videoxogo.
	□ Presentación ou incorporación doutros materiais cos cales se pode traballar para a afondar nos contidos.
	■ Non se aconsellan propostas de uso.
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar →
	Consideración das necesidades e opinións
093	No videoxogo ou materiais complementarios anticípanse as dificultades posibles da súa posta en práctica.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
094	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do profesorado, educadores/as, nais, pais... sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non se solicitan explicitamente opinións, mais dende a páxina do proxecto pódese acceder ao facebook de TuTu e alí directamente expresar, consultar dúbidas, informar de erros, etc.
	Observacións
	—

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a

095	No videoxogo inclúense retos a superar recorrendo a fontes de información alternativas ao videoxogo, levando ao xogador/a a facer pescuda noutros materiais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
096	No videoxogo ou no material complementario suxírense tarefas que deben realizarse en equipo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
097	No videoxogo o/a xogador/a pode configurar, seleccionar, cambiar contidos, retos ou actividades, adaptándoo as súas necesidades, permitindo controlar o seu propio proceso de aprendizaxe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
098	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do/a xogador/a sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar...

099	O videoxogo suxire agrupamentos flexibles.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
100	No videoxogo inclúense tarefas de interacción comunicativa, por exemplo entre alumnado de distintos niveis educativos ou centros educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
101	O videoxogo inclúe funcionalidades ou suxire estratexias organizativas que vinculan ao conxunto do equipo docente dun centro, con outros centros, do centro coa comunidade, da familia coa comunidade...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

Conclusións da análise F

En liñas xerais respecto á aplicación didáctica do videoxogo, podemos concluír...
• Se ben a aplicación tamén foi deseñada para a súa utilización nas aulas de infantil, esquécese a figura das mestras e mestres. A parte das descrición pedagóxica realizada na App Stores, non se inclúe máis informacións nin se aportan orientación para o uso nas aulas, tampouco no fogar. Estamos ante dunha aplicación fechada, que non ofrece opcións para a súa modificación e adaptación. Unha aplicación guiada na que se indica que facer en cada momento, sen opcións para a exploración e o descubrimento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN

G.1. Natureza do mundo do xogo

102	Que tipo de natureza caracteriza o videoxogo?
	□ Natureza abstracta
	■ Natureza icónica
	□ Natureza narrativa
	Observacións
	Non hai elementos para deducir a trama argumental, nin relación entre as personaxes e os obxectos.

G.2. Estrutura

103	Estrutura de navegación
	□ Lineal
	□ Núcleo con radios
	□ Sandbox
	■ Outra (esp.) → Minixogos independentes
	Observacións

- Non existe relación argumentativa nin de xogabilidade entre os retos.
- Estrutura xeral da aplicación:
  - Pantalla inicio, opcións:
    - Menú, selecciónase bloque de xogo (hai 4).
      - Seleccionado bloque de xogo, leva a selección nivel dificultade hai 3.
      - Seleccionado nivel accédese ao xogo.
    - *Record,* selecciónase bloque de xogo (hai 4). A pantalla é igual que o Menú.
      - Seleccionado bloque de xogo, leva directamente ás marcas persoais acadadas no Nivel Fácil do bloque seleccionado. Arrastrando a pantalla de forma horizontal vaise o nivel Medio e Difícil.
    - Páxina do proxecto.
- Estrutura xeral minixogos:
  - Directamente pantalla xogo. Opcións - botóns:
    - ? (Instrucións xogo)
    - *Back*
    - Repetir (nalgúns casos ao rematar o xogo)
  - Remata xogo (nos casos nos que o xogo é superado), salta sobre o mesmo o tempo invertido e a posibilidade para a introdución do alias para o *Record*

G.3. Niveis

104	O xogo consta de etapas, misións ou niveis?	
	□ Si	*Especificar número →
		*Describir →
	■ Non	

105	Pódese repetir os niveis as veces desexadas?
	□ Si, unha vez superados
	□ Si, aínda que non se superen
	□ Non, teríase que comezar o videoxogo
	□ Outra opción (esp.)
	■ N/A
	Observacións
	—

G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo

106	Que opción se brinda para intervir no espazo de configuración do xogo?
	■ Ningunha
	□ Combinatoria (selección avatar, escenarios, xogadores...)
	□ Construtiva (construción personaxes, escenarios, obxectos...)
	Observacións
	—

G.5. Trama argumental

107	No caso de incluír trama argumental, como se representa a historia contextual?
	□ Por medio de *cutscenes* (especificar: se só ao principio, entre fases...)
	□ Mediante voces en *off*
	□ Mediante textos en pantalla
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
108	O videoxogo prové unha historia entendible para as características evolutivas do grupo destinatario do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 ■ N/A
	*Xustificar:
109	O videoxogo incita a coñecer e ir descubrindo a historia.
	*Valoración → 0 1 2 ■ N/A
	*Xustificar:
110	A historia envolve emocionalmente (xerando intriga, alegría, misterio, etc.) Non é aburrida.
	*Valoración → 0 1 2 ■ N/A
	*Xustificar:
111	A trama argumental é coherente coa estratexia educativa do videoxogo, axuda á consecución dos obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 ■ N/A

*Xustificar:
Observacións
—

G.6. A estrutura espacial do videoxogo

	Os escenarios do xogo		
112	Número:		
	□ Un escenario ou fondo		
	■ Varios escenarios (especificar número) → 6		
113	Localización contornas:	Especificar características (reais, fantásticas...)	Nº
	□ Interior		
	■ Exterior	• Xogo 1. Prado verde con furados (de onde sae Nina), ao fondo o que debe ser a súa casa (especie de montaña). • Xogo 2. Prado verde con montañas e árbores. Entre os niveis de dificultade varían o número de cercados, de un pasa a dous no nivel difícil. • Xogo 3. Móstranse 3 fondos: ◦ Nivel fácil: prado verde cunha montaña na parte superior dereita. ◦ Nivel medio: fondo verde simulando un prado sobre o que se inclúen tres obxectos que varían de situación en cada proba: pozo, árbore e regadeira. ◦ Nivel difícil:emprégase o fondo do xogo 2, pero en lugar dos cercados inclúese unha casa azul e cinco círculos de cores. Non incluímos este fondo na numeración. • Xogo 4. Estrada con vehículos e árbores ao fondo (imaxe de fondo sobre o que se mostra a animación)	5
	■ Neutro	• Xogo 4, fondo dunha cor (vermella)	1
	□ Outros (esp.)		
114	As contornas do videoxogo inspíranse e/ou reflicten lugares reais? (cidades, monumentos...)		
	□ Si	*En cales?→	
	■ Algunhas	*En cales?→ No xogo 4, na imaxe ou botón de selección do xogo, móstrase un autobús característico de Inglaterra e unha torre simulando o Big Ben.	
	□ Non		
	□ Difícil determinar		
115	Dimensións:		
	■ 2D		
	□ 3D		
	□ Outra (esp.) →		

116	Perspectiva:
	□ Cónica
	■ Isométrica
	□ Outra (esp.)
117	Estilo gráfico:
	□ Realista
	□ Surrealista
	□ Abstracto
	■ Cartoon
	□ Pixelado
	□ Manga
	□ Outro (esp.)
118	Cores que predominan:
	□ Cálidas
	■ Frías
	■ Claras
	□ Escuras
	□ Pastel
	□ Outra (esp.)
119	En que época histórica se ambienta o videoxogo?
	■ Presente
	□ Pasado
	□ Futuro
	□ Non reflexa ambientación
	Observacións
	• Os fondos ou escenarios son moi similares. Atopamos xogos que empregando o mesmo fondo varían algún elemento para semellar ser diferente. • Chama a atención a referencia visual que se fai a Londres, incluíndo nun xogo ambientado en contornas naturais elementos como coches, o autobús de pisos e a torre Big Ben. Quizais se a personaxe condutora deste minixogo fora o elefante podería ter sentido, xa que caracteriza a un *gentleman inglés*. • En canto ao estilo gráfico, aínda que o xogo se basea en contextos reais, inclúe elementos surrealistas como poden ser as vivendas das personaxes. • Predominan a cor verde intensa. Aínda que tamén atopamos cores cálidas de tonalidades claras como o laranxa e vermello.

G.7. Visión do xogador/a

120	No espazo virtual do xogo
	□ Primeira persoa
	□ Terceira persoa

	■ Omnipresente	
	□ Outra (especificar)	
121	O espazo físico (espazo real que ocupa o/a xogador/a) incorpórase dentro da dinámica do xogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

G.8. Personaxes

	Presenza de personaxes	
122	Intégranse no videoxogo personaxes?	
	■ Si	
	□ Non	
123	No caso de integrar personaxes, de que maneira?	
	■ Pre-definidos (esp.) → Forman parte dos elementos do xogo (obxectos sobre os que se realizan as accións)	
	□ Selección avatar (esp. as opcións)	
	□ Creación avatar (esp. as opcións)	
	□ Outro (esp.)	
	□ N/A	
124	Estilo gráfico	
	□ Realista	
	■ Surrealista	
	□ Abstracto	
	■ Cartoon	
	□ Pixelado	
	□ Manga	
	□ Outro (esp.)	
	□ N/A	
125	Características da representación gráfica	
	□ 2D	
	□ 3D	
	■ Outra (esp.) → Mestura de 2D e 3D. Fundamentalmente é en 2D, mais nalgúns xogos as ovellas móstranse en 3D.	
126	Especie	Nº de referencias
	□ Persoa	
	■ Animal	7

	□ Ser fantástico	
	□ Non se distingue	
	□ Outro (especificar)	

127	Roles					
	Femininos	Nº ref	Maculinos	Nº ref.	Asexuais	Nº ref.
	□ Heroína		□ Heroe		□ Heroe	
	□ Axudante		□ Axudante		□ Axudante	
	□ Antagonista		□ Antagonista		□ Antagonista	
	□ Provedora		□ Provedor		□ Provedor	
	■ Beneficiaria	3 (Nina, as ovellas rosas e as negras)	□ Beneficiario		□ Beneficiario	
	□ Outra		□ Outro		□ Outro	

Personaxes principais

128	Trazos / Procedencia / Etnia / Cor	Nº de referencias
	□ Occidentais	
	□ Asiáticos	
	□ Árabes	
	□ Indios	
	□ Africanos	
	□ Xitana	
	■ Azul	Elefante
	□ Amarelo	
	□ Verde	
	■ Laranxa	Xirafa
		Canguro
	■ Rosa	Ovella
		Pulga
	□ Non se distingue	
	■ Outro (esp)	Ovellas negras
		Toupa marrón claro

129	Xénero	Nº de referencias
	■ Feminino	4
	■ Masculino	3
	□ Asexual	
	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp.)	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

130	Estados e necesidades especiais	
	□ Personaxe en cadeira de rodas	
	■ Personaxe sen unha extremidade	O canguro Tutu
	□ Personaxe xorda	
	■ Personaxe con baixa visión	A toupa Tupa
	□ Personaxe embarazada	
	□ Personaxe con dificultades lingüísticas	
	□ Outro (esp.)	
	□ N/A	
131	Idade	Nº de referencias
	■ Infancia (0-12 anos)	3 (TuTu, Nina, Raffa)
	□ Adolescencia (13-18 anos)	
	■ Mocidade (19-35 anos)	2 (Ovellas)
	■ Adultez (36-65 anos)	1 (Fante)
	■ Vellez (65 en diante)	1 (Tupa)
	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp.)	
132	Rexistro lingüístico	
	□ Estándar	
	□ Culto	
	□ Coloquial	
	□ Vulgar	
	□ Outro (esp.)	
	■ N/A → As personaxes na aplicación non falan. Nina emite un son e as ovellas balan.	
	Arquetipos	
133	No videoxogo ou nos materiais complementarios descríbese a personalidade das principais personaxes.	
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A	
	*Xustificar: Dentro do videoxogo non se describen as personaxes. Descríbense na páxina do proxecto (ver Observacións deste apartado)	
134	Os nomes das personaxes suxiren as súas cualidades.	
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A	
	*Xustificar: No xogo soamente se menciona o nome da pulguiña que se chama Nina, perfectamente asóciase a personaxe feminina e de curta idade, a unha nena. Na páxina do proxecto si se atopan os nomes das restantes personaxes, perfectamente asociados aos animais que representan.	
135	O papel que desempeñan as personaxes femininas no videoxogo é importante.	
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A	
	*Xustificar: O papel que desempeñan non é importante xa que son as beneficiarias das accións a	

	realizar no xogo. Pero destacar que tampouco desempeñan un papel importante as personaxes masculinas.
136	As personaxes non reproducen estereotipos sexistas.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: As personaxes orixinarias, a pulga e a ovella son de cor rosa. A ovella, á que hai que guiar no xogo, semella ademais ser presumida pero obediente. Coidamos que coas ovellas e tendo en conta os obxectivos que se pretendían acadar na actividade 2, poderíanse realizar no xogo outras accións e non movelas para encerralas. Na descrición desta personaxe estereotipada tamén se sinala que está buscando mozo, caendo no tópico de muller "rosa", "muller florero" preocupada pola súa aparencia (a ovella leva un sombreiro cunha flor) e por atopar compañía.
137	Os arquetipos cos que se identifican as personaxes principias do videoxogo son coherentes cos obxectivos e contidos educativos do videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: No caso da pulguiña Nina si, xa que as accións realizadas no xogo son propias dunha infante: xogar, saltar, agocharse.... e que se transmite na actividade-obxectivo : óculo – manual. No caso das ovella non, xa que comentamos no punto anterior as actividades non son moi apropiadas.
138	As proporcións e corpos son adecuadas á idade e sexo das personaxes.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: No xogo emprégase un recurso de infantilización, recorrendo a formas redondas.
139	Inclúense personaxes de diferentes complexións (delgada, atlética, grosa...)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Se nos remitimos ás personaxes deseñadas para o proxecto, si se deseñaron personaxes de diferentes complexións, idades, características...
140	As vestimentas e complementos das personaxes son apropiadas para as accións que realizan no videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: O incluír gorros as ovellas non é o máis apropiado para as acción que no xogo realizan (pastar e moverse para onde indique o/a xogador/a)
141	O movemento das personaxes e/ou pose adecúase ás accións que realizan.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: As animacións da personaxe Nina e das ovellas están bastante logradas.
142	Aprécianse diferentes estados anímicos nos rostros, nos xestos ou nos movementos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Nina no xogo non ten boca soamente ollos (dous puntiños negros) mais o seu movemento transmite alegría e actitude lúdica. As ovellas practicamente tampouco teñen rostro mais polos seus movementos transmiten serenidade (mentres comen) e obediencia (mentres se guían). No xogo 4 é onde se mostran en imaxe o rostro das restantes personaxes, pero sen animación, sen accións...
143	As formas de falar das personaxes son coherentes cos seus estados.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar: No videoxogo as personaxes non falan
	Observacións
	• Nas características das personaxes principais tivéronse en conta todas as personaxes do

proxecto. Para a valoración global deste estudo centrarémonos nas personaxes coas que se interactúa na aplicacións, principalmente as ovellas e Nina.

- O rexistro lingüístico da voz en off é estándar.
- Imaxes, nomes e descrición das personaxes incluídas na páxina do proxecto:

 Vella	*Vella é unha señorita un pouco melancólica, á que lle gusta pastar, facer sonar o seu cencerro, cheiralas flores e gozar da tranquilidade do campo. Soña con poñer un cole para ovelliñas e atopar un mozo. Cando fala, parece nerviosa, pero só é porque a súa voz é trémula, como a de tódalas ovellas do mundo*
 Fante	*Fante é todo un gentleman inglés, flemático pero bromista á súa maneira. Usa zapatillas deportivas para cubrir as súas grandes patas. O seu acento está plagado do son "ou" e a súa nerviosa trompa recorda a súa verdadeira orixe, cando barrita como os seus irmáns africanos e asiáticos. A súa paixón secreta é o baile e imaxínase protagonizando un gran espectáculo en Broadway. Resultalle difícil viaxar dende Londres para visitar aos seus amigos porque, dende que medrou tanto, non sempre lle deixan subirse aos avións.*
 Raffa	*Raffa é moi tenro, un pouco torpe e con pouco equilibrio, por ser tan grande e por ter a manía de non sacarse os patíns, nin sequera cando dorme. Vive entre as nubes e rañaceos, cometas e aeroplanos, ás veces lambe as nubes e as estrelas fanlle cóxegas nos cornos. E, aínda que é moi grande, adora á súa pequena amiga Nina.*
 Nina	*Nina é unha pulguña bebé que fala unha linguaxe pouco comprensible para os adultos, pero cos nenos e nenas enténdese moi ben. É a mellor amiga de Tutu. Como a tódalas pequenas, encántanlle os biberóns, as tartas de aniversario, retozar e saltar na cama, facer travesuras e xogar no xardín da súa pequena casa.*

 TuTu	*Tutu é un canguro motorizado de idade indeterminada, aínda que sería máis ben un neno entre os 5 y 7 anos. Soña con ser carteiro cando sexa maior.* *Fala pouco e cando o fai, usa moito o son ¡Tutuuru! É o mellor amigo de Nina.* *A Tutu o que máis lle gusta son os retos, que sempre vence montado na súa motocicleta.*
 Dona Tupa	*Dona Tupa é unha ancianiña bastante cegatona e aínda que é un pouco refunfuñona ten, como tódalas avoíñas, un grán corazón. Adora as súas plantas e hortalizas, ás que lles fala cun acento pragado de palabras rematadas en -iño. É como unha avoa para Tutu e Nina, preocupándose sempre porque coman ricas e saborosas comidas, non pasen frío e que non fagan falcatruada.*

G.9. Obxectos simbólicos

144	Que funcionalidade teñen os obxectos simbólicos?
	□ Proporcionan ou axudan a obter información para o desenvolvemento do xogo.
	□ Manipúlanse para realizar as accións no xogo.
	□ Proporcionan habilidade especiais ás personaxes.
	□ Premian ou penalizan a puntuación no videoxogo.
	□ Outra (esp.)
	■ N/A
	Observacións
	• Na aplicación non existen obxectos simbólicos, realízanse as acción sobre as personaxes (accións de selección e de movemento) e as cartas do xogo 4, sen interactuar con outros elementos.

G.10. Estrutura temporal

	Tempos, relacións e excepcións	
145	Dimensión temporal	
	Tempo interno (tempo que	□ Cada nivel, proba ou partida teñen un tempo asignado para completarse.
		□ O tempo empregado afecta á puntuación.

	transcorre dentro do mundo ficticio do xogo)	□ Emprégase unha dinámica de xogos por quendas.
		■ Outros (esp.) → A app e os minixogos que a forman non inclúen o factor tempo. Sen embargo o tempo móstrase nos records que se van realizando unha vez completado cada xogo.
		*Xustificar →
	Tempo externo (tempo real que se emprega en xogalo)	□ Finita: o xogo termina nun tempo dado (esp.) →
		■ Infinita: non existe unha limitación de tempo externo para terminar unha partida.
146	Relacións entre as dimensións temporais:	
	■ Dimensión única (é tempo real, non ficticio)	
	□ Simétrica (xógase en tempo real)	
	□ Asimétrica (tempo real diferente ao figurado)	
	□ Proxectada (tempo e accións do xogador/a son representados no mundo ficticio do xogo nunha época distinta ou con algún outro cambio que altere o significado do tempo, ex.: para explicar acontecementos)	
	*Xustificar → Soamente existe un tempo externo, o que se tarda en completar cada minixogo.	
147	Excepcións ao fluxo temporal do xogo:	
	□ *Cut-scenes*	
	□ *Flash back*	
	□ *Flash forward*	
	□ Outra (especificar)	
	■ N/A	
	*Xustificar →	
	Observacións	
	—	

Conclusións da análise G

En liñas xerais respecto ao mundo de ficción do videoxogo, podemos concluír...
• A pesar de que o proxecto conta con personaxes interesantes, moi ben definidas, traballadas e coidadas dende un punto de vista pedagóxico, analizadas (lembremos formaron parte da obra de marionetas "Rosalía a Pulga que escribía") e que poderían dar moito xogo, na aplicación obxecto de análise non se lles saca partido, non se aproveitan. Na app as personaxes non falan, non teñen personalidade, non aportan contido, etc. Os clones da ovella Vella empréganse na maioría do xogos como simples elementos sen vida cos que se interactúa. • Como sabemos a aplicación estrutúrase en catro bloque compostos cada un por un minixogo con tres niveis de dificultade. Mais sen historia, nexo de unión ou relación. • O xogo fundamentalmente é en 2D mais nalgúns minixogos móstranse as ovellas en 3D. • Nos xogos non existe a presión do tempo, este móstrase unha vez superados, salvo no 1 onde se emprega o recurso da puntuación.

H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS

H.1. Regras do xogo

148	As regras percíbense de maneira clara e inequívoca.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A aplicación é moi sinxela, por descubrimento sábese que hai que facer en cada minixogo, mais non tanto un infante de 2 ou 3 anos. De todos os xeitos, a pesar de que non se inclúen unhas regras xerais, incorpora un botón de axuda en cada xogo, onde de forma curta e sinxela explícase por escrito e por voz que facer en cada xogo. No xogo 2 incluso se inclúe unha imaxe estática indicando como mover a personaxe.
	Observacións
	—

H.2. Obxectivos do xogo

149	Tipoloxía dos obxectivos do xogo.
	□ Absolutos (teñen unha condición de vitoria invariable)
	□ Relativos (teñen unhas condicións de vitoria que poden variar en funcións dos eventos de cada partida)
	□ Abertos a interpretación subxectiva do alumnado, profesorado...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Os obxectivos e eventos de cada minixogo son os mesmos en cada partida.
	Adecuación
150	Os obxectivos do videoxogo son adecuados á idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A nivel motriz, algúns dos videoxogos poden resultados complicados para nenas e nenos de 2 o 3 anos.
151	Os obxectivos do xogo son adecuados para alcanzar os obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os obxectivos pedagóxicos son moi ambiciosos para acadalos a través dos xogo que se integran na aplicación. En parte son adecuados, posto que cumpren con algúns dos obxectivos prescritos, é o caso do xogo 1, do nivel fácil e difícil do 3 e incluso con algunhas melloras o 4, mais non son adecuados na súa totalidade.
	Observacións
	—

H.3. Recompensas

152	Recompensas que se poden obter durante o xogo ou ao finalizalo.
	□ Obter puntos
	□ Superar niveis

□ Obter premios físicos
□ Obter bens virtuais
□ Aparecer en táboa de clasificacións
■ Gardar as marcas persoais
□ Outra (especificar)
*Xustificar → • A obtención de puntuación soamente se fai visible no minixogo 1. • Nos minixogos 2, 3 (nivel difícil) e 4 pódense gardar os records que se vaian obtendo. Estes records mídense en función do tempo invertido en completar cada xogo. O tempo non se mostra en pantalla mentres se xoga.
Observacións
—

H.4. Conflito do xogo

153	Natureza do conflito
	■ Conflito de superación persoal
	□ Interpersoais
	□ Intergrupais
	□ Negociados
	□ Cooperativos
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → A dificultade por superar cada minixogo recae no propio xogador ou xogadora.
	Observacións
	—

H.5. Os/as xogadores/as

	Estrutura de interacción
154	Composición dos xogadores/as
	■ Un só xogador/a
	□ Un só equipo
	□ Dous xogadores/as
	□ Dous equipos
	□ Múltiples xogadores/as
	□ Múltiples equipos
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar especificando se os xogadores/as xogan en rede ou de forma presencial→
155	Relación entre xogadores/as
	□ Alianza estática

□ Alianza dinámica
□ Outra (especificar)
■ N/A
*Xustificar →
Observacións
—

H.6. O equilibrio de dificultade

156	Existen mecanismos para modular a dificultade do xogo?		
	■ Si	□ Bríndanse ao inicio da partida	*Especificar cales e como son → Pódese elixir ao comezo de cada minixogo a dificultade: fácil, medio, difícil.
		□ Aparecen durante o transcurso do xogo	*Especificar cales e como son →
	□ Non		
157	En xeral, a complexidade do videoxogo é apropiada e suficiente.		
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A		
	*Xustificar: Valoramos aquí a complexidade de cada minixogo.		
	Observacións		
	—		

H.7. Eventos do videoxogo

158	Mutabilidade (cambios que se introducen no sistema de xogo e que afectan ao desenvolvemento da partida)			
	□ Temporal. Afectan só a un lapso de tempo.			
	□ Finita. Afectan ao período correspondente a unha partida, desaparecen ao comezar outra nova.			
	□ Infinita. Poden quedar de maneira permanente.			
	■ N/A			
	*Xustificar → Dubidamos se seleccionar neste apartado a opción finita, xa que en cada partida algúns dos elementos que compoñen parte dos minixogos varían de forma aleatoria.			
159	Compoñente de azar			
	□ Si	*Especificar →		
	■ Non			
160	Accións do xogador/a			
	Xerais		Específicas	Estado do xogo
	Diexéticas	■ Mover personaxe	Situar o dedo sobre a ovella e movelo pola pantalla.	A ovellas segue o dedo.
		□ Calcular		

	□ Escribir		
	□ Seleccionar		
	■ Premer	Premer sobre a personaxe Nina.	Súmanse puntos e a personaxe agóchase.
		Premer sobre a porta do cerrado.	A porta péchase.
		Premer sobre un número correcto.	Solicítase unha nova acción mudando o número de ovellas en pantalla.
		Premer sobre ovella.	Solicítase unha nova acción mudando a situación das ovellas e elementos da pantalla (árbore, pozo e regadeira).
		Premer nas ventás ou cartas	Dan a volta. Se dúas son correctas quedan nese estado, en caso contrario regresan ao seu orixinal.
	□ Arrastrar obxectos		
	□ Coller		
	□ Colorear		
	□ Construír		
	□ Outras (especificar)		
Non diexéticas	□ Pause		
	□ Configuración		
	□ Menú		
	■ Outra (especificar) → Permite premer nos seguintes botóns: • *Record* • *Back* • *Repetir* (nalgunhas ocasións) • [?] en cada minixogo (serían as instrucións)		

161	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A aplicación non integra momentos ou situacións sorprendentes. É previsible o que vai suceder, sen ter en conta os *feed-backs* recibidos (sons e voces). A única situación non esperada que poderíamos forzar a comentar sería a animación que sucede cando é superado o nivel difícil do xogo 3.
162	O videoxogo adáptase de acordo á interacción do/a xogador/a xerando distintas situacións.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar: En cada partida sucédense as mesmas situacións.
	Observacións
	—

H.8. Resultados do xogo

163	Tipo de resultados
	■ Monoxogador/a con resultado absoluto (resultado de vitoria ou de derrota)
	■ Monoxogador/a con resultado de puntuación (outorgan puntuación, sen que implique vitoria ou derrota)
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	■ Outros (especificar) → Sen resultados
	*Xustificar → A tipoloxía dos resultados varía en función do minixogo: • No xogo 1, o resultado é absoluto, pero de derrota (remata o xogo ao perder as tres vidas), pero á vez obtense resultado de puntuación. • No xogo 2, 4 e no nivel de dificultade difícil do xogo 3, o resultado é absoluto, de vitoria. Non existe derrota, xa que o xogo non terminan até que son superados. • No nivel fácil e medio do xogo 3, non existen resultados.
164	Marcadores
	■ Alfanuméricos
	□ Icónicos
	□ N/A
	*Xustificar → No minixogo 1, o marcador da puntuación é numérico e nos *Record* tamén.
165	Cómputo que aparece no marcador
	■ Individual, por equipos ou ambos
	■ Mostra o resultado total ou parcial
	□ Puntuación final ou definitiva da partida
	□ N/A
	*Xustificar → A aplicación integra un apartado de Records, estruturado como os bloques de minixogos. No relativo ao minixogo 1 poden gardarse as puntuacións obtidas. E nos restantes xogos o tempo invertido en completar a actividade.
	Observacións
	• Ao finalizar cada un dos xogos, salta a pantalla o tempo total invertido en superalo. Se o xogador/a o desexa, pode gardar o resultado cun alias. As metas acadadas poden visualizarse a modo de ránking persoal no apartado *Records*.

Conclusións da análise H

En liñas xerais respecto ao sistema de regras do videoxogo, podemos concluír...
• Estamos ante unha aplicación monousuario/a, de regras sinxelas e obxectivos lúdicos claros. • A aplicación ofrece diferentes recompensas en función do minixogo ao que se xogue, mais en todas elas foméntase a superación de marcas persoais. • Nos minixogos os eventos que se suceden son os mesmos en cada partida. As accións a realizar sempre son as mesmas, mais de forma aleatoria os elementos que se mostran na pantalla e cos cales se interactúa poden variar. Por exemplo, nunha partida pódenos aparecer tres ovellas e se volvemos a xogar catro. Con isto preténdese que cada partida non sexa sempre igual.

- As accións a realizar por parte do xogador/a resúmense en dúas: premer sobre a personaxe e/ou sobre a opción que se considere correcta e mover ás personaxes até o lugar adecuado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE

I.1. Interface gráfica

166	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?	
	■ Menú → Imaxes de referencias dos catro xogos	
	■ Botóns	Record, [@], Back, [?] e repetir.
		Niveis de dificultade: Fácil, Medio, Difícil.
	■ Logos → Logo de Ficción	
	□ Mapa xeral do xogo	
	□ Caixas de texto	
	□ Outros (especificar)	
167	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.	
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A	
	*Xustificar: A pesar de que a interface inclúe poucas opcións, requírese tempo para poder comprender o funcionamento do botón *Record* (e en xeral de todo o apartado) e *Back* (xa que non sempre se comporta igual). Seleccionar o xogo no menú principal tamén entraña dificultades, por unha banda non permite coñecer a simple vista de cantos xogos está formado a aplicación, e por outro manexar o recurso empregado para poder seleccionalos, concretado nunha roda xiratoria, pode resultar complicado. Na pantalla na que se selecciona a "Dificultade" o título semella ser un botón, mais non é así. Está deseñado como as opcións que se brindan xerando confusión nun primeiro momento.	
168	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender.	
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A	
	*Xustificar: Os botóns son grandes e de deseño coidado, mais non destacan pola súa orixinalidade. Atopamos dous tipos de botóns: os formados por símbolos e os compostos de palabras, neste último caso algúns están en inglés, sen locución.	
169	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)	
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A	
	*Xustificar: Se ben faríamos cambios relativos á situación dalgúns elementos, como o logo de Ficción e inverteríamos a posición do botón [?] e *Record*, na aplicación os botóns permanecen no mesmo lugar en todos os xogos.	
	Observacións	
	• O logo de Ficción móstrase na parte inferior dereita da páxina inicial. Ao premer no logo accédese aos xogos. Tamén podemos acceder aos xogos ao premer en calquera lugar da pantalla, salvo no botón *Record* e @. • A selección dos xogos no menú principal, emprega o recurso de roda xiratoria. Ao situarse na parte inferior non se obtén unha visión do número de xogos que compoñen a app. Este recurso adoita empregarse en multimedia cando existe unha cantidade elevada de elementos, mais non con catro. • Os botóns *Record* e [?] sitúanse en cada xogo na parte superior dereita da pantalla. • O botón repetir (emprégase un símbolo tipo ∂) aparece ao rematar algúns xogos. Móstrase na parte superior esquerda da pantalla. • Os botóns de selección da dificultade móstranse en pantalla despois de premer no xogo desexado dentro do menú principal. No xogo 4 móstranse estes botóns empregando unha	

pequena animación, mentres que nos restantes xogos non se realiza este efecto.

I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
170	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Caracterízanse por utilizar cores alegres, sen sobresaturación de elementos.
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)
171	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do/a xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
172	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Gran parte de ilustracións incluídas na app, funcionan como obxectos simbólicos sobre os que se interactúa para realizar as accións. As vivendas das personaxes, árbores u outros obxectos non aportan información relevante para a consecución dos obxectivos. A información gráfica, ilustracións, animacións, etc. non teñen valor pedagóxico para a adquisición de coñecementos.
173	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Son adecuados tanto para a súa correcta observación como interacción.
174	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Aínda que os escenarios están coidados, son moi sinxelos e non inclúen aspectos como os especificados no ítem.
175	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O aspecto gráfico e estético mantense en gran medida uniforme, mais non absolutamente xa que detectamos pequenas incongruencias: empréganse diferentes tipografías nos botóns, nas instrucións e nos *Record*, ademais o botón *Back* varía de tamaño (non é o mesmo na pantalla de selección de nivel que no xogo) Tamén compre salientar que nas pantallas dos *Record*, inclúense nas marxes dereita imaxes que varían entre os niveis de dificultade e que poden dar lugar a confusión. Trátanse de elementos decorativos que nada teñen que ver co xogo nin coas accións realizadas. Nalgúns casos aparecen na marxe dereita da pantalla sobres, noutros mazás...
	Texto escrito
176	Non ten faltas de ortografía e as construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A

	*Xustificar: Dentro da aplicación non detectamos erros ortográficos. Recordemos que na descrición da aplicación si se detectou algunha errata. Nesta valoración non temos en conta que existen botóns en inglés mesturándose co español.
177	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade e comprensible.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os textos das instrucións son claros, explicativos e curtos.
178	Utiliza fontes tipográficas fáciles de ler.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Tanto o texto das instrucións como a dos botóns que integran texto, a fonte empregada é atractiva e fácil de ler. Pero non sucede o mesmo coa fonte na que se mostra o alias escrito para os Record (moi redondilla, grosa, con sombras...) a cal difire tamén entre xogos (por exemplo no xogo 1 é branca con sombras negras e no 4 é laranxa)
179	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
180	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
181	Contraste adecuado do texto sobre o fondo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nas instrucións emprégase un fondo branco e a tipografía é azul.
182	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa, adecuada ao xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
183	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos ou textos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
184	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
185	O tempo estimado para a lectura das viñetas ou narracións é axeitado ás características psicoevolutivas das/os destinatarias/os principais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Locucións
186	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:

187	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Son (música, efectos...)
188	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Ás veces mestúranse diferentes efectos de son, como pode ser no xogo 1, dificultando o entendemento en canto se son de acerto, de erro (que non os hai)...
189	Os sons de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Son correctos, non molestos.
190	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A música de fondo de cada minixogo vai acorde ou é adecuada.
191	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Combinación dos aspectos audiovisuais
192	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas, os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nas instrucións a voz en off non di tal cal o que aparece no texto escrito.
193	A información chave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc. Sen romper coa estética que engloba o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de non incluír información chave, os elementos dentro do xogo sobre os que hai que tomar decisións, como os números, enmárcanse dentro de círculos vistosos, de deseño coidado que non rachan en gran medida coa estética do xogo.
	Observacións
	• Os textos das instrucións intégranse dentro dunha pantalla tipo emerxente que conta cun botón de pechar (aspa vermella na parte superior dereita). • As personaxes non teñen locucións, soamente Nina emite algún pequeno son e as ovellas balan. Existe voz en off para a explicación das instrucións e no reforzo positivo: *Bien*. Atopamos dúas voces diferentes.

I.3. Accesibilidade

194	Que se pode configurar no videoxogo?
	□ Axustar o tamaño da fonte
	□ Activar e desactivar subtítulos
	□ Activar e desactivar sons, música ambiente...

□ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)
□ Contraste, brillo e cor do xogo
□ Configurar teclado, *joystick*, rato...
■ Non permite configuracións
□ Outros (especificar)
*Xustificar →
Observacións
• A aplicación salvo na pantalla de inicio e na de selección de dificultade inclúe no menú principal e en todos os minixogos música de fondo que non se pode desactivar, podendo resultar molesta.

I.4. Funcionalidade técnica xeral

195	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introdución ao xogo.
	*Valoración → 0 1 2 ■N/A
	*Xustificar:
196	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → ■0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non existe o botón gardar e os resultados obtidos nos xogos pódense gardar unha vez superada a partida.
197	Os tempos de carga son razoables.
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
	*Xustificar: Unha vez seleccionado o nivel de dificultade os xogos cárganse moi rápido, non requiren tempos de espera.
198	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 1 2 ■N/A
	*Xustificar:
199	Os subtítulos pódense pasar manualmente, premendo por exemplo nun botón.
	*Valoración → 0 1 2 ■N/A
	*Xustificar:
200	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento e o control do videoxogo non entraña dificultades, tendo en conta o grupo ao que se dirixe.
	*Valoración → 0 ■1 2 N/A
	*Xustificar: Entendemos que a baixada do xogo ao dispositivo e posta en funcionamento recae nas nais, pais ou docente, polo que non entraña dificultades. Controlar o xogo no menú principal e no xogo 2, como adiantamos en anteriores apartados, pode entrar dificultades ás nenas e nenos con baixo dominio nas tecnoloxías táctiles.
201	Está libre de erros de programación.
	*Valoración → ■0 1 2 N/A
	*Xustificar: Na aplicación atopamos os seguintes erros de programación:

- Ao premer no xogo 1, móstrase o fondo do xogo e sobre o mesmo sitúanse os botóns de selección de dificultade, ao premer nas instrucións, estas móstranse detrás do botóns impedindo a súa lectura. Ademais se prememos nun nivel de dificultade non se accede o xogo, se non que desaparecen as instrucións.



- No nivel fácil do minixogo 1, ás veces falla á saída de introdución do *Record* e a do botón de Repetir.



- Tamén dentro do Minixogo 1. Ao premer no botón *Back* non se vai á pantalla de selección dos niveis como sucede en todos os demais xogos, se non que se pasa directamente ao menú principal.
- No nivel medio do xogo 3, ás veces solápanse os sons indicativos das accións que se teñen que realizar. Mestúranse as activiades.
- Na App Store infórmase na versión na que realizamos esta análise, da solución a un problema relativo a unha pantalla azul. Nunha das nosas probas mostrouse esta pantalla azul que impide calquera visualización e accións no xogo, polo que se tivo que eliminar e volver instalar.


Observacións

- Na aplicación consideramos que tamén existen erros de deseño, non tanto de programación, como os seguintes:
  - No campo de introdución dos alias para os *Record* non se observa o que se está escribindo.

O teclado do dispositivo sitúase por riba do campo de texto.



- Na pantalla *Record* móstrase os exemplos das puntuación en centenas (a modo de puntos, exemplo 150) cando o que se determina é o tempo invertido (exemplo: 10.50). Isto pode xerar confusión nas xogadoras e xogadores.



Conclusións da análise I

En liñas xerais respecto á usabilidade e interactividade do videoxogo, podemos concluír...
• A aplicación en canto aparencia gráfica é atractiva, as funcións ou elementos integrados na interface non desvían a atención ou desorientan, mais contén varios aspectos relacionados coa usabilidade e interactividade que deberían ser mellorados. En xeral: ◦ O apartado *Record* non se entende ben. Tamén sería necesario mellorar aspectos relacionados co seu deseño. ◦ Cabería mellorar o deseño do cadro onde se seleccionan os niveis de dificultade. O título do apartado ten o mesmo formato que as opción, creando confusión sobre que elementos teñen ou non interacción.

- A aplicación contén demasiados erros de programación, que a pesar de non afectar na súa totalidade á xogabilidade, despistan e fan dubidar sobre a funcionalidade dalgúns dos seus elementos.
- Non permite configuracións, botándose en falta un botón no que se puidese desactivar a música de fondo.

K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

K.1. Conclusións finais

202	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico. Recoller un resumo dos aspectos positivos e negativos.

Vantaxes	Inconvenientes
• Forma parte dun proxecto transmedia composto por recursos atractivos e entretidos para o público destinatario.	• Aplicación non gratuíta.
• Aplicación multiplataforma, de fácil acceso.	• As personaxes que integra o proxecto non son aproveitadas na aplicación. Carecen de personalidade, empregándose como obxectos simbólicos.
• O proxecto conta con personaxes ben deseñadas, de diferentes características (idade, sexo, constitución e necesidades específicas).	• A pantalla principal e algúns dos minixogos considéranse de difícil manexo para infantes de 2 e 3 anos.
• Deseño visual colorido e sen elementos que causen distracción.	• Erros de presentación: especifícase que o videoxogo está en inglés cando en realidade os textos e locucións son en español.
• As mecánicas dos minixogos que compoñen a aplicación son de fácil comprensión.	• Erros de programación.
• Inclúe diferentes niveis de dificultade.	• Erros de deseño.
• A aplicación pode conseguir a función de entreter.	• Carece de información xeral, na que se explique o número e características de xogos que se integran na aplicación en paralelo aos obxectivos e contidos que se tratan.
	• Carece de consellos e propostas didácticas para ser utilizado nas aulas ou no fogar.
	• A aplicación non é flexible. Non se pode engadir ou modificar contido.
	• A aplicación non é adaptable, de difícil uso para a ensinanza de diferentes contidos.
	• A aplicación non consegue na súa totalidade os obxectivos educativos para os cales foi creada.

Análise do videoxogo

ZooLoco

Data de inicio do proceso da análise	12 de xaneiro de 2016
Hardware empregado	• Computador Vaio (Sony) • Modelo: SVF153A1YM • Edición: Windows 10 Home • RAM utilizable: 7,90 GB • Tipo de sistema: Sistema operativo de 64 bits, procesador x64 • Navegador web: Google Chrome ◦ Versión 47.0.2526.106 m

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....5
A.3. Imaxes de referencia....6
Conclusións do bloque A....7
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....8
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....8
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....8
Conclusións do bloque B....10
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....11
C.1. Código PEGI....11
C.2. Idea do xogo....11
C.3. Funcións xerais....11
C.4. Clasificación....11
C.5. Grupo destinatario....12
C.6. Obxectivos lúdicos....13
C.7. Regras do xogo....13
C.8. Retos....13
C.9. Obxectivos educativos....14
C.10. Contidos educativos....15
C.11. Relación co Currículo Oficial....15
Conclusións do bloque C....16
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....17
D.1. Idioma....17
D.2. Son....17
D.3. Rexistro....18
D.4. Plataforma....18
D.5. Sistema operativo....18
D.6. Sistema periférico....18
D.7. Outros requisitos técnicos....19
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....19
D.9. Linguaxe de programación....19
D.10. Compras....20
D.11. Publicidade....20
D.12. Garantía....20
D.13. Contacto....20
Conclusións do bloque D....21
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....22
E.1. Obxectivos educativos....22
E.2. Contidos educativos....22
E.3. Ámbito de incidencia....24
E.4. Retos....25
E.5. Retroalimentación e axuda....27
E.6. Teorías de aprendizaxe....29
Conclusións da análise E....29
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....31
F.1. Tempo....31
F.2. Control do progreso....31
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....31

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....33
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....33
Conclusións da análise F....34
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....35
G.1. Natureza do mundo do xogo....35
G.2. Estrutura....35
G.3. Niveis....35
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....36
G.5. Trama argumental....36
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....37
G.7. Visión do xogador/a....38
G.8. Personaxes....38
G.9. Obxectos simbólicos....43
G.10. Estrutura temporal....43
Conclusións da análise G....44
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....45
H.1. Regras do xogo....45
H.2. Obxectivos do xogo....45
H.3. Recompensas....45
H.4. Conflito do xogo....46
H.5. Os/as xogadores/as....46
H.6. O equilibrio de dificultade....47
H.7. Eventos do videoxogo....47
H.8. Resultados do xogo....49
Conclusións da análise H....50
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....51
I.1. Interface gráfica....51
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....52
I.3. Accesibilidade....54
I.4. Funcionalidade técnica xeral....55
Conclusións da análise I....56
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....57
K.1. Conclusións finais....57

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	ZooLoco		
002	Ano ou data lanzamento	2009		☒ Non figura
003	Colección			☒ Non forma parte
004	Soporte	☒ CD		Especificar
		☒ En liña	☒ Accesible en Web	No EducaBGalicia. Portal da área educativa da Biblioteca de Galicia.
			□ Descarga en Web	
			□ Rede social	
			□ Descarga en tenda	
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	En CD	Nas oficinas da empresa compostelá imaxin|software	
			En Amazon, na Casa del Libro, na Fundación Elhuyar... (a versión en euskera)	
		En web, na seguinte ligazón: http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Repositorio/e_libros/280/INDEX.html		
006	Prezo	☒ €	Entre 10 e 15 € a versión en galego.	
			Sobre 25 € a versión en euskera, titulada Zoo Zoroa. Acompaña o CD un peluche.	
		□ Pts		
		☒ Gratuíto	A versión web en galego e en español	
		□ Outra opción		

Observacións

- O ano de lanzamento do xogo foi no 2009, mais no portal EducaBGalicia móstrase 2013. Isto pode deberse a que foi neste último ano cando a Rede de Bibliotecas de Galicia facilita o acceso público ao videoxogo logo de mercarllo á empresa imaxin|software.
- Na actualidade a versión CD do videoxogo en galego non está a venda, mais:
  - a empresa imaxin|software conserva nas súas oficinas copias que poderían solicitarse.
  - esta versión do xogo foi posto á venda en diversas feiras relacionadas coas industrias culturais Galegas como o Culturgal, o prezo rondaba os 10-15 €.
- En Amazon podemos obter unha copia do xogo en euskera por 23,75 € (http://www.amazon.es/Zoo-Zoroa-cd-Rom-Panpi%C3%B1a-Batzuk/dp/8492457023). Esta versión tamén estivo dispoñible na tenda da Fundación Elhuyar (https://www.elhuyar.eus/) na que se incluía en soporte físico un peluche da personaxe Komoko, mais na actualidade non atopamos esta información presente na rede.
- Analizaremos nesta guía a versión gratuíta en liña.

A.2. Autoría

007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	■ Empresa tecnolóxica	1	imaxin|software	Santiago de Compostela	http://www.imaxin.com/
	□ Xunta de Galicia				
	□ Concello				
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	■ Fundación	1	Elhuyar Fundazioa	Gipuzkoa	https://www.elhuyar.eus/es
	□ Editorial				
	□ Produtora audiovisual				
	□ Persoa/s física/s				
	□ Outras/os (especificar)				
	□ Non figuran				

008	Iniciativa
	■ Propia
	□ Contratación
	□ Concurso público
	□ Subvención
	□ Outra
	□ Non figura / difícil de determinar

009	No videoxogo ou no material de soporte inclúense créditos cos nomes propios das persoas que participaron na elaboración do recurso?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	

010	No videoxogo ou no material de soporte indícase se participaron na súa creación un equipo pedagóxico ou especialistas en educación?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	

Observacións

- O videoxogo (en CD) foi creado no ano 2009 conxuntamente pola empresa galega imaxin|software e a fundación vasca Elhuyar, pero comercializado por separado.
- Entre os anos 2012 e 2013 a Rede de Bibliotecas de Galicia solicitou a imaxin|software unha versión web do xogo. É dicir que estamos ante un produto ou iniciativa propia mais que a posteriori recibiu unha contratación.
- Na web do proxecto, onde se integra o videoxogo obxecto da análise, móstranse a seguinte información: *Copyright © 2013 EducaBGalicia. Biblioteca de Galicia.* E logo de premer o botón saír do xogo, móstrase unha pantalla co seguinte texto: *Producido por imaxin|software (Factoría de Software e Multimedia SL)*
- Nin na páxina web do proxecto nin dentro do videoxogo se informa dos nomes concretos e perfís profesionais das persoas que participaron na creación do videoxogo.

- Sobre a autoría:
  - imaxin|software é unha empresa dedicada ao desenvolvemento de servizos e solucións avanzadas de software e multimedia desde o ano 1997, especializada en enxeñería lingüística e en videoxogos educativos e formativos.
  - Elhuyar naceu en 1972 co obxectivo de axuntar a ciencia e o euskera. Deu os seus primeiros pasos como asociación cultural, e converteuse en fundación en 2002. Desde entón, a Fundación Elhuyar dedícase, de maneira ininterrompida, á divulgación da ciencia e a tecnoloxía e ao desenvolvemento do euskera. É unha entidade sen ánimo de lucro.
  - A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é o conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para o desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública, segundo o establecido na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. A dirección e coordinación da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é responsabilidade da Xunta de Galicia, a través do Servizo do Sistema de Bibliotecas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A.3. Imaxes de referencia

011	 Menú principal	 Xogo hipopótamo
Observacións		
—		

A.4. Outros datos

012	Premios e/ou méritos recibidos (indicar como se obtivo a información)
	—
013	Número de copias reproducidas e onde se repartiron, descargas, persoas rexistradas... (indicar como se obtivo a información)
	—
014	Outra información de interese

- Durante os anos 2011, 2012 e 2013 ZooLoco empregouse como recurso didáctico en diferentes obradoiros dirixidos a infantes, actuando tamén como protagonista en diversos encontros. Engadimos a continuación algúns deles:
  - Relatorio “ZooLoco ou Zoo Zoroa” na 46 Feira do Libro e do Disco Vasco de Durango. Decembro 2011. Máis información en: http://www.aelg.org/resources/fckfiles/file/Culturgal-Azoka_eskuprograma.pdf
  - Obradoiro "Xogamos con videoxogos". Centro Sociocultural de Conxo. Setembro

2012.
- Obradoiro “Xoga con Komoko. Taller lúdico con videoxogos didácticos”. Culturgal. Decembro 2012. Máis información en: : http://www.culturgal.com/arquivo/ficha_actividade.php?actividad=244
- Relatorio sobre o videoxogo na VI Xornadas de Materiais Didácticos “Recursos e materiais didácticos para o ensino en galego" organizadas por Novas Escola Galega (NEG) e pola Coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística. Novembro 2013.
- Obradoiro no salón infantil Churritines (Recinto Ferial Expocoruña) en decembro do 2013.

Conclusións do bloque A

En liñas xerais respecto á identificación do videoxogo podemos concluír...

- ZooLoco é un videoxogo educativo creado no ano 2009 pola empresa compostelá imaxin|software e a Fundación vasca Elhuyar.
- No ano 2013 a Rede de Bibliotecas de Galicia adquire o videoxogo en formato web, en español e en galego, na actualidade dispoñible de forma gratuíta no portal EducaBGalicia. Aínda que tamén podemos adquirir o xogo en CD (fundamentalmente en euskera), neste caso o prezo oscila entre os 10 e 25€.
- Na versión web, obxecto da presente análise, non se especifican os profesionais que participaron na elaboración do xogo, si se indica como produtor o nome da empresa galega.
- Estamos ante un xogo que foi empregado en varias ocasións, nalgunhas delas a modo de promoción, como recurso para obradoiros de carácter educativo.
- Descoñecemos o número de copias vendidas deste xogo, así como o número de usuarios e usuarias que xogaron en liña.

B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO

B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo

015	Que recursos acompañan o videoxogo? (breve descrición)	
	■ Web do proxecto	A web estrutúrase en cinco apartados polos que podemos viaxar de forma vertical ou seleccionar nas opción do menú. Son: • Xogar. Formado por un botón para acceder ao xogo. • Personaxes. Preséntanse as tres personaxes protagonistas. • Como xogar? Explícase de forma xeral a estrutura do xogo. Tamén inclúe un botón de acceso ao xogo. • Fondos de escritorio. • Aprende xogando. Explícanse de forma xeral as finalidades do videoxogo e se aportan consellos para a súa utilización.
	□ Embalaxe	
	□ Material impreso	
	□ Espazo en tenda virtual	
	□ Outro (especificar)	
	Observacións	
	• Web dispoñible en español e en galego • Imaxe de referencia:  	

B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo

016	Que materiais ou informacións se integran no videoxogo ou nos recursos sinalados no anterior apartado?		
Materiais	Onde?[1]	Formato[2]	Descrición

1 Indicar se está dentro do videoxogo ou na embalaxe, ou no material impreso, etc
2 Indicar se é un PDF para descargar, epub, material impreso, titorial interactivo que explica as accións a realizar, o funcionamento da interface, etc.

□ Titorial				
□ *Trailer*				
□ Sinopse				
■ Presentación formal		Na web do proxecto e nun apartado específico dentro do videoxogo "Información adultos"	Texto en liña e sobre pantalla	*"ZooLoco" é un xogo multimedia ideal para introducir os máis pequenos no uso das novas tecnoloxías e, ao mesmo tempo, reforzar e mellorar os seus coñecementos, actitudes e habilidades. O xogo está dirixido a nenas e nenos de 3 a 6 anos e estrutúrase como unha aventura, onde se descubrirá con Komoko, Van e Bem un mundo fantástico habitado por animais.En "ZooLoco" deberanse respoder preguntas, superar pequenos retos, coñecer e axudar todos os seus simpáticos habitantes para concluír a aventura.*
□ Guía didáctica específica para docentes				
■ Información xeral de carácter pedagóxico.		Na web do proxecto e nun apartado específico dentro do videoxogo "Información adultos"	Texto en liña e sobre pantalla	*Con "ZooLoco" as nenas e os nenos… entretéñense e divírtense moito…* *- desenvolven a coordinación ollo – man…* *- expresan as súas emocións…* *- incrementan a percepción auditiva e a memoria visual…* *- potencian a súa autoestima e aplican o valor da amizade, a axuda aos demais, o amor cara aos animais…* *- estimulan a imaxinación e a creatividade…* *- reforzan os seus coñecementos: números; discriminación de formas, tamaños e cores; letras…*
■ Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso		Dentro do videoxogo "Información adultos"	Texto en liña e sobre pantalla	Ofrécense recomendación para antes e durante o xogo.
□ Materiais didácticos complementarios (vídeos, actividades para imprimir...)				
□ Información técnica				
■ Outro/s	Fondos de escritorio	Dentro do videoxogo nun apartado específico. Tamén na web do proxecto	Imaxes para descargar	5 fondos de escritorio de tamaño 1024x768
	Imaxes para	Dentro do	Imaxes	16 imaxes representativas dos diferentes

	imprimir e colorear	videoxogo nun apartado específico.	PDF	xogos que compoñen ZooLoco
Observacións				
—				

Conclusións do bloque B

En liñas xerais respecto aos materiais e informacións que acompañan o videoxogo podemos concluír...
• O videoxogo ZooLoco intégrase nunha minisite propia, na que se inclúen informacións e orientacións pedagóxicas relevantes para a a súa utilización no contexto familiar. Esta información amplíase nun apartado especifico dirixido a persoas adultas, chamado “Información adultos”, dentro do propio xogo. • Dentro do videoxogo e na web inclúense fondos de escritorio e fichas con debuxos para imprimir e colorear. Estes materiais integran o logo do xogo, polo que tamén poden servir como medio publicitario.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA

C.1. Código PEGI

017	Faise uso da clasificación PEGI?				
	□ Si	* Que etiqueta ou etiquetas se inclúen?			
		□ PEGI 3	□ PEGI 7	□ PEGI 12	□ PEGI 16	□ PEGI 18
		□ Linguaxe groseira		□ Drogas	□ Medo	□ Xogo
		□ Sexo	□ Violencia	□ En liña	□ Discriminación	□ PEGI OK
	■ Non					
	Observacións					
	—					

C.2. Idea do xogo

018	Especifícase se o videoxogo está baseado noutro medio?			
	□ Si	□ Orixinal	□ Libro	□ Banda deseñada
		□ Película	□ Feito real	□ Outra (esp.) →
	■ Non			
	Observacións			
	—			

C.3. Funcións xerais

019	Especifícase para que se creou o videoxogo?				
	■ Si	*Onde? →			
		*Cal é a súa función?			
		□ Entreter	□ Motivar	□ Adestrar	□ Experimentar	■ Reforzar aprendizaxes
		□ Educar	□ Outras (especificar) →		
	□ Non				
	Observacións				
	• Concretamente: reforzar e mellorar os coñecementos, actitudes e habilidades.				

C.4. Clasificación

020	Indícase que tipo de recurso é?	
	■ Si	*Onde? → • Web do proxecto • Dentro do videoxogo (apartado *Información adultos*)
		*Que termo se emprega?

	□ Videoxogo	■ Xogo	□ Xogo dixital	□ Mini xogo	□ Recurso lúdico
	□ Outro/s (especificar) → Xogo multimedia				
□ Non					
021	Indícase o xénero ou subxénero ao que pertence?				
■ Si	*Onde? → Dentro do videoxogo (apartado *Información adultos*)				
	*Que termo se emprega?				
	□ Educativo	□ Conversacional	■ Aventura gráfica	□ Serious Game	□ Estratexia
	□ Outro (especificar) →				
□ Non					
Observacións					
• No texto formal de presentación menciónase que o xogo se estrutura como unha aventura gráfica. As aventuras gráficas caracterízanse por ter unha historia detrás na que se interactúa con personaxes e obxectos e na que suceden situacións a modo de quebracabezas que hai que resolver. • O termo aventura, preséntase tamén sen especificar no seguinte texto: *[...] coñecer e axudar todos os seus simpáticos habitantes para concluír a aventura.*					

C.5. Grupo destinatario

022	Especifícase para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?			
□ Si	*Onde? →			
	*Para cal? (especificar)			
	□ Centros educativos	□ Fogar	□ Museo	
	□ Outro (especificar) →			
■ Non				
023	Especifícase para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?			
□ Si	*Onde? →			
	*Para cal? (especificar)			
	□ Local	□ Provincial	□ CCAA	□ Nacional	□ Internacional
	□ Outro (especificar) →			
■ Non				
024	Especifícase a quen vai dirixido principalmente o videoxogo?			
■ Si	*Onde? → • Web do proxecto • Dentro do videoxogo (apartado *Información adultos*)			
	*Que se determina? (especificar)			
	■ Idade • Nenas e nenos de 3 a 6 anos	□ Nivel educativo	□ Características especiais (autismo, xordeira, cegueira...)	

	□ Outro (especificar) →	
□ Non		
025	Menciónase os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?	
□ Si	*Onde? →	
	*Cales son? →	
■ Non		
Observacións		
• Non se especifica explicitamente para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo, mais pode interpretarse que ZooLoco foi deseñado para ser utilizado no fogar e nas aulas de infantil.		

C.6. Obxectivos lúdicos

026	Explicítase o obxectivo u obxectivos finais do xogo?	
■ Si	*Onde? →	
	*Resumo de cales son → Superar todos os xogos incluídos na illa ZooLoco.	
□ Non		
Observacións		
—		

C.7. Regras do xogo

027	Descríbese de forma xeral como se xoga ao videoxogo?	
■ Si	*Onde? → • Web do proxecto • Dentro do videoxogo (apartado *Información adultos*)	
	*Resumo de cales son →Ver observacións	
□ Non		
Observacións		
• En concreto especifícase o seguinte: *O xogo está dividido en 3 zonas. Cada unha delas está formada por distintos mini-xogos aos que podes acceder ao premer sobre os diferentes animais. As zonas activas están en cor e as inactivas en gris. Unha vez probados todos os xogos activos, un golfiño saltará sobre as augas do río de ZooLoco. A través do golfiño, accederás a unha actividade que debes realizar para que se activen novos xogos.* • As regras de cada minixogo explícanse ao premer sobre o animal correspondente.		

C.8. Retos

028	Enumérase os retos e/ou actividades que se teñen que realizar?	
■ Si	*Onde? → Dentro do videoxogo, ao comezo do xogo seleccionado.	

	*Resumo de cales son → Ver observacións
□ Non	
Observacións	

- En ZooLoco os minixogos que hai que superar son os seguintes:
  - Fase 1:
    - Mono. *Arrastra os números até os monos que teñan o mesmo número en bananas.*
    - Loro. *Escolle unha cor co pincel nos botes de pintura e preme as zonas brancas para dar cor ao debuxo. Tamén podes mesturar cores e limpar o pincel.*
    - Abella. *Move a abella polas flores para saber o que esconden. Despois preme e ouve as palabras. Presta atención! Algunhas flores non esconden nada.*
    - Hipopótamo. *Colle a pasta de dentes co cepillo e despois preme os dentes para que desaparezan as manchas. Fíxate ben! Cando o cepillo fique sen pasta terás que coller máis para continuar coa limpeza.*
    - Pabón. *Preme a pluma que ten o Komoko para ouvir a quen tes que facer cóxegas. Despois arrastra a pluma e sóltaa na parte do corpo que soou. Terás que facelo 5 veces!*
  - Actividade de cambio de fase 1, 2 e 3. *Preme sobre o dado e Komoko avanzará. Despois preme sobre a imaxe correcta.*
  - Fase 2:
    - Rinoceronte. *Arrastra co rato cada peza de roupa até a parte do corpo que lle corresponda.*
    - Ra. *Primeiro, preme sobre cada ranciña. Despois, arrástraa até o estanque. Fíxate no número de ranciñas que teñen que bañarse.*
    - León. *Arrastra até cada león os obxectos do seu tamaño. Unha pista: cada león debe ter 3 obxectos.*
    - Camaleón. *Preme nas follas de dúas en dúas até que consigas facer todas as parellas.*
    - Flamengo. *Arrastra cada animal ou paxaro até a súa nube. Que non che trema a man! As imaxes deben coincidir coa silueta.*
  - Fase 3:
    - Elefante. *Preme sobre as velas prendidas. Tes que ser moi áxil! Poden prender de novo.*
    - Canguro. *Preme o botón que fará saltar ao pequeno canguro até a mamá canguro. Repara nas distancias e acertarás!*
    - Koala. *Escoita atentamente cada son e despois preme sobre o animal que o realizou.*
    - Avestruz. *Usa o rato para dirixir o ovo até a boca da serpe. Coidado! Non podes chocar coas paredes máis de 2 veces.*
    - Crocodilo. *Move o rato da dereita á esquerda para que o crocodilo coma 10 costeletas. Ten moito coidado! Non lle gostan os cocos.*

C.9. Obxectivos educativos

029	Enuméranse as competencias básicas que activa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
030	Enuméranse os obxectivos educativos concretos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	

■ Si	*Onde? →
	*Resumo de cales son? → • Introducir os máis pequenos no uso das novas tecnoloxías. • Reforzar e mellorar os seus coñecementos, actitudes e habilidades.
□ Non	
Observacións	
• Como observamos especifícanse os obxectivos, aínda que de forma moi xeral. Tamén se inclúen obxectivos máis concretos, que a modo de finalidades resumen o que poden acadar as nenas e nenos se xogan ao videoxogo. Son os seguintes: ◦ entreter e divertir ◦ desenvolver a coordinación ollo – man ◦ desenvolver a atención, a memoria,a concentración... ◦ expresar as súas emocións ◦ incrementar a percepción auditiva, a expresión verbal e a memoria visual ◦ potenciar a autoestima, comunicación e aplicar o valor da amizade, a axuda aos demais, o amor cara os animais ◦ estimular a imaxinación e a creatividade ◦ reforzar os seus coñecementos: números, discriminación de formas,tamaños e cores, letras, palabras... • Non se inclúen os obxectivos seguindo cada minixogo.	

C.10. Contidos educativos

031	Enuméranse os contidos educativos que se tratan no videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	■ Non	
	Observacións	
	• Non de forma explícita.	

C.11. Relación co Currículo Oficial

032	Indícase a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo.	
	□ Si	*Onde? →
		*Cal é? →
	■ Non	
033	Especifícase se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →

		*Área/s →
	■ Non	
034	Especifícase se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

Conclusións do bloque C

En liñas xerais respecto á información lúdica-pedagóxica que acompaña o videoxogo podemos concluír...

- Destacar que dentro do videoxogo existe un apartado específico para as persoas adultas no que se inclúe:
  - Presentación formal do xogo:
    - enuméranse os obxectivos educativos xerais,
    - adiántanse de forma xeral o obxectivo lúdico,
    - menciónase a tipoloxía de xogo,
    - infórmase da idade destinataria,
  - Explicación da estrutura do videoxogo, dos recursos que se integran e das características principais das pantallas que o compoñen.
  - Recomendacións antes e durante o xogo.
- A anterior información preséntase de forma reducida na web do proxecto.
- Bótase en falta unha explicación concreta de cada xogo que compón ZooLoco, na que se describa que hai que facer e as vantaxes pedagóxicas que se ofrecen en cada un deles.

D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

D.1. Idioma

035	Sen entrar no videoxogo, especifícase o idioma ou idiomas que soporta?				
	□ Si ■ Non	*Onde? →			
		*Indicar número de idiomas → 2			
		■ Galego	■ Español	□ Vasco	□ Catalán	□ Inglés
		□ Outro/s (especificar) →			
036	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan visibles os idiomas?				
	■ Botóns (texto)				
	■ Botóns (locución)				
	■ Caixas con textos escritos (instrucións, narración, axudas...)				
	■ Caixas con textos locutados (instrucións, narración, axudas...)				
	■ Locucións personaxes				
	□ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso...)				
	□ Outros (especificar)				
	Observacións				
	• O xogo móstrase en español ou galego en función da selección do idioma que se faga na web. Mais non se atopa ningunha información na que se especifiquen os idiomas. • Dentro do videoxogo non hai opción para seleccionar o idioma. • En canto os compoñentes nos que se fan visibles os idiomas resaltar: ◦ Que todos os botóns teñen locución. Ademais ao facer *roll over* sobre eles móstrase o texto escrito indicativo do botón. ◦ As personaxes Van e Bem son as encargadas de introducir cada xogo. Primeiro sitúan ao xogador ou xogadora no contexto de xogo (que lle sucede á personaxe que hai que axudar?) para posteriormente "ler" o que hai que facer no xogo, dado que se mostra de forma textual en pantalla. ◦ Os idiomas tamén se fan plausibles na retroalimentación recibida mentres se xoga.				

D.2. Son

037	Que sons integra o videoxogo?
	■ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
	■ Música
	■ Voces
	□ Outros (especificar)
	□ N/A
	Observacións
	• En función do xogo, os efectos de son son diferentes, así por exemplo escoitamos o cepillado no xogo do hipopótamo e aplausos ao rematalo; no xogo do Koala escóitanse onomatopeas, etc.

- Inclúese música na pantalla principal.
- Percibimos catro tipos de voces diferentes:
  - Personaxe Van (feminina), encárgase de introducir os xogos, emitir reforzos durante os mesmos e informar da finalización do xogo.
  - Personaxe Bem (masculina),
  - Voz en off, encárgase de locutar os botóns.
  - Voces dos animais: cada animal simplemente indica quen é ao facer *roll over* sobre a súa imaxe. Por exemplo: *Son un pabón*.

D.3. Rexistro

038	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?
□ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso →
■ Non	
Observacións	
—	

D.4. Plataforma

039	Inclúese información sobre as plataformas nas que funciona?		
□ Si ■ Non	*Onde? →		
	*Indicar as plataformas nas que pode ser utilizado.		
	□ Consola (esp.)	■ PC	□ Teléfono intelixente
	□ Tableta	□ Outra/s (esp.) →	
Observacións			
—			

D.5. Sistema operativo

040	Inclúese información sobre os sistemas operativos nos que funciona?				
□ Si ■ Non	*Onde? →				
	*Indicar e especificar versión.				
	□ Windows	□ Linux	□ MacOs	□ Android	□ iOS
	□ Outro/s (especificar)				
Observacións					
—					

D.6. Sistema periférico

041	Inclúese información sobre os periféricos necesarios para a interacción no videoxogo?

□ Si ■ Non	*Onde? →			
	*Indicar cales se necesitan			
	□ Teclado	■ Rato	□ *Joystick*	□ Pantalla táctil
	□ Outro/s (especificar)			
Observacións				
—				

D.7. Outros requisitos técnicos

042	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?		
	□ Conexión á rede	□ Resolución mínima da pantalla	□ RAM
	□ Tarxeta de son	□ Instalación de plugins	□ Execución de arquivos
	□ Outros (especificar)		□ N/A
	Observacións		
	• Na web do proxecto non se menciona ningún requisito técnico. En cambio se analizásemos o xogo en CD, na embalaxe que inclúe a caixa indícanse os requirimento mínimos do sistema, son os seguintes: ◦ Windows XP/Vista/Mac OS 10.4 x ◦ Resolución de pantalla 1024 x 768 ◦ 1'8 GHz CPU ◦ 1 Gb de RAM		

D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

043	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?
	□ Realidade Aumentada
	□ Realidade Virtual
	□ Kinect
	□ Chat
	□ Control parental
	□ Redes Sociais
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
	Observacións
	—

D.9. Linguaxe de programación

044	Especifícase a linguaxe de programación na que se creou o videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →

■ Non	
Observacións	
—	

D.10. Compras

045	O videoxogo inclúe compras integradas?	
	□ Si	*Especificar obxectivos e prezos das compras (mellorar habilidades personaxe, aumentar tempo de xogo...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.11. Publicidade

046	O videoxogo integra publicidade?	
	□ Si	*Especificar tipo de publicidade (subliminar, intrusiva...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.12. Garantía

047	Inclúe garantía de compra ou algún tipo de protección legal ante erros xurdidos no videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.13. Contacto

048	Inclúese algún teléfono, correo, formulario... para consultas, resolver problemas ou dúbidas?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	• Nin sequera se inclúe un enlace directo á empresa produtora ou a Rede de Bibliotecas de Galicia.	

Conclusións do bloque D

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír...
• Nin na web do proxecto, nin na versión do videoxogo obxecto da análise, se especifica os requisitos mínimos do sistema necesario para o seu correcto funcionamento. Non sucede o mesmo coa versión CD do xogo. • O videoxogo pódese xogar en galego ou en español, mais a selección do idioma non se fai dentro do videoxogo, se non na web que o integra. • Xogo rico en locucións, non tanto en efectos de son. • Non inclúe formas de contacto. • Non inclúe compras, nin publicidade integrada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO

E.1. Obxectivos educativos

	Adecuación
049	Os obxectivos educativos son adecuados ao grupo destinatario ao que se dirixe (en función da idade ou áreas de desenvolvemento: motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A[1]
	*Xustificar: A pesar de que no videoxogo non se explicitan os obxectivos concretos de cada minixogo, estes podemos interpretalos unha vez xogado e analizado cada un deles, considerando ser adecuados para as idades destinatarias.
050	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Os obxectivos tratados en cada un do xogos difiren, nalgúns trátanse máis os números, noutros a precisión, noutros as palabras... mais son obxectivos globais propios do currículo da educación infantil.
051	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se perseguen.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Dada a variedade de obxectivos, o tipo de xogo é o máis apropiado para as idades destinatarias, posto que se poden seleccionar e centrar máis nun xogos que en outros, e todos eles relaciónanse cunha aventura que ten que ser superada.
052	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	Tendo en conta a información para adultos facilitada no videoxogo en certa medida si, xa que se indica que son actividades para o reforzo e o entretemento, non tanto para a adquisición.
053	Os obxectivos pedagóxicos intégranse coherentemente cos obxectivos do xogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Totalmente, emprégase o recurso de “axuda a...” para que de forma implícita se poidan conseguir certos obxectivos. Nalgúns dos xogos os obxectivos son moi evidentes para un público adulto, mais non tanto para a etapa infantil.
	Observacións
	—

E.2. Contidos educativos

	Procedencia da información
054	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Dado que trata contidos relacionados cos números, cores, clasificacións, etc.
055	O contido inclúe ámbitos de saber popular, tradicional...

1 0 = Non, en modo algún | 1 = Bastante, en gran medida | 2 = Si, absolutamente | N/A = Non aplica

	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
056	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Estrutura e representación
057	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, quebracabezas, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os contidos estrutúranse en minixogos independentes uns de outros, mais integrados nunha historia que os divide de forma xerárquica.
058	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: No videoxogo non se inclúe contido expositivo, débense demostrar os coñecementos ou habilidades baixo os reforzos facilitados polas personaxes principais Van e Bem.
059	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
060	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Ao igual que sucede cos obxectivos, é certo que os contidos resultan moi evidentes nalgúns dos minixogos, como pode ser no dos monos (números) ou no da abella (abecedario e palabras), mais en todos eles especifícase dunha forma lúdica a causa e necesidade para a superación da actividade.
	Promoción de valores
061	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
062	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
063	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: É un dos principais obxectivos lúdicos do xogo: axudar aos demais.
064	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non na súa totalidade, mais si a relacionada cos animais.
065	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.
	*Valoración → 0 1 2 N/A

	*Xustificar: O videoxogo pode ser xogado na súa totalidade en galego, mais o contido non se orienta para o seu uso.
066	O contido carece de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Adecuación
067	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
068	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
069	Os escenarios, os elementos e obxectos que compoñen o videoxogo, integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os escenarios e elementos que o compoñen non aportan contidos extra que faciliten a súa obtención, todos os elementos integrados na pantalla son nececsarios para a realización da actividade.
	Observacións
	—

E.3. Ámbito de incidencia

070	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?
	□ Conceptual
	□ Procedemental ou de habilidades
	□ Actitudinal
	*Xustificar → En xeral todo o videoxogo trata de modo implícito contidos relacionados con valores, actitudes e normas. Estes contidos evidénciase nas imaxes acompañadas da locución das personaxes nas pantallas de inicio. A necesaria coordinación ollo-man e correcto manexo do rato tamén é necesario para a superación de cada xogo. Gran parte dos videoxogo tamén foron deseñados para reforzar contidos conceptuais,sobre todo: números, palabras, tamaños e distancias.
071	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de que en todos os xogos que compoñen o videoxogo “conviven” os tres ámbitos de incidencia, xogando (na propia pantalla de xogo) predominan ou detectamos máis uns que outros. Especificámolos a continuación: • Hipopótamo: procedemental e actitudinal. • Pabón: conceptual e actitudinal. • Abella: conceptual.

• Mono:conceptual. • Loro: conceptual e procedemental. • Ra: conceptual e procedemental (na versión difícil) • Camaleón: conceptual (na versión difícil) e procedemental. • Flamengo: conceptual. • Rinoceronte: actitudinal e conceptual (na versión difícil). • León: conceptual e procedemental (na versión difícil). • Elefante: procedemental. • Canguro: conceptual. • Koala: conceptual. • Avestruz: procedemental. • Crocodilo: procedemental. • Actividades de cambio de Fase (x3): conceptual.
Observacións
—

E.4. Retos

072	De que tipoloxía son os retos que forman o videoxogo?				
	■ Memorización	□ Lóxica	■ Creación	□ Construción	□ Estratexia
	□ Labirintos	■ Selección	□ Quebracabezas	■ Habilidade	□ Clasificación
	□ Cálculo de elementos	■ Identificación	□ Pregunta-resposta	■ Outro/s (esp.) → • Asociación • Percepción	
	*Xustificar: • Hipopótamo: habilidade. • Pabón: identificación. • Abella: asociación. • Mono: identificación. • Loro: creación. • Ra: identificación ou cálculo de elementos? • Camaleón: memorización e identificación (versión difícil) • Flamengo: percepción. • Rinoceronte: creación, percepción e identificación (versión difícil) • León: identificación e habilidade. • Elefante: habilidade. • Canguro: percepción. • Koala: asociación. • Avestruz: habilidade. • Crocodilo: habilidade. • Actividades de cambio de Fase (x3): selección.				
073	Os retos integran distintos niveis de dificultade?				
	■ Si	*Especificar → Pero soamente algúns deles. Os seguintes xogos integran dous niveis de dificultade, categorizados como *Fácil* e *Difícil*: • Ra • Camaleón • Flamengo • Rinoceronte • Elefante			

	• Canguro • Koala • Avestruz • Crocodilo Todos pertencen á fase dúas e tres do videoxogo, faltaría o León.
	□ Non
074	Natureza dos retos:
	■ Os retos pódense elixir ou seleccionar.
	□ Os retos pódense crear.
	■ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida
	■ Os retos están predefinidos no xogo e repítense cada vez que se xoga unha partida, mais algúns dos elementos que os integran varían aleatoriamente.
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Os retos elíxense en cada unha das fases podéndose repetir as veces desexadas, mais téñense que superar as actividades intermedias para poder pasar de fase e así seleccionar máis xogos. Unha vez concluído o videoxogo, todos móstranse en estado activo, permitindo repetirse as veces desexadas. A pesar de que en todos os retos as accións a realizar son as mesmas, si que varían nalgúns deles certos elementos de forma aleatoria o que provoca que o xogo en cuestión non sexa o mesmo. Isto sucede nos seguintes xogos: • Loro: ás veces móstrase unha imaxe para colorear e outras veces aparece outra. Hai un total de dúas. • Mono: os números a arrastrar poden variar dunha partida a outra. • Pabón: as accións a realizar, neste caso en que parte do corpo das personaxes tocar, varía. • Rinoceronte: na versión difícil o tempo atmosférico en cada partida pode variar. • Ra: o número de ras para arrastrar á lagoa pode ser diferente. • Camaleón: non sempre están ocultos baixo as mesmas follas. • Flamengo: as siluetas dos animais non aparecen sempre no mesmo lugar. • Koala: as anomatopeias non sempre se emiten seguindo a mesma secuencia.
075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos.
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas
	□ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...
	■ Presentación por parte de personaxes previo ao reto
	□ Accédese directamente ao reto ao premer nunha imaxe ou texto.
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → Accédese acada xogo ao premer nas personaxes integradas na páxina principal, no menú. En función do xogo seleccionado este é presentado pola personaxe Van ou Ben.
	Adecuación pedagóxica
076	Os retos son apropiados para o tratamento dos contidos educativos integrados no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Os retos, salvo un ou dous (exemplo: xogo do camaleón nivel fácil), son orixinais e destacan por ter un cuidado deseño gráficos e pedagóxico.
077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nesta valoración non temos en conta os niveis de dificultade. Onde se utilizan dúas

	actividades similares asociadas aos mesmos contidos.
078	Os retos son próximos aos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A gran maioría dos retos representan situacións familiares para o grupo destinatario: cepillar os dentes, rematar tarefas, pasalo ben, saber vestirse, soprar as velas de aniversario, etc.
079	Os retos preséntanse nunha secuencia e estrutura correcta. O nivel de dificultade é progresivo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Consideramos que en ZooLoco pretendíase que a curva de dificultade dos xogos fora progresiva, é dicir os xogos integrados na fase 1, destacasen por ser máis doados que na 2 e na 3 máis difíciles que na segunda, mais non se cumpre na súa totalidade. Por exemplo o xogo do crocodilo do nivel 3 considerámolo máis doado dende un punto de vista pedagóxico que o dos monos.
	Características intrínsecas
080	Os retos son desafiantes. Os seus obxectivos están claramente especificados mais a posibilidade de obtelos móstrase incerta.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Móstrase incerto sobre todos nos xogos nos que se integran tres intentos para ser superados, é o caso dos seguintes xogos: • Pabón • Rinoceronte (nivel difícil) • Elefante • Avestruz • Crocodilo O xogo do canguro a pesar de integrar tamén vidas, a posibilidade de superalo non é incerta, basta con ir probando cada unha das opcións que se presentan para obter un resultado positivo.
081	Os retos propostos resólvense basicamente consultando a información contida no videoxogo ou nos materiais complementarios.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

E.5. Retroalimentación e axuda

082	Que accións ou acontecementos suceden no videoxogo para recibir retroalimentación?
	☒ Ante accións ou respostas correctas
	☒ Ante accións ou respostas incorrectas
	□ Ao conseguir un obxectivo
	□ Ao superar un nivel
	☒ Ao superar un reto
	☒ Cando se supera o xogo
	□ Cando remata o xogo aínda que non sexa superado
	□ Outras (especificar)

	*Xustificar → A retroalimentación recibida en cada un dos retos segue o mesmo patrón: Ante accións correctas, ou ben se escoita un efecto de son de acerto ou unha locución da personaxe animando ao xogador/a. O caso máis frecuente é a segunda opción.
083	Que retroalimentación se recibe (que se premia ou castiga)?
	□ Apórtanse puntos, moedas, insignias...
	□ Quítanse puntos, moedas, insignias...
	□ Apórtanse pistas relevantes para avanzar no xogo
	□ Apórtanse coñecementos ou incentívase a afondar nos contidos, habilidades ou valores tratados no videoxogo.
	■ Son de acerto
	■ Son de erro
	■ Animacións de vitoria
	■ Animacións de derrota
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → Locucións de ánimos (ante acertos e erros)
084	A retroalimentación que ofrece o videoxogo é relevante á natureza do xogo e á consecución dos retos.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar:
085	Como se mostra ou é a axuda que se ofrece no videoxogo?
	□ A axuda móstrase en pantalla aínda que non se solicite ou se realice algunha acción. Esta axuda desaparece gradualmente a medida que se avanza no xogo.
	□ As axudas do videoxogo son indicacións, pero non provén a solución aos problemas expostos. A axuda é indirecta.
	□ Durante o xogo non se ofrecen axudas, actívanse nun espazo da interface sendo decisión do xogador/a consultalas ou non.
	■ No xogo non se ofrece ningún tipo de axudas.
	□ Outro (esp.)
	*Xustificar → Nalgúns retos as personaxes guían en certa medida aos xogadores/as, como no da ra, onde se van contando as ras introducidas na lagoa, pero máis que axudas consideramos que é parte da dinámica do xogo e un medio para reforzar os contidos.
	Observacións

	• Resaltar que o xogo sorprende pola gran variedade de resposta en off das personaxes ante as accións realizadas. Os ánimos recibidos nos xogos adáptanse ás situacións que acontecen nos mesmos non repetíndose sempre a mesma locución. Algúns exemplos:
	  ○ Retroalimentación ante acertos:
	  ■ Iso estivo moi ben
	  ■ Ben pensado
	  ■ Hai que ver canto sabes
	  ○ Retroalimentación ante erros:
	  ■ Non, esa non é a parella.
	  ■ Ummm. Témome que te confundiches
	  ○ Reto superado
	  ■ Ben!, ben! Sabes contar moi ben.
	  ■ Boa elección! O rinoceronte así, vai moi ben vestido.

- Reto non superado
  - Ohhh! Parece que non contaches ben algunha banana. Non te preocupes.
  - Vaia! Témome que te equivocaches. Se miras pola xanela e te fixas no tempo que vai, seguro que acertas. Téntao de novo.
  - Que mágoa! As velas seguen acesas. Veña... téntao de novo!
- Cando remata o xogo salta unha animación e logo móstranse as tres personaxes nu cumio da montaña.
- Os son de acerto e de erro son moi sutís, case neutros.
- Máis que animacións de vitoria ou de derrota ao finalizar os retos, o que se percibe é un cambio nos rostros das personaxes e nas pequenas animacións que realizan (por exemplos saltar, aplaudir...).

E.6. Teorías de aprendizaxe

086	Con cal dos seguintes principios se identificaría o videoxogo?
	■ O videoxogo ten un marcado carácter lineal e condutista, utiliza procesos de ensaio-erro dirixidos por medio de reforzos positivos (por exemplo: gañar puntos) ante accións automáticas.
	■ Son usados apropiadamente os "programas de reforzo", prémianse as accións realizadas baixo determinadas condicións, non cada vez que se emite unha acción. (Por exemplo: a recompensa prodúcese tras a consecución dun obxectivo educativo).
	□ O videoxogo contempla un enfoque cognitivista, os contidos organízanse de maneira xerárquica pero permite unha interacción non lineal.
	□ O videoxogo presenta problemáticas de complexidades similares ao mundo real, ás que hai que facer fronte aplicando os aspectos a aprender.
	□ É un videoxogo de contorna aberta onde o alumnado constrúe o coñecemento a través da actividade, busca recursos, solicita asesoramento segundo o seu propio criterio... Incorpora finais abertos.
	□ Outras (especificar)
	Observacións
	—

Conclusións da análise E

En liñas xerais respecto ao deseño instrutivo do videoxogo, podemos concluír...

- No videoxogo apréciase un coidado deseño instrutivo, xustificamos a seguinte afirmación polo seguinte:
  - Os obxectivos educativos son adecuados á idade do grupo destinatario.
  - Os retos creados para a consecución dos obxectivos son orixinais, acertados e previsiblemente atractivos para o público obxectivo.
  - Trátanse ao longo do videoxogo e de forma coherente contidos procedimentais, actitudinais e conceptuais.
  - A meirande parte dos retos están contextualizados en base a problemáticas e acontecementos que poden suceder na realidade.
  - Intégranse no videoxogo unha gran variedade de retos e de actividades nos que se tratan contidos diferentes. En cada fase podemos atopar cinco xogos que sumados aos diferentes niveis de dificultade e ás actividades de cambio de fase, temos un total de 27 xogos.
- As características principais dos retos ou xogos integrados en cada fase son as seguintes:

- As pantallas teñen unha navegación intuitiva e simple, sendo acompañadas de animacións e de apoio en audio das personaxes Van e Bem que indican o que hai que facer en cada momento e serven de axuda nas instrucións dosdiferentes retos.
- Os retos son autocorrectivos, de maneira que as/os infantes obteñen inmediatamente o resultado correcto ou incorrecto das súas accións.
- En todos os retos refórzanse positivamente cada acerto ou erro.
- Case a metade dos retos divídense en dous niveis de dificultade (Nivel Fácil e Nivel Difícil).
- Non existe a presión do tempo nin da puntuación. Valórase a resolución dos retos, mais non o tempo que tardan en superarse.

F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA

F.1. Tempo

087	O tempo estimado en completar o xogo (ou cada unha das súas fases) adecúase ao contexto para o que foi creado.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: O tempo en superar cada un dos minixogos si, mais superar todo o videoxogo pode requirir máis dunha hora a unha nena ou neno da idade destinataria. Esta opción sería posible se incluíse a opción de gardar a partida, xa que se saímos do xogo pérdense os progresos. Non sucede o mesmo na versión en CD.
	Observacións
	—

F.2. Control do progreso

088	O videoxogo inclúe un controlador das accións do xogador ou xogadora?	
	□ Si	*Especificar a información que contén (número e porcentaxe dos retos ou actividades superadas e non superadas, tempo invertido...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a

	Rol	
089	O videoxogo ou materiais complementarios, fan referencia á figura do profesorado, educador/a, nai, pai...	
	■ Si	*Especificar o rol que se suxire (soporte dos contidos tratados no xogo, guía de experiencias de aprendizaxe colaborativas a partir do uso do xogo...) → Acompañamento, guía e reforzo.
	□ Non	
	Posibilidades de intervención no deseño instrutivo	
090	Que opcións se brindan especificamente á figura mediadora para intervir na estrutura do xogo?	
	□ Selección de niveis de dificultade.	
	□ Selección de retos ou actividades.	
	□ Creación completa de retos ou actividades	
	■ Non se brindan opcións para configurar o xogo.	
	□ Outra (especificar)	
	*Xustificar →	
	Comunicación dos criterios de elaboración do videoxogo	
091	Se o videoxogo ou os materiais complementarios contan cun apartado específico para a figura	

	dinamizadora, que información explícita se aporta?
	■ Explícase as grandes finalidades educativas que persegue.
	□ Explícase ou xustifícase a teorías ou teorías de aprendizaxe subxacentes.
	□ Explicación da lóxica interna que organiza os contidos e a secuencia dos retos.
	□ Explicación das fontes ou documentación de referencia tomadas para a selección e tratamento dos contidos do videoxogo.
	□ Explicación dos criterios polos cales se incluíron e/ou excluíron contidos. Xustifícase o por que da selección que se levou a cabo.
	□ Explicación dos conceptos básicos incluídos no videoxogo, e as relacións entre eles.
	□ Explicación dos criterios de conexión do contido coa contorna social e cultural.
	□ Explicación da relación entre os contidos e as áreas do nivel educativo.
	□ Explicación sobre as vantaxes da utilización do videoxogo respecto a outros medios.
	□ Non se conta cun apartado específico para profesorado, educadores/as, nais, pais...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Como sinalamos en anteriores apartados, o xogo conta cun apartado específico para adultos, onde se ofrece información moi xeral (non específica) sobre as finalidades do videoxogo.
	Propostas de uso
092	Se o videoxogo conta cunha guía didáctica ou material específico para o profesorado, educadores/as, nais ou pais, que se aporta?
	□ Suxestións didácticas e exemplos de utilización do videoxogo.
	□ Suxestións en canto á realización de actividades posteriores non incluídas nel.
	□ Suxestións en canto a procesos de avaliación, a parte dos resultados obtidos no videoxogo.
	□ Presentación ou incorporación doutros materiais cos cales se pode traballar para a afondar nos contidos.
	□ Non se aconsellan propostas de uso.
	■ Outra (especificar) → Suxestións relacionadas co uso responsable do videoxogo: selección do nivel adecuado, postura adecuada, tempo de uso...
	*Xustificar →
	Consideración das necesidades e opinións
093	No videoxogo ou materiais complementarios anticípanse as dificultades posibles da súa posta en práctica.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
094	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do profesorado,educadores/as, nais, pais... sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	• En relación ao ítem 090 relacionado coa figura dinamizadora, xustificamos a opción sinalada, xa que no apartado específico para adultos dentro do videoxogo aparece: *Este xogo está pensado para que sexan as nenas e nenos os que exploren, descubran e investiguen as*

opcións das pantallas do xogo. Mais recomendámosvos que, como adultos, acompañedes as e os infantes no xogo para reforzar a comprensión da dinámica de cada xogo de habilidade, para axudar as máis pequenas e pequenos a controlar o rato, para que comprobedes o grado de asimilación dos contidos, para motivalos a esforzarse e superarse e, tamén, para compartir divertidos momentos de xogo entre pequenos e adultos.

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a

095	No videoxogo inclúense retos a superar recorrendo a fontes de información alternativas ao videoxogo, levando ao xogador/a a facer pescuda noutros materiais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
096	No videoxogo ou no material complementario suxírense tarefas que deben realizarse en equipo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
097	No videoxogo o/a xogador/a pode configurar, seleccionar, cambiar contidos, retos ou actividades, adaptándoo as súas necesidades, permitindo controlar o seu propio proceso de aprendizaxe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
098	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do/a xogador/a sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar...

099	O videoxogo suxire agrupamentos flexibles.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
100	No videoxogo inclúense tarefas de interacción comunicativa, por exemplo entre alumnado de distintos niveis educativos ou centros educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
101	O videoxogo inclúe funcionalidades ou suxire estratexias organizativas que vinculan ao conxunto do equipo docente dun centro, con outros centros, do centro coa comunidade, da familia coa comunidade...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións

—

Conclusións da análise F

En liñas xerais respecto á aplicación didáctica do videoxogo, podemos concluír...
• O videoxogo na súa versión web non permite gardar as partidas, isto dificulta a súa utilización nun contexto escolar. • Importante destacar que no videoxogo tense en conta a figura dinamizadora, expresada como *pais educadores*, mais o que se aportan son pequenas orientacións e consellos. Non se realiza unha descrición concreta de cada un dos xogo especificando os beneficios pedagóxicos que se poden obter co seu uso, bótase en falta unha enumeración das finalidades e contidos específicos que se tratan, non se aportan propostas de actividades a realizar en familia ou no centro educativo, non se aportan consellos en canto a metodoloxía que podería ser empregada, etc. • O videoxogo non permite configuracións de ningún tipo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN

G.1. Natureza do mundo do xogo

102	Que tipo de natureza caracteriza o videoxogo?
	□ Natureza abstracta
	□ Natureza icónica
	■ Natureza narrativa
	Observacións
	• Realmente o videoxogo atópase na fronteira entre natureza icónica e narrativa. Seleccionamos esta última opción dado o carácter expositivo das instrucións de cada reto, onde as personaxes expoñen a situación que debe superarse para axudar ao animal correspondente.

G.2. Estrutura

103	Estrutura de navegación
	□ Lineal
	■ Núcleo con radios
	□ Sandbox
	□ Outra (esp.) →
	Observacións
	• O xogo está dividido en 3 zonas. Cada unha formada por distintos mini-xogos aos que se accede ao premer sobre os diferentes animais que se sitúan na illa (menú principal) As zonas activas están en cor e as inactivas en gris. Unha vez probados todos os xogos activos, un golfiño salta sobre as augas do río de ZooLoco. A través do golfiño, se accede a unha actividade que se deben realizar para que se activen novos xogos.

G.3. Niveis

104	O xogo consta de etapas, misións ou niveis?	
	■ Si	*Especificar número → 3
		*Describir → Cada fase está formada por cinco retos. Os da fase 2 e 3 teñen dous niveis de dificultade, agás o do león.
	□ Non	
105	Pódese repetir os niveis as veces desexadas?	
	■ Si, unha vez superados	
	□ Si, aínda que non se superen	
	□ Non, teríase que comezar o videoxogo	
	□ Outra opción (esp.)	

□ N/A
Observacións
• Enumeración dos xogos incluídos en cada fases: ○ Fase 1: Mono, Loro, Abella, Hipopótamo, Pabón. ○ Fase 2: Rinoceronte, Ra, León, Camaleón, Flamengo. ○ Fase 3: Elefante, Canguro, Koala, Avestruz, Crocodilo.

G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo

106	Que opción se brinda para intervir no espazo de configuración do xogo?
	□ Ningunha
	□ Combinatoria (selección avatar, escenarios, xogadores...)
	□ Construtiva (construción personaxes, escenarios, obxectos...)
	Observacións
	—

G.5. Trama argumental

107	No caso de incluír trama argumental, como se representa a historia contextual?
	□ Por medio de *cutscenes* (especificar: se só ao principio, entre fases...)
	□ Mediante voces en *off*
	□ Mediante textos en pantalla
	□ Outras (especificar)
	□ N/A
108	O videoxogo prové unha historia entendible para as características evolutivas do grupo destinatario do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
109	O videoxogo incita a coñecer e ir descubrindo a historia.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
110	A historia envolve emocionalmente (xerando intriga, alegría, misterio, etc.) Non é aburrida.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
111	A trama argumental é coherente coa estratexia educativa do videoxogo, axuda á consecución dos obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

G.6. A estrutura espacial do videoxogo

	Os escenarios do xogo		
112	Número:		
	□ Un escenario ou fondo		
	■ Varios escenarios (especificar número) → 15 aproximadamente (un por reto)		
113	Localización contornas:	Especificar características (reais, fantásticas...)	Nº
	■ Interior	Partes dunha vivenda: baño do hipopótamo; roupeiro do rinoceronte e cociña do crocodilo, salita (elefante). Todos de características reais, propias dunha casa de clase media.	4
	■ Exterior	Contorna natural: xardín cun palco para espectáculos (pabón); árbore cunha terraza (mono); paisaxe de costa (loro); lagoa (ra), rama de árbore (camaleón); litoral con torre para a observación (flamengo), etc,	9
	■ Neutro	Aínda que son fondos que simulan un xardín (abella) e un niño (avestruz).	2
	□ Outros (esp.)		
114	As contornas do videoxogo inspíranse e/ou reflicten lugares reais? (cidades, monumentos...)		
	□ Si	*En cales?→	
	□ Algunhas	*En cales?→	
	■ Non		
	□ Difícil determinar		
115	Dimensións:		
	■ 2D		
	□ 3D		
	□ Outra (esp.) →		
116	Perspectiva:		
	□ Cónica		
	■ Isométrica		
	□ Outra (esp.)		
117	Estilo gráfico:		
	□ Realista		
	□ Surrealista		
	□ Abstracto		
	■ Cartoon		
	□ Pixelado		
	□ Manga		
	□ Outro (esp.)		
118	Cores que predominan:		

	□ Cálidas
	■ Frías
	■ Claras
	□ Escuras
	□ Pastel
	□ Outra (esp.)
119	En que época histórica se ambienta o videoxogo?
	■ Presente
	□ Pasado
	□ Futuro
	□ Non reflexa ambientación
	Observacións
	• Nas pantallas inicio, xogo e fin de cada reto emprégase o mesmo escenario variando algún obxecto. • No videoxogo represéntase unha contorna natural concretada nunha illa dividida en tres partes por un río. Destacan sobre o verde suave as cores dos diferentes animais. • Predomina a cor verde e azul, aínda que nalgúns escenarios tamén se xoga cos marróns, amarelos e laranxas claros.

G.7. Visión do xogador/a

120	No espazo virtual do xogo	
	□ Primeira persoa	
	□ Terceira persoa	
	■ Omnipresente	
	□ Outra (especificar)	
121	O espazo físico (espazo real que ocupa o/a xogador/a) incorpórase dentro da dinámica do xogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

G.8. Personaxes

	Presenza de personaxes
122	Intégranse no videoxogo personaxes?
	■ Si
	□ Non
123	No caso de integrar personaxes, de que maneira?

	■ Pre-definidos (esp.) → Hai tres personaxes principais: Van, Ben e Komoko. E quince personaxes (animais) secundarios.
	□ Selección avatar (esp. as opcións)
	□ Creación avatar (esp. as opcións)
	□ Outro (esp.)
	□ N/A
124	Estilo gráfico
	□ Realista
	■ Surrealista → case todos os animais teñen dúas patas. Mestura entre corpo de animal e humano.
	□ Abstracto
	■ Cartoon
	□ Pixelado
	□ Manga
	□ Outro (esp.)
	□ N/A
125	Características da representación gráfica
	■ 2D
	□ 3D
	□ Outra (esp.) →

126	Especie	Nº de referencias
	■ Persoa	2 Van a nena e Bem o neno
	■ Animal	19 Esp: 15 animais no menú e 4 que aparecen extra nos xogos da avestruz (a serpe), no da canguro (a cría de canguro) e no do león (a parella e cria)
	■ Ser fantástico	1 Komoko
	□ Non se distingue	
	□ Outro (especificar)	

127	Roles					
	Femininos	Nº ref	Maculinos	Nº ref.	Asexuais	Nº ref.
	□ Heroína		□ Heroe		□ Heroe	
	■ Axudante	1	■ Axudante	1	□ Axudante	
	□ Antagonista		□ Antagonista		□ Antagonista	
	□ Provedora		□ Provedor		□ Provedor	
	■ Beneficiaria	4	■ Beneficiario	12	□ Beneficiario	
	□ Outra		□ Outro		□ Outro	

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	Personaxes principais	
128	Trazos / Procedencia / Etnia / Cor	Nº de referencias
	■ Occidentais	2 (Van e Bem)
	□ Asiáticos	
	□ Árabes	
	□ Indios	
	□ Africanos	
	□ Xitana	
	□ Azul	
	■ Amarelo	1 (Komoko)
	□ Verde	
	□ Laranxa	
	□ Rosa	
	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp)	
129	Xénero	Nº de referencias
	■ Feminino	1 (Van)
	■ Masculino	2 (Bem e Komoko)
	□ Asexual	
	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp.)	
130	Estados e necesidades especiais	
	□ Personaxe en cadeira de rodas	
	□ Personaxe sen unha extremidade	
	□ Personaxe xorda	
	□ Personaxe con baixa visión	
	□ Personaxe embarazada	
	□ Personaxe con dificultades lingüísticas	
	□ Outro (esp.)	
	□ N/A	
131	Idade	Nº de referencias
	■ Infancia (0-12 anos)	3
	□ Adolescencia (13-18 anos)	
	□ Mocidade (19-35 anos)	
	□ Adultez (36-65 anos)	
	□ Vellez (65 en diante)	

	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp.)	
132	Rexistro lingüístico	
	■ Estándar	
	□ Culto	
	□ Coloquial	
	□ Vulgar	
	□ Outro (esp.)	
	□ N/A →	
	Arquetipos	
133	No videoxogo ou nos materiais complementarios descríbese a personalidade das principais personaxes.	
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A	
	*Xustificar: Descríbense na páxina do proxecto. Acompañando a imaxe de cada personaxe, móstranse os seguintes textos: • *Van é unha nena moi alegre, curiosa e con moita imaxinación. Encántalle rir, aprender as letras e debuxar. Sempre está preparada para vivir grandes aventuras con Bem e Komoko. É moi aventureira!* • *Komoko é grande e de cor amarela. Encántalle viaxar e explorar lugares fantásticos. Aínda que non fala, lévase moi ben con todo o mundo e sempre se distrae con moita facilidade. Komoko é moi, moi bo.* • *Bem é o mellor amigo de Van e Komoko. Posúe unha gran capacidade para buscar solucións aos problemas. Ademais de xogar, a Bem encántalle axudar a todo o mundo. É moi valente!*	
134	Os nomes das personaxes suxiren as súas cualidades.	
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A	
	*Xustificar: Os nomes non suxiren expresamente cualidades, nin personalidades. Mais si podemos arriscarnos e deducir que o nome da personaxe nena (Van) e a do neno (Bem) son diminutivos de Vanessa e Bemxamín, nomes propios sen significado especial. Komoko é un nome máis especial, asociámolo a oriente (a personaxe é amarela) e a unha personaxe de gran tamaño e especial. Como é o caso.	
135	O papel que desempeñan as personaxes femininas no videoxogo é importante.	
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A	
	*Xustificar: O papel que desempeña Van é exactamente igual que o papel que desempeña a personaxe masculina Bem.	
136	As personaxes non reproducen estereotipos sexistas.	
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A	
	*Xustificar:Tendo en conta neste ítem tanto as personaxes principais como secundarias, dicir que no xogo hai máis presenza masculina. De 4 personaxes secundarias femininas que hai, dúas relaciónanse co coidado da crianza (canguro e avestruz) A voz da personaxe Van é moi fráxil. E vai de vestido e cun bolso, sen embargo o seu compañeiro Bem vai de pantalóns e mochila, mais apropiado para ir de aventura. Interpretaramos que a diferencia en canto vestimentas foi realizada para diferenciar ás personaxes, posto que teñen as mesmas características en canto constitución. A favor, sinalar que algunhas personaxes masculinas se presentan baixo problemáticas que	

	tradicionalmente puidesen ser atribuídas ao sexo feminino como pode ser dubidar sobre que roupa poñerse (rinoceronte). Se presentan personaxes que poderiamos considerar como transexuais, polas accións que realizan e pola voz en off asociada, como o pabón. A personaxe Van realiza as mesmas funcións que Bem e, a pesar de ter os ollos azuis, non cae no estereotipo de personaxe delgada, esvelta e loira.
137	Os arquetipos cos que se identifican as personaxes principias do videoxogo son coherentes cos obxectivos e contidos educativos do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: As personaxes principais actúan como guías e mediadoras entre o xogador/a e as personaxes secundarias. Motivan e aportan axudas.
138	As proporcións e corpos son adecuadas á idade e sexo das personaxes.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Os corpos das personaxes principais Van e Bem son iguais, diferéncianse no peiteado e na vestimenta. Emprégase o recurso de cabeza e ollos grandes, marcando trazos infantís.
139	Inclúense personaxes de diferentes complexións (delgada, atlética, grosa...)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: As personaxes principais Van e Bem teñen a mesma complexión atlética, mais Komoko representa unha complexión grosa, alta, forte per de personalidade débil. Nas personaxes secundarias atopamos personaxes de diferentes complexións: pequenas, delgadas, altas... moi acordes aos animais que representan.
140	As vestimentas e complementos das personaxes son apropiadas para as accións que realizan no videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Suponse que as personaxes van de aventura, polo que non vemos moi apropiado que Van vaia cun bolsiño e de vestido. Mais durante o xogo estas personaxes céntranse en presentar as problemáticas que teñen os animais e explicar as regras dos xogos, polo que tampouco realiza ningunha acción que non sexa acorde coa súa vestimenta.
141	O movemento das personaxes e/ou pose adecúase ás accións que realizan.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
142	Aprécianse diferentes estados anímicos nos rostros, nos xestos ou nos movementos.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Sobre todo cando o xogo é superado ou non superado. No primeiro caso os rostros móstranse alegres, aplauden, saltan...
143	As formas de falar das personaxes son coherentes cos seus estados.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: As voces das personaxes Van e Bem adáptanse ás situacións que acontecen, destacamos: • Estado triste ou asertivo, no momento de explicar a situación. • Estado neutro, ao explicar as regras do xogo • Estado alegre, na retroalimentación facilitada e ao finalizar correctamente o xogo • Estado asertivo ao non superar o xogo, mais tórnase a alegre no momento en que a niman a repetilo.
	Observacións

- Nos roles temos en conta as personaxes principais e secundarias, non se teñen en conta as seguintes personaxes extra: cría de elefante,cría de león, leoa e serpe.
- Imaxe das personaxes principais e secundarias:



G.9. Obxectos simbólicos

144	Que funcionalidade teñen os obxectos simbólicos?
	□ Proporcionan ou axudan a obter información para o desenvolvemento do xogo
	■ Manipúlanse para realizar as accións no xogo
	□ Proporcionan habilidade especiais ás personaxes
	□ Premian ou penalizan a puntuación no videoxogo
	□ Outra (esp.)
	□ N/A
	Observacións
	—

G.10. Estrutura temporal

	Tempos, relacións e excepcións	
145	Dimensión temporal	
	Tempo interno (tempo que transcorre dentro do mundo ficticio do xogo)	□ Cada nivel, proba ou partida teñen un tempo asignado para completarse.
		□ O tempo empregado afecta á puntuación.
		□ Emprégase unha dinámica de xogos por quendas.
		■ Outros (esp.) → Non se inclúe tempo.
		*Xustificar →
	Tempo externo	□ Finita: o xogo termina nun tempo dado (esp.)

	(tempo real que se emprega en xogalo)	■ Infinita: non existe unha limitación de tempo externo para terminar unha partida.
146	Relacións entre as dimensións temporais:	
	■ Dimensión única (é tempo real, non ficticio)	
	□ Simétrica (xógase en tempo real)	
	□ Asimétrica (tempo real diferente ao figurado)	
	□ Proxectada (tempo e accións do xogador/a son representados no mundo ficticio do xogo nunha época distinta ou con algún outro cambio que altere o significado do tempo, ex.: para explicar acontecementos)	
	*Xustificar →	
147	Excepcións ao fluxo temporal do xogo:	
	□ *Cut-scenes*	
	□ *Flash back*	
	□ *Flash forward*	
	□ Outra (especificar)	
	■ N/A	
	*Xustificar →	
	Observacións	
	—	

Conclusións da análise G

En liñas xerais respecto ao mundo de ficción do videoxogo, podemos concluír...
• O xogo a pesar de incluír unha animación inicial, sen locución mais con música de fondo, na que se presentan as personaxe e se observa como viaxan en globo até a illa ZooLoco, non se percibe o videoxogo como unha aventura gráfica. Trátanse de xogos independentes que se teñen que ir superando para poder desactivar outros, presentados polas personaxes principais. É dicir non existe unha trama argumental que enlace as situacións que acontecen ou relacionen os animais da illa. • Estamos ante un videoxogo en 2D de coidado deseño, no que se integran personaxes de diferentes especies: humana, animais e fantásticas. • No videoxogo non existe a presión do tempo e da puntuacións. A maioría dos xogos que se integran rematan unha vez solucionados, noutros inclúense tres intentos, mais pódense repetir as veces desexadas.

H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS

H.1. Regras do xogo

148	As regras percíbense de maneira clara e inequívoca.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As regras xerais do videoxogo explícanse claramente dentro da aplicación, no apartado específico para adultos, tamén na web do proxecto. Cada minixogo que se integra tamén é explicado ao inicio do mesmo.
	Observacións
	• As instrucións do xogo do hipopótamo non son moi claras, dise que hai que premer sobre as manchas dos dentes,cando en realidade sería premer mantendo pulsado o rato e mover.

H.2. Obxectivos do xogo

149	Tipoloxía dos obxectivos do xogo.
	■ Absolutos (teñen unha condición de vitoria invariable)
	□ Relativos (teñen unhas condicións de vitoria que poden variar en funcións dos eventos de cada partida)
	□ Abertos a interpretación subxectiva do alumnado, profesorado...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Os obxectivos e eventos de cada minixogo son os mesmos en cada partida.
	Adecuación
150	Os obxectivos do videoxogo son adecuados á idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Aínda que as actividades de mudanza de fase poden resultar complicadas a nenas e nenos da idade destinataria.
151	Os obxectivos do xogo son adecuados para alcanzar os obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O gran obxectivo do xogo é chegar á cúspide da illa ZooLoco, e para iso débese axudar aos animais que conviven na illa. Os obxectivos pedagóxicos e lúdicos está moi ben relacionados.
	Observacións
	—

H.3. Recompensas

152	Recompensas que se poden obter durante o xogo ou ao finalizalo.
	□ Obter puntos
	■ Superar niveis
	□ Obter premios físicos
	□ Obter bens virtuais

□ Aparecer en táboa de clasificacións
□ Gardar as marcas persoais
□ Outra (especificar)
*Xustificar → No videoxogo débense superar tres fases ou niveis para dalo por finalizado.
Observacións
—

H.4. Conflito do xogo

153	Natureza do conflito
	□ Conflito de superación persoal
	□ Interpersoais
	□ Intergrupais
	□ Negociados
	□ Cooperativos
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → A dificultade por superar cada minixogo recae no propio xogador ou xogadora.
	Observacións
	—

H.5. Os/as xogadores/as

	Estrutura de interacción
154	Composición dos xogadores/as
	□ Un só xogador/a
	□ Un só equipo
	□ Dous xogadores/as
	□ Dous equipos
	□ Múltiples xogadores/as
	□ Múltiples equipos
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar especificando se os xogadores/as xogan en rede ou de forma presencial→
155	Relación entre xogadores/as
	□ Alianza estática
	□ Alianza dinámica
	□ Outra (especificar)
	□ N/A
	*Xustificar →

Observacións
—

H.6. O equilibrio de dificultade

156	Existen mecanismos para modular a dificultade do xogo?		
	■ Si	■ Bríndanse ao inicio da partida	*Especificar cales e como son → Nalgúns minixogos pódese elixir o nivel de dificultade: fácil, difícil.
		□ Aparecen durante o transcurso do xogo	*Especificar cales e como son →
	□ Non		
157	En xeral, a complexidade do videoxogo é apropiada e suficiente.		
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A		
	*Xustificar:		
	Observacións		
	—		

H.7. Eventos do videoxogo

158	Mutabilidade (cambios que se introducen no sistema de xogo e que afectan ao desenvolvemento da partida)	
	□ Temporal. Afectan só a un lapso de tempo.	
	□ Finita. Afectan ao período correspondente a unha partida, desaparecen ao comezar outra nova.	
	□ Infinita. Poden quedar de maneira permanente.	
	■ N/A	
	*Xustificar → Dubidamos se seleccionar neste apartado mutabilidade finita, xa que cada vez que se xoga unha partida algúns dos elementos do xogo varían de forma aleatoria.	
159	Compoñente de azar	
	■ Si	*Especificar →Nas actividades de cambio de fase se inclúe un dado sobre o que hai que premer. En función do número que saia a personaxe Komoko se sitúa máis preto ou lonxe da meta. É indicador do número de preguntas a contestar para finalizar a proba.
	□ Non	

160	Accións do xogador/a			
	Xerais		Específicas	Estado do xogo
	Diexéticas	■ Mover personaxe	Crocodilo. Mover personaxe de dereita a esquerda, procurando coller alimento adecuado.	Recíbese *feed back* positivo ou negativo. Pérdese ao consumir 3 intentos.
		□ Calcular		
		□ Escribir		
		■ Seleccionar	Rinoceronte (difícil).	Recíbese *feed back* positivo

		Seleccionar prendas en función do tempo atmosférico e arrastralas.	ou negativo.
		Canguro. Seleccionar premendo sobre a distancia correcta.	Canguro salta.
		Actividades cambio de fase. Seleccionar premendo sobre a imaxe correcta.	Recíbese *feed back* positivo ou negativo.
	■ Premer	Hipopótamo. Premer de forma continuada sobre as manchas de dentes do hipopótamo.	As manchas desaparecen.
		Pabón. Premer sobre pluma.	Escóitase a acción a realizar.
		Abella. Premer sobre flores.	Recíbese *feed back* (nome palabra)
		Camaleón. Premer nas follas	Dan a volta. Se dúas son correctas quedan nese estado, en caso contrario regresan ao seu orixinal.
		Elefante. Premer nas velas.	Velas apáganse.
		Koala. Premer sobre o animal correcto.	Animal desaparece.
	■ Arrastrar obxectos	Pabón. Arrastrar pluma até parte do corpo correcta	Recíbese *feed back* da personaxe e/ou desaparece unha vida.
		Mono. Arrastrar número a lugar correcto	Recíbese *feed back* positivo ou negativo.
		Ra. Arrastrar número a lugar correcto.	Escóitase locución número
		Flamengo. Arrastrar animais a siluetas correspondentes.	Recíbese *feed back* positivo ou negativo.
		Rinoceronte (fácil). Arrastrar prendas a animal.	Prendas sitúanse no corpo.
		León. Arrastrar obxectos até o tamaño do león correcto.	Recíbese *feed back* positivo ou negativo.
		Avestruz. Arrastrar ovo.	Se toca 3 veces as paredes pérdese.
	□ Coller		
	■ Colorear	Loro. Premer nunha cor ou en varias para que se mesturen e logo nunha sección do debuxo.	Móstrase a sección coloreada coa cor seleccionada ou resultante.
	□ Construír		
	□ Outras (especificar)		
Non diexéticas	□ Pause		

	□ Configuración	
	■ Menú	Premer sobre 15 personaxes para acceder aos xogos
		Premer sobre as personaxes principais para obter axuda
		Premer sobre “Imprime e colorea”
		Premer sobre “Fondos de escritorio”
		Premer sobre “Información adultos”
		Facer *roll over* sobre os animais para saber quen son. En caso de estar inactivos o golfiño informa do seu estado.
	□ Outra (especificar)	
161	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.	
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A	
	*Xustificar: As situación non esperadas non suceden tanto mentres se xoga, se non que ao rematar cada xogo, dado que se empregan animacións, locucións... diferentes para motivar, animar ou aumentar a autoestima do/a xogador/a.	
162	O videoxogo adáptase de acordo á interacción do/a xogador/a xerando distintas situacións.	
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A	
	*Xustificar: En cada partida sempre suceden as mesmas situacións.	
	Observacións	
	—	

H.8. Resultados do xogo

163	Tipo de resultados
	■ Monoxogador/a con resultado absoluto (resultado de vitoria ou de derrota)
	□ Monoxogador/a con resultado de puntuación (outorgan puntuación, sen que implique vitoria ou derrota)
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	□ Outros (especificar) →
	*Xustificar → O xogo remata unha vez superados todos os minixogos que integra. Nos minixogos podemos diferenciar: • Resultados de vitoria, non existe derrota. Rematan favorablemente unha vez realizadas todas as accións solicitadas: Hipopótamo, Abella, Mono, Loro, Ra, Camaleón, Flamengo, Rinoceronte (fácil), León, Kola e Actividades de cambio de fase. • Inclúen resultados de vitoria ou de derrota. Supérase favorablemente se non se perden os tres intentos que incorpora: Pabón, Rinoceronte (difícil), Elefante, Canguro, Avestruz e Crocodilo.
164	Marcadores
	□ Alfanuméricos
	□ Icónicos
	■ N/A

	*Xustificar →
165	Cómputo que aparece no marcador
	□ Individual, por equipos ou ambos
	□ Mostra o resultado total ou parcial
	□ Puntuación final ou definitiva da partida
	■ N/A
	*Xustificar →
	Observacións
	—

Conclusións da análise H

En liñas xerais respecto ao sistema de regras do videoxogo, podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo monousuario/a, de regras sinxelas e obxectivos lúdicos claros. • No videoxogo non se fomenta a superación de marcas persoais (tempo, puntuacións...) A motivación é superar minixogos para ter acceso a máis. • Nos minixogos os eventos que se suceden son os mesmos en cada partida. As accións a realizar sempre son as mesmas, mais de forma aleatoria os elementos que se mostran na pantalla e cos cales se interactúa poden variar. • As principais accións a realizar por parte do xogador/a son premer e arrastrar os obxectos ao lugar adecuado para así recibir unha retroalimentación en locucións positiva ou negativa (sen repercusións).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE

I.1. Interface gráfica

166	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?
	■ Menú
	■ Botóns
	□ Logos
	□ Mapa xeral do xogo
	■ Caixas de texto
	□ Outros (especificar)
167	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
	*Xustificar: Ao facer *roll over* sobre as ilustración que forman o menú recíbese *feedback* sobre os elementos que se poden premer, a través de locucións, de animacións, de aumento da imaxe...
168	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender.
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
	*Xustificar: Empréganse imaxes, por exemplo o botón de saír é o globo no que chegaron á illa as personaxes, o acceso a cada minixogos e a través da imaxe dos animais que actúan de botóns, o acceso a información para adultos é unha botella no mar, etc.
169	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
	*Xustificar: A distribución da información está moi coidada, percibimos tres niveis: • Parte superior dereita, atópase o botón saír. • Parte central, botóns de acceso aos xogos, representados polos animais • Parte inferior, información e recursos adicionais:imaxes para imprimir, fondos de pantalla...
	Observacións
	• A pantalla principal do videoxogo é o menú, que toma forma dunha illa estruturada en tres partes e sobre a que se sitúan os 15 animais sobre os que hai premer para acceder a cada minixogo. • Botóns: ◦ No menú: ▪ 15 animais, acceso a cada un dosxogos ▪ Botón saír, salta unha subpantalla para asegurar a saída, integra botóns Si e Non ▪ Botón “Imprime e colorea” ▪ Botón “Fondos de escritorio” ▪ Botón “Información adultos” ▪ Personaxes principais, aportan instrucións sinxelas sobre como interactuar no menú en función do momento de xogo no que nos atopemos. Por exemplo antes de comezar o xogo: ◦ Ao facer roll sobre eles, escóitase a locución: *Precisas de axuda?* ◦ Ao premer sobre eles, indícase como acceder a cada xogo. ▪ Golfiño, cando salta e se preme nel,accédese á actividade de cambio de fase. ◦ Dentro dos xogos: ▪ Botón Si e Non na caixa de instrucións, permiten ou non acceder ao xogo.

- Botón saír dentro do xogo, leva á pantalla principal.
- Botón Si e Non na caixa de resultados, permiten ou non repetir o xogo.

- Cada un dos botóns adicionais (non de acceso a xogos) vai acompañado de texto (sae e facer *roll over*) e están locutados.
- Caixas de texto: indicacións de como se xoga en cada minixogo e preguntas (repetir o non o xogo e saír ou non do xogo).

I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
170	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)
171	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do/a xogador/a
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
172	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: Gran parte de ilustracións incluídas na app, funcionan como obxectos simbólicos sobre os que se interactúa para realizar as accións. As vivendas das personaxes, árbores u outros obxectos non aportan información relevante para a consecución dos obxectivos. A información gráfica, ilustracións, animacións, etc. non teñen valor pedagóxico para a adquisición de coñecementos.
173	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Son adecuados tanto para a súa correcta observación como interacción.
174	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Aínda que os escenarios están coidados, son moi sinxelos e non inclúen aspectos como os especificados no ítem.
175	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
	Texto escrito
176	Non ten faltas de ortografía e as construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Non atopamos ningún erro ortográfico nin de tradución.

177	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade e comprensible.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
178	Utiliza fontes tipográficas fáciles de ler.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Valoramos que a lectura será realizada por adultos.
179	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Consideramos que o das instrucións podían ter un maior tamaño.
180	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
181	Contraste adecuado do texto sobre o fondo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os cadros de texto, como os das instrucións, son semitransparentes de cor branco, polo que se no fondo se inclúen ilustracións diferentes en cor intensa pode dificultarse a lectura.
182	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa, adecuada ao xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
183	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos ou textos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
184	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
185	O tempo estimado para a lectura das viñetas ou narracións é axeitado ás características psicoevolutivas das/os destinatarias/os principais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Locucións
186	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
187	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A voz da personaxe feminina Van é un pouco estridente.
	Son (música, efectos...)

188	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Melloran o entendemento xa que guían nas accións realizadas, ben a través de efectos de son ou de locucións.
189	Os sons de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os sons están moi coidados.
190	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Soamente hai música ambiente no menú, na pantalla principal.
191	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Combinación dos aspectos audiovisuais
192	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas, os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
193	A información chave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc. Sen romper coa estética que engloba o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

I.3. Accesibilidade

194	Que se pode configurar no videoxogo?
	□ Axustar o tamaño da fonte
	□ Activar e desactivar subtítulos
	□ Activar e desactivar sons, música ambiente...
	□ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)
	□ Contraste, brillo e cor do xogo
	□ Configurar teclado, *joystick*, rato...
	□ Non permite configuracións
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar →
	Observacións

• Inclúe música de fondo no menú principal, non dentro do videoxogo. Non se pode desactivar.

I.4. Funcionalidade técnica xeral

195	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introdución ao xogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Pódese saltar a animación inicial e final, mais non permite saltar a locución que se escoita nas actividades de mudanza de fase.
196	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: Na versión web,que é a que estamos analizando non permite gardar as partidas. Hai que volver comezar de cero. Na versión CD si se pode gardar o estado das partidas.
197	Os tempos de carga son razoables.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A primeira vez que se accede a cada un dos xogos, a carga non é inmediata. Esta carga tamén demora un pouco no acceso ás actividades de cambio de fase, sobre todo na terceira.
198	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Na web do proxecto móstrase a imaxe de Komoko como *favicon*, polo tanto si é significativo, mais o acceder ao xogo este desaparece, mostrándose unha folla en branco. 
199	Os subtítulos pódense pasar manualmente, premendo por exemplo nun botón.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar:
200	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento e o control do videoxogo non entraña dificultades, tendo en conta o grupo ao que se dirixe.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar:
201	Está libre de erros de programación.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: indicar neste ítem que nas instrucións iniciais de cada xogo, ao mover o rato a personaxe deixa de falar. Este aspecto que melloraríamos, máis que erro de programación podería ser erro de deseño da interacción.
	Observacións
	• Outros erros detectados no videoxogo: ◦ No xogo da serpe dise que se ten 2 intentos cando en realidade son 3. ◦ No xogo do pabón dise que hai que premer na pluma 5 veces cando en realidade son 6. ◦ Unha vez superada a fase 3, o golfiño di: *Para xogar con máis animais tes que axudar a Komoko.* Cando xa se xogaron en todos os xogos.

Conclusións da análise I

En liñas xerais respecto á usabilidade e interactividade do videoxogo, podemos concluír...
• O videoxogo é intuitivo cunha estrutura coherente en todas as pantallas. Non se aprecian erros importantes de programación e de deseño, salvo dúas ou tres locucións que se fosen corrixidas solucionaríanse as incongruencias detectadas. Mais o videoxogo non se adapta a un formato web o que dificulta interactuar no mesmo, provocando unha experiencia de usuario non óptima.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

K.1. Conclusións finais

202	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico. Recoller un resumo dos aspectos positivos e negativos.

Vantaxes	Inconvenientes
Videoxogo creado en diferentes idiomas, no que se inclúe o galego.	Non inclúe información técnica, por exemplo para indicar cal é a resolución de pantalla adecuada para a súa correcta visualización (esta información si está en formato CD)
Gratuíto.	Os obxectivos educativos do videoxogo expóñense dunha forma moi xeral. Non se explican as finalidades pedagóxicas de cada un dos minixogos que se integran, nin se realizan propostas didácticas para a súa utilización.
Inclúe información pedagóxica xeral e consellos dirixidos a persoas adultas para un uso responsable.	A pesar de que os obxectivos pedagóxicos e lúdicos do videoxogo son adecuados á idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario, non consegue cumprir co obxectivo principal de introducir os máis pequenos no uso das novas tecnoloxías, xa que o videoxogo non se adapta a contorna web. Debido a isto, a experiencia de usuario non é óptima, resultando dificultoso interactuar na gran maioría dos xogos ao ter que estar manexando a barra de scroll.
Obxectivos educativos adecuados ao grupo destinatario.	Na instrucións da personaxe pabón hai un erro, indícase un número determinado de accións a realizar non correspondente coas que se teñen que facer dentro do xogo.
Obxectivos e contidos ben integrados na estrutura do xogo.	A mecánica do xogo do hipopótamo é mellorable.
Integra unha gran variedade de minixogos ou actividades: 15 diferentes, das cales 9 integran dous niveis de dificultade, ademais de 3 actividades de cambio de fase.	
Personaxes principais e secundarias coidadas, de deseño claro e atractivo.	
Linguaxe non sexista e adecuado ao público obxectivo.	
Retroalimentación variada, motivante e dirixida a aumentar a autoestima.	

Análise do videoxogo

Xoga con Alfombriña

Data de inicio do proceso da análise	18 de xaneiro de 2016
Hardware empregado	• Computador Vaio (Sony) • Modelo: SVF153A1YM • Edición: Windows 10 Home • RAM utilizable: 7,90 GB • Tipo de sistema: Sistema operativo de 64 bits, procesador x64 • Navegador web: Google Chrome ◦ Versión 47.0.2526.106 m

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....4
A.3. Imaxes de referencia....7
Conclusións do bloque A....7
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....8
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....8
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....8
Conclusións do bloque B....9
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....10
C.1. Código PEGI....10
C.2. Idea do xogo....10
C.3. Funcións xerais....10
C.4. Clasificación....10
C.5. Grupo destinatario....11
C.6. Obxectivos lúdicos....12
C.7. Regras do xogo....12
C.8. Retos....12
C.9. Obxectivos educativos....14
C.10. Contidos educativos....15
C.11. Relación co Currículo Oficial....15
Conclusións do bloque C....16
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....17
D.1. Idioma....17
D.2. Son....17
D.3. Rexistro....18
D.4. Plataforma....18
D.5. Sistema operativo....18
D.6. Sistema periférico....18
D.7. Outros requisitos técnicos....19
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....19
D.9. Linguaxe de programación....19
D.10. Compras....19
D.11. Publicidade....20
D.12. Garantía....20
D.13. Contacto....20
Conclusións do bloque D....20
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....21
E.1. Obxectivos educativos....21
E.2. Contidos educativos....21
E.3. Ámbito de incidencia....23
E.4. Retos....24
E.5. Retroalimentación e axuda....25
E.6. Teorías de aprendizaxe....26
Conclusións da análise E....27
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....28
F.1. Tempo....28
F.2. Control do progreso....28
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....28

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....29
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....30
Conclusións da análise F....30
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....31
G.1. Natureza do mundo do xogo....31
G.2. Estrutura....31
G.3. Niveis....31
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....32
G.5. Trama argumental....32
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....32
G.7. Visión do xogador/a....34
G.8. Personaxes....34
G.9. Obxectos simbólicos....38
G.10. Estrutura temporal....39
Conclusións da análise G....39
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....40
H.1. Regras do xogo....40
H.2. Obxectivos do xogo....40
H.3. Recompensas....40
H.4. Conflito do xogo....41
H.5. Os/as xogadores/as....41
H.6. O equilibrio de dificultade....42
H.7. Eventos do videoxogo....42
H.8. Resultados do xogo....43
Conclusións da análise H....44
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....45
I.1. Interface gráfica....45
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....45
I.3. Accesibilidade....48
I.4. Funcionalidade técnica xeral....48
Conclusións da análise I....49
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....50
K.1. Conclusións finais....50

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	Xoga con Alfombriña		
002	Ano ou data lanzamento	2008		□ Non figura
003	Colección	Contos da igualdade		□ Non forma parte
004	Soporte	■ CD		Especificar
		□ En liña	□ Accesible en Web	
			□ Descarga en Web	
			□ Rede social	
			□ Descarga en tenda	
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	Na tenda virtual de Baía Edicións: http://www.baiaedicions.net/galego/alfombria.html		
006	Prezo	■ €	11,54	
		□ Pts		
		□ Gratuíto		
		□ Outra opción		

Observacións

- "Xoga con Alfombriña" é un CD con xogos que acompaña o libro "Alfombriña", pertencente á colección "Contos da igualdade" da editorial Baía Edicións. Trátase da terceira entrega, os anteriores contos foron: "Un día de treboada" de María Mata e "Xela volveuse vampira!!" de Fina Casalderrey.
- Coa colección preténdese *romper coa tendencia nos contos infantís de asignar roles estereotipados a nenos e nenas, que condicionan a capacidade de soñar sen límites no propio futuro, de imaxinar un mundo de igualdade entre homes e mulleres*.

A.2. Autoría

007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	■ Empresa tecnolóxica	1	imaxin|software	Santiago de Compostela	http://www.imaxin.com/
	□ Xunta de Galicia				
	□ Concello				
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	□ Fundación				
	■ Editorial	1	Baía Edicións	A Coruña	http://www.baiaedicions.net/

	□ Produtora audiovisual				
	□ Persoa/s física/s				
	□ Outras/os (especificar)				
	□ Non figuran				

008	Iniciativa
	□ Propia
	■ Contratación
	□ Concurso público
	■ Subvención
	□ Outra
	□ Non figura / difícil de determinar

009	No videoxogo ou no material de soporte inclúense créditos cos nomes propios das persoas que participaron na elaboración do recurso?	
	■ Si	*Especificar → • Ilustracións: Cristina Ferreirós • Coordinación técnica: Luz Castro • Deseño gráfico: Mauro Trastoy • Programación: Chus Ruiz • Audio: Studio XXI
	□ Non	

010	No videoxogo ou no material de soporte indícase se participaron na súa creación un equipo pedagóxico ou especialistas en educación?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	

Observacións

- Baía Edicións contratou á empresa imaxin|software para a creación de "Xoga con Alfombriña". Trátase dun CD con xogos, dunha adaptación do conto que acompaña.
- No adhesivo do CD e na pantalla de saída do CD móstrase o logo da editorial e o da empresa imaxin|software, xunto co nome concreto das persoas que participaron na creación dos xogos. Sen embargo na pantalla de inicio do CD soamente se mostra o logo de Baía.
- A portada do libro inclúe o nome da autora do conto: Cristina F. Podemos comprobar que a autora do libro tamén foi a encargada de realizar as ilustracións para o CD, entendemos que tamén as do conto.
- Dubidamos se esta colección de contos foi posible grazas unha subvención ou axuda da Xunta de Galicia, xa que centrado na marxe inferior da portada do libro sitúase o nome da institución e na contraportada inclúense os seguintes logos:
  - Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Secretaría General de Política de Igualdad. Instituto de la Mujer.
  - Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral da Igualdade.
  - Servizo Galego de Igualdade.
- Sobre a autoría:
  - Programación: imaxin|software é unha empresa dedicada ao desenvolvemento de servizos e solucións avanzadas de software e multimedia desde o ano 1997, especializada en enxeñería lingüística e en videoxogos educativos e formativos.
  - Na páxina web desta editorial podemos ler: *Baía Edicións desenvolve 26 coleccións dirixidas ao público Infantil e Xuvenil, que se concretaron nos máis de 170 títulos do*


actual catálogo infantil da editorial, algúns deles merecedores de premios. Nos proxectos dirixidos ao público infantil, tenta sempre combinar o carácter didáctico das coleccións (Os dereitos do neno e da nena, Carteira de valores, Contos da igualdade, Queremos saber, A aventura de vivir, Primeiros coñecementos de ciencia) con outros con predominio lúdico-literario (Rodribico, Mar de letras, Xiz de cor, Grandes clásicos adaptados), Fabulando, todos eles cun importante contido visual.
Máis información en: http://www.baiaedicions.net/galego/sobre-nos

- Cristina Ferreirós: *Nace o 28 de outubro de 1962 en Salamanca. Actualmente reside en Santiago de Compostela. Realizou estudios de Filosofía e se considera de profesións diversas: escenógrafa e aterezzista para distintos grupos de teatro e monicreques, obreira e restauradora de mobles. Cabe destacar tamén que é integrante de Mulheres Transgredindo.*
  - *Publicacións*
    - *Alfombriña. Colección Contos da igualdade. Baía Edicións, 2008.*
    - *Mala Malona tiña tal boca. Sotelo Blanco.*
    - *Mala Malona tiña tal rabo. Sotelo Blanco.*
    - *Mala Malona era tal negra. Sotelo Blanco.*
    - *Mala Malona tiña tal forza. Sotelo Blanco.*
    - *O Navegante (texto adaptado polo grupo de teatro Chévere). Autora e ilustradora.*
    - *Adaptadora de Nadarín, de Leo Leoni, para o grupo de monicreques Trompicallo.*

- Imaxe da pantalla de saída do CD onde se especifica os nomes concretos da autoría:



A.3. Imaxes de referencia

011	 Menú	 Xogo “Onde está?”
	Observacións	
	—	

A.4. Outros datos

012	Premios e/ou méritos recibidos (indicar como se obtivo a información)
	—
013	Número de copias reproducidas e onde se repartiron, descargas, persoas rexistradas... (indicar como se obtivo a información)
	—
014	Outra información de interese
	—

Conclusións do bloque A

En liñas xerais respecto á identificación do videoxogo podemos concluír...
• “Xoga con Alfombriña” é un CD con xogos, trátase dunha adaptación a formato multimedia do conto para a igualdade “Alfombriña”. • O CD pode mercarse en Baía Edicións xunto co conto que acompaña, mais tamén se atopa dispoñible nalgunhas bibliotecas públicas de Galicia, como podemos observar se accedemos á Rede de Bibliotecas de Galicia: http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/DetalleRexistro.aspx?CodigoBiblioteca=PEC041&Rexistro=6362&Formato=Etiquetas • En “Xoga con Alfombriña” empréganse as ilustracións do conto, creadas pola autora Cristina Ferreirós. • No CD inclúese unha ficha técnica coas funcións e nomes propios das persoas que participaron na creación do CD. Mais descoñécese quen foi a persoa encargada de realizar a adaptación do conto ao CD ou responsable do guión multimedia.

B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO

B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo

015	Que recursos acompañan o videoxogo? (breve descrición)	
	□ Web do proxecto	
	□ Embalaxe	
	□ Material impreso	
	□ Espazo en tenda virtual	
	□ Outro (especificar) → • Conto	Conto de 36 páxinas na que se mostra unha historia na que á súa protagonista non lle gusta que lle digan o que ten que facer, ela quere decidir por ela mesma.
	Observacións	
	• Imaxe de referencia da portada e interior do conto: 	

B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo

016	Que materiais ou informacións se integran no videoxogo ou nos recursos sinalados no anterior apartado?			
	Materiais	Onde?[1]	Formato[2]	Descrición
	□ Titorial			
	□ *Trailer*			
	□ Sinopse			
	□ Presentación formal			
	□ Guía didáctica específica para docentes			
	□ Información xeral de carácter			

1 Indicar se está dentro do videoxogo ou na embalaxe, ou no material impreso, etc
2 Indicar se é un PDF para descargar, epub, material impreso, titorial interactivo que explica as accións a realizar, o funcionamento da interface, etc.

pedagóxico.			
□ Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso			
□ Materiais didácticos complementarios (vídeos, actividades para imprimir...)	Conto:material impreso. Na súa contraportada sitúase o CD	Papel	Non conto faise unha presentación das personaxes e do que lle acontece a Alfombriña.
□ Información técnica			
□ Outro/s			
Observacións			
—			

Conclusións do bloque B

En liñas xerais respecto aos materiais e informacións que acompañan o videoxogo podemos concluír...

- O CD "Xoga con Alfombriña" é o que complementa o conto "Alfombriña". Como indicamos, trátase dun conto para o fomento da igualdade. Un conto curioso e diferente, destaca pola súa aparente sinxeleza e orixinalidade. Mostra:
  - A casa da protagonista e ás seguintes personaxes:
    - Nai de Alfombriña
    - Pai de Alfombriña
    - Un domador de nenas e de nenos
    - Federica (é unha ratiña)
    - Quico (é un can)
    - A roda Catarina
    - E Alfombriña
  - Por que se chama Alfombriña.
  - Cales son os seus desexos.
  - Quen non lle deixa cumprir co que quere
  - Como o aire pode levantala do chan e así poder ver as cousas dende o alto

C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA

C.1. Código PEGI

017	Faise uso da clasificación PEGI?				
	□ Si	* Que etiqueta ou etiquetas se inclúen?			
		□ PEGI 3	□ PEGI 7	□ PEGI 12	□ PEGI 16	□ PEGI 18
		□ Linguaxe groseira		□ Drogas	□ Medo	□ Xogo
		□ Sexo	□ Violencia	□ En liña	□ Discriminación	□ PEGI OK
	■ Non					
	Observacións					
	—					

C.2. Idea do xogo

018	Especifícase se o videoxogo está baseado noutro medio?			
	□ Si	□ Orixinal	■ Libro	□ Banda deseñada
		□ Película	□ Feito real	□ Outra (esp.) →
	□ Non			
	Observacións			
	• En realidade é un conto, como xa especificamos e describimos.			

C.3. Funcións xerais

019	Especifícase para que se creou o videoxogo?				
	□ Si	*Onde? →			
		*Cal é a súa función?			
		□ Entreter	□ Motivar	□ Adestrar	□ Experimentar	□ Reforzar aprendizaxes
		□ Educar	□ Outras (especificar) →			
	■ Non					
	Observacións					
	• Explícitamente non. Simplemente se menciona na pantalla de inicio do CD que é unha adaptación do libro"Alfombriña".					

C.4. Clasificación

020	Indícase que tipo de recurso é?	
	■ Si	*Onde? → • Portada conto
		*Que termo se emprega?

	□ Videoxogo	■ Xogo	□ Xogo dixital	□ Mini xogo	□ Recurso lúdico
	□ Outro/s (especificar) →				
□ Non					
021	Indícase o xénero ou subxénero ao que pertence?				
□ Si	*Onde? →				
	*Que termo se emprega?				
	□ Educativo	□ Conversacional	□ Aventura gráfica	□ Serious Game	□ Estratexia
	□ Outro (especificar) →				
■ Non					
Observacións					
• O termo é empregado en plural: Xogos. Concretamente na parte inferior dereita da portada do conto aparece: *Inclúe xogos en CD.* • Nin no libro nin no CD se comenta de que tipoloxía son os xogos.					

C.5. Grupo destinatario

022	Especifícase para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?				
□ Si	*Onde? →				
	*Para cal? (especificar)				
	□ Centros educativos	□ Fogar	□ Museo		
	□ Outro (especificar) →				
■ Non					
023	Especifícase para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?				
□ Si	*Onde? →				
	*Para cal? (especificar)				
	□ Local	□ Provincial	□ CCAA	□ Nacional	□ Internacional
	□ Outro (especificar) →				
■ Non					
024	Especifícase a quen vai dirixido principalmente o videoxogo?				
■ Si	*Onde? → • Na contraportada do libro				
	*Que se determina? (especificar)				
	■ Idade • De 2 a 6 anos	□ Nivel educativo	□ Características especiais (autismo, xordeira, cegueira...)		
	□ Outro (especificar) →				
□ Non					
025	Menciónase os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?				
□ Si	*Onde? →				

	*Cales son? →
■ Non	
Observacións	
• Na contraportada móstrase a idade destinataria, mais non se explicita se é a relativa ao xogo. Entendemos que ao ser un material que complementa e se vende xunto co libro o grupo destinatario principal é o mesmo.	

C.6. Obxectivos lúdicos

026	Explicítase o obxectivo u obxectivos finais do xogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son →
	■ Non	
	Observacións	
	—	


C.7. Regras do xogo

027	Descríbese de forma xeral como se xoga ao videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

C.8. Retos

028	Enumérase os retos e/ou actividades que se teñen que realizar?	
	■ Si	*Onde? → Dentro do videoxogo, ao comezo do xogo seleccionado.
		*Resumo de cales son → Ver observacións
	□ Non	
	Observacións	
	• O CD está composto por5 minixogos:	


- 1. *Colorear. Escolle co pincel unha cor na paleta e preme nas zonas brancas para dar cor ao debuxo.*




- *2. Onde está?* Hai que premer sobre a personaxe que indica unha locución feminina en off.



- 3. *Grandes e pequenas. Leva as cousas grandes ao círculo azul, as pequenas ao rosa e as medianas ao laranxa.*



- *4. Balo quere ser pelota. Tódalas nenas e tódolos nenos queren que Balo triunfe nos mellores campos de fútbol do mundo. Pero a Balo o que realmente lle interesa é ir aos campionatos de ximnasia rítmica convertido nunha espelida pelota. Axuda a Balo a ser pelota. Saltando dun lado a outro sen tocar o chan. Usa as teclas das frechas.*



- *5. A vestirse.* Hai que poñerlle á roupa adecuada á personaxe segundo a actividade que vai realizar. Pode ser a nai ou o pai de Alfombriña.



- 6. Sei contar. *As formigas de Alfombriña escaparon da caixa, mete tres formigas na caixa.*



C.9. Obxectivos educativos

029	Enuméranse as competencias básicas que activa?	
	□ Si	*Onde? →

		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
030	Enuméranse os obxectivos educativos concretos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

C.10. Contidos educativos

031	Enuméranse os contidos educativos que se tratan no videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

C.11. Relación co Currículo Oficial

032	Indícase a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo.	
	□ Si	*Onde? →
		*Cal é? →
	□ Non	
033	Especifícase se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	□ Non	
034	Especifícase se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →

☐ Non
Observacións
—

Conclusións do bloque C

En liñas xerais respecto á información lúdica-pedagóxica que acompaña o videoxogo podemos concluír...
• Nin no libro, nin dentro do CD, se aporta información específica relacionada cos obxectivos e/ou contidos tratados en cada un dos minixogos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

D.1. Idioma

035	Sen entrar no videoxogo, especifícase o idioma ou idiomas que soporta?				
	□ Si ■ Non	*Onde? →			
		*Indicar número de idiomas → 1			
		■ Galego	□ Español	□ Vasco	□ Catalán	□ Inglés
		□ Outro/s (especificar) →			
036	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan visibles os idiomas?				
	□ Botóns (texto)				
	■ Botóns (locución)				
	□ Caixas con textos escritos (instrucións, narración, axudas...)				
	□ Caixas con textos locutados (instrucións, narración, axudas...)				
	■ Locucións personaxes				
	□ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso...)				
	□ Outros (especificar)				
	Observacións				
	• No CD non se inclúe texto, escóitase unha voz feminina, encargada de locutar: ◦ Os botóns ◦ As instrucións de cada xogo. ◦ A retroalimentación ante resultados correctos (tipo: ben feito, moi ben...)				

D.2. Son

037	Que sons integra o videoxogo?
	■ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
	■ Música
	■ Voces
	□ Outros (especificar)
	□ N/A
	Observacións
	• Os efectos de son son moi sinxelos, destacan dous: ◦ O negativo ou o que de accións incorrectas, caracterízase por ser neutro. ◦ O positivo, tamén demasiado neutro. • Escóitase un música de duración curta na pantalla de inicio e de selección dos xogos. Repítese en bucle. • Como xa indicamos soamente se escoita unha voz en off.

D.3. Rexistro

038	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?	
	□ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.4. Plataforma

039	Inclúese información sobre as plataformas nas que funciona?		
	□ Si ■ Non	*Onde? →	
		*Indicar as plataformas nas que pode ser utilizado.	
		□ Consola (esp.)	■ PC □ Teléfono intelixente
		□ Tableta	□ Outra/s (esp.) →
	Observacións		
	—		

D.5. Sistema operativo

040	Inclúese información sobre os sistemas operativos nos que funciona?				
	□ Si ■ Non	*Onde? →			
		*Indicar e especificar versión.			
		□ Windows	□ Linux	□ MacOs	□ Android	□ iOS
		□ Outro/s (especificar)			
	Observacións				
	—				

D.6. Sistema periférico

041	Inclúese información sobre os periféricos necesarios para a interacción no videoxogo?			
	□ Si ■ Non	*Onde? →		
		*Indicar cales se necesitan		
		□ Teclado	■ Rato	□ *Joystick*	□ Pantalla táctil
		□ Outro/s (especificar)		
	Observacións			
	—			

D.7. Outros requisitos técnicos

042	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?		
	□ Conexión á rede	□ Resolución mínima da pantalla	□ RAM
	□ Tarxeta de son	□ Instalación de plugins	□ Execución de arquivos
	□ Outros (especificar)		■ N/A
	Observacións		
	• Non se especifican.		

D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

043	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?
	□ Realidade Aumentada
	□ Realidade Virtual
	□ Kinect
	□ Chat
	□ Control parental
	□ Redes Sociais
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
	Observacións
	—

D.9. Linguaxe de programación

044	Especifícase a linguaxe de programación na que se creou o videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.10. Compras

045	O videoxogo inclúe compras integradas?	
	□ Si	*Especificar obxectivos e prezos das compras (mellorar habilidades personaxe, aumentar tempo de xogo...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.11. Publicidade

046	O videoxogo integra publicidade?	
	□ Si	*Especificar tipo de publicidade (subliminar, intrusiva...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.12. Garantía

047	Inclúe garantía de compra ou algún tipo de protección legal ante erros xurdidos no videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.13. Contacto

048	Inclúese algún teléfono, correo, formulario... para consultas, resolver problemas ou dúbidas?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	• Na última páxina do libro inclúese o enderezo da editorial, mais relacionado cos dereitos da obra, non para o propósito que aquí indicamos.	

Conclusións do bloque D

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír...
• Nin no libro, nin no CD se especifican os requisitos mínimos do sistema necesario para o correcto funcionamento do xogo. • O CD está en galego. • Non inclúe formas de contacto. • Non inclúe compras, nin publicidade integrada.

E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO

E.1. Obxectivos educativos

	Adecuación
049	Os obxectivos educativos son adecuados ao grupo destinatario ao que se dirixe (en función da idade ou áreas de desenvolvemento: motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A[1]
	*Xustificar: Non para nenas e nenos de 2 anos, podendo resultar moi fáciles para infantes de 6 anos, sobre todo os xogos relacionados cos números, cos tamaños e situacións.
050	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Os xogos verdadeiramente acordes co libro e co obxectivo principal de fomentar o valor da igualdade son o de Vestir e o da Pelota (nas instrucións). Os demais, aínda que se tratan obxectivos propios da etapa infantil son independentes os uns dos outros, sen coherencia.
51	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se perseguen.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Consideramos que o máis idóneo sería que o videoxogo contase cunha narración ou fío condutor entre os xogos, que axudase ademais a reforzar o valor da igualdade.
052	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Os xogos son moi sinxelos para a complexidade do obxectivo que se pretende. Mais o xogo de Vestir é o que máis se adecúa para traballar o tema da igualdade.
053	Os obxectivos pedagóxicos intégranse coherentemente cos obxectivos do xogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Si no xogo da pelota e no de vestir, mais non en gran medida nas restantes actividades.
	Observacións
	—

E.2. Contidos educativos

	Procedencia da información
054	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Dado que algúns dos xogos incluídos no CD tratan contidos relacionados cos números, cores, clasificacións, etc.
055	O contido inclúe ámbitos de saber popular, tradicional...
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar:

1 0 = Non, en modo algún | 1 = Bastante, en gran medida | 2 = Si, absolutamente | N/A = Non aplica

056	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Estrutura e representación
057	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, quebracabezas, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os contidos estrutúranse en minixogos independentes uns de outros.
058	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: No videoxogo non se inclúe contido expositivo, débense demostrar os coñecementos ou habilidades interactuando en cada xogo.
059	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
060	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os contidos educativos, salvo o xogo de Balo e o de vestir, son evidentes.
	Promoción de valores
061	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non se mostran personaxe de outras culturas.
062	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Aínda que nos chamou a atención, dado que estamos ante un recurso no que se pretende romper cos estereotipos, que nos xogo dos tamaños se inclúa en cor azul o círculo máis grande e o rosa máis pequeno. Tamén no xogo de contar formigas que estas sexan de cor negra, entre as que destaca unha branca, ao premer na branca felicítase ao xogador/a. Coidamos que dado o carácter fantástico e subrealista dalgunhas imaxes e personaxes, nas formigas se empregasen outras cores: porque destacar a formiga branca sobre as negras?
063	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Sobre todo o xogo da pelota.
064	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
065	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O videoxogo pode ser xogado na súa totalidade en galego, mais o contido non se orienta

	para o seu uso.
066	O contido carece de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
	Adecuación
067	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Ao igual que sucede cos obxectivos, consideramos que os xogos poden resultar complicados a infantes de 2 anos e sinxelos aos de 5 e 6.
068	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: No xogo dos tamaños o círculo mediano coméntase que é laranxa cando en pantalla percibímolo como vermello.
069	Os escenarios, os elementos e obxectos que compoñen o videoxogo, integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Os escenarios e elementos que o compoñen non aportan contidos extra que faciliten a súa obtención, todos os elementos integrados na pantalla son necesarios para a realización da actividade.
	Observacións
	—

E.3. Ámbito de incidencia

070	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?
	□ Conceptual
	□ Procedemental ou de habilidades
	□ Actitudinal
	*Xustificar → • *Colorear*: procedemental. • *Onde está?*: conceptual • *Grandes e pequenas*: conceptual • *Balo quere ser pelota*: a pesar de que nas instrución se tratan valores, as accións a realizar son procedementais. • *A vestirse*: a actividade en si é conceptual, aínda que polos exemplos expostos tamén implicaría valores. • *Sei contar*: conceptual
071	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Inclúense máis minixogos ou actividades de tipo conceptual.
	Observacións
	—

E.4. Retos

072	De que tipoloxía son os retos que forman o videoxogo?				
	□ Memorización	□ Lóxica	■ Creación	□ Construción	□ Estratexia
	□ Labirintos	■ Selección	□ Quebracabezas	■ Habilidade	□ Clasificación
	□ Cálculo de elementos	■ Identificación	□ Pregunta-resposta	■ Outro/s (esp.) → • Percepción	
	*Xustificar: • *Colorear*: creación • *Onde está?*: percepción • *Grandes e pequenas*: identificación • *Balo quere ser pelota*: habilidade • *A vestirse*: selección • *Sei contar*: identificación ou cálculo de elementos?				
073	Os retos integran distintos niveis de dificultade?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
074	Natureza dos retos:				
	■ Os retos pódense elixir ou seleccionar.				
	□ Os retos pódense crear.				
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida				
	■ Os retos están predefinidos no xogo e repítense cada vez que se xoga unha partida, mais algúns dos elementos que os integran varían aleatoriamente.				
	□ Outra (especificar)				
	*Xustificar → Os retos elíxense dende a pantalla principal pudendo repetilos as veces desexadas. A pesar de que en todos os retos as accións a realizar son as mesmas, cada vez que se xoga unha partida algúns elementos ou accións solicitadas poden variar, por exemplo: • *Colorear*: as láminas para colorear, cremos hai dúas diferentes. • Onde está?: a acción solicitada. • *Grandes e pequenas*: os obxectos a arrastrar. • *Balo quere ser pelota*: o fondo. • *A vestirse*: fondo, personaxe e acción solicitada. • *Sei contar*: o número de formigas.				
075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos.				
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas				
	□ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...				
	□ Presentación por parte de personaxes previo ao reto				
	■ Accédese directamente ao reto ao premer nunha imaxe ou texto.				
	□ Outros (especificar)				
	*Xustificar → Accédese acada xogo ao premer na imaxe relacionada co mesmo dende a pantalla principal.				
	Adecuación pedagóxica				
076	Os retos son apropiados para o tratamento dos contidos educativos integrados no videoxogo.				

	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Algúns dos retos precisarían ser adaptados para tratar mellor os contidos. Por exemplo, no xogo dos tamaños, que os obxectos non desaparezan ao ser arrastrados. No xogo das formigas, que en pantalla se mostre en número as introducidas na caixa mentres se locuta.
077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: En todos os retos os contidos tratados son diferentes.
078	Os retos son próximos aos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
079	Os retos preséntanse nunha secuencia e estrutura correcta. O nivel de dificultade é progresivo.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: Os retos non se presentan en secuencia. Non inclúen niveis de dificultade. No CD inclúense tanto xogos fáciles como máis complexos pero sen categorizar.
	Características intrínsecas
080	Os retos son desafiantes. Os seus obxectivos están claramente especificados mais a posibilidade de obtelos móstrase incerta.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Pode suceder no xogo da pelota.
081	Os retos propostos resólvense basicamente consultando a información contida no videoxogo ou nos materiais complementarios.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

E.5. Retroalimentación e axuda

082	Que accións ou acontecementos suceden no videoxogo para recibir retroalimentación?
	□ Ante accións ou respostas correctas
	□ Ante accións ou respostas incorrectas
	□ Ao conseguir un obxectivo
	□ Ao superar un nivel
	□ Ao superar un reto
	□ Cando se supera o xogo
	□ Cando remata o xogo aínda que non sexa superado
	□ Outras (especificar)
	*Xustificar → • No xogo de colorear non se recibe retroalimentación.

	• No xogo "Onde está?": son neutro ante erros. Recíbese unha locución positiva e sucede unha pequena animación en pantalla ante o acerto. Cun acerto o xogo dáse por finalizado, xa que soamente se solicita de cada vez unha acción. • Xogo grandes e pequenas: recíbese un son neutro se non se arrastra o obxecto ao círculo correcto, ademais o obxecto volve ao seu lugar de orixe. Recíbese un son positivo se a acción é realiza de forma correcta, desaparecendo o obxecto. Ao rematar o xogo escóitase a voz en off felicitando cun: *Ben feito!*
083	Que retroalimentación se recibe (que se premia ou castiga)?
	□ Apórtanse puntos, moedas, insignias...
	□ Quítanse puntos, moedas, insignias...
	□ Apórtanse pistas relevantes para avanzar no xogo
	□ Apórtanse coñecementos ou incentívase a afondar nos contidos, habilidades ou valores tratados no videoxogo.
	■ Son de acerto
	■ Son de erro
	■ Animacións de vitoria
	□ Animacións de derrota
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar →
084	A retroalimentación que ofrece o videoxogo é relevante á natureza do xogo e á consecución dos retos.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Non é relevante para a consecución do reto, mais si para guiar e afianzar as accións realizadas.
085	Como se mostra ou é a axuda que se ofrece no videoxogo?
	□ A axuda móstrase en pantalla aínda que non se solicite ou se realice algunha acción. Esta axuda desaparece gradualmente a medida que se avanza no xogo.
	□ As axudas do videoxogo son indicacións, pero non provén a solución aos problemas expostos. A axuda é indirecta.
	□ Durante o xogo non se ofrecen axudas, actívanse nun espazo da interface sendo decisión do xogador/a consultalas ou non.
	■ No xogo non se ofrece ningún tipo de axudas.
	□ Outro (esp.)
	*Xustificar → Nalgúns retos a voz en off guía en certa medida aos xogadores/as, como no das formigas, onde se van contando as formigas que se van introducindo na caixa, pero máis que axudas consideramos que é parte da dinámica do xogo e un medio para reforzar os contidos.
	Observacións
	—

E.6. Teorías de aprendizaxe

086	Con cal dos seguintes principios se identificaría o videoxogo?
	□ O videoxogo ten un marcado carácter lineal e condutista, utiliza procesos de ensaio-erro dirixidos

por medio de reforzos positivos (por exemplo: gañar puntos) ante accións automáticas.
□ Son usados apropiadamente os “programas de reforzo”, prémianse as accións realizadas baixo determinadas condicións, non cada vez que se emite unha acción. (Por exemplo: a recompensa prodúcese tras a consecución dun obxectivo educativo).
□ O videoxogo contempla un enfoque cognitivista, os contidos organízanse de maneira xerárquica pero permite unha interacción non lineal.
□ O videoxogo presenta problemáticas de complexidades similares ao mundo real, ás que hai que facer fronte aplicando os aspectos a aprender.
□ É un videoxogo de contorna aberta onde o alumnado constrúe o coñecemento a través da actividade, busca recursos, solicita asesoramento segundo o seu propio criterio... Incorpora finais abertos.
□ Outras (especificar)
Observacións
—

Conclusións da análise E

En liñas xerais respecto ao deseño instrutivo do videoxogo, podemos concluír...
• Opinamos que a adaptación pedagóxica deste proxecto podería ser mellorada. Dos 6 retos ou minixogos que integra o CD, consideramos que soamente dous son acordes co conto”Alfombriña: o de vestir e o de Balo. Os demais son actividades interactivas que empregan as imaxes e personaxes do conto para tratar os números, cores, tamaños... • Atopamos retos complexos para nenas e nenos de 2 e 3 anos, sobre todo nos que se deben poñer a proba a coordinación ollo – man. E moi sinxelos para infantes de 6 anos, relacionados cos minixogos de tipo conceptual. • O programa de reforzos tamén destaca pola súa sinxeleza. Céntrase en utilizar sons tipo neutro, encargados de avisar ante respostas correctas ou erradas, incluíndo nalgúns casos unha voz en off para felicitar cun “Moi ben” ou “Ben feito” cando a actividade é finalizada.

F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA

F.1. Tempo

087	O tempo estimado en completar o xogo (ou cada unha das súas fases) adecúase ao contexto para o que foi creado.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Adecuaríase tanto a un contexto familiar como escolar.
	Observacións
	—

F.2. Control do progreso

088	O videoxogo inclúe un controlador das accións do xogador ou xogadora?	
	□ Si	*Especificar a información que contén (número e porcentaxe dos retos ou actividades superadas e non superadas, tempo invertido...) →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a

	Rol	
089	O videoxogo ou materiais complementarios, fan referencia á figura do profesorado, educador/a, nai, pai...	
	□ Si	*Especificar o rol que se suxire (soporte dos contidos tratados no xogo, guía de experiencias de aprendizaxe colaborativas a partir do uso do xogo...)
	□ Non	
	Posibilidades de intervención no deseño instrutivo	
090	Que opcións se brindan especificamente á figura mediadora para intervir na estrutura do xogo?	
	□ Selección de niveis de dificultade.	
	□ Selección de retos ou actividades.	
	□ Creación completa de retos ou actividades	
	□ Non se brindan opcións para configurar o xogo.	
	□ Outra (especificar)	
	*Xustificar →	
	Comunicación dos criterios de elaboración do videoxogo	
091	Se o videoxogo ou os materiais complementarios contan cun apartado específico para a figura dinamizadora, que información explícita se aporta?	
	□ Explícase as grandes finalidades educativas que persegue.	
	□ Explícase ou xustifícase a teorías ou teorías de aprendizaxe subxacentes.	

	□ Explicación da lóxica interna que organiza os contidos e a secuencia dos retos.
	□ Explicación das fontes ou documentación de referencia tomadas para a selección e tratamento dos contidos do videoxogo.
	□ Explicación dos criterios polos cales se incluíron e/ou excluíron contidos. Xustifícase o por que da selección que se levou a cabo.
	□ Explicación dos conceptos básicos incluídos no videoxogo, e as relacións entre eles.
	□ Explicación dos criterios de conexión do contido coa contorna social e cultural.
	□ Explicación da relación entre os contidos e as áreas do nivel educativo.
	□ Explicación sobre as vantaxes da utilización do videoxogo respecto a outros medios.
	□ Non se conta cun apartado específico para profesorado, educadores/as, nais, pais...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar →
	Propostas de uso
092	Se o videoxogo conta cunha guía didáctica ou material específico para o profesorado, educadores/as, nais ou pais, que se aporta?
	□ Suxestións didácticas e exemplos de utilización do videoxogo.
	□ Suxestións en canto á realización de actividades posteriores non incluídas nel.
	□ Suxestións en canto a procesos de avaliación, a parte dos resultados obtidos no videoxogo.
	□ Presentación ou incorporación doutros materiais cos cales se pode traballar para a afondar nos contidos.
	□ Non se aconsellan propostas de uso.
	□ Outra (especificar) →
	*Xustificar →
	Consideración das necesidades e opinións
093	No videoxogo ou materiais complementarios anticípanse as dificultades posibles da súa posta en práctica.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
094	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do profesorado,educadores/as, nais, pais... sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a

095	No videoxogo inclúense retos a superar recorrendo a fontes de información alternativas ao videoxogo, levando ao xogador/a a facer pescuda noutros materiais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:

096	No videoxogo ou no material complementario suxírense tarefas que deben realizarse en equipo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
097	No videoxogo o/a xogador/a pode configurar, seleccionar, cambiar contidos, retos ou actividades, adaptándoo as súas necesidades, permitindo controlar o seu propio proceso de aprendizaxe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
098	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do/a xogador/a sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar...

099	O videoxogo suxire agrupamentos flexibles.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
100	No videoxogo inclúense tarefas de interacción comunicativa, por exemplo entre alumnado de distintos niveis educativos ou centros educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
101	O videoxogo inclúe funcionalidades ou suxire estratexias organizativas que vinculan ao conxunto do equipo docente dun centro, con outros centros, do centro coa comunidade, da familia coa comunidade...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

Conclusións da análise F

En liñas xerais respecto á aplicación didáctica do videoxogo, podemos concluír...

- No CD non se ten en conta a figura dinamizadora, nin se aportan consellos para o seu uso didáctico. Botándose en falta, dada a temática e obxectivos de ambos recursos (do xogo e do conto)
- Segundo a nosa opinión, os xogos de Balo e o de vestir son os mellores retos que integra o CD para o tratamento da igualdade entre homes e mulleres, para traballar a importancia de tomar as propias decisións, a identidade e a autoestima. Serían de fácil aplicación didáctica tanto na escola como en familia.

G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN

G.1. Natureza do mundo do xogo

102	Que tipo de natureza caracteriza o videoxogo?
	□ Natureza abstracta
	□ Natureza icónica
	■ Natureza narrativa
	Observacións
	• Realmente o videoxogo atópase na fronteira entre natureza icónica e narrativa. Seleccionamos esta última opción dado o carácter expositivo das instrucións de cada reto, onde as personaxes expoñen a situación que debe superarse para axudar ao animal correspondente.

G.2. Estrutura

103	Estrutura de navegación
	□ Lineal
	□ Núcleo con radios
	□ Sandbox
	□ Outra (esp.) → Minixogos independentes
	Observacións
	—

G.3. Niveis

104	O xogo consta de etapas, misións ou niveis?	
	□ Si	*Especificar número →
		*Describir →
	■ Non	
105	Pódese repetir os niveis as veces desexadas?	
	□ Si, unha vez superados	
	□ Si, aínda que non se superen	
	□ Non, teríase que comezar o videoxogo	
	□ Outra opción (esp.)	
	■ N/A	
	Observacións	
	—	

G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo

106	Que opción se brinda para intervir no espazo de configuración do xogo?
	■ Ningunha
	□ Combinatoria (selección avatar, escenarios, xogadores...)
	□ Construtiva (construción personaxes, escenarios, obxectos...)
	Observacións
	—

G.5. Trama argumental

107	No caso de incluír trama argumental, como se representa a historia contextual?
	□ Por medio de *cutscenes* (especificar: se só ao principio, entre fases...)
	□ Mediante voces en *off*
	□ Mediante textos en pantalla
	□ Outras (especificar)
	□ N/A
108	O videoxogo prové unha historia entendible para as características evolutivas do grupo destinatario do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
109	O videoxogo incita a coñecer e ir descubrindo a historia.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
110	A historia envolve emocionalmente (xerando intriga, alegría, misterio, etc.) Non é aburrida.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
111	A trama argumental é coherente coa estratexia educativa do videoxogo, axuda á consecución dos obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

G.6. A estrutura espacial do videoxogo

	Os escenarios do xogo
112	Número:
	□ Un escenario ou fondo
	■ Varios escenarios (especificar número) → 11 aproximadamente

113	Localización contornas:	Especificar características (reais, fantásticas...)	Nº
	■ Interior	• Salón vivenda (no xogo *Onde está?* e no de *A vestirse*).	1
	■ Exterior	• Campo de fútbol (no xogo da pelota e no de *A vestirse*). • Horta (no xogo *A vestirse*). • Rúa chovendo (no xogo *A vestirse*). • Bosque nevando (no xogo *A vestirse*). • Praia (no xogo *A vestirse*). • Ceo estrelado (xogo da pelota)	6
	■ Neutro	• No xogo de colorear (dous diferentes) , no xogo Grandes e pequenos e no de Sei contar.	4
	□ Outros (esp.)		

114	As contornas do videoxogo inspíranse e/ou reflicten lugares reais? (cidades, monumentos...)	
	□ Si	*En cales?→
	□ Algunhas	*En cales?→
	■ Non	
	□ Difícil determinar	

115	Dimensións:
	■ 2D
	□ 3D
	□ Outra (esp.) →

116	Perspectiva:
	□ Cónica
	■ Isométrica
	□ Outra (esp.)

117	Estilo gráfico:
	□ Realista
	■ Surrealista
	□ Abstracto
	□ Cartoon
	□ Pixelado
	□ Manga
	■ Outro (esp.) → Collage

118	Cores que predominan:
	■ Cálidas
	■ Frías
	■ Claras
	■ Escuras
	□ Pastel

	□ Outra (esp.)
119	En que época histórica se ambienta o videoxogo?
	■ Presente
	□ Pasado
	□ Futuro
	□ Non reflexa ambientación
	Observacións
	• Máis que escenarios, serían fondos que contextualizan a actividade. • Por cada minixogo, reto ou actividade sae un fondo en cada partida. É dicir, móstranse de forma aleatoria un ou outro, non están todos presentes na mesma xogada. • Mestúranse paisaxes (fondos) imaxinarios con reais. Así temos por exemplo un ceo estrelado sobre o que hai formigas, sofás e mesas, con contornas naturais realistas como a praia, a horta, un bosque nevado.... Pero predominan os reais. • Predominan unha gran variedade de cores, intentas e "chamativas", de combinacións opostas. Nos fondos destacan os laranxas intensos, verdes, azuis e amarelos. • A imaxe gráfica (fondos, ilustracións...) é peculiar, xógase coa técnica do *collage*, como se fose composta por debuxos infantís.

G.7. Visión do xogador/a

120	No espazo virtual do xogo	
	□ Primeira persoa	
	□ Terceira persoa	
	■ Omnipresente	
	□ Outra (especificar)	
121	O espazo físico (espazo real que ocupa o/a xogador/a) incorpórase dentro da dinámica do xogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

G.8. Personaxes

	Presenza de personaxes
122	Intégranse no videoxogo personaxes?
	■ Si
	□ Non
123	No caso de integrar personaxes, de que maneira?

	■ Pre-definidos (esp.) → Hai unha personaxe principal: Alfombriña. Aparecen tamén as seguintes personaxes que actuarían como obxectos simbólicos ou sobre os que se realizan as interaccións: • Pelota vivente • Formigas • Pai de Alfombriña • Nai de Alfombriña
	□ Selección avatar (esp. as opcións)
	□ Creación avatar (esp. as opcións)
	□ Outro (esp.)
	□ N/A
124	Estilo gráfico
	■ Realista → Visible nos corpos da nai e o pai de Alfombriña no xogo de vestir. E as formigas
	■ Surrealista → A personaxe principal, pai, nai e pelota. Simulan ser persoas aínda que posúen características especiais.
	□ Abstracto
	□ Cartoon
	□ Pixelado
	□ Manga
	□ Outro (esp.)
	□ N/A
125	Características da representación gráfica
	■ 2D
	□ 3D
	□ Outra (esp.) →

126	Especie	Nº de referencias
	■ Persoa	3 (Alfombriña, nai e pai)
	■ Animal	1 (formigas)
	■ Ser fantástico	1 (pelota)
	□ Non se distingue	
	□ Outro (especificar)	


127	Roles					
	Femininos	Nº ref	Maculinos	Nº ref.	Asexuais	Nº ref.
	□ Heroína		□ Heroe		□ Heroe	
	□ Axudante		□ Axudante		□ Axudante	
	□ Antagonista		□ Antagonista		□ Antagonista	
	□ Provedora		□ Provedor		□ Provedor	
	■ Beneficiaria	2	■ Beneficiario	2	□ Beneficiario	
	□ Outra		□ Outro		□ Outro	
	Personaxes principais					

128	Trazos / Procedencia / Etnia / Cor	Nº de referencias


	□ Occidentais	
	□ Asiáticos	
	□ Árabes	
	□ Indios	
	□ Africanos	
	□ Xitana	
	□ Azul	
	□ Amarelo	
	□ Verde	
	□ Laranxa	
	□ Rosa	
	□ Non se distingue	
	■ Outro (esp) → Entre maxenta e lila	
129	Xénero	Nº de referencias
	■ Feminino	1 (Alfombriña)
	□ Masculino	
	□ Asexual	
	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp.)	
130	Estados e necesidades especiais	
	□ Personaxe en cadeira de rodas	
	□ Personaxe sen unha extremidade	
	□ Personaxe xorda	
	□ Personaxe con baixa visión	
	□ Personaxe embarazada	
	□ Personaxe con dificultades lingüísticas	
	□ Outro (esp.)	
	■ N/A	
131	Idade	Nº de referencias
	■ Infancia (0-12 anos)	1
	□ Adolescencia (13-18 anos)	
	□ Mocidade (19-35 anos)	
	□ Adultez (36-65 anos)	
	□ Vellez (65 en diante)	
	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp.)	

132	Rexistro lingüístico
	□ Estándar
	□ Culto
	□ Coloquial
	□ Vulgar
	□ Outro (esp.)
	■ N/A → Alfombriña no fala, escóitase unha voz en off (rexistro estándar)
	Arquetipos
133	No videoxogo ou nos materiais complementarios descríbese a personalidade das principais personaxes.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Descríbense no conto.
134	Os nomes das personaxes suxiren as súas cualidades.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: O nome da personaxe fai referencia a un alcume, de feito no conto explícase que se chama Alfombriña porque pasa o día e a noite tirada no chan.
135	O papel que desempeñan as personaxes femininas no videoxogo é importante.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Marcamos a opción 2 xa que Alfombriña é a protagonista. Mais destacar que nos xogos de "Xoga con Alfombriña" as personaxes son beneficiarias das accións, prácticamente non desempeñan funcións.
136	As personaxes non reproducen estereotipos sexistas.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Alfombriña ten o rostro maxenta sobre o que destaca unha gran boca vermella, viste peto azul e as súas mans son tamén de cor azul. Leva o pelo curto tipo pincho. Sábese que representa o sexo feminino polo nome, se non tanto podería ser unha nena como un neno.
137	Os arquetipos cos que se identifican as personaxes principias do videoxogo son coherentes cos obxectivos e contidos educativos do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Os arquetipos identifícanse sobre todo no xogo de Vestir, onde non se atribúen papeis tradicionais en función do sexo das personaxes. Así temos que vestir por exemplo ao pai para ir á compra como a nai para asistir a unha festa de empresa.
138	As proporcións e corpos son adecuadas á idade e sexo das personaxes.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de que no deseño das personaxes incluíronse trazos ficticios, non reais ou propios das persoas, si se reflexa á similitude cos humanos, sobre todo nos corpos da nai e do pai de Alfombriña, destacando no xogo de vestir os xenitais, peitos e axilas.
139	Inclúense personaxes de diferentes complexións (delgada, atlética, grosa...)
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Non hai suficientes personaxes nos xogos para unha valoración obxectiva, mais as personaxes caracterízanse por ter unha complexión semellante, na que destaca unhas longas extremidades.


140	As vestimentas e complementos das personaxes son apropiadas para as accións que realizan no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Realmente neste punto deberíamos marcar a opción N/A xa que nos xogos non se observa ás personaxes como Alfombriña, nai e pai realizar accións. Mais se tomamos o xogo de vestir, o que se pide é exactamente o que temos que valorar neste ítem: vestilos apropiadamente para as accións que van realizar.
141	O movemento das personaxes e/ou pose adecúase ás accións que realizan.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar: As personaxes non se moven nin realizan ningunha acción.
142	Aprécianse diferentes estados anímicos nos rostros, nos xestos ou nos movementos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Soamente no xogo da pelota, xa que varía o seu rostro a medida que se vai conseguindo o obxectivo. Nas restantes personaxes non se producen cambios.



Inicio xogo



Logo de tocar unha formiga



Fin xogo

143	As formas de falar das personaxes son coherentes cos seus estados.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar:
	Observacións
	—

G.9. Obxectos simbólicos

144	Que funcionalidade teñen os obxectos simbólicos?
	□ Proporcionan ou axudan a obter información para o desenvolvemento do xogo
	□ Manipúlanse para realizar as accións no xogo
	□ Proporcionan habilidade especiais ás personaxes
	□ Premian ou penalizan a puntuación no videoxogo
	□ Outra (esp.)
	□ N/A
	Observacións
	—

G.10. Estrutura temporal

	Tempos, relacións e excepcións	
145	Dimensión temporal	
	Tempo interno (tempo que transcorre dentro do mundo ficticio do xogo)	□ Cada nivel, proba ou partida teñen un tempo asignado para completarse.
		□ O tempo empregado afecta á puntuación.
		□ Emprégase unha dinámica de xogos por quendas.
		■ Outros (esp.) → Non se inclúe tempo.
		*Xustificar →
	Tempo externo (tempo real que se emprega en xogalo)	□ Finita: o xogo termina nun tempo dado (esp.)
		■ Infinita: non existe unha limitación de tempo externo para terminar unha partida.
146	Relacións entre as dimensións temporais:	
	■ Dimensión única (é tempo real, non ficticio)	
	□ Simétrica (xógase en tempo real)	
	□ Asimétrica (tempo real diferente ao figurado)	
	□ Proxectada (tempo e accións do xogador/a son representados no mundo ficticio do xogo nunha época distinta ou con algún outro cambio que altere o significado do tempo, ex.: para explicar acontecementos)	
	*Xustificar →	
147	Excepcións ao fluxo temporal do xogo:	
	□ *Cut-scenes*	
	□ *Flash back*	
	□ *Flash forward*	
	□ Outra (especificar)	
	■ N/A	
	*Xustificar →	
	Observacións	
	—	

Conclusións da análise G

En liñas xerais respecto ao mundo de ficción do videoxogo, podemos concluír...
• O CD está formado por seis xogos independentes, de deseño tipo collage e aloucado. Colorido, divertido e estrambótico. • A pesar da historia que encerra o conto, esta non é trasladada ao CD e polo tanto aos xogos que integra. Cada reto afróntase como unha nova situación sen relación entre eles. O mundo de ficción ao que nos traslado o conto pérdese nesta adaptación dixital, onde as personaxes, agás Bolo, a nai e o pai de Alfombriña, non son aproveitadas. • Non existe a presión do tempo e da puntuacións. A maioría dos xogos que forman o CD, rematan unha vez solucionados.

H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS

H.1. Regras do xogo

148	As regras percíbense de maneira clara e inequívoca.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O CD non inclúe unhas regras xerais. As instrucións do xogo da pelota non son moi claras, coidamos sería importante dicir que a pelota ten que tocar sobre as formigas para poder avanzar e rematar o xogo.
	Observacións
	—

H.2. Obxectivos do xogo

149	Tipoloxía dos obxectivos do xogo.
	□ Absolutos (teñen unha condición de vitoria invariable)
	□ Relativos (teñen unhas condicións de vitoria que poden variar en funcións dos eventos de cada partida)
	□ Abertos a interpretación subxectiva do alumnado, profesorado...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Os obxectivos e eventos de cada minixogo son os mesmos en cada partida.
	Adecuación
150	Os obxectivos do videoxogo son adecuados á idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os obxectivos do xogo da pelota requiren habilidades motrices difíciles para un infante de 2 e 3anos. Os obxectivos do xogo *Onde está?* e *Sei contar* poden resultar demasiado sinxelas para unha persoa de 6 anos.
151	Os obxectivos do xogo son adecuados para alcanzar os obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os obxectivo do xogo de vestir e o da pelota si, xa que se relacionan coa finalidade de educar na igualdade entre homes e mulleres e romper con estereotipos, mais non os restantes xogos. Si poden resultar actividades apropiada para reforzar os números, a percepción dos tamaños, as cores.... mais caracterízanse por ser demasiado sinxelas.
	Observacións
	—

H.3. Recompensas

152	Recompensas que se poden obter durante o xogo ou ao finalizalo.
	□ Obter puntos
	□ Superar niveis

□ Obter premios físicos
□ Obter bens virtuais
□ Aparecer en táboa de clasificacións
□ Gardar as marcas persoais
■ Outra (especificar) → A recompensa é superar cada un dos xogos, resolvelos.
*Xustificar →
Observacións
—

H.4. Conflito do xogo

153	Natureza do conflito
	■ Conflito de superación persoal
	□ Interpersoais
	□ Intergrupais
	□ Negociados
	□ Cooperativos
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → A dificultade por superar cada minixogo recae no propio xogador ou xogadora.
	Observacións
	—

H.5. Os/as xogadores/as

	Estrutura de interacción
154	Composición dos xogadores/as
	■ Un só xogador/a
	□ Un só equipo
	□ Dous xogadores/as
	□ Dous equipos
	□ Múltiples xogadores/as
	□ Múltiples equipos
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar especificando se os xogadores/as xogan en rede ou de forma presencial→
155	Relación entre xogadores/as
	□ Alianza estática
	□ Alianza dinámica
	□ Outra (especificar)

■ N/A
*Xustificar →
Observacións
—

H.6. O equilibrio de dificultade

156	Existen mecanismos para modular a dificultade do xogo?		
	□ Si	□ Bríndanse ao inicio da partida	*Especificar cales e como son →
		□ Aparecen durante o transcurso do xogo	*Especificar cales e como son →
	■ Non		
157	En xeral, a complexidade do videoxogo é apropiada e suficiente.		
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A		
	*Xustificar: Como sinalamos mestúranse actividades moi sinxelas apropiadas para nenas e nenos de 3 e 4 anos, con actividades que requiren gran dominio das teclas do computador e do rato.		
	Observacións		
	—		

H.7. Eventos do videoxogo

158	Mutabilidade (cambios que se introducen no sistema de xogo e que afectan ao desenvolvemento da partida)		
	□ Temporal. Afectan só a un lapso de tempo.		
	□ Finita. Afectan ao período correspondente a unha partida, desaparecen ao comezar outra nova.		
	□ Infinita. Poden quedar de maneira permanente.		
	■ N/A		
	*Xustificar → Dubidamos se seleccionar neste apartado mutabilidade finita, xa que cada vez que se xoga unha partida algúns dos elementos do xogo varían de forma aleatoria.		
159	Compoñente de azar		
	□ Si	*Especificar →	
	■ Non		
160	Accións do xogador/a		
	Xerais		Específicas	Estado do xogo
	Diexéticas	■ Mover personaxe	Mover pelota empregando frechas teclado.	Ao premer nas formigas a personaxe cambia de estado. Ao chegar á meta escóitase “Así se fai”.
		□ Calcular		
		□ Escribir		
		■ Seleccionar	Seleccionar prendas en	Recíbese *feed back* positivo

		función do tempo atmosférico e arrastralas.	ou negativo (sons neutros). Se a prenda arrastrada e incorrecta volve ao seu lugar inicial, en caso contrario adáptase á personaxe. Ao resolver a actividade escóitase “Moi ben”.
	■ Premer	Premer sobre o obxecto ou personaxe correcta e función das indicacións facilitadas en voz. Por exemplo: o can está enriba do sofá.	Escóitase “Así se fai” e o obxecto realiza unha pequena animación.
	■ Arrastrar obxecto	Arrastrar número indicado de formigas á caixa.	Escóitase son neutro a medida que se van introducindo (non se escoita o número). Escóitase *Ben feito* ao resolver a actividade.
		Arrastrar obxectos até o tamaño correcto.	Escóitase “Ben feito”
	□ Coller		
	■ Colorear	Premer nunha cor e logo nunha sección do debuxo.	Sección coloreada na cor seleccionada.
	□ Construír		
	□ Outras (especificar)		
Non diexéticas	□ Pause		
	□ Configuración		
	■ Menú	Premer sobre 6 imaxes para acceder aos xogos	
	□ Outra (especificar)		

161	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
162	O videoxogo adáptase de acordo á interacción do/a xogador/a xerando distintas situacións.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

H.8. Resultados do xogo

163	Tipo de resultados
	■ Monoxogador/a con resultado absoluto (resultado de vitoria ou de derrota)
	□ Monoxogador/a con resultado de puntuación (outorgan puntuación, sen que implique vitoria ou

	derrota)
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	□ Outros (especificar) →
	*Xustificar → Cada xogo remata unha vez superado. Sería resultado de vitoria, non existe derrota.
164	Marcadores
	□ Alfanuméricos
	□ Icónicos
	■ N/A
	*Xustificar →
165	Cómputo que aparece no marcador
	□ Individual, por equipos ou ambos
	□ Mostra o resultado total ou parcial
	□ Puntuación final ou definitiva da partida
	■ N/A
	*Xustificar →
	Observacións
	—

Conclusións da análise H

En liñas xerais respecto ao sistema de regras do videoxogo, podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo monousuario/a, de regras sinxelas e obxectivos lúdicos relativamente claros (salvo no xogo de Balo) • No videoxogo non se fomenta a superación de marcas persoais (tempo, puntuacións...) A motivación é superar cada un dos xogos que integra o CD (salvo no de Colorear, que non ten final) • Nos xogos os eventos que se suceden son os mesmos en cada partida. As accións a realizar sempre son as mesmas, mais de forma aleatoria os elementos que se mostran na pantalla e as accións que se solicitan poden variar. • Os obxectivos lúdicos e accións a realizar polo xogador ou xogadora difiren entre os xogos.

I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE

I.1. Interface gráfica

166	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?
	■ Menú
	■ Botóns
	□ Logos
	□ Mapa xeral do xogo
	□ Caixas de texto
	□ Outros (especificar)
167	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de ser realmente sinxela, dadas as poucas opcións que inclúe, o botón Saír do CD e o de Volver ao menú cando se está dentro dun dos xogos é o mesmo, o que pode provocar dúbidas en canto funcionalidade se non se está escoitando, posto que os botóns teñen locución.
168	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Son fáciles de entender mais non destacan pola súa orixinalidade.
169	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A distribución da información é correcta, mais tórnase complicada polo botón Saír / Volver, que como adiantamos son iguais en canto aparencia gráfica, simplemente cambian de situación da pantalla. Distribúense do seguinte xeito: • Parte superior dereita, atópase no menú o botón saír. • Parte inferior, sae a pantalla o botón repetir unha vez finalizada a partida (consideramos este un aspecto positivo) e o botón volver ao menú.
	Observacións
	• O menú está formado por 6 imaxes representativas de cada xogo. • No xogo hai tres botóns: ◦ Botón volver ◦ Botón “Queres xogar de novo”? ◦ Botón “Saír”

I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
170	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: É moi sinxelo. Xógase con marcos formados por liñas rectas.
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)

171	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do/a xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As ilustracións, fondos, personaxes... son diferentes, arriscadas, con poucos elementos, con moito colorido... como se fosen realizadas por unha nena ou neno.
172	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de que gran parte de ilustracións incluídas nos xogos, funcionan como obxectos simbólicos sobre os que se interactúa para realizar as accións, as imaxes espidas das personaxes parécennos acertadas dado que se trata dun recurso para a igualdade (diferencias entre os sexos – actividades non estereotipadas).Tamén os cambios anímicos que acontecen en Balo ao pasar de balón a pelota (loitar polo que un quere, non polo que queren os demais)
173	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os tamaños do calzado e complementos do xogo de vestir percibímolos pequenos.
174	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Son escenarios demasiados sinxelos: sen texturas, sen sombras...
175	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Mantense totalmente uniforme, na liña gráfica adoitada.
	Texto escrito
176	Non ten faltas de ortografía e as construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nos xogos non se integra texto.
177	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade e comprensible.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
178	Utiliza fontes tipográficas fáciles de ler.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
179	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
180	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:

181	Contraste adecuado do texto sobre o fondo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
182	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa, adecuada ao xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
183	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos ou textos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
184	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
185	O tempo estimado para a lectura das viñetas ou narracións é axeitado ás características psicoevolutivas das/os destinatarias/os principais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Locucións
186	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Locución voz en off
187	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As personaxes non falan.
	Son (música, efectos...)
188	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nalgúns xogos se inclúen efectos de son como reforzo das accións que se están realizando.
189	Os sons de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non o son, mais son demasiado simples.
190	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Soamente hai música ambiente no menú, na pantalla principal, que ao ser tan corta e repetitiva pode chegar a ser molesta. Nótase moito cando o blicleé reproducido.
191	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Tanto os efectos, como as locución escóitanse con claridade, sen erros.

	Combinación dos aspectos audiovisuais
192	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas, os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os sons interrelaciónanse correctamente coas accións realizadas ou acontecementos que suceden no xogo.
193	A información chave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc. Sen romper coa estética que engloba o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

I.3. Accesibilidade

194	Que se pode configurar no videoxogo?
	□ Axustar o tamaño da fonte
	□ Activar e desactivar subtítulos
	□ Activar e desactivar sons, música ambiente...
	□ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)
	□ Contraste, brillo e cor do xogo
	□ Configurar teclado, *joystick*, rato...
	□ Non permite configuracións
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar →
	Observacións
	• Inclúe música de fondo no menú principal, non dentro dos xogos. Non se pode desactivar.

I.4. Funcionalidade técnica xeral

195	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introdución ao xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A pantalla inicial non pode saltarse. As instrucións dos xogos tampouco, mais pódese igualmente interactuar no xogo..
196	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non se inclúe a opción de gardar as partidas, nin se sinalan os xogos superados.
197	Os tempos de carga son razoables.

	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
198	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
199	Os subtítulos pódense pasar manualmente, premendo por exemplo nun botón.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
200	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento e o control do videoxogo non entraña dificultades, tendo en conta o grupo ao que se dirixe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Controlar o xogo pode resultar complexo nalgúns momentos (no menú e nos xogos de arrastrar), cremos principalmente que pode ser debido a que o cursor adquire a forma dunha man, provocando unha sensación pesada de retardo, de lentitude ao mover o rato. Tamén, como sinalamos, controlar o xogo de Balo tamén pode entrañar dificultade ao grupo menor de idade ao que se dirixe.
201	Está libre de erros de programación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non se atoparon erros de programación.
	Observacións
	—

Conclusións da análise I

En liñas xerais respecto á usabilidade e interactividade do videoxogo, podemos concluír...
• Navegar polo CD e polos xogos non entraña dificultade dado o escaso número de opcións que permite, mais a pesar diso a imaxe do botón Saír foi reutilizada, empregándose para outra función diferente. • O videoxogo é intuitivo cunha estrutura coherente en todos os xogos, compostos basicamente por unha pantalla. • Non inclúe textos, mais si locucións (voz en off feminina) que indican que facer en cada xogo e felicita cando son resoltos. • Non se aprecian erros de programación.

K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

K.1. Conclusións finais

202	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico. Recoller un resumo dos aspectos positivos e negativos.

Vantaxes	Inconvenientes
• Videoxogo en galego.	• Non é gratuíto
• As temáticas que (supostamente) trata: igualdade, estereotipos...	• Os obxectivos e contidos non se integran ou non se adaptaron correctamente a estrutura do xogo.
• Deseño diferente, rompedor, divertido, extravagante, colorido...	• Os obxectivos educativos e lúdicos non son adecuado para toda a franxa de idade destinataria.
• Personaxes orixinais e coidadas, sen roles estereotipados.	• Inclúense poucos retos, minixogos ou actividades.
• Carece de erros de programación.	• Carece de información xeral, na que se explique o número e características de xogos que se integran na aplicación en paralelo aos obxectivos e contidos que se tratan.
• O xogo de vestir e o de Bolo serían facilmente adaptables para a ensinanza de diferentes contidos.	• Carece de consellos e propostas didácticas para ser utilizado nas aulas ou no fogar.
	• A aplicación non é flexible. Non se pode engadir ou modificar contido.
	• A aplicación non consegue na súa totalidade os obxectivos educativos para os cales foi creada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Análise do videoxogo

Silín y Ruidón

Data de inicio do proceso da análise	23 de xaneiro de 2016
Hardware empregado	• Computador Vaio (Sony) • Modelo: SVF153A1YM • Edición: Windows 10 Home • RAM utilizable: 7,90 GB • Tipo de sistema: Sistema operativo de 64 bits, procesador x64 • Navegador web: Google Chrome ◦ Versión 47.0.2526.106 m

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....4
A.3. Imaxes de referencia....6
Conclusións do bloque A....7
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....8
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....8
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....8
Conclusións do bloque B....9
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....10
C.1. Código PEGI....10
C.2. Idea do xogo....10
C.3. Funcións xerais....10
C.4. Clasificación....10
C.5. Grupo destinatario....11
C.6. Obxectivos lúdicos....12
C.7. Regras do xogo....12
C.8. Retos....12
C.9. Obxectivos educativos....13
C.10. Contidos educativos....13
C.11. Relación co Currículo Oficial....14
Conclusións do bloque C....14
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....16
D.1. Idioma....16
D.2. Son....16
D.3. Rexistro....16
D.4. Plataforma....17
D.5. Sistema operativo....17
D.6. Sistema periférico....17
D.7. Outros requisitos técnicos....18
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....18
D.9. Linguaxe de programación....18
D.10. Compras....19
D.11. Publicidade....19
D.12. Garantía....19
D.13. Contacto....19
Conclusións do bloque D....20
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....21
E.1. Obxectivos educativos....21
E.2. Contidos educativos....21
E.3. Ámbito de incidencia....24
E.4. Retos....24
E.5. Retroalimentación e axuda....26
E.6. Teorías de aprendizaxe....27
Conclusións da análise E....27
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....29
F.1. Tempo....29
F.2. Control do progreso....29
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....29

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....30
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....31
Conclusións da análise F....31
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....32
G.1. Natureza do mundo do xogo....32
G.2. Estrutura....32
G.3. Niveis....32
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....33
G.5. Trama argumental....33
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....34
G.7. Visión do xogador/a....35
G.8. Personaxes....35
G.9. Obxectos simbólicos....40
G.10. Estrutura temporal....40
Conclusións da análise G....41
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....42
H.1. Regras do xogo....42
H.2. Obxectivos do xogo....42
H.3. Recompensas....42
H.4. Conflito do xogo....43
H.5. Os/as xogadores/as....43
H.6. O equilibrio de dificultade....44
H.7. Eventos do videoxogo....44
H.8. Resultados do xogo....45
Conclusións da análise H....47
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....48
I.1. Interface gráfica....48
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....49
I.3. Accesibilidade....51
I.4. Funcionalidade técnica xeral....52
Conclusións da análise I....52
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....53
K.1. Conclusións finais....53

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	Silín y Ruidón		
002	Ano ou data lanzamento	2012		■ Non figura
003	Colección	Forma parte dos materiais dunha campaña escolar para a concienciación sobre o ruído.		□ Non forma parte
004	Soporte	□ CD		Especificar
		■ En liña	■ Accesible en Web	Na web da Sociedad Española de Acústica (SEA)
			■ Descarga en Web	Na web da Sociedad Española de Acústica (SEA)
			□ Rede social	
			□ Descarga en tenda	
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	En liña, na seguinte ligazón: http://www.sea-acustica.es/fileadmin/SilinRuido/SilinRuidon.html		
006	Prezo	□ €		
		□ Pts		
		■ Gratuíto		
		□ Outra opción		

Observacións

- O ano de lanzamento do xogo non conta nin no xogo nin na web de SEA, mai foi lanzado a finais do ano 2012, como puidemos comprobar nunha nova publicada no Facebook de imaxin| software do 10 de decembro de 2012, que di así: *Na web de SEA (Sociedad Española de Acústica) xa dispoñible o recurso dixital "Silín y Ruidón", desenvolvido pola área de in| gaming e que ten como principal obxectivo concienciar sobre as causas e consecuencias do ruído na Educación Primaria.* Ligazón: https://www.facebook.com/imaxinsoftware/photos/pb.186892271366535.-2207520000.1453223209./430545647001195/?type=3&theater
  No Facebook de SEA tamén se fixo unha publicación ao respecto o 25 de novembro de 2012.
- O videoxogo pode xogarse en liña ou descargarse dende a web de SEA.

A.2. Autoría

007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	■ Empresa tecnolóxica	1	imaxin|software	Santiago de Compostela	http://www.imaxin.com/
	□ Xunta de Galicia				
	□ Concello				
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	□ Fundación				
	□ Editorial				
	□ Produtora audiovisual				
	□ Persoa/s física/s				
	■ Outras/os (especificar) • Asociación sen ánimo de lucro	1	Sociedad Española de Acústica –SEA–	Sede en Madrid	http://www.sea-acustica.es/
	□ Non figuran				

008	Iniciativa
	□ Propia
	■ Contratación
	□ Concurso público
	□ Subvención
	□ Outra
	□ Non figura / difícil de determinar

009	No videoxogo ou no material de soporte inclúense créditos cos nomes propios das persoas que participaron na elaboración do recurso?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	

010	No videoxogo ou no material de soporte indícase se participaron na súa creación un equipo pedagóxico ou especialistas en educación?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	

Observacións
• O videoxogo é produto dunha contratación. Na que SEA actúa como cliente e imaxin|software como fornecedor. • Na pantalla de inicio do xogo infórmase de que o videoxogo foi producido por SEA e desenvolvido pola empresa imaxin|software. Tal e como mostra a seguinte imaxe.




- Sobre a autoría:
  - A Sociedad Española de Acústica (SEA) é unha asociación sen ánimo de lucro creada o 11 de abril de 1969 de acordo coa Lei de Asociacións do Ministerio do Interior. Os seus obxectivos principais son os seguintes:
A proporción é equilibrada, cremos que se tivo especial coidado neste aspecto. Agora ben, podemos percibir nas imaxes, ideas estereotipadas como a dependencia de persoas con reducida mobilidade, a vestimenta sexy das adolescentes pola noite, así como a anciá que fai ganchillo sentada diante dun tv cun volume alto de voz.







Mais estes son exemplo contados, posto que tamén se poden observar personaxes de diferentes razas, persoas lendo, xogando, etc.

- Imaxe das personaxes principais:



G.9. Obxectos simbólicos

144	Que funcionalidade teñen os obxectos simbólicos?
	□ Proporcionan ou axudan a obter información para o desenvolvemento do xogo
	■ Manipúlanse para realizar as accións no xogo
	□ Proporcionan habilidade especiais ás personaxes
	□ Premian ou penalizan a puntuación no videoxogo
	□ Outra (esp.)
	□ N/A
	Observacións
	• Serían os botóns dos ruídos.

G.10. Estrutura temporal

	Tempos, relacións e excepcións	
145	Dimensión temporal	
	Tempo interno (tempo que transcorre dentro do mundo ficticio do xogo)	□ Cada nivel, proba ou partida teñen un tempo asignado para completarse.
		□ O tempo empregado afecta á puntuación.
		□ Emprégase unha dinámica de xogos por quendas.
		■ Outros (esp.) → O videoxogo non inclúe tempo, pero si o minixogo.
		*Xustificar →
	Tempo externo (tempo real que se emprega en xogalo)	■ Finita: o xogo termina nun tempo dado (esp.) No minixogo
		■ Infinita: non existe unha limitación de tempo externo para terminar unha partida. No videoxogo
146	Relacións entre as dimensións temporais:	
	■ Dimensión única (é tempo real, non ficticio)	
	□ Simétrica (xógase en tempo real)	
	□ Asimétrica (tempo real diferente ao figurado)	
	□ Proxectada (tempo e accións do xogador/a son representados no mundo ficticio do xogo nunha época distinta ou con algún outro cambio que altere o significado do tempo, ex.: para explicar acontecementos)	
	*Xustificar →	
147	Excepcións ao fluxo temporal do xogo:	
	□ *Cut-scenes*	
	□ *Flash back*	
	□ *Flash forward*	
	□ Outra (especificar)	
	■ N/A	
	*Xustificar →	

Observacións
—

Conclusións da análise G

En liñas xerais respecto ao mundo de ficción do videoxogo, podemos concluír...
• Videoxogo de estrutura lineal con ausencia de narración. Composto por cinco fases independentes en forma de pantallas en 2D que reflicten lugares cotiás (rúas, interiores vivendas, escola....) nos que ocorren situacións relacionadas co ruído. • O videoxogo non permite configuracións, as personaxes veñen pre-definifas, nas que diferenciamos: • Personaxes principais, Silín e Ruidón, un neno e unha pantasma. • Máis de 100 personaxes “figurantes”, integradas nos fondos do videoxogo en actitude activa, entre as que se atopan poucas persoas maiores, poucas persoas con necesidades específicas e poucas persoas de outras razas, mais algún exemplo si se encontra. Coidamos se tivo especial atención por incluír unha representación proporcional de personaxes de diferente sexo, realizando diferentes tarefas. Non existe a presión do tempo nin da puntuación. Valórase a resolución dos retos, mais non o tempo que tardan en superarse. Agás no minixogo, onde si se inclúe tempo e puntuación.

H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS

H.1. Regras do xogo

148	As regras percíbense de maneira clara e inequívoca.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Están recollidas nunha pantalla específica dentro do propio videoxogo
	Observacións
	—

H.2. Obxectivos do xogo

149	Tipoloxía dos obxectivos do xogo.
	□ Absolutos (teñen unha condición de vitoria invariable)
	□ Relativos (teñen unhas condicións de vitoria que poden variar en funcións dos eventos de cada partida)
	□ Abertos a interpretación subxectiva do alumnado, profesorado...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Os obxectivos lúdicos sempre son os mesmos en cada partida.
	Adecuación
150	Os obxectivos do videoxogo son adecuados á idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Considerámolos moi sinxelos para alumnado de Terceiro de Primaria.
151	Os obxectivos do xogo son adecuados para alcanzar os obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Para un xogo de tipoloxía tan sinxela si, cremos que reflicte ben situacións reais e habituais nas que se xeran (e xeramos) ruídos molestos sen ser conscientes.
	Observacións
	—

H.3. Recompensas

152	Recompensas que se poden obter durante o xogo ou ao finalizalo.
	□ Obter puntos → No minixogo
	□ Superar niveis
	□ Obter premios físicos
	□ Obter bens virtuais → Podemos considerar un ben virtual o acceso ao videoxogo.
	□ Aparecer en táboa de clasificacións
	□ Gardar as marcas persoais→ En teoría, xa que esta funcionalidade non é real na versión web

□ Outra (especificar)
*Xustificar → No videoxogo débense superar cinco fases ou niveis para dalo por finalizado.
Observacións
• Ao completar o 100% do videoxogo "prémiase" co acceso a un minixogo de habilidade (tipo disparos) no que nun tempo determinado débense disparar o maior número de Ruidóns posibles. Rematado o tempo accédese a un ránking de clasificación onde supostamente se gardan as 5 mellores puntuacións. Pero ao xogar en liña as puntuacións persoais non se gardan, móstrase a puntuación obtida na partida entre outras que por defecto se atopan na táboa de clasificación e cuxa puntuación máis alta é difícil por non dicir imposible de alcanzar.

H.4. Conflito do xogo

153	Natureza do conflito
	■ Conflito de superación persoal
	□ Interpersoais
	□ Intergrupais
	□ Negociados
	□ Cooperativos
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → A dificultade por superar cada minixogo recae no propio xogador ou xogadora.
	Observacións
	—

H.5. Os/as xogadores/as

	Estrutura de interacción
154	Composición dos xogadores/as
	■ Un só xogador/a
	□ Un só equipo
	□ Dous xogadores/as
	□ Dous equipos
	□ Múltiples xogadores/as
	□ Múltiples equipos
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar especificando se os xogadores/as xogan en rede ou de forma presencial→
155	Relación entre xogadores/as
	□ Alianza estática
	□ Alianza dinámica
	□ Outra (especificar)

■ N/A
*Xustificar →
Observacións
—

H.6. O equilibrio de dificultade

156	Existen mecanismos para modular a dificultade do xogo?		
	□ Si	□ Bríndanse ao inicio da partida	*Especificar cales e como son →
		□ Aparecen durante o transcurso do xogo	*Especificar cales e como son →
	■ Non		
157	En xeral, a complexidade do videoxogo é apropiada e suficiente.		
	*Valoración → 0 1 2 N/A		
	*Xustificar:		
	Observacións		
	—		

H.7. Eventos do videoxogo

158	Mutabilidade (cambios que se introducen no sistema de xogo e que afectan ao desenvolvemento da partida)		
	□ Temporal. Afectan só a un lapso de tempo.		
	□ Finita. Afectan ao período correspondente a unha partida, desaparecen ao comezar outra nova.		
	□ Infinita. Poden quedar de maneira permanente.		
	■ N/A		
	*Xustificar →		
159	Compoñente de azar		
	□ Si	*Especificar →	
	■ Non		
160	Accións do xogador/a		

Xerais		Específicas	Estado do xogo
Diexéticas	□ Mover personaxe		
	□ Calcular		
	□ Escribir		
	□ Seleccionar		
	■ Premer	Premer no botón de ruído unha vez arrastrado ao lugar correcto da pantalla	Ruidón desaparece. Nalgunhas ocasións aparece un botón laranxa no que se inclúe o volume de son

				adecuado.
	■ Arrastrar obxectos		Arrastrar ruído até zona da pantalla correcta	Escóitase *feed back* da personaxe e/ou desaparece unha vida.
	□ Coller			
	□ Colorear			
	□ Construír			
	□ Outras	Escoitar	Premer nun botón de ruído	Escóitase o ruído
		Disparar	Premer sobre Ruidón co "lanzasilencio"	Súmanse puntos
	Non diexéticas	□ Pause		
		□ Configuración		
		□ Menú		
		■ Outra (especificar) → Premer nos botóns de avance e retroceso		

161	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Sempre é igual.
162	O videoxogo adáptase de acordo á interacción do/a xogador/a xerando distintas situacións.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: En cada partida sempre suceden as mesmas situacións.
	Observacións
	—


H.8. Resultados do xogo

163	Tipo de resultados
	□ Monoxogador/a con resultado absoluto (resultado de vitoria ou de derrota)
	■ Monoxogador/a con resultado de puntuación (outorgan puntuación, sen que implique vitoria ou derrota)
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	□ Outros (especificar) →
	*Xustificar → • O videoxogo outorga un % como resultado. En función do resultado móstrase un consello. Exemplo:





- No minixogo infórmase da puntuación obtida e se sitúa na táboa de clasificación.



164	Marcadores
	□ Alfanuméricos
	□ Icónicos
	□ N/A
	*Xustificar →
165	Cómputo que aparece no marcador
	□ Individual, por equipos ou ambos
	□ Mostra o resultado total ou parcial
	□ Puntuación final ou definitiva da partida
	□ N/A
	*Xustificar →
	Observacións
	—

Conclusións da análise H

En liñas xerais respecto ao sistema de regras do videoxogo, podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo monousuario/a, de regras sinxelas e obxectivos lúdicos claros, explicados dentro do propio xogo. • A motivación explícita que impulsan aos xogadores e xogadoras é superar o 100% do videoxogo para poder acceder como "premio" a un minixogo de habilidade. • No minixogo foméntase a superación de marcas persoais en forma de puntuación, pero estas marcas non poden ser gardadas e ademais as que establecen como comparativa son moi altas, difíciles de superar. • No videoxogo as accións a realizar sempre son as mesmas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE

I.1. Interface gráfica

166	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?
	□ Menú
	■ Botóns
	■ Logos
	□ Mapa xeral do xogo
	■ Caixas de texto
	□ Outros (especificar)
167	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de integrar poucas opcións e ser de fácil manexo, os botóns de avance e retroceso non son intuitivos. Considerámolos moi discreto e o último deles (pantalla 5) confuso. Hai que ler as instrucións para saber que ao premer nese botón, non se pasa a outra pantalla do videoxogo (como sucede nos anteriores), senón que se pasa directamente aos resultados.
168	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Son fáciles de entender máis non destacan pola súa orixinalidade.
169	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: A distribución da información está moi coidada, percibimos tres niveis: • Parte superior esquerda, infórmase da progresión • Parte inferior central, os ruídos a arrastrar • Parte inferior esquerda e dereita, botóns de retroceso e avance.
	Observacións
	• Botóns: ◦ Na pantalla de rexistro: ▪ *Entrar* ▪ *Instrucciones* ▪ *Minijuego* (móstrase activado se o xogo o videoxogo foi completado ao 100%) ◦ En cada unha das pantallas do videoxogo: ▪ Botón avance ▪ Botón retroceso (agás na 1) ◦ Na pantalla de consellos de Silín: ▪ *Seguir* ◦ Na pantalla dos resultados do videoxogo: ▪ *Minijuego* (móstrase activado se o xogo o videoxogo foi completado ao 100%) ▪ *Inicio* ◦ Na pantalla de instrucións do minixogo: ▪ *Jugar* ▪ Volver ◦ Na pantalla Ranking ▪ *Inicio*

- *Volver a jugar*
- Caixas de texto: nas instrucións e nos consellos e normas de bo comportamento sonoro de Silín.

I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
170	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 2 N/A *Xustificar:
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)
171	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do/a xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Quizais non sexan moi atractivos a alumnado de 2º e 3º de Primaria.
172	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As ilustracións son unha elemento importante no xogo, xa que nelas se reflicten as accións provocantes (ou non) dos ruídos a arrastrar.
173	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Son adecuados tanto para a súa correcta observación como interacción.
174	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Aínda que os escenarios están coidados, son moi sinxelos e non inclúen aspectos como os especificados no ítem.
175	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Texto escrito
176	Non ten faltas de ortografía e as construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
177	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade e comprensible.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
178	Utiliza fontes tipográficas fáciles de ler.

	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
179	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Consideramos que o das instrucións podían ter un maior tamaño.
180	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
181	Contraste adecuado do texto sobre o fondo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O fondo é branco, e o texto pode ser azul ou negro.
182	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa, adecuada ao xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
183	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos ou textos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
184	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
185	O tempo estimado para a lectura das viñetas ou narracións é axeitado ás características psicoevolutivas das/os destinatarias/os principais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: É decisión do xogador/a a lectura das pantallas de consellos de Silín, así como permanecer nelas o tempo necesario. Todas integran un botón de *Seguir*.
	Locucións
186	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
187	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Son (música, efectos...)
188	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non é que o melloren se non que son parte primordial do xogo. E por iso consideramos que algunhas non está moi logradas, sobre todo as relativas á fase 5. Por exemplo, escóitase ruído como provocado por moita xente cando en pantalla se presentan tres personaxes "figurantes".

189	Os sons de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Infórmase dos acertos e dos erros mediante locución, non sons.
190	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O videoxogo non integra música ambiente
191	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Combinación dos aspectos audiovisuais
192	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas, os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As animacións das personaxe Silín mentres fala está bastante ben sincronizada, aínda que podería ser mellorada, sobre todo nas instrucións do minixogo, onde hai un silencio na locución (no punto e aparte) e sen embargo observamos xesticular á personaxe.
193	A información chave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc. Sen romper coa estética que engloba o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

I.3. Accesibilidade

194	Que se pode configurar no videoxogo?
	□ Axustar o tamaño da fonte
	□ Activar e desactivar subtítulos
	□ Activar e desactivar sons, música ambiente...
	□ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)
	□ Contraste, brillo e cor do xogo
	□ Configurar teclado, *joystick*, rato...
	□ Non permite configuracións
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar →
	Observacións
	—

I.4. Funcionalidade técnica xeral

195	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introdución ao xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: En cada presentación ou instrución se inclúe un botón que permite saltalas.
196	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Na versión web,que é a que estamos analizando non permite gardar as partidas. Hai que volver comezar de cero.
197	Os tempos de carga son razoables.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
198	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Móstrase unha folla en branco.
199	Os subtítulos pódense pasar manualmente, premendo por exemplo nun botón.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
200	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento e o control do videoxogo non entraña dificultades, tendo en conta o grupo ao que se dirixe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O videoxogo ningunha. O minixogo ao ser o cursor un punto de mira semella ir máis lento, como máis pesado, entrañando certa dificultade dirixilo de foma áxil.
201	Está libre de erros de programación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: • Na pantalla do ránking ao premer no botón de *Inicio*, vólvese á pantalla anterior, á de Resultados do videoxogo e non á pantalla inicial ou de rexistro. • O ránking semella ser un engano, xa que na versión en liña non se gardan as 5 mellores puntuacións.
	Observacións
	—

Conclusións da análise I

En liñas xerais respecto á usabilidade e interactividade do videoxogo, podemos concluír...
• A interface e deseño das pantallas destacan pola súa sinxeleza e claridade. Móstranse de forma gráfica os progresos que se van realizando e a orde e colocación dos elementos en pantalla é correcta, están ben estruturadas. Mais consideramos que para que realmente sexa fácil de usar á primeira, deberían engadirse mecanismos que indicaran o paso á pantalla dos resultados e que o botón *Inicio* situado na pantalla do Ránking levara á pantalla inicial.

K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

K.1. Conclusións finais

202	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico. Recoller un resumo dos aspectos positivos e negativos.

Vantaxes	Inconvenientes
Gratuíto	Non inclúe unha guía ou manual docente especifico.
Forma parte dunha Campaña na que se facilitan, xunto co videoxogo, unha serie de recursos dirixidos tanto ao alumnado como ao profesorado.	Non permite acceder aos consellos de Silín unha vez rematado o xogo.
Deseño de fondos e personaxes coidados dende o punto de vista didáctico.	O rango de idade que pretende abarcar é moi amplo. Pode resultar dende un punto de vista gráfico e lúdico pouco atractivo a infantes maiores de 8 anos, e dende un punto de vista didáctico dificultoso para menores de esa idade.
As pantallas estáticas posibilitan a análise e reflexións das accións, importante para a superación do xogo e o tratamento dos contidos.	Dada a tipoloxía de videoxogo, o minixogo non o consideramos de todo apropiado.
	A mecánica pode ser mellorable, resulta repetitiva.
	Non inclúen niveis de dificultade.
	Non permite adaptacións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Análise do videoxogo

Cunquín e o almorzo saudable

Data de inicio do proceso da análise	27 de xaneiro de 2016
Hardware empregado	• Computador Toshiba • Modelo: SATELLITE A110-180 • Edición: Windows XP

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....4
A.3. Imaxes de referencia....6
Conclusións do bloque A....6
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....7
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....7
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....7
Conclusións do bloque B....8
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....9
C.1. Código PEGI....9
C.2. Idea do xogo....9
C.3. Funcións xerais....9
C.4. Clasificación....9
C.5. Grupo destinatario....10
C.6. Obxectivos lúdicos....11
C.7. Regras do xogo....11
C.8. Retos....12
C.9. Obxectivos educativos....13
C.10. Contidos educativos....13
C.11. Relación co Currículo Oficial....13
Conclusións do bloque C....14
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....15
D.1. Idioma....15
D.2. Son....15
D.3. Rexistro....15
D.4. Plataforma....16
D.5. Sistema operativo....16
D.6. Sistema periférico....16
D.7. Outros requisitos técnicos....16
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....17
D.9. Linguaxe de programación....17
D.10. Compras....17
D.11. Publicidade....18
D.12. Garantía....18
D.13. Contacto....18
Conclusións do bloque D....18
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....20
E.1. Obxectivos educativos....20
E.2. Contidos educativos....20
E.3. Ámbito de incidencia....22
E.4. Retos....23
E.5. Retroalimentación e axuda....25
E.6. Teorías de aprendizaxe....26
Conclusións da análise E....26
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....28
F.1. Tempo....28
F.2. Control do progreso....28
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....28

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....29
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....30
Conclusións da análise F....30
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....31
G.1. Natureza do mundo do xogo....31
G.2. Estrutura....31
G.3. Niveis....32
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....32
G.5. Trama argumental....32
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....33
G.7. Visión do xogador/a....34
G.8. Personaxes....35
G.9. Obxectos simbólicos....38
G.10. Estrutura temporal....39
Conclusións da análise G....40
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....41
H.1. Regras do xogo....41
H.2. Obxectivos do xogo....41
H.3. Recompensas....42
H.4. Conflito do xogo....42
H.5. Os/as xogadores/as....43
H.6. O equilibrio de dificultade....43
H.7. Eventos do videoxogo....44
H.8. Resultados do xogo....45
Conclusións da análise H....46
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....47
I.1. Interface gráfica....47
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....47
I.3. Accesibilidade....50
I.4. Funcionalidade técnica xeral....50
Conclusións da análise I....52
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....53
K.1. Conclusións finais....53

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	Cunquín e o almorzo saudable		
002	Ano ou data lanzamento	2008		■ Non figura
003	Colección			■ Non forma parte
004	Soporte	■ CD		Especificar
		□ En liña	□ Accesible en Web	
			□ Descarga en Web	
			□ Rede social	
			□ Descarga en tenda	
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	Facilitado polo Concello de Lugo		
006	Prezo	□ €		
		□ Pts		
		■ Gratuíto	Enviado por correo postal polo Concello de Lugo	
		□ Outra opción		

Observacións

- No CD non se inclúe a data de lanzamento do xogo, mais se facemos unha busca pola rede achamos que foi creado no ano 2005, posto que no currículo do deseñador do videoxogo Noé López Valiña, dispoñible no portal Cultura Galega, indica que foi realizado nese ano Máis información en: http://cultura.galiciadigital.com/autor/lopez-noe
  Porén nos arquivos que integra o CD para a instalación do videoxogo, facilitado polo propio Concello de Lugo para a nosa análise, datan do ano 2008. Polo tanto será tomada esta data como referencia.

A.2. Autoría

007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	■ Empresa tecnolóxica	1	Inteligencia Visual	Lugo	http://www.inteligenciavisual.com/
	□ Xunta de Galicia				
	■ Concello	1	Concello de Lugo	Lugo	http://lugo.gal/
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	□ Fundación				
	□ Editorial				
	□ Produtora audiovisual				

	□ Persoa/s física/s				
	□ Outras/os (especificar)				
	□ Non figuran				
008	Iniciativa				
	□ Propia				
	□ Contratación				
	□ Concurso público				
	□ Subvención				
	□ Outra				
	■ Non figura / difícil de determinar				
009	No videoxogo ou no material de soporte inclúense créditos cos nomes propios das persoas que participaron na elaboración do recurso?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
010	No videoxogo ou no material de soporte indícase se participaron na súa creación un equipo pedagóxico ou especialistas en educación?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
	Observacións				

- Sabemos que o videoxogo foi deseñado e realizado pola empresa Inteligencia Visual xa que se indica no adhesivo do CD.
- Inteligencia Visual é unha empresa localizada en Lugo dedicada á produción multimedia e servizo, de publicidade e comunicación.
- Supoñemos que foi produto dunha contratación por parte do Concello de Lugo, concretamente:
  Área de Servizos Xerais
  Concellería de Sanidade
  Concellería de Educación
  Mais como este dato non figura, non podemos afirmar con seguridade que fose produto dunha contratación.
- Tanto na contraportada da caixa do CD como no seu adhesivo indícase mediante logos que colaboraron:
  - *Eroski center*
  - *Rio Calcio*
  - *Rio frutas*
  - *INGAPAN*
  - *FEMP*
  - *Colegio Oficial de Enfermería de Lugo*

A.3. Imaxes de referencia

011	 Menú	 Taboleiro xogo
	Observacións	
	—	

A.4. Outros datos

012	Premios e/ou méritos recibidos (indicar como se obtivo a información)
	—
013	Número de copias reproducidas e onde se repartiron, descargas, persoas rexistradas... (indicar como se obtivo a información)
	• O videoxogo debeu distribuírse polos CEIP da provincia de Lugo, xa que indagando pola rede atopamos no blog do CEIP Menéndez Pelayo unha referencia a este respecto: *Os días 7 e 8 de febreiro de 2006 celebráronse na biblioteca do centro os almorzos saudables por iniciativa e co patrocinio do Concello de Lugo. Ademais de almorzar dun xeito saudable os alumnos recibiron da concelleira de Participación Ciudadá, Servicios Xerais e Sanidade Dª Luisa Zarzuela o primeiro videoxogo de Cunquín, que fai fincapé na necesidade de aprender a almorzar dunha forma equilibrada e saudable.(Ligazón: http://ceipmenendezpelayo.es/paginas/celebrac/almorzos.htm)*
014	Outra información de interese
	—

Conclusións do bloque A

En liñas xerais respecto á identificación do videoxogo podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo educativo creado fai máis de 10 anos por iniciativa do Concello de Lugo, e que contou para a súa realización con numerosas colaboracións procedentes de empresas de alimentación galegas. • Non se especifican os profesionais que participaron na súa creación. • Descoñecemos o número de copias repartidas deste xogo.

B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO

B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo

015	Que recursos acompañan o videoxogo? (breve descrición)	
	□ Web do proxecto	
	■ Embalaxe	Porta-CD en cartón
	□ Material impreso	
	□ Espazo en tenda virtual	
	□ Outro (especificar)	
	Observacións	

- Imaxe de referencia:



B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo

016	Que materiais ou informacións se integran no videoxogo ou nos recursos sinalados no anterior apartado?			
	Materiais	Onde?[1]	Formato[2]	Descrición
	■ Titorial	Videoxogo	Pantalla estática	Instrución do videoxogos nun apartado específico. Inclúe a sinopse, a historia, descríbense as personaxes e o sistema de xogo.
	□ *Trailer*			
	■ Sinopse	Parte posterior embalaxe	Cartón	*Chegou o novo videoxogo de Cunquín. Axuda ao noso amigo e aos seus compañeiros a superar múltiples aventuras e aprende con eles a almorzar dunha forma*
		Videoxogo	Pantalla estática	

1 Indicar se está dentro do videoxogo ou na embalaxe, ou no material impreso, etc
2 Indicar se é un PDF para descargar, epub, material impreso, titorial interactivo que explica as accións a realizar, o funcionamento da interface, etc.

			equilibrada e saudable.
□ Presentación formal			
□ Guía didáctica específica para docentes			
□ Información xeral de carácter pedagóxico.			
□ Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso			
□ Materiais didácticos complementarios (vídeos, actividades para imprimir...)			
□ Información técnica	Parte posterior embalaxe	Cartón	Indícanse os requisitos mínimos.
□ Outro/s			
Observacións			
—			

Conclusións do bloque B

En liñas xerais respecto aos materiais e informacións que acompañan o videoxogo podemos concluír...
• O videoxogo repartiuse nun portacedés en cartón e plastificado. Neste móstrase o título do xogo e unha imaxe representativa da principal personaxe. Na parte posterior inclúese: ◦ Sinopse ◦ Requisitos mínimos ◦ E logos do concello de Lugo e das empresas colaboradoras. Non o da empresa creadora. • Integra un titorial no apartado de instrucións.

C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA

C.1. Código PEGI

017	Faise uso da clasificación PEGI?				
□ Si	* Que etiqueta ou etiquetas se inclúen?				
	□ PEGI 3	□ PEGI 7	□ PEGI 12	□ PEGI 16	□ PEGI 18
	□ Linguaxe groseira		□ Drogas	□ Medo	□ Xogo
	□ Sexo	□ Violencia	□ En liña	□ Discriminación	□ PEGI OK
■ Non					
Observacións					
—					

C.2. Idea do xogo

018	Especifícase se o videoxogo está baseado noutro medio?		
□ Si	□ Orixinal	□ Libro	□ Banda deseñada
	□ Película	□ Feito real	□ Outra (esp.) →
■ Non			
Observacións			
—			

C.3. Funcións xerais

019	Especifícase para que se creou o videoxogo?				
■ Si	*Onde? → No porta CD e nas Instrucións				
	*Cal é a súa función?				
	□ Entreter	□ Motivar	□ Adestrar	□ Experimentar	□ Reforzar aprendizaxes
	□ Educar	■ Outras (especificar) → Aprender			
□ Non					
Observacións					
• *Aprende con eles a almorzar dunha forma equilibrada e saudable.*					

C.4. Clasificación

020	Indícase que tipo de recurso é?				
■ Si	*Onde? → No porta CD e nas Instrucións				
	*Que termo se emprega?				
	■ Videoxogo	□ Xogo	□ Xogo dixital	□ Mini xogo	□ Recurso lúdico
	□ Outro/s (especificar) →				

	□ Non				
021	Indícase o xénero ou subxénero ao que pertence?				
	□ Si	*Onde? → Dentro do videoxogo (apartado *Información adultos*)			
		*Que termo se emprega?			
		□ Educativo	□ Conversacional	□ Aventura gráfica	□ Serious Game	□ Estratexia
		□ Outro (especificar) →			
	□ Non				
	Observacións				
	• Trátase dun videoxogo de taboleiro				


C.5. Grupo destinatario

022	Especifícase para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?			
	□ Si	*Onde? →		
		*Para cal? (especificar)		
		□ Centros educativos	□ Fogar	□ Museo
		□ Outro (especificar) →		
	□ Non			
023	Especifícase para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?			
	□ Si	*Onde? →		
		*Para cal? (especificar)		
		□ Local	□ Provincial	□ CCAA	□ Nacional	□ Internacional
		□ Outro (especificar) →		
	□ Non			
024	Especifícase a quen vai dirixido principalmente o videoxogo?			
	□ Si	*Onde? →		
		*Que se determina? (especificar)		
		□ Idade	□ Nivel educativo	□ Características especiais (autismo, xordeira, cegueira...)
		□ Outro (especificar) →		
	□ Non			
025	Menciónase os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?			
	□ Si	*Onde? →		
		*Cales son? →		
	□ Non			
	Observacións			
	—			

C.6. Obxectivos lúdicos

026	Explicítase o obxectivo u obxectivos finais do xogo?	
	■ Si	*Onde? → Nas instrucións do videoxogo
		*Resumo de cales son → Conseguir 3 ingredientes para almorzar: froita, leite e cereais. E tornar á casa de partida.
	□ Non	
	Observacións	
	—	


C.7. Regras do xogo

027	Descríbese de forma xeral como se xoga ao videoxogo?	
	■ Si	*Onde? → Nas instrucións do videoxogo
		*Resumo de cales son → • 1. Tirar o dado • 2. Activar a casa de xogo, no que ás veces hai que superar algún minixogo, avanzar e retroceder casas, comprar cousas.... • 3. Xogar a un minixogo, se é completado obtéñense puntos.
	□ Non	
	Observacións	
	• Opcións no taboleiro de xogo:  	

C.8. Retos

028	Enumérase os retos e/ou actividades que se teñen que realizar?	
	■ Si	*Onde? → Nas instrucións do videoxogo
		*Resumo de cales son → Ver observacións
	□ Non	
	Observacións	

- Descríbense os 9 minixogos que poden saír en función da casa na que se caia dentro do taboleiro. Non CD tamén se inclúe a opción de xogar a eles de forma independente:
  - Aforro enerxético. *A túa casa volveuse tola, os electrodomésticos acéndense sós, así que deberás apagalos antes de que se esgote a enerxía.*
  - Mantén limpa a cidade. *O parque da nosa cidade está moi sucio e non podes permitilo, pois se non non se podería pasear por el. Axuda a Cunquín a recoller o lixo que hai tirado polo chan. Recolle 15 obxectos antes de que se esgote o tempo.*
  - Catro en raia. *Xoga cos teus amigos ao famoso catro en raia. Tes unha barra de enerxía que cando se completa permíteche tirar unha ficha. Se completas unha liña da túa cor antes que os teus compañeiros, ¡gañaches!.*
  - Operación matemáticas. *¿Que tal estás de matemáticas?Aleatoriamente sairá un número. Enriba de ti tes outros dous números e un cadro cun símbolo matemático. Deberás cambiar este símbolo para que a operación que quede dea como resultado o número aleatorio.*
  - Labirinto. *¡É a hora da recolleita! Deberás recoller todas as mazás do lagar antes de que se esgote o tempo.*
  - O Alfabetizador. *O Alfabetizador é un celoso gardián dos nosos ansiados ingredientes. Como bo amante das letras, faranos unha proba para ver cómo estamos de vocabulario. Deberás fixarte moi ben na silueta que hai na pizarra. Cando saibas o que representa, deberás ordenar as letras que tes enriba para que formen a palabra correspondente. Este xogo darache un dos obxectos que buscas.*
  - O Grasicida. *O Dr. Estrago volveuse tolo de remate e está a tirar por toda a casa a súa graxenta comida. Montado nun modernísimo avión de papel armado cun potente eliminador de graxas, o teu deber consiste en non deixar pasar ningún deses alimentos. ¡Así que ponte en marcha e non deixes de disparar!*
  - A pista de baile. *Grazas a todo o que Cunquín aprendeu dos almorzos saudables, hoxe en día ten un corpo de escándalo. E para demostralo non dubida nin un anaco en colocarse sobre a pista de baile e marcarse uns pasos. Pero parece que non se lle dá de todo ben, así que terás que axudalo a levar o ritmo marcándolle qué movemento ten que dar para que a súa coreografía resulte incrible.*
- De maneira gráfica indícase sobre que teclas hai que premer en cada xogo para poder xogar. Tamén se inclúe unha imaxe representativa do minixogo. Un exemplo:



C.9. Obxectivos educativos

029	Enuméranse as competencias básicas que activa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	■ Non	
030	Enuméranse os obxectivos educativos concretos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	■ Non	
	Observacións	
	• Menciónase únicamente o obxectivo xeral que é aprender a almorzar dunha forma equilibrada e sa.	

C.10. Contidos educativos

031	Enuméranse os contidos educativos que se tratan no videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

C.11. Relación co Currículo Oficial

032	Indícase a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo.	
	□ Si	*Onde? →
		*Cal é? →
	■ Non	
033	Especifícase se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	
034	Especifícase se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración Educativa?	

□ Si	*Onde? →
	*Etapa/s →
	*Ciclo/s →
	*Curso/s →
	*Área/s →
□ Non	
Observacións	
—	

Conclusións do bloque C

En liñas xerais respecto á información lúdica-pedagóxica que acompaña o videoxogo podemos concluír...
• Nin na embalaxe nin no videoxogo se fai menicón a quen se dirixe o xogo. Polas novas investigadas en liña supoñemos que foi deseñado para infantes de Educación Primaria. • A función e o obxectivo xeral do videoxogo aparece claramente especificado na súa embalaxe así como nas instrucións do mesmo: aprender a almorzar dunha forma equilibrada e saudable. • O propio material defínese como videoxogo, mais non se especifica que sexa educativo. • As regras do xogo xerais e específicas (descrición dos minixogos que inclúen) achéganse explicadas nun apartado específico de Instrucións. • Non se inclúen información pedagóxica relacionadas cos obxectivos específicos e contidos tratados no videoxogo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

D.1. Idioma

035	Sen entrar no videoxogo, especifícase o idioma ou idiomas que soporta?				
	□ Si ■ Non	*Onde? →			
		*Indicar número de idiomas → 1			
		■ Galego	□ Español	□ Vasco	□ Catalán	□ Inglés
		□ Outro/s (especificar) →			
036	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan visibles os idiomas?				
	□ Botóns (texto)				
	□ Botóns (locución)				
	■ Caixas con textos escritos (instrucións, narración, axudas...)				
	□ Caixas con textos locutados (instrucións, narración, axudas...)				
	□ Locucións personaxes				
	□ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso...)				
	□ Outros (especificar)				
	Observacións				
	• O idioma faise visible dentro do videoxogo principalmente nas instrucións e nas probas relacionadas coas preguntas.				

D.2. Son

037	Que sons integra o videoxogo?
	□ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
	■ Música
	□ Voces
	□ Outros (especificar)
	□ N/A
	Observacións
	• Inclúe diferentes músicas de fondo, unha no menú do xogo e outras nos minixogos. • Non inclúe locucións nin efectos de son.

D.3. Rexistro

038	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?	
	□ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso →
	■ Non	

Observacións
—

D.4. Plataforma

039	Inclúese información sobre as plataformas nas que funciona?		
■ Si □ Non	*Onde? → Embalaxe		
	*Indicar as plataformas nas que pode ser utilizado.		
	□ Consola (esp.)	■ PC	□ Teléfono intelixente
	□ Tableta	□ Outra/s (esp.) →	
Observacións			
• Concretamente: *Ordenador personal*			

D.5. Sistema operativo

040	Inclúese información sobre os sistemas operativos nos que funciona?				
■ Si □ Non	*Onde? → Embalaxe				
	*Indicar e especificar versión.				
	■ Windows	□ Linux	□ MacOs	□ Android	□ iOS
	□ Outro/s (especificar)				
Observacións					
• Windows XP					

D.6. Sistema periférico

041	Inclúese información sobre os periféricos necesarios para a interacción no videoxogo?			
□ Si ■ Non	*Onde? →			
	*Indicar cales se necesitan			
	■ Teclado	■ Rato	□ *Joystick*	□ Pantalla táctil
	□ Outro/s (especificar)			
Observacións				
• Esta información achégase a través das instrucións de cada minixogo.				

D.7. Outros requisitos técnicos

042	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?		
	□ Conexión á rede	■ Resolución mínima da pantalla	□ RAM
	□ Tarxeta de son	□ Instalación de plugins	□ Execución de arquivos

□ Outros (especificar)	□ N/A
Observacións	
• Requisitos mínimos que se indican. Todos no embalaxe: *Ordenador personal tipo Pentium III 800 Mhaz* *64 MB de memoria (128 MB recomendados)* *Monitor cunha resolución 800x600* *Sistema operativo Windows XP*	

D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

043	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?
	□ Realidade Aumentada
	□ Realidade Virtual
	□ Kinect
	□ Chat
	□ Control parental
	□ Redes Sociais
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
	Observacións
	—

D.9. Linguaxe de programación

044	Especifícase a linguaxe de programación na que se creou o videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.10. Compras

045	O videoxogo inclúe compras integradas?	
	□ Si	*Especificar obxectivos e prezos das compras (mellorar habilidades personaxe, aumentar tempo de xogo...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.11. Publicidade

046	O videoxogo integra publicidade?	
	□ Si	*Especificar tipo de publicidade (subliminar, intrusiva...) →
	■ Non	
	Observacións	
	• Non dentro do xogo, mais como xa se resaltou móstranse logos de empresas de alimentación na embalaxe e no adhesivo do CD.	

D.12. Garantía

047	Inclúe garantía de compra ou algún tipo de protección legal ante erros xurdidos no videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.13. Contacto


048	Inclúese algún teléfono, correo, formulario... para consultas, resolver problemas ou dúbidas?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

Conclusións do bloque D

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír...

- Videoxogo totalmente en galego.
- Non inclúe locucións, soamente música de fondo.
- Na embalaxe do CD indícanse os requisitos mínimos que se teñen que cumprir.
- Non inclúe formas de contacto.
- Non inclúe compras.
- O videoxogo hai que instalalo previamente no computador.





USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO

E.1. Obxectivos educativos

	Adecuación
049	Os obxectivos educativos son adecuados ao grupo destinatario ao que se dirixe (en función da idade ou áreas de desenvolvemento: motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A[1]
	*Xustificar: A educación para unha alimentación saudade debería comezarse na Educación Infantil, o recurso diríxese á Educación Primaria polo tanto absolutamente o principal obxectivo é adecuado.
050	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Mestúranse diferentes obxectivos non relacionados co principal e non descritos en ningún apartado do CD, como aprender a aforrar enerxía, manter limpa a contorna, etc.
051	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se perseguen.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Os minixogos que integran poder chegar a repetirse moito nunha mesma partida. O xogo comeza cunha historia que logo non se desenvolve. Nos minixogos valórase demasiado as habilidades motrices.
052	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	Centrándonos no obxectivo principal, o cal é tratado moi superficialmente na historia inicial e nalgúns dos minixogos (todos relacionados con froitas), pódese rematar o xogo sen ter claro cal é finalmente un almorzo equilibrado e saudable. Si se salienta a necesidade de comer froita (na maioría dos xogos móstranse mazás) evitando as grazas e doces, mais isto é aplicable a toda a alimentación, non só ao almorzo.
053	Os obxectivos pedagóxicos intégranse coherentemente cos obxectivos do xogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Intégranse moi ben de forma xeral, a idea de recuperar o almorzo roubado polo antagonista resulta coherente co obxectivo principal, mais non tanto nos minixogos ou probas que hai que superar.
	Observacións
	—

E.2. Contidos educativos

	Procedencia da información
054	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A

1 0 = Non, en modo algún | 1 = Bastante, en gran medida | 2 = Si, absolutamente | N/A = Non aplica

	*Xustificar: O valor enerxético e poder calórico dos alimentos consideramos está demostrado cientificamente, se ben as costumes gastronómicas difiren entre culturas e no videoxogo non se recomenda explicitamente cal sería almorzo saudable ideal para as idades destinatarias. Nalgún dos retos de pregunta-resposta, o contido non é nin especializado nin académico, chegándose a preguntar cuestións relativas por exemplo ás personaxes televisivas Telelunnis.
055	O contido inclúe ámbitos de saber popular, tradicional...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
056	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Estrutura e representación
057	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, quebracabezas, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os contidos estrutúranse en minixogos independentes uns de outros, mais non de forma xerárquica.
058	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A maioría dos retos que se se inclúen non están deseñados para demostrar a comprensión. Integran elementos relacionados cos contidos, mais como obxectos sobre os que tomar decisións de forma mecánica.
059	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
060	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nalgúns dos minixogos si, como por exemplo no de “Aforro enerxético”, mais non en todos, como no de “Catro en raia”
	Promoción de valores
061	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
062	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A personaxe feminina descríbese como churrisqueira. A pesar de que de forma textual resáltase que é *dura como unha roca*, en aparencia non se racha co estereotipo de nena fráxil e presumida. Emprégase o termo “tolo de remate” para referirse ao antagonista. Tamén empregado no xogo “Aforro enerxético”: *A túa casa volveuse tola* [...] Indícase no minixogo “A pista de baile” que a personaxe principal ten un “corpo de escándalo”, potenciando a importancia da alimentación saudable para mellorar o atractivo físico e lugar da saúde.

	Incorre en sexismo lingüístico abusando do masculino xenérico.
063	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
064	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Integra un minixogo relacionado coa limpeza da contorna, chamado “Mantén limpa a cidade”.
065	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O videoxogo pode ser xogado na súa totalidade en galego, mais o contido non se orienta para o seu uso.
066	O contido carece de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Sinalar que se emprega o termo “Disparar” no minixogo “O grasicida”, mais a acción realízase sobre obxectos (neste caso alimentos graxentos), nos sobre personaxes.
	Adecuación
067	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Contén minixogos adecuados a infantes de 6 a 8 anos, mais outros para idades superiores como o “Alfabetizador” ou “Operación matemáticas” no que hai que saber realizar operacións que impliquen multiplicacións e divisións.
068	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non detectados.
069	Os escenarios, os elementos e obxectos que compoñen o videoxogo, integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os escenarios e elementos que o compoñen non aportan contidos extra que faciliten a súa obtención, todos os elementos integrados na pantalla son necesarios para a realización da actividade.
	Observacións
	—

E.3. Ámbito de incidencia

070	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?
	□ Conceptual
	□ Procedemental ou de habilidades
	□ Actitudinal
	*Xustificar:

	• *Atrapafroitas:* habilidade • *Aforro enerxético:* habilidade • *Mantén limpa a cidade:* habilidade • *Catro en raia:* habilidade • *Operación matemáticas:* conceptual • *Labirinto:* habilidade • *O Alfabetizador:* conceptual • *O Grasicida:* habilidade • *A pista de baile:* habilidade • *Preguntas fáciles e difíciles:* conceptual
071	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

E.4. Retos

072	De que tipoloxía son os retos que forman o videoxogo?				
	□ Memorización	□ Lóxica	□ Creación	□ Construción	■ Estratexia
	■ Labirintos	□ Selección	□ Quebracabezas	■ Habilidade	□ Clasificación
	■ Cálculo de elementos	■ Identificación	■ Pregunta-resposta	■ Outro/s (esp.) → • Percepción e ordenación letras (palabras)	
	*Xustificar: • *Atrapafroitas:* identificación e habilidade • *Aforro enerxético:* identificación e habilidade • *Mantén limpa a cidade:* habilidade • *Catro en raia:* estratexia • *Operación matemáticas:* cálculo de elementos • *Labirinto:* labirinto • *O Alfabetizador:* percepción e ordenación letras (palabras) • *O Grasicida:* habilidade • *A pista de baile:* habilidade • *Preguntas fáciles e difíciles:*pregunta-respostas				
073	Os retos integran distintos niveis de dificultade?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
074	Natureza dos retos:				
	□ Os retos pódense elixir ou seleccionar.				
	□ Os retos pódense crear.				
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida				
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense cada vez que se xoga unha partida, mais algúns dos elementos que os integran varían aleatoriamente.				

	■ Outra (especificar) Os retos están predefinidos no xogo mais poden tocar uns ou outros nunha partida, repetíndose de maneira exacta.
	*Xustificar → A mecánica dos retos repítese de maneira exacta, mais nalgúns deles a orde e características dos elementos que se integran poden variar de forma aleatoria. Por exemplo, non xogo do Alfabetizador non sempre saen a mesma palabra.
075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos.
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas
	□ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...
	□ Presentación por parte de personaxes previo ao reto
	□ Accédese directamente ao reto ao premer nunha imaxe ou texto.
	■ Outros (especificar) →Accedese automáticamente a un reto ou a outro en función da casa onde caia a personaxe.
	*Xustificar →
	Adecuación pedagóxica
076	Os retos son apropiados para o tratamento dos contidos educativos integrados no videoxogo.
	*Valoración → 0 ■1 2 N/A
	*Xustificar: Para o tratamento do contido principal non, mais algúns si os consideramos apropiados para o tratamentos de contidos específicos non relacionados co obxectivo principal do xogo, como pode ser o de "Aforro enerxético" ou o de "Operación matemáticas" para a práctica de operacións mentais.
077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → ■0 1 2 N/A
	*Xustificar: En cada un dos retos trátanse diferentes contidos.
078	Os retos son próximos aos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 ■1 2 N/A
	*Xustificar: Atopamos retos que non, como o "Labirinto", a "Pista de Baile" o "Catro en raia".
079	Os retos preséntanse nunha secuencia e estrutura correcta. O nivel de dificultade é progresivo.
	*Valoración → ■0 1 2 N/A
	*Xustificar: A secuencia na que se presentan e produto da aleatoriedade.
	Características intrínsecas
080	Os retos son desafiantes. Os seus obxectivos están claramente especificados mais a posibilidade de obtelos móstrase incerta.
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
	*Xustificar: Sobre todo nos minixogos, non tanto nas actividades pregunta-respostas. Os minixogos integran factor tempo e puntuación asociada, a superación de algúns permiten incluso a obtención dun dos alimentos necesarios para gañar. Todos eles elementos da mecánicas potencializadores do desafío.
081	Os retos propostos resólvense basicamente consultando a información contida no videoxogo ou nos materiais complementarios.
	*Valoración → ■0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións

—

E.5. Retroalimentación e axuda

082	Que accións ou acontecementos suceden no videoxogo para recibir retroalimentación?
	□ Ante accións ou respostas correctas
	□ Ante accións ou respostas incorrectas
	□ Ao conseguir un obxectivo
	□ Ao superar un nivel
	□ Ao superar un reto
	□ Cando se supera o xogo
	□ Cando remata o xogo aínda que non sexa superado → O videoxogo remata unha vez consumidas as 12 quendas, se é que antes non son conseguidos os 3 ingredientes necesarios para finalizalo.
	□ Outras (especificar)
	*Xustificar → Máis que retroalimentación sería información recibida, xa que no videoxogo se indica mediante texto cando se gaña ou se perde. Exemplo: 
083	Que retroalimentación se recibe (que se premia ou castiga)?
	□ Apórtanse puntos, moedas, insignias...
	□ Quítanse puntos, moedas, insignias...
	□ Apórtanse pistas relevantes para avanzar no xogo
	□ Apórtanse coñecementos ou incentívase a afondar nos contidos, habilidades ou valores tratados no videoxogo.
	□ Son de acerto
	□ Son de erro
	□ Animacións de vitoria
	□ Animacións de derrota
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → Apórtanse puntos que se poderán intercambiar por quendas.

084	A retroalimentación que ofrece o videoxogo é relevante á natureza do xogo e á consecución dos retos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
085	Como se mostra ou é a axuda que se ofrece no videoxogo?
	□ A axuda móstrase en pantalla aínda que non se solicite ou se realice algunha acción. Esta axuda desaparece gradualmente a medida que se avanza no xogo.
	□ As axudas do videoxogo son indicacións, pero non provén a solución aos problemas expostos. A axuda é indirecta.
	□ Durante o xogo non se ofrecen axudas, actívanse nun espazo da interface sendo decisión do xogador/a consultalas ou non.
	□ No xogo non se ofrece ningún tipo de axudas.
	□ Outro (esp.)
	*Xustificar →
	Observacións
	—

E.6. Teorías de aprendizaxe

086	Con cal dos seguintes principios se identificaría o videoxogo?
	□ O videoxogo ten un marcado carácter lineal e condutista, utiliza procesos de ensaio-erro dirixidos por medio de reforzos positivos (por exemplo: gañar puntos) ante accións automáticas.
	□ Son usados apropiadamente os “programas de reforzo”, prémianse as accións realizadas baixo determinadas condicións, non cada vez que se emite unha acción. (Por exemplo: a recompensa prodúcese tras a consecución dun obxectivo educativo).
	□ O videoxogo contempla un enfoque cognitivista, os contidos organízanse de maneira xerárquica pero permite unha interacción non lineal.
	□ O videoxogo presenta problemáticas de complexidades similares ao mundo real, ás que hai que facer fronte aplicando os aspectos a aprender.
	□ É un videoxogo de contorna aberta onde o alumnado constrúe o coñecemento a través da actividade, busca recursos, solicita asesoramento segundo o seu propio criterio... Incorpora finais abertos.
	□ Outras (especificar)
	Observacións
	• Gáñanse ou pérdense puntos ante accións automáticas nalgúns dos videoxogos, como podes ser o “Grasicida” • Prémianse con puntos cada vez que é superado un reto.

Conclusións da análise E

En liñas xerais respecto ao deseño instrutivo do videoxogo, podemos concluír...
• O obxectivo educativo principal é apropiado para o grupo destinatario principal do xogo, mais sería apropiado para calquera idade. • A pesar de que o obxectivo principal educativo do videoxogo e o lúdico están coherentemente relacionados, empregándose o reto de recuperar un almorzo saudable roubado, as probas ou retos

que se teñen que realizar para conseguir esa finalidade non son de todo apropiadas, xa que centran a atención en outros contidos non relacionados, puntuándose máis as habilidades que se teñan manexando o teclado do computador que a comprensión e/ou coñecementos sobre a temática. Predominan polo tanto os os retos de habilidade fronte os conceptuais e actitudinais.

- No videoxogo trátanse tamén de forma superficial contidos relacionados coa lingua, matemática, enerxía e contaminación.
- Os retos non son apropiados para o tratamento do obxectivo principal do videoxogo.
- Existencia de compoñentes como o tempo e a puntuación.

F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA

F.1. Tempo

087	O tempo estimado en completar o xogo (ou cada unha das súas fases) adecúase ao contexto para o que foi creado.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de non permitir gardar as partidas, os minixogos pódense xogar de forma individual e o videoxogo en si ten un total de 12 quendas. Equivale aproximadamente a 45 minutos de xogo en total.
	Observacións
	—

F.2. Control do progreso

088	O videoxogo inclúe un controlador das accións do xogador ou xogadora?	
	□ Si	*Especificar a información que contén (número e porcentaxe dos retos ou actividades superadas e non superadas, tempo invertido...) →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a

	Rol	
089	O videoxogo ou materiais complementarios, fan referencia á figura do profesorado, educador/a, nai, pai...	
	□ Si	*Especificar o rol que se suxire (soporte dos contidos tratados no xogo, guía de experiencias de aprendizaxe colaborativas a partir do uso do xogo...) →
	□ Non	
	Posibilidades de intervención no deseño instrutivo	
090	Que opcións se brindan especificamente á figura mediadora para intervir na estrutura do xogo?	
	□ Selección de niveis de dificultade.	
	□ Selección de retos ou actividades.	
	□ Creación completa de retos ou actividades	
	□ Non se brindan opcións para configurar o xogo.	
	□ Outra (especificar)	
	*Xustificar →	
	Comunicación dos criterios de elaboración do videoxogo	
091	Se o videoxogo ou os materiais complementarios contan cun apartado específico para a figura dinamizadora, que información explícita se aporta?	
	□ Explícase as grandes finalidades educativas que persegue.	

	□ Explícase ou xustifícase a teorías ou teorías de aprendizaxe subxacentes.
	□ Explicación da lóxica interna que organiza os contidos e a secuencia dos retos.
	□ Explicación das fontes ou documentación de referencia tomadas para a selección e tratamento dos contidos do videoxogo.
	□ Explicación dos criterios polos cales se incluíron e/ou excluíron contidos. Xustifícase o por que da selección que se levou a cabo.
	□ Explicación dos conceptos básicos incluídos no videoxogo, e as relacións entre eles.
	□ Explicación dos criterios de conexión do contido coa contorna social e cultural.
	□ Explicación da relación entre os contidos e as áreas do nivel educativo.
	□ Explicación sobre as vantaxes da utilización do videoxogo respecto a outros medios.
	■ Non se conta cun apartado específico para profesorado, educadores/as, nais, pais...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar →
	Propostas de uso
092	Se o videoxogo conta cunha guía didáctica ou material específico para o profesorado, educadores/as, nais ou pais, que se aporta?
	□ Suxestións didácticas e exemplos de utilización do videoxogo.
	□ Suxestións en canto á realización de actividades posteriores non incluídas nel.
	□ Suxestións en canto a procesos de avaliación, a parte dos resultados obtidos no videoxogo.
	□ Presentación ou incorporación doutros materiais cos cales se pode traballar para a afondar nos contidos.
	■ Non se aconsellan propostas de uso.
	□ Outra (especificar) →
	*Xustificar →
	Consideración das necesidades e opinións
093	No videoxogo ou materiais complementarios anticípanse as dificultades posibles da súa posta en práctica.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
094	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do profesorado,educadores/as, nais, pais... sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a

095	No videoxogo inclúense retos a superar recorrendo a fontes de información alternativas ao videoxogo, levando ao xogador/a a facer pescuda noutros materiais.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A

	*Xustificar:
096	No videoxogo ou no material complementario suxírense tarefas que deben realizarse en equipo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
097	No videoxogo o/a xogador/a pode configurar, seleccionar, cambiar contidos, retos ou actividades, adaptándoo as súas necesidades, permitindo controlar o seu propio proceso de aprendizaxe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
098	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do/a xogador/a sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar...

099	O videoxogo suxire agrupamentos flexibles.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
100	No videoxogo inclúense tarefas de interacción comunicativa, por exemplo entre alumnado de distintos niveis educativos ou centros educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
101	O videoxogo inclúe funcionalidades ou suxire estratexias organizativas que vinculan ao conxunto do equipo docente dun centro, con outros centros, do centro coa comunidade, da familia coa comunidade...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

Conclusións da análise F

En liñas xerais respecto á aplicación didáctica do videoxogo, podemos concluír...
• O videoxogo a pesar de non permitir gardar as partidas, adecuaríase a o contexto escolar por ter limitadas o número de xogadas en cada partida. • No videoxogo non se ten en conta a figura dinamizadora. • O videoxogo non permite configuracións de ningún tipo.

G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN

G.1. Natureza do mundo do xogo

102	Que tipo de natureza caracteriza o videoxogo?
	□ Natureza abstracta
	□ Natureza icónica
	■ Natureza narrativa
	Observacións
	• Realmente o videoxogo atópase na fronteira entre natureza icónica e narrativa. Seleccionamos esta última opción dado o carácter expositivo das instrucións de cada reto e a narrativa inicial que supostamente da sentido as acción no xogo. Sen embargo os retos non se relacionan totalmente coa atmosfera inicial que pretende xerar o xogo. • Nas instrucións do videoxogo explícase a historia para somerxer supostamente ao xogador/a. É a seguinte: *A Cunquín e aos seus amigos gústalles gozar todas as mañás dun abundante e saudable almorzo porque saben que é a base para manterse en forma durante o día e para crecer fortes, con enerxía. Pero unha noite, Cunquín esperta sobresaltado por un forte barullo provinte da súa propia casa. Cal é a súa sorpresa ó descubrir que todos os alimentos que había na cociña para o almorzo de mañá desapareceran. Ninguén sabe con certeza cales son os planes do malvado Dr. Estrago...* • Previa á entrada de xogo, tamén se mostra en imaxes tipo cómic (sen texto e sen locucións) a situación da que se parte, móstrase de forma visual a historia que acabamos de detallar. 

G.2. Estrutura

103	Estrutura de navegación
	■ Lineal
	□ Núcleo con radios
	□ Sandbox
	□ Outra (esp.) →
	Observacións
	• En momentos determinados dentro do videoxogo pódese elixir que camiño coller dentro do taboleiro (dúas opcións), pero fundamentalmente trátase dun xogo lineal onde en

	función do número que saia no dado imos por un ou por outro camiño, sen ter a opción de elixir os retos e sen preocupacións por elixir o camiño correcto.

G.3. Niveis

104	O xogo consta de etapas, misións ou niveis?	
	□ Si	*Especificar número →
		*Describir →
	■ Non	
105	Pódese repetir os niveis as veces desexadas?	
	□ Si, unha vez superados	
	□ Si, aínda que non se superen	
	□ Non, teríase que comezar o videoxogo	
	□ Outra opción (esp.)	
	■ N/A	
	Observacións	
	—	

G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo

106	Que opción se brinda para intervir no espazo de configuración do xogo?
	□ Ningunha
	■ Combinatoria (selección avatar, escenarios, xogadores...)
	□ Construtiva (construción personaxes, escenarios, obxectos...)
	Observacións
	• Pódese seleccionar a Cunquín ou a Cunquiña

G.5. Trama argumental

107	No caso de incluír trama argumental, como se representa a historia contextual?
	■ Por medio de *cutscenes* (especificar: se só ao principio, entre fases...) → Soamente o principio e a través de ilustracións estáticas, é preciso acudir ás instrucións para comprender a narrativa ou historia que envolve o xogo.
	□ Mediante voces en *off*
	□ Mediante textos en pantalla
	□ Outras (especificar)
	□ N/A
108	O videoxogo prové unha historia entendible para as características evolutivas do grupo destinatario do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A

	*Xustificar:
109	O videoxogo incita a coñecer e ir descubrindo a historia.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A historia “desaparece” mentres se xoga, non se mostra.
110	A historia envolve emocionalmente (xerando intriga, alegría, misterio, etc.) Non é aburrida.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A historia inicial xera misterio e intriga, aportando un sentido ás accións que deberían realizar, mais como xa resaltamos no se desenvolve ao longo do videoxogo.
111	A trama argumental é coherente coa estratexia educativa do videoxogo, axuda á consecución dos obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

G.6. A estrutura espacial do videoxogo

	Os escenarios do xogo		
112	Número:		
	□ Un escenario ou fondo		
	□ Varios escenarios (especificar número) → 10 aproximadamente		
113	Localización contornas:	Especificar características (reais, fantásticas...)	Nº
	□ Interior	Características reais, representan interiores dunha vivenda.	6
	□ Exterior	Características reais:xardín labirinto, parque, pista de baile...	2
	□ Neutro		2
	□ Outros (esp.)		
114	As contornas do videoxogo inspíranse e/ou reflicten lugares reais? (cidades, monumentos...)		
	□ Si	*En cales?→	
	□ Algunhas	*En cales?→	
	□ Non		
	□ Difícil determinar		
115	Dimensións:		
	□ 2D		
	□ 3D		
	□ Outra (esp.) →		
116	Perspectiva:		
	□ Cónica		
	□ Isométrica		
	□ Outra (esp.)		

117	Estilo gráfico:
	□ Realista
	□ Surrealista
	□ Abstracto
	■ Cartoon
	□ Pixelado
	□ Manga
	□ Outro (esp.)
118	Cores que predominan:
	■ Cálidas
	■ Frías
	■ Claras
	■ Escuras
	□ Pastel
	□ Outra (esp.)
119	En que época histórica se ambienta o videoxogo?
	■ Presente
	□ Pasado
	□ Futuro
	□ Non reflexa ambientación
	Observacións
	• Máis que escenarios serían a fondos de xogo. • No deseño de pantallas emprégase sobre todo cores cálidas en diferentes tonalidades, como o laranxa, vermellos e amarelos. Nos interiores da vivenda resaltan as cores claras, empregándose a cor azul nos fondos dalgúns minixogos, como no de matemáticas e no "Grasicida" e o gris nas indicacións das teclas e nos retos das preguntas.

G.7. Visión do xogador/a

120	No espazo virtual do xogo	
	□ Primeira persoa	
	■ Terceira persoa	
	□ Omnipresente	
	□ Outra (especificar)	
121	O espazo físico (espazo real que ocupa o/a xogador/a) incorpórase dentro da dinámica do xogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

G.8. Personaxes

	Presenza de personaxes
122	Intégranse no videoxogo personaxes?
	■ Si
	□ Non
123	No caso de integrar personaxes, de que maneira?
	□ Pre-definidos (esp.)
	■ Selección avatar (esp. as opcións) → pódese elixir entre Cunquíña e Cunquín
	□ Creación avatar (esp. as opcións)
	□ Outro (esp.)
	□ N/A
124	Estilo gráfico
	□ Realista
	■ Surrealista → as personaxes (son cuncas personalizadas)
	□ Abstracto
	■ Cartoon
	□ Pixelado
	□ Manga
	□ Outro (esp.)
	□ N/A
125	Características da representación gráfica
	■ 2D
	□ 3D
	□ Outra (esp.) →

126	Especie	Nº de referencias
	□ Persoa	
	□ Animal	
	■ Ser fantástico	7
	□ Non se distingue	
	□ Outro (especificar)	

127	Roles					
	Femininos	Nº ref	Maculinos	Nº ref.	Asexuais	Nº ref.
	■ Heroína	1 (Cunquiña)	■ Heroe	1 (Cunquín)	□ Heroe	
	□ Axudante		■ Axudante	3 (Cullerín,Trinchín e Tendeiro)	□ Axudante	
	□ Antagonista		■ Antagonista	1 (Dr. Estrago)	□ Antagonista	
	□ Provedora		■ Provedor	1 (Alfabetizador)	□ Provedor	

	□ Beneficiaria		□ Beneficiario		□ Beneficiario	
	□ Outra		□ Outro		□ Outro	
	Personaxes principais					
128	Trazos / Procedencia / Etnia / Cor				Nº de referencias	
	□ Occidentais					
	□ Asiáticos					
	□ Árabes					
	□ Indios					
	□ Africanos					
	□ Xitana					
	□ Azul					
	□ Amarelo					
	□ Verde					
	□ Laranxa					
	□ Rosa					
	□ Non se distingue					
	□ Outro (esp) → ocre				2	
129	Xénero				Nº de referencias	
	□ Feminino				1	
	□ Masculino				1	
	□ Asexual					
	□ Non se distingue					
	□ Outro (esp.)					
130	Estados e necesidades especiais					
	□ Personaxe en cadeira de rodas					
	□ Personaxe sen unha extremidade					
	□ Personaxe xorda					
	□ Personaxe con baixa visión					
	□ Personaxe embarazada					
	□ Personaxe con dificultades lingüísticas					
	□ Outro (esp.)					
	□ N/A					
131	Idade				Nº de referencias	
	□ Infancia (0-12 anos)				2	
	□ Adolescencia (13-18 anos)					
	□ Mocidade (19-35 anos)					

	□ Adultez (36-65 anos)	
	□ Vellez (65 en diante)	
	□ Non se distingue	
	□ Outro (esp.)	
132	Rexistro lingüístico	
	□ Estándar	
	□ Culto	
	□ Coloquial	
	□ Vulgar	
	□ Outro (esp.)	
	■ N/A → As personaxes non integran locucións.	
	Arquetipos	
133	No videoxogo ou nos materiais complementarios descríbese a personalidade das principais personaxes.	
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A	
	*Xustificar: Descríbense no apartado de instrucións. Acompañando o rostro sen cor de cada personaxe, móstranse os seguintes textos: • Personaxes principais: ◦ *Cunquín: o noso heroe. Con el corremos multitude de aventuras.* ◦ *Cunquiña: amiga inseparable de Cunquín. É churrusqueira e algo presumida. Pero non vos deixedes levar polo seu aspecto fráxil, pois é dura coma unha roca.* ◦ *Cullerín e Trinchín: vellos amigos de Cunquín. Non se perden nin un só dos seus almorzos saudables.* • Personaxes secundarias: ◦ *Dr Estrago: responsable da desaparición de todos os alimentos saudables. Someteranos a todo tipo de dificultades.* ◦ *O Tendeiro: posúe o elemento máis valioso do xogo: o tempo. Poderás darlle puntos a cambio de quendas. Non dubides en acudir a el.* ◦ *O Alfabetizador: vive na despensa. Ten todo o necesario para que poidamosalmorzar, pero está estudando e é probable que teñas que axudalo un pouco se queres que che dea o wue necesita.*	
134	Os nomes das personaxes suxiren as súas cualidades.	
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A	
	*Xustificar: Sobre todo o rol que adquiren no videoxogo.	
135	O papel que desempeñan as personaxes femininas no videoxogo é importante.	
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A	
	*Xustificar: Sen ter en conta a descrición da personaxe feminina Cunquiña nas instrucións, no videoxogo actúa como avatar, exercendo as mesmas funcións que a personaxe masculina Cunqiuín.	
136	As personaxes non reproducen estereotipos sexistas.	
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A	
	*Xustificar:Tendo en conta neste ítem tanto as personaxes principais como secundarias, dicir que no xogo salvo Cunquiñas todos son personaxes masculinos. A personaxe Cunquiña móstrase en aparencia fráxil e preocupada pola seu físico, na descrición resáltase que é presumida. Tamén na descrición preténdese “solucionar” a súa aparencia indicando	

	que é dura, mais non en que sentido.
137	Os arquetipos cos que se identifican as personaxes principias do videoxogo son coherentes cos obxectivos e contidos educativos do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Son cuncas que van na procura do seu almorzo saudable roubado.
138	As proporcións e corpos son adecuadas á idade e sexo das personaxes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os corpos das personaxes principais son iguais, diferéncianse no peiteado e na vestimenta. Emprégase o recurso de cabeza e ollos grandes, marcando trazos infantís, como as coletas de Cunquiña.
139	Inclúense personaxes de diferentes complexións (delgada, atlética, grosa...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Trátanse de obxectos, e os corpos das personaxes secundarias non se aprecian.
140	As vestimentas e complementos das personaxes son apropiadas para as accións que realizan no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As personaxes carecen de vestimenta, Cunquín ten gafas e Cunquiña coletas, ambos trazos para diferenciar as personaxes e non aplicables ao sentido desta cuestión.
141	O movemento das personaxes e/ou pose adecúase ás accións que realizan.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As personaxes son como fichas ou obxectos que se moven, non podemos valoralos como personaxes “ao uso”.
142	Aprécianse diferentes estados anímicos nos rostros, nos xestos ou nos movementos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Durante o videoxogo sempre é o mesmo, sen cambios.
143	As formas de falar das personaxes son coherentes cos seus estados.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A personaxes non falan.
	Observacións
	• Para responder ao ítem 126 (roles) e 127 (especie) baseámonos nas descricións realizadas sobre as personaxes nas instrucións. Trátanse de personaxes fantásticas, xa que representan utensilios de cociña con trazos físicos e de personalidade propios dos seres humanos. • No xogo o heroe e o beneficiario serían o mesmo = Cunquín. • A pesar de que as personaxes son cuncas de cor ocre inclúe trazos occidentais (cor do cabelo, formas dos ollos...) • Emprégase un rexistro lingüístico coloquial nos textos das instrucións dos minixogos.

G.9. Obxectos simbólicos

144	Que funcionalidade teñen os obxectos simbólicos?
	□ Proporcionan ou axudan a obter información para o desenvolvemento do xogo
	□ Manipúlanse para realizar as accións no xogo

□ Proporcionan habilidade especiais ás personaxes
■ Premian ou penalizan a puntuación no videoxogo
□ Outra (esp.)
□ N/A
Observacións
• Os obxectos simbólicos serían as casas sobre as que caen os avatares: aportan ou quitan puntos, lánzase pregunta ou reto. • Os avatares, Cunquín ou Cunquiña manipúlase para realizar as accións no xogo. Neste videoxogo non os consideramos obxectos simbólicos por tratalos como personaxes.

G.10. Estrutura temporal

	Tempos, relacións e excepcións	
145	Dimensión temporal	
	Tempo interno (tempo que transcorre dentro do mundo ficticio do xogo)	■ Cada nivel, proba ou partida teñen un tempo asignado para completarse.
		□ O tempo empregado afecta á puntuación.
		□ Emprégase unha dinámica de xogos por quendas.
		□ Outros (esp.)
		*Xustificar → Todos os minixogos teñen un tempo determinado (aprox.60 segundos) para acadar a máxima puntuación posible ou resolver un certo número de cuestións.
	Tempo externo (tempo real que se emprega en xogalo)	□ Finita: o xogo termina nun tempo dado (esp.)
		■ Infinita: non existe unha limitación de tempo externo para terminar unha partida.
146	Relacións entre as dimensións temporais:	
	□ Dimensión única (é tempo real, non ficticio)	
	■ Simétrica (xógase en tempo real)	
	□ Asimétrica (tempo real diferente ao figurado)	
	□ Proxectada (tempo e accións do xogador/a son representados no mundo ficticio do xogo nunha época distinta ou con algún outro cambio que altere o significado do tempo, ex.: para explicar acontecementos)	
	*Xustificar → Manéxase á personaxe nun tempo determinado coincidente cun tempo real.	
147	Excepcións ao fluxo temporal do xogo:	
	□ *Cut-scenes*	
	□ *Flash back*	
	□ *Flash forward*	
	□ Outra (especificar)	
	■ N/A	
	*Xustificar →	
	Observacións	

- A pesar de non existir unha limitación de tempo externo para terminar unha partida, estas si se ven condicionadas polo número de quendas que se poden realizar (tirar o dado). En principio son 12 mais pódense aumentar en función da puntuación que se vaia obtendo.

Conclusións da análise G

En liñas xerais respecto ao mundo de ficción do videoxogo, podemos concluír...

- O videoxogo a pesar de sustentarse nunha historia que aporta un sentido ás accións e que nos mostra a perspectiva dende a cal viviremos o xogo, neste caso como heroes, inclúe retos non relacionados ou sen sentido para cumprir co propósito encomendado.
- O videoxogo non integra niveis.
- Introdúcenos nunha historia na que adquirimos o rol de heroe, mais as accións a realizar non están contextualizadas en relación á narrativa, da cal somos conscientes se acudimos ás instrucións e lemos a historia.
- No videoxogo podemos adquirir o rol de heroe (Cunquín) ou de heroína (Cunquiña), mais nas instrucións á personaxe feminina preséntase como amiga do protagonista.
- Cunquiña caracterízase por vestir de rosa, resáltase na súa descrición o seu carácter presumindo, reflectindo o estereotipo de nena bonita e fráxil.
- Nas instrucións realízase unha presentación das personaxes principais e secundarias, mais despois pasan desapercibidas no xogo, non se aprecia o rol para o cal foron deseñadas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS

H.1. Regras do xogo

148	As regras percíbense de maneira clara e inequívoca.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: As regras explícanse tanto nas instrución como en cada unha das pantallas que anteceden aos retos. Durante o xogo tamén se aportan de forma escrita guías das accións a realizar (premer no dado, premer na tecla intro...) Mais destacar que nalgúns videoxogos non se indica cantas accións se deben realizar de forma correcta para conseguir os puntos finais.
	Observacións
	—

H.2. Obxectivos do xogo

149	Tipoloxía dos obxectivos do xogo.
	■ Absolutos (teñen unha condición de vitoria invariable)
	□ Relativos (teñen unhas condicións de vitoria que poden variar en funcións dos eventos de cada partida)
	□ Abertos a interpretación subxectiva do alumnado, profesorado...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Os obxectivos e eventos de cada minixogo son os mesmos en cada partida. O obxectivo final do xogo non varían, mais os retos para poder obtelo si. Nalgunhas partidas podemos acceder a uns e noutras a outros.
	Adecuación
150	Os obxectivos do videoxogo son adecuados á idade ou áreas de desenvolvemento (motriz, cognitivo...) do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Descoñecemos a idade concreta á que se dirixe o videoxogo mais atopamos retos difíciles de resolver, sexa cal sexa a idade, sobre todo os que requiren rapidez no manexo das frechas do teclado e na que os elementos xorden na pantalla de forma aleatoria (como a caída de alimentos ou o xogo "Grasicida").
151	Os obxectivos do xogo son adecuados para alcanzar os obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: O obxectivo xeral do xogo sería adecuado, mais atopamos minixogos ou retos que nada teñen que ver cos obxectivos pedagóxicos. Por exemplo nas actividades de pregunta-resposta atopamos cuestións coma a seguinte:



Observacións
—

H.3. Recompensas

152	Recompensas que se poden obter durante o xogo ou ao finalizalo.
	■ Obter puntos
	□ Superar niveis
	□ Obter premios físicos
	■ Obter bens virtuais
	□ Aparecer en táboa de clasificacións
	□ Gardar as marcas persoais
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → No videoxogo débense superar tres fases ou niveis para dalo por finalizado.
	Observacións
	• Para conseguir o obxectivo final do xogo débense conseguir tres bens virtuais, a probabilidade de obtelos aumenta coa puntuación que se vaia obtendo en cada reto. Esta puntuación pódese cambiar por tiradas de dado.

H.4. Conflito do xogo

153	Natureza do conflito
	■ Conflito de superación persoal
	□ Interpersoais
	□ Intergrupais
	□ Negociados
	□ Cooperativos
	□ Outros (especificar)

*Xustificar → A dificultade por superar cada minixogo recae no propio xogador ou xogadora.
Observacións
—

H.5. Os/as xogadores/as

	Estrutura de interacción
154	Composición dos xogadores/as
	■ Un só xogador/a
	□ Un só equipo
	□ Dous xogadores/as
	□ Dous equipos
	□ Múltiples xogadores/as
	□ Múltiples equipos
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar especificando se os xogadores/as xogan en rede ou de forma presencial→
155	Relación entre xogadores/as
	□ Alianza estática
	□ Alianza dinámica
	□ Outra (especificar)
	■ N/A
	*Xustificar →
	Observacións
	—

H.6. O equilibrio de dificultade

156	Existen mecanismos para modular a dificultade do xogo?		
	□ Si	□ Bríndanse ao inicio da partida	*Especificar cales e como son →
		□ Aparecen durante o transcurso do xogo	*Especificar cales e como son →
	■ Non		
157	En xeral, a complexidade do videoxogo é apropiada e suficiente.		
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A		
	*Xustificar: Resolver o videoxogo resulta complicado e difícil. Intégranse elementos de azar e aleatorios que dificultan a súa consecución.		
	Observacións		
	—		

H.7. Eventos do videoxogo

158	Mutabilidade (cambios que se introducen no sistema de xogo e que afectan ao desenvolvemento da partida)			
	□ Temporal. Afectan só a un lapso de tempo.			
	□ Finita. Afectan ao período correspondente a unha partida, desaparecen ao comezar outra nova.			
	□ Infinita. Poden quedar de maneira permanente.			
	■ N/A			
	*Xustificar → Dubidamos se seleccionar neste apartado mutabilidade finita, xa que cada vez que se xoga unha partida algúns dos elementos do xogo varían de forma aleatoria.			
159	Compoñente de azar			
	■ Si	*Especificar →A personaxe móvese polo taboleiro de xogo en función do número que saia ao premer sobre un dado. Isto afecto á tipoloxía e número de retos a resolver, os puntos que se poden gañar ou perder e incluso ao número de quendas dispoñibles en cada partida.		
	□ Non			
160	Accións do xogador/a			
	Xerais		Específicas	Estado do xogo
	Diexéticas	■ Mover personaxe	De dereita a esquerda. Tamén de arriba – abaixo – dereita e esquerda.	Consíguense ou réstanse puntos.
		■ Calcular	Operación matemáticas: premer sobre o signo correcto.	Consíguense ou réstanse puntos.
		□ Escribir		
		■ Seleccionar	Seleccionar a resposta ou opción correcta.	Consíguense ou réstanse puntos.
		■ Premer	Premer sobre Enter para tirar dado	Personaxe avanza polas casas do taboleiro,en función de onde caia actívase un reto,gáñase ou pérdese un punto...
		□ Arrastrar obxectos		
		□ Coller		
		□ Colorear		
		□ Construír		
		□ Outras (especificar)		
	Non diexéticas	□ Pause		
		□ Configuración		
		■ Menú	Xogar	
			Instruccións	
			Minixogos	
			Saír	

	□ Outra (especificar)
161	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As situación sempre son as mesmas.
162	O videoxogo adáptase de acordo á interacción do/a xogador/a xerando distintas situacións.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non no sentido desta cuestión.
	Observacións
	—

H.8. Resultados do xogo

163	Tipo de resultados
	□ Monoxogador/a con resultado absoluto (resultado de vitoria ou de derrota)
	□ Monoxogador/a con resultado de puntuación (outorgan puntuación, sen que implique vitoria ou derrota)
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	□ Outros (especificar) →
	*Xustificar → Se o xogador/a consume todas as quendas (tiradas de dado) sen obter os tres bens virtuais (froita, leite e cereais) salta unha pantalla indicando que se perdeu o xogo.
	
164	Marcadores
	□ Alfanuméricos
	□ Icónicos
	□ N/A
	*Xustificar → Empréganse números (puntos e tempo)
165	Cómputo que aparece no marcador
	□ Individual, por equipos ou ambos

□ Mostra o resultado total ou parcial
□ Puntuación final ou definitiva da partida
□ N/A
*Xustificar →
Observacións
—

Conclusións da análise H

En liñas xerais respecto ao sistema de regras do videoxogo, podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo monousuario/a, de regras sinxelas (aínda que incompletas) e obxectivos lúdicos claros. • Nos retos a resolver non se especifica cantas accións se deben realizar de forma correcta ou cantos puntos se deben obter para conseguir os puntos definitivos. • No videoxogo non se fomenta a superación de marcas persoais (tempo, puntuacións...) A motivación é conseguir puntos para obter máis tiradas e aumentar a probabilidade de conseguir os ben virtuais necesarios para superar o videoxogo. • Integra elementos de azar, o que fan que non sempre se activen os mesmos retos nas diferentes partidas e que a posibilidade de conseguir resolver o videoxogo se mostre incerta. • As accións a realizar nos retos sempre son as mesmas, mais de forma aleatoria os elementos que se mostran na pantalla e cos cales se interactúa poden variar. • As principais accións a realizar por parte do xogador/a son mover con rapidez á personaxe para "coller" ou "seleccionar" os elementos correctos para obter puntuación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE

I.1. Interface gráfica

166	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?
	□ Menú
	□ Botóns
	□ Logos
	□ Mapa xeral do xogo
	□ Caixas de texto
	■ Outros (especificar) → Vese de forma parcial o taboleiro do xogo.
167	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Interface moi sinxela, sen botóns sobre os que premer. Todas as accións que se poden realizar especifícanse de forma gráfica e mediante texto. Agás na pantalla inicial. Exemplo:  De forma automática o videoxogo leva aos retos a realizar ou informa do que vai sucedendo. Para saber como interactuar nos retos compre ler as instrucións, xa que as teclas sobre as que premer para realizar certas accións varían dun xogo a outro.
168	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Son fáciles de entender, mais non orixinais. No taboleiro de xogo, nun primeiro momento pode resultar complicado saber que significan os números que están a carón da cara da personaxe (son os puntos obtidos)
169	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: En pantalla hai pouca información, pero a que ten, como os puntos e o números de tiradas, mantense uniforme.
	Observacións
	—

I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
170	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A

	*Xustificar: No deseño do taboleiro pódese confundir o fondo coas casas. E estas coas frechas que saen en momentos puntuais.
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)
171	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do/a xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: En xeral todas as ilustracións son claras e atractivas, sobre todo as relacionadas coa vivenda e o exterior. Quizais están menos coidadas ou non soubo resolverse adecuadamente debido a cantidade de elementos en pantalla os xogos: "Catro en raia", "Operación matemáticas" e "Alfabetizador"
172	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As ilustracións carecen de valor pedagóxico para a adquisición de coñecementos ou facilitar a comprensión.
173	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Si, absolutamente, non detectamos problemas a este respecto.
174	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Son moi sinxelos e non inclúen aspectos como os especificados no ítem.
175	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Mantende uniforme tanto nas instrucións como nos interiores dos xogos, nos que se varía lixeiramente de liña gráfica mais os cambios non son excesivos.
	Texto escrito
176	Non ten faltas de ortografía e as construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Atopamos algún erro ortográfico: instru[c]cións, ga[n]as...
177	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade e comprensible.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
178	Utiliza fontes tipográficas fáciles de ler.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
179	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:

180	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
181	Contraste adecuado do texto sobre o fondo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Emprégase unha tipografía de cor negra sobre ocres que non afectarían á lectura, mais o efecto luz ou explosión como fondo empregado nas pantallas das instrucións, se ven gañan en atractivo impiden en certa medida a lectura fluída.
182	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa, adecuada ao xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A narración inicial é mediante imaxes.
183	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos ou textos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	Xustificar: Consideramos que os textos das instrucións dos minixogos fragmentáronse en función do tamaño da pantalla, posto que atopamaos algún guión enlazando palabras entre liñas, mais as fragmentacións realizadas non afectan ao sentido do texto.
184	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
185	O tempo estimado para a lectura das viñetas ou narracións é axeitado ás características psicoevolutivas das/os destinatarias/os principais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Locucións
186	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non integra locucións.
187	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Son (música, efectos...)
188	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Soamente integra música de fondo, que varía en función da pantalla de xogo, mais non axuda a entender mellor as situacións. Trátase dun elemento decorativo e de acompañamento.
189	Os sons de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non inclúe sons.


190	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Sobre todo a música incluída nos minixogos que integran tempo.
191	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Combinación dos aspectos audiovisuais
192	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas, os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A música varía en tempo ao cambar de pantalla.
193	A información chave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc. Sen romper coa estética que engloba o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

I.3. Accesibilidade

194	Que se pode configurar no videoxogo?
	□ Axustar o tamaño da fonte
	□ Activar e desactivar subtítulos
	□ Activar e desactivar sons, música ambiente...
	□ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)
	□ Contraste, brillo e cor do xogo
	□ Configurar teclado, *joystick*, rato...
	□ Non permite configuracións
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar →
	Observacións
	• Inclúe música de fondo en todas as pantallas. Non se pode desactivar.

I.4. Funcionalidade técnica xeral

195	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introdución ao xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non permite saltar a viñetas iniciais, a historia, as imaxes de introdución do xogo.
196	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados

	obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non se permite gardar as partidas. Ademais para saír do xogo antes hai que xogalo na súa totalidade. A opción Saír (no menú) móstrase unha vez consumidas todas as tiradas o gañado o xogo.
197	Os tempos de carga son razoables.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Si son razoables, mais dado a tipoloxía de xogo hai demasiados. Empréganse recursos como cortiniñas ou fundidos en negro para facer a espera máis levadeira.
198	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
199	Os subtítulos pódense pasar manualmente, premendo por exemplo nun botón.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
200	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento e o control do videoxogo non entraña dificultades, tendo en conta o grupo ao que se dirixe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: No menú non se indica como interactuar, o que provoca o pensamento de que o xogo non funciona a primeira vez que se accede, por non observarse o cursor do rato. Débese empregar o teclado. O videoxogo non é autoexecutable, débese instalar, o que aumenta a probabilidade de que ocorran incidencias.  Nalgúns dos retos que se integra precísase “entrenamento” pulsando correctamente e rápido sobre as teclas adecuadas para conseguir superalo.
201	Está libre de erros de programación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: non se detectaron.
	Observacións

- Nun momento determinado do xogo ocorre unha contradición. Móstrase a pantalla de carga mentres se indica que se prema en intro para pasar de pantalla.



Conclusións da análise I

En liñas xerais respecto á usabilidade e interactividade do videoxogo, podemos concluír...
• O videoxogo non é autoexecutable. • O videoxogo integra axudas gráficas e textuais que guían nas interacción. • Interface gráfica sinxela e agradable. • Non integra locucións nin efectos de sons. • Non permite saír del cando se queira nin gardar o estado das partidas. • Non se detectaron erros de programación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

K.1. Conclusións finais

202	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico. Recoller un resumo dos aspectos positivos e negativos.

Vantaxes	Inconvenientes
• Videoxogo en galego.	• Historia e personaxes descoidados ao longo do videoxogo. Non son aproveitados.
• Mecánica do xogo coidada e comprensible.	• A maioría dos retos integrados requiren axilidade no manexo do teclado para ser superados.
• Instrución bastante completas e claras.	• Integra contidos aloxados dos obxectivos educativo do xogo.
• Integra retos variados.	• Non inclúe guía didáctica.
• Non se atopan erros de programación.	• O factor azar e aleatoriedade provocan que nunha mesma partida poidan saír os mesmos retos. E que se dubide se a meta é alcanzable.
• Dende un punto de vista lúdico, integra retos desafiantes e entretidos.	• O videoxogo non é flexible nin adaptable.
	• O videoxogo non consegue na súa totalidade o obxectivo xeral para o cal foi creado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Análise do videoxogo

O avó de Paulo

Data de inicio do proceso da análise	08 de febreiro de 2016
Hardware empregado	• Computador Vaio (Sony) • Modelo: SVF153A1YM • Edición: Windows 10 Home • RAM utilizable: 7,90 GB • Tipo de sistema: Sistema operativo de 64 bits, procesador x64 • Navegador web: Google Chrome ◦ Versión 47.0.2526.106 m

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....4
A.3. Imaxes de referencia....6
Conclusións do bloque A....7
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....8
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....8
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....8
Conclusións do bloque B....9
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....10
C.1. Código PEGI....10
C.2. Idea do xogo....10
C.3. Funcións xerais....10
C.4. Clasificación....10
C.5. Grupo destinatario....11
C.6. Obxectivos lúdicos....12
C.7. Regras do xogo....12
C.8. Retos....12
C.9. Obxectivos educativos....12
C.10. Contidos educativos....13
C.11. Relación co Currículo Oficial....13
Conclusións do bloque C....14
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....15
D.1. Idioma....15
D.2. Son....15
D.3. Rexistro....16
D.4. Plataforma....16
D.5. Sistema operativo....16
D.6. Sistema periférico....16
D.7. Outros requisitos técnicos....17
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....17
D.9. Linguaxe de programación....17
D.10. Compras....17
D.11. Publicidade....18
D.12. Garantía....18
D.13. Contacto....18
Conclusións do bloque D....18
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....19
E.1. Obxectivos educativos....19
E.2. Contidos educativos....19
E.3. Ámbito de incidencia....22
E.4. Retos....22
E.5. Retroalimentación e axuda....24
E.6. Teorías de aprendizaxe....25
Conclusións da análise E....25
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....27
F.1. Tempo....27
F.2. Control do progreso....27
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....27

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....28
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....29
Conclusións da análise F....29
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....30
G.1. Natureza do mundo do xogo....30
G.2. Estrutura....30
G.3. Niveis....30
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....31
G.5. Trama argumental....31
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....32
G.7. Visión do xogador/a....33
G.8. Personaxes....33
G.9. Obxectos simbólicos....37
G.10. Estrutura temporal....38
Conclusións da análise G....38
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....40
H.1. Regras do xogo....40
H.2. Obxectivos do xogo....40
H.3. Recompensas....40
H.4. Conflito do xogo....41
H.5. Os/as xogadores/as....41
H.6. O equilibrio de dificultade....42
H.7. Eventos do videoxogo....42
H.8. Resultados do xogo....43
Conclusións da análise H....44
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....45
I.1. Interface gráfica....45
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....46
I.3. Accesibilidade....49
I.4. Funcionalidade técnica xeral....49
Conclusións da análise I....50
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....51
K.1. Conclusións finais....51

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	O avó de Paulo		
002	Ano ou data lanzamento	2008		□ Non figura
003	Colección			■ Non forma parte
004	Soporte	■ CD		Especificar
		□ En liña	□ Accesible en Web	
			□ Descarga en Web	
			□ Rede social	
			□ Descarga en tenda	
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	En CD	Cedido pola empresa compostelá imaxin|software	
006	Prezo	□ €		
		□ Pts		
		■ Gratuíto		
		□ Outra opción		

Observacións

- No videoxogo non figura explicitamente o ano de lanzamento, sabémolo polos datos do depósito legal que figura na pantalla fin e na contraportada ds embalaxe, consta o ano 2008. Mais o videoxogo foi desenvolvido no ano 2006 (información persoal transmitida pola empresa creadora e contrastable co currículo en liña do guionista do xogo Marcos Estebo, quen enmarca este proxecto no ano 2006: http://www.marcosestebo.com/gl/traxectoria)
- O videoxogo tamén estivo dispoñible para a súa descarga gratuíta no que fora a web da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia. Na actualidade pódense atopar exemplares na Rede de Bibliotecas de Galicia.

A.2. Autoría

007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	■ Empresa tecnolóxica	1	imaxin|software	Santiago de Compostela	http://www.imaxin.com/
	■ Xunta de Galicia	1	Presidencia Secretaría Xeral de Emigración	Santiago de Compostela	http://www.xunta.es/portada
	□ Concello				
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	□ Fundación				

	□ Editorial				
		■ Arrastrar obxectos	Arrastrar o obxecto até o lugar correcto da situación	Os diálogos das personaxes varían e/ou permítese (ou non) mover á personaxe.

	□ Coller		
	□ Colorear		
	□ Construír		
	□ Outras (especificar)		
Non diexéticas	□ Pause		
	■ Configuración	Partidas	
		Opcións	
	□ Menú		
	□ Outra (especificar)		

161	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: As situacións que van sucedendo non destacan por ser sorprendentes, e sempre hai que tomar o mesmo tipo de decisións.
162	O videoxogo adáptase de acordo á interacción do/a xogador/a xerando distintas situacións.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Consideramos debería adaptarse máis, xa que a pesar de non elixir a opción máis acertada nas cuestións, na maioría dos casos resólvense automaticamente a través dos diálogos das personaxes, permitindo avanzar no xogo
	Observacións
	—

H.8. Resultados do xogo

163	Tipo de resultados
	■ Monoxogador/a con resultado absoluto (resultado de vitoria ou de derrota)
	□ Monoxogador/a con resultado de puntuación (outorgan puntuación, sen que implique vitoria ou derrota)
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → Monoxogodor/a con resultado de vitoria única, o obxectivo é chegar ao final da historia.
164	Marcadores
	□ Alfanuméricos
	□ Icónicos
	■ N/A
	*Xustificar →
165	Cómputo que aparece no marcador
	□ Individual, por equipos ou ambos

□ Mostra o resultado total ou parcial
□ Puntuación final ou definitiva da partida
□ N/A
*Xustificar →
Observacións
—

Conclusións da análise H

En liñas xerais respecto ao sistema de regras do videoxogo, podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo monousuario/a, de regras sinxelas e obxectivos lúdicos claros. • No videoxogo non se fomenta a superación de marcas persoais (tempo, puntuacións...) A motivación é chegar ao final da historia. • Os eventos que se suceden en cada partida sempre son os mesmos. Tamén as accións a realizar son as mesmas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE

I.1. Interface gráfica

166	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?
	□ Menú
	■ Botóns
	□ Logos
	□ Mapa xeral do xogo
	■ Caixas de texto
	□ Outros (especificar)
167	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Móstranse botóns na caixa que non serven. O botón Saír sempre debería estar no mesmo lugar.
168	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Son sinxelos e fáciles de atender.
169	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Na parte inferior da pantalla é onde se reúnen de forma estruturada as opcións que se permiten non xogo, agás loxicamente a de mover á personaxe.
	Observacións

- Na parte inferior inclúese a caixa para os obxectos e os botóns de Partidas e Opcións:




  - Botón Partidas:
    - Cargar
    - Gardar
    - Aceptar
    - Saír



  - Botón Opcións:
    - Volume
    - Velocidade
    - Velocidade dos textos
    - Efectos sonoros
    - Saír
    - Aceptar



- Re-aprovéitase a parte inferior para mostrar as cuestións coas opcións para a selección. Desaparece os obxectos mostrándose enriba os textos.



I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
170	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)
171	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do/a xogador/a
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
172	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Sobre todo as personaxes, non tanto os fondos.
173	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
174	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Aínda que os escenarios están coidados, son moi sinxelos e non inclúen aspectos como os especificados no ítem.
175	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Aspecto gráfico e estético na mesma liña ao longo de todo o videoxogo.
	Texto escrito
176	Non ten faltas de ortografía e as construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A

	*Xustificar: Atopamos algún erro ortográfico, por exemplo Volumen, que sería Volume. Empréganse nalgúns textos dobre e incluso tiples signos de admiración.
177	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade e comprensible.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
178	Utiliza fontes tipográficas fáciles de ler.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar:
179	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Consideramos o tamaño adecuado, mais non a cor verde e vermella empregadas. Ademais semellan estar algo pixelados.
180	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Son curtas, do tamaño dos bocadillos das personaxes.
181	Contraste adecuado do texto sobre o fondo.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: O fondo é de cor claro, mais o texto verde non se aprecia ben, pouco lexible (nas cuestións). A cor vermella tampouco a consideramos apropiada para unha lectura en pantalla (nos bocadillos da personaxe e nas cuestións).
182	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa, adecuada ao xogador/a
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Ademais todos os textos van acompañados de locucións.
183	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos ou textos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Fragméntanse segundo tamaño do bocadillo. Mais son tan curtos que o sentido non se perde.
184	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Mentres se mostran os bocadillos cos textos, non se permiten as interaccións en pantalla.
185	O tempo estimado para a lectura das viñetas ou narracións é axeitado ás características psicoevolutivas das/os destinatarias/os principais.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A velocidade dos textos pódese supostamente configurar, mais non detectamos cambios significativos do + ao -. Por defecto van bastante rápido, aínda que están acompañados de locucións.
	Locucións
186	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:

187	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Na maioría das personaxes si, mais atopamos algunhas voces como a do neno árabe que na nosa opinión non se axusta moito.
	Son (música, efectos...)
188	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Acondicionan as escenas e axudan na inmersión.
189	Os sons de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar: Non ten
190	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Vai tamén acorde coa historia.
191	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
	Combinación dos aspectos audiovisuais
192	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas, os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son...)
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: O movementos das bocas das personaxes ás veces non están correctamente sincronizadas co texto.
193	A información chave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc. Sen romper coa estética que engloba o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar:
	Observacións
	• Consideramos non moi adecuado o fondo no que Paulo fala coa moza que está paseando o can, xa que mantén todo o diálogo enriba dun paso de peóns. Sería máis apropiado mostrar a metade do paso de peóns para deixar máis espazo para a aceira e situar a Paulo enriba da mesma. 

I.3. Accesibilidade

194	Que se pode configurar no videoxogo?
	□ Axustar o tamaño da fonte
	□ Activar e desactivar subtítulos
	□ Activar e desactivar sons, música ambiente...
	■ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)
	□ Contraste, brillo e cor do xogo
	□ Configurar teclado, *joystick*, rato...
	□ Non permite configuracións
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar → Como salientamos anteriormente pódese configurar: a velocidade na que camiña a personaxe, a velocidade dos textos, volume e efectos sonoros.
	Observacións
	• Consideramos hai erros na configuración do videoxogo, a velocidade dos textos non varía.

I.4. Funcionalidade técnica xeral

195	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introdución ao xogo.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Pódese saltar a introdución inicial, mais non as *cut scenes* intermedias, nin os diálogos e informacións das personaxes.
196	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Pódense gardar e recuperar até catro partidas distintas.
197	Os tempos de carga son razoables.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Ás veces ralentízase a activación da personaxe.
198	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 1 2 ■ N/A
	*Xustificar:
199	Os subtítulos pódense pasar manualmente, premendo por exemplo nun botón.
	*Valoración → ■ 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os bocadillos das personaxes non se poden pasar manualmente.
200	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento e o control do videoxogo non entraña dificultades, tendo en conta o grupo ao que se dirixe.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: A mecánica do xogo é sinxela, non entraña dificultades.

201	Está libre de erros de programación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non foron detectados erros destacables.
	Observacións

Conclusións da análise I

En liñas xerais respecto á usabilidade e interactividade do videoxogo, podemos concluír...
• Interface de fácil manexo, mais o botón "Saír" non sempre se mostra no mesmo lugar. • A opción de poder mudar a velocidade dos textos reporta erros. • Deseño das pantallas claro e atractivo. Manténdose uniforme ao longo do xogo. • Atopouse algún erro ortográfico. • As cores dos textos de toma de decisión non se consideran as máis apropiadas para unha visualización en pantalla. • Outro aspecto positivos é que os textos van acompañados de locución. • Permite gravar as partidas. • Non foron detectados erros importante de deseño e/ou programación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

K.1. Conclusións finais

202	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico. Recoller un resumo dos aspectos positivos e negativos.

Vantaxes	Inconvenientes
• Videoxogo en galego.	• Non se especifica información importante para a súa posta en práctica: non se indica a quen se dirixe, os contidos que se tratan...
• Temática actual e complexa de tratar: integración social, interculturalidade, inmigración, emigración... Promóvense valores como a amizade, a axuda, a multiculturalidade, etc.	• As regras céntranse en explicar o modo de interactuar no videoxogo, mais non nos retos ou probas dos que está composto.
• Videoxogo de coidado deseño visual.	• Integra pouca opcións que impliquen a toma de decisións morais.
• Intégranse variedade de personaxes de diferentes rangos de idade e características físicas.	• O xogo está deseñado e programado para que a personaxe principal prosiga o seu camiño até tomar as decisións acertadas. É dicir as decisións non teñen repercusións. Non se experimentan consecuencias e desenlaces diferentes.
• Rico en locucións, con coidados sons ambiente.	• Os contidos son integrados no xogo por medio dunha historia, presentándose de forma demasiado expositiva.
• Infórmase na embalaxe dos requirimentos mínimos que debe ter o computador para xogar correctamente.	• Nas ilustracións atópanse personaxes fumando, sen salientar os aspectos negativos do tabaco. É dicir estamos ante un xogo para a educación intercultural que esquece a educación para a saúde.
• Permite gardar as partidas.	• Non ten en conta a figura dinamizadora.
• No videoxogo non existe a presión do tempo e da puntuación.	• Non permite configuracións de ningún tipo.
	• Os eventos que se suceden en cada partida sempre son os mesmos. Tamén as accións a realizar son as mesmas.
	• Os bocadillos das personaxes non se poden pasar manualmente, aínda que xa fosen vistos.

Análise do videoxogo

O libro máxico de Moitollo

Data de inicio do proceso da análise	16 de febreiro de 2016
Hardware empregado	• Computador Vaio (Sony) • Modelo: SVF153A1YM • Edición: Windows 10 Home • RAM utilizable: 7,90 GB • Tipo de sistema: Sistema operativo de 64 bits, procesador x64 • Navegador web: Google Chrome ◦ Versión 47.0.2526.106 m

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....4
A.3. Imaxes de referencia....7
Conclusións do bloque A....8
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....9
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....9
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....10
Conclusións do bloque B....11
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....13
C.1. Código PEGI....13
C.2. Idea do xogo....13
C.3. Funcións xerais....13
C.4. Clasificación....14
C.5. Grupo destinatario....14
C.6. Obxectivos lúdicos....15
C.7. Regras do xogo....15
C.8. Retos....16
C.9. Obxectivos educativos....16
C.10. Contidos educativos....16
C.11. Relación co Currículo Oficial....17
Conclusións do bloque C....17
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....18
D.1. Idioma....18
D.2. Son....18
D.3. Rexistro....18
D.4. Plataforma....19
D.5. Sistema operativo....19
D.6. Sistema periférico....19
D.7. Outros requisitos técnicos....20
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....20
D.9. Linguaxe de programación....20
D.10. Compras....20
D.11. Publicidade....21
D.12. Garantía....21
D.13. Contacto....21
Conclusións do bloque D....21
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....22
E.1. Obxectivos educativos....22
E.2. Contidos educativos....22
E.3. Ámbito de incidencia....24
E.4. Retos....25
E.5. Retroalimentación e axuda....26
E.6. Teorías de aprendizaxe....28
Conclusións da análise E....28
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....30
F.1. Tempo....30
F.2. Control do progreso....30
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....30

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....31
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....32
Conclusións da análise F....32
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....33
G.1. Natureza do mundo do xogo....33
G.2. Estrutura....33
G.3. Niveis....33
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....34
G.5. Trama argumental....34
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....34
G.7. Visión do xogador/a....36
G.8. Personaxes....36
G.9. Obxectos simbólicos....40
G.10. Estrutura temporal....40
Conclusións da análise G....41
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....42
H.1. Regras do xogo....42
H.2. Obxectivos do xogo....42
H.3. Recompensas....42
H.4. Conflito do xogo....43
H.5. Os/as xogadores/as....43
H.6. O equilibrio de dificultade....44
H.7. Eventos do videoxogo....44
H.8. Resultados do xogo....45
Conclusións da análise H....46
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....47
I.1. Interface gráfica....47
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....47
I.3. Accesibilidade....50
I.4. Funcionalidade técnica xeral....50
Conclusións da análise I....51
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....53
K.1. Conclusións finais....53

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	O Libro Máxico de Moitollo		
002	Ano ou data lanzamento	2006		□ Non figura
003	Colección			■ Non forma parte
004	Soporte	■ CD		Especificar
		□ En liña	□ Accesible en Web	
			■ Descarga en Web	Pode descargarse dende a actual páxina da Concellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Ligazón: http://traballo.xunta.es/o-libro-maxico-de-moitoollo
			□ Rede social	
			□ Descarga en tenda	
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	En CD	Cedido pola empresa compostelá imaxin|software	
006	Prezo	□ €		
		□ Pts		
		■ Gratuíto		
		□ Outra opción		

Observacións

- No videoxogo non figura explicitamente o ano de lanzamento, sabémolo polos datos do depósito legal que figura na contraportada do embalaxe, consta o ano 2006.
- Para a realización desta análise empregouse o videoxogo en formato CD.

A.2. Autoría


007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	■ Empresa tecnolóxica	1	imaxin|software	Santiago de Compostela	http://www.imaxin.com/
	■ Xunta de Galicia	1	Consellería de Traballo Dirección Xeral de Relacións Laborais	Santiago de Compostela	http://www.xunta.es/portada
	□ Concello				
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	□ Fundación				

	□ Editorial				
	□ Produtora audiovisual				
	□ Persoa/s física/s				
	□ Outras/os (especificar)				
	□ Non figuran				

008	Iniciativa	
	□ Propia	
	□ Contratación	
	□ Concurso público	
	□ Subvención	
	□ Outra	
	■ Non figura / difícil de determinar	
009	No videoxogo ou no material de soporte inclúense créditos cos nomes propios das persoas que participaron na elaboración do recurso?	
	■ Si	*Especificar → Na pantalla de saída do xogo: • Coordinación: Dirección Xeral de Relacións Laborais. Subdirección Xeral de Seguridade e Saúde Laboral. • Director do proxecto: Luz Castro • Coordinador de documentación: Diego Vázquez • Programación: Luz Castro, Chus Ruiz e Diego Vázquez • Guión: Marcos Estebo • Ilustracións e animacións: Bernal Prieto • Deseño gráfico:María Novás • Asesora pedagóxica: Marisa Lista • Música: As obras musicais de Abaco Music Library e Non-Stop Music Library contidas no software foron autorizadas en exclusiva para España a Konga Music, S.L. Todos os dereitos reservados • Deseño sonoro: Chus Ruíz e Diego Vázquez Estudio son: Estudio XXI
	□ Non	
010	No videoxogo ou no material de soporte indícase se participaron na súa creación un equipo pedagóxico ou especialistas en educación?	
	■ Si	*Especificar → Explícitase nos créditos a figura dunha asesora pedagóxica. Sábese por información facilitada por imaxin|software que María Lista é pedagoga.
	□ Non	
	Observacións	
	• Dubidamos se o videoxogo foi produto dunha contratación directa da Xunta de Galicia á empresa imaxin|software ou foi obxecto dun concurso público. • O logo de imaxin|software e o da Xunta móstranse na pantalla de saída. O da Xunta tamén se reflicte no embalaxe e adhesivo do CD. Ao comezo do xogo, despois do logo do videoxogo, sucédense dúas pantallas: na primeira resáltase que é un produto de imaxin|software e na segunda móstrase o logo da Consellería de Traballo. Dirección Xeral de Relacións Laborais.	



- Sobre a autoría:
  - imaxin|software é unha empresa dedicada ao desenvolvemento de servizos e solucións avanzadas de software e multimedia desde o ano 1997, especializada en enxeñería lingüística e en videoxogos educativos e formativos.
- A autoría móstrase na pantalla de saída do xogo:



A.3. Imaxes de referencia

011	 Logotipo	 Interface
	Observacións	
	—	

A.4. Outros datos

012	Premios e/ou méritos recibidos (indicar como se obtivo a información)
	—
013	Número de copias reproducidas e onde se repartiron, descargas, persoas rexistradas... (indicar como se obtivo a información)
	—
014	Outra información de interese

- O videoxogo formou parte dunha campaña co nome MOITOLLO!, que tiña como obxectivo concienciar á comunidade educativa galega sobre a importancia da prevención e os riscos dos accidentes no traballo.
  Segundo o portal GaliciaHoxe.com (novembro, 2006), esta campaña dou comezo no ano 2006, ao redor do mes de setembro: *Traballo ensina a previr riscos laborais xa desde a escola (*http://www.galiciahoxe.com/index_2.php?idEdicion=343&idMenu=78&idNoticia=107270 *)*
  Na que se indica: *Esta campaña, que comezou hai dous meses e que xa chegou a uns 30 colexios "encaixa dentro da idea que temos da prevención de riscos laborais desde que son pequenos" [...] Para esta campaña, a consellería de Traballo destinará 297.000 euros.*
  A campaña perdurou no tempo, xa que na rede atopamos novas do ano 2009 relacionadas coa mesma:
  Elcorreogallego.es (novembro 2009): *A campaña Moitollo percorre os centros educativos.*
  Ligazón: http://www.elcorreogallego.es/galicia/ecg/a-campana-moitollo-percorre-os-centros-educativos/idEdicion-2009-11-07/idNoticia-484861/ Nesta nova resáltase: *Desde a súa posta en marcha en 2006 a campaña Moitollo da Consellería de Traballo e Benestar chegou a 157 centros educativos e a case 30.000 alumnos repartidos polas catro provincias galegas.*
  Prosegue:
  A campaña consta de tres elementos fundamentais: carteis, folletos divulgativos e elementos publicitarios, cos que se pretende chegar a todos e cada un dos escolares galegos, como un primeiro paso para a súa sensibilización. Un autobús divulgativo que

ofertará diversas actuacións de prevención de riscos laborais dun xeito chamativo. Ademais, estará preparando cunha sala de vídeo- proxección onde se proxectará una película en tres dimensións sobre a importancia da prevención dos riscos laborais adaptadas ás idades dos participantes na campaña.
Un vídeo promocional que se proxectará no autobús -en formato de tres dimensións-, transmitirá dun xeito áxil e divertido a necesidade de tomar medidas de protección de riscos da prestación laboral. Además, Moitollo inclúe a organización doutras actividades dentro do recinto escolar, así como a distribución de diversos elementos de carácter promocional, carteis e folletos divulgativos, coa mensaxe fundamental de que a prevención non debe ser unha actuación puntual, senón que ten que ser un xeito de vida constante.
Non atopamos novas onde se mencionara o videoxogo.

Conclusións do bloque A

En liñas xerais respecto á identificación do videoxogo podemos concluír...

- Videoxogo educativo con depósito legal do ano 2006
- Especifícanse os perfís e nomes propios das persoas que participaron na elaboración do xogo, entre as que se inclúe unha asesora pedagóxica.
- Descoñecemos o número de copias repartidas deste xogo, así como o número de usuarios e usuarias que o descargaron da páxina.
- O videoxogo formou parte dunha importante campaña sobre prevención de riscos laborais, promovida pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia e na que, segundo fontes consultadas, destináronse 297.000 euros.

B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO

B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo

015	Que recursos acompañan o videoxogo? (breve descrición)	
	□ Web do proxecto	
	■ Embalaxe	Caixa Dvd 14mm negra con film para carátula e díptico interior
	□ Material impreso	
	□ Espazo en tenda virtual	
	□ Outro (especificar)	
	Observacións	








B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo


016	Que materiais ou informacións se integran no videoxogo ou nos recursos sinalados no anterior apartado?			
	Materiais	Onde?[1]	Formato[2]	Descrición
	■ Titorial	Embalaxe	Papel	Resúmese como se xoga
	□ *Trailer*			
	■ Sinopse	Embalaxe	Papel	Ver observacións deste apartado
	■ Presentación formal	Embalaxe	Papel	Inclúese unha ficha descritiva da aplicación: obxectivo, tipo de produto, título e descrición
	□ Guía didáctica específica para docentes			
	□ Información xeral de carácter pedagóxico.			
	□ Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso			
	□ Materiais didácticos complementarios (vídeos, actividades para imprimir...)			
	■ Información técnica	Embalaxe	Papel	Indícanse os requirimentos do sistema.
	□ Outro/s			
	Observacións			

- Na cara 3 do díptico especifícase como se xoga, esta información móstrase ampliada na cara 4. É dicir, baixo un título similar explícase información complementaria en dous apartados diferentes, cando podía estar soamente nun deles.
- Imaxes do díptico



Exterior

1 Indicar se está dentro do videoxogo ou no embalaxe, ou no material impreso, etc
2 Indicar se é un PDF para descargar, epub, material impreso, titorial interactivo que explica as accións a realizar, o funcionamento da interface, etc.



Ficha descritiva da aplicación.

A aplicación educativa multimedia "O Libro Máxico de Moitollo" promovida pola Xunta de Galicia, ten por obxectivo fomentar entre a mocidade a cultura preventiva como unha opción de vida, así como impulsar a utilización das novas tecnoloxías.

Produto:
CD-ROM multimedia interactivo para o fomento da cultura preventiva, orientado ao contexto escolar.

Título:
"O Libro Máxico de Moitollo"

Descrición:

"O Libro Máxico de Moitollo" é unha aplicación multimedia interactiva concretada nun xogo conversacional*, definida e enfocada coa intención de educar, non só pretendendo informar ou divertir. A aplicación proposta está pensada e deseñada para espertar unha actitude positiva cara a prevención de riscos.

O obxectivo do xogo é a resolución dun misterioso acontecemento que nos permitirá comprender a importancia que ten para as nosas vidas a prevención de riscos. Preséntase dentro do xénero de ciberaventura, para lograr atraer a curiosidade do alumnado-usuarias/os.

** xogo conversacional: xogo de pistas baseado na interacción do protagonista con outras personaxes, situacións, obxectos, etc., cos que "dialoga" e interactúa e que lle permiten avanzar no xogo e resolver as distintas probas que se lle presentan, necesarias para a consecución do obxectivo final.*

REQUIRIMENTOS DO SISTEMA

Para xogar correctamente precisas un computador cos seguintes requirimentos mínimos:

Lector de CD-ROM
Tarxeta de son
Resolución mínima: 800x600

Plataforma Windows
Pentium III ou superior
Windows 98/2000/Xp

COMO SE XOGA?

Executando o programa comenza a presentación do xogo (para saltala, simplemente preme co rato). Unha vez finalizada a presentación, Comeza o xogo!, agora debes axudar a Antía na súa aventura.

O mecanismo do xogo é moi sinxelo. Preme co rato no lugar da pantalla onde queiras que acuda Antía.

Se nalgún momento non sabes como continuar, tes un libro con pistas que te pode axudar a superar cada unha das catro fases do xogo. Só tes que arrastralo sobre Antía.

Interior

Opinamos que a maquetación interior podería estar máis coidada: emprégase diferente formato nos títulos e deixouse un maior espazo na marxe esquerda.

- Sinopse:
  No ano 1254, catro agrupacións de canteiros galegos uníronse nunha sociedade secreta, Mestre de Murador, para mellorar e conservar os segredos da súa profesión.
  Leonardo, un afamado inventor de quen se dicía que tiña poderes máxicos, traballaba para esta sociedade. Ademais de mellorar as técnicas de cantería e crear novas ferramentas, buscou métodos revolucionarios para evitar os accidentes. Mais o seu mellor invento foi un ser máxico para axudar aos canteiros: Moitollo. Unha pequena criatura que, co seu único ollo, era capaz de ver todos os perigos que asexaban.
  Para evitar a perda do que significaron os canteiros, Leonardo creou un libro onde se gardaban todos os segredos da sociedade Mestre de Murador, a situación dos seus tesouros e como atopalos.
  Este libro, de valor incalculable, protexido durante séculos por Moitollo desapareceu misteriosamente.
  Agora deberás axudar a Antía e Moitollo a recuperalo!

Conclusións do bloque B

En liñas xerais respecto aos materiais e informacións que acompañan o videoxogo podemos concluír...
• Distribuíronse copias do videoxogo en caixas de Dvd con carátula e díptico interior. Datos: ◦ Portada do xogo ◦ Ficha descritiva da aplicación ◦ Requirimentos do sistemas ◦ Como se xoga? ◦ Executar xogo ◦ Como xogar a "O libro Máxico de Moitollo" ◦ Sinopse ◦ Logo ou distintivo da campaña MOITOLLO! ◦ Logo da Xunta (Presidencia. Secretaría de Emigración)

- Depósito legal.
- A maquetación interior do díptico, así como o seu contido poderían ser mellorables.
- Coidada e atractiva sinopse.

C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA

C.1. Código PEGI

017	Faise uso da clasificación PEGI?				
	□ Si	* Que etiqueta ou etiquetas se inclúen?			
		□ PEGI 3	□ PEGI 7	□ PEGI 12	□ PEGI 16	□ PEGI 18
		□ Linguaxe groseira		□ Drogas	□ Medo	□ Xogo
		□ Sexo	□ Violencia	□ En liña	□ Discriminación	□ PEGI OK
	■ Non					
	Observacións					
	—					

C.2. Idea do xogo

018	Especifícase se o videoxogo está baseado noutro medio?			
	□ Si	□ Orixinal	□ Libro	□ Banda deseñada
		□ Película	□ Feito real	□ Outra (esp.) →
	■ Non			
	Observacións			
	—			

C.3. Funcións xerais

019	Especifícase para que se creou o videoxogo?				
	■ Si	*Onde? → Embalaxe			
		*Cal é a súa función?			
		□ Entreter	□ Motivar	□ Adestrar	□ Experimentar	□ Reforzar aprendizaxes
		■ Educar	■ Outras (especificar) → • Fomentar a cultura preventiva como unha opción de vida. • Impulsar a utilización das novas tecnoloxías. • Informar • Divertir			
	□ Non					
	Observacións					
	A función educar, informar e divertir recóllense nun mesmo parágrafo, no que se resalta a natureza divertida e informativa da aplicación: *aplicación [...] definida e enfocada coa intención de educar, non só pretendendo informar ou divertir.*					

C.4. Clasificación

020	Indícase que tipo de recurso é?				
	■ Si	*Onde? → Embalaxe			
		*Que termo se emprega?			
		□ Videoxogo	■ Xogo	□ Xogo dixital	□ Mini xogo	□ Recurso lúdico
		■ Outro/s (especificar) → Aplicación educativa multimedia			
	□ Non				
021	Indícase o xénero ou subxénero ao que pertence?				
	■ Si	*Onde? → Embalaxe			
		*Que termo se emprega?			
		□ Educativo	■ Conversacional	□ Aventura gráfica	□ Serious Games	□ Estratexia
		■ Outro (especificar) → xénero de ciberaventura			
	□ Non				
	Observacións				
	• *En canto ao xénero concretamente especifícase: "O Libro Máxico de Moitollo" é unha aplicación multimedia interactiva concretada nun xogo conversacional* [...] • Especifícase que é un xogo conversacional: *xogo de pistas baseado na interacción do protagonista con outras personaxes, situacións, obxectos, etc., cos que "dialoga" e interactúa e que lle permiten avanzar no xogo e resolver as distintas probas que se lle presentan, necesarias para a consecución do obxectivo final.*				

C.5. Grupo destinatario

022	Especifícase para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?			
	■ Si	*Onde? → Embalaxe		
		*Para cal? (especificar)		
		■ Centros educativos • contexto escolar	□ Fogar	□ Museo
		□ Outro (especificar) →		
	□ Non			
023	Especifícase para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?			
	□ Si	*Onde? →		
		*Para cal? (especificar)		
		□ Local	□ Provincial	□ CCAA	□ Nacional	□ Internacional
		□ Outro (especificar) →		
	■ Non			
024	Especifícase a quen vai dirixido principalmente o videoxogo?			
	□ Si	*Onde? →		
		*Que se determina? (especificar)		

	□ Idade	□ Nivel educativo	□ Características especiais (autismo, xordeira, cegueira...)
	□ Outro (especificar) →		
■ Non			

025	Menciónase os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?
□ Si	*Onde? →
	*Cales son? →
■ Non	
Observacións	
• Explicitamente non se informa, nin na embalaxe nin dentro do videoxogo, das idades recomendadas ou nivel educativo ao que se dirixe o videoxogo. Na embalaxe fálase en termos xerais de *mocidade*.	

C.6. Obxectivos lúdicos

026	Explicítase o obxectivo u obxectivos finais do xogo?
■ Si	*Onde? → Embalaxe (sinopse) e na introdución do xogo
	*Resumo de cales son → Resolver un misterio: atopar o libro creado por Leonardo onde se gardan os segredos da sociedade de canteiros galegos Mestre de Murador.
□ Non	
Observacións	
—	

C.7. Regras do xogo

027	Descríbese de forma xeral como se xoga ao videoxogo?
■ Si	*Onde? → Embalaxe
	*Resumo de cales son →Ver observacións
□ Non	
Observacións	

- En concreto especifícase o seguinte:
  Como se xoga?
  Executando a aplicación comeza a presentación do xogo (para saltala, simplemente preme co rato). Unha vez finalizada a presentación, Comeza o xogo!, agora debes axudar a Antía na súa aventura.
  O mecanismo do xogo é moi sinxelo. Preme co rato na lugar da pantalla onde queiras que acuda Antía.
  Se nalgún momento no sabes como continuar, tes un libro con pistas que te pode axudar a superar cada unha das catro fases do xogo. Só tes que arrastralo sobre Antía.

  Como xogar a"O Libro Máxico de Moitollo"
  - *Dar ou usar un obxecto da mochila. Para calquera destas dúas opcións só será necesario premer co rato no obxecto, arrastralo ata o lugar desexado e soltar.*

- *Mapa. Cando consigas o bonobús arrástrao sobre os autobuses que encontrarás en determinadas pantallas e terás acceso ao mapa que permite o movemento entre localidades.*
- *Gardar e recuperar partidas. Preme no botón "Partidas" para acceder ao panel.*
- *Gardar. Podes gardar ata catro partidas ao mesmo tempo. Escolle unha das catro caixas de texto, escribe un nome e preme o botón "gardar".*
- *Recuperar. Selecciona unha partida premendo no seu lugar, logo preme no botón "cargar".*
- *Opcións. No panel de opcións podes modificar os valores de velocidade do xogo e o volume do audio.*

C.8. Retos

028	Enumérase os retos e/ou actividades que se teñen que realizar?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

C.9. Obxectivos educativos

029	Enuméranse as competencias básicas que activa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
030	Enuméranse os obxectivos educativos concretos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

C.10. Contidos educativos

031	Enuméranse os contidos educativos que se tratan no videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

C.11. Relación co Currículo Oficial

032	Indícase a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo.	
	□ Si	*Onde? →
		*Cal é? →
	■ Non	
033	Especifícase se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	
034	Especifícase se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

Conclusións do bloque C

En liñas xerais respecto á información lúdica-pedagóxica que acompaña o videoxogo podemos concluír...

- Nin no videoxogo nin na embalaxe se informa explícitamente das idades do grupo destinatario principal ao que se dirixe, mais si se especifica que está orientado ao contexto escolar.
- A función e obxectivo xeral do xogo é espertar unha actitude positiva cara a prevención de riscos.
- O obxectivo lúdico do xogo é atopar o libro onde se gardan os segredos da agrupación de canteiros galegos Mestre Murador.
- Emprégase diferentes termos para referirse ao recurso: aplicación multimedia interactiva, ciberaventura e xogo conversacional.
- As regras do xogo céntranse en explicar o modo de interactuar no videoxogo, mais non os retos ou probas dos que está composto.
- Non se especifican os obxectivos específicos e contidos tratados.

D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

D.1. Idioma

035	Sen entrar no videoxogo, especifícase o idioma ou idiomas que soporta?				
	□ Si ■ Non	*Onde? →			
		*Indicar número de idiomas → 1			
		■ Galego	□ Español	□ Vasco	□ Catalán	□ Inglés
		□ Outro/s (especificar) →			

036	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan visibles os idiomas?
	■ Botóns (texto)
	□ Botóns (locución)
	■ Caixas con textos escritos (instrucións, narración, axudas...)
	■ Caixas con textos locutados (instrucións, narración, axudas...)
	■ Locucións personaxes
	□ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso...)
	■ Outros (especificar) → Voces en off: presentación xogo
	Observacións

	• Os botóns móstranse en galego.
	• No videoxogo existen dúas tipoloxías de caixas de texto:
	  ◦ Texto das personaxes, móstranse en bocadillos tipo cómic. Son locutadas polas propias personaxes.
	  ◦ Texto toma de decisións. Móstranse dúas opción entre as que seleccionar unha para avanzar no videoxogo. Sen locución.

D.2. Son

037	Que sons integra o videoxogo?
	□ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
	■ Música
	■ Voces
	■ Outros (especificar) → Sons ambiente
	□ N/A
	Observacións
	—

D.3. Rexistro

038	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?	
	□ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso →

■ Non	
Observacións	
—	

D.4. Plataforma

039	Inclúese información sobre as plataformas nas que funciona?		
■ Si □ Non	*Onde? → Embalaxe		
	*Indicar as plataformas nas que pode ser utilizado.		
	□ Consola (esp.)	■ PC	□ Teléfono intelixente
	□ Tableta	□ Outra/s (esp.) →	
Observacións			
• *Para xogar correctamente precisas un computador cos seguintes* [...]			

D.5. Sistema operativo

040	Inclúese información sobre os sistemas operativos nos que funciona?				
■ Si □ Non	*Onde? → Embalaxe				
	*Indicar e especificar versión.				
	■ Windows	□ Linux	□ MacOs	□ Android	□ iOS
	□ Outro/s (especificar)				
Observacións					
• Microsoft Windows 98/2000/Xp					

D.6. Sistema periférico

041	Inclúese información sobre os periféricos necesarios para a interacción no videoxogo?			
□ Si ■ Non	*Onde? →			
	*Indicar cales se necesitan			
	■ Teclado	■ Rato	□ *Joystick*	□ Pantalla táctil
	□ Outro/s (especificar)			
Observacións				
• Non explicitamente, mais nos apartados relacionados co como xogar, fálase de rato e de escribir.				

D.7. Outros requisitos técnicos

042	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?		
	□ Conexión á rede	■ Resolución mínima da pantalla	□ RAM
	■ Tarxeta de son	□ Instalación de plugins	□ Execución de arquivos
	□ Outros (especificar)		□ N/A
	Observacións		
	• Indícase que é necesaria tarxeta de son, mais non de que tipo. Concretamente os requirimentos do sistema que se mencionan son: ◦ *Pentium III ou superior* ◦ *Lector de CD-ROM* ◦ *Tarxeta de son* ◦ *Windows 98/2000/Xp* ◦ *Resolución mínima 800x600*		

D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

043	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?
	□ Realidade Aumentada
	□ Realidade Virtual
	□ Kinect
	□ Chat
	□ Control parental
	□ Redes Sociais
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
	Observacións
	—

D.9. Linguaxe de programación

044	Especifícase a linguaxe de programación na que se creou o videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.10. Compras

045	O videoxogo inclúe compras integradas?	
	□ Si	*Especificar obxectivos e prezos das compras (mellorar habilidades personaxe, aumentar tempo de xogo...) →

■ Non	
Observacións	
—	

D.11. Publicidade

046	O videoxogo integra publicidade?	
	□ Si	*Especificar tipo de publicidade (subliminar, intrusiva...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.12. Garantía

047	Inclúe garantía de compra ou algún tipo de protección legal ante erros xurdidos no videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.13. Contacto

048	Inclúese algún teléfono, correo, formulario... para consultas, resolver problemas ou dúbidas?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

Conclusións do bloque D

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír..

- Videoxogo en galego.
- Xogo rico en locucións, con coidados sons ambiente.
- Na embalaxe infórmase dos requirimentos mínimos que debe ter o computador para xogar correctamente.
- Non inclúe formas de contacto.
- Non inclúe compras, nin publicidade integrada.

E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO

E.1. Obxectivos educativos

	Adecuación
049	Os obxectivos educativos son adecuados ao grupo destinatario ao que se dirixe (en función da idade ou áreas de desenvolvemento: motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A[1]
	*Xustificar: Descoñecemos a quen se dirixe, mais opinamos que se adecúa a nenas e nenos de entre 10 a 12 anos. Aínda que os obxectivo serían adecuado para calquera idade.
050	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Os obxectivos xiran en torno á prevención de riscos, mais de forma transversal inclúense outros relacionados coa educación para la igualdade de xénero, educación para o consumo...
051	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se perseguen.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Trátase dun videoxogo conversacional que xira ao redor dunha interesante historia.
052	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	Trátase máis ben dun xogo informativo, no que realmente as decisións que se toman non teñen repercusión na historia e/ou requiren a comprensión dos contidos.
053	Os obxectivos pedagóxicos intégranse coherentemente cos obxectivos do xogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Os obxectivos pedagóxicos intégranse na propia historia, pero sobre todo a través dos diálogos mantidos entre as personaxes, resultando ás veces pesados e repetitivos.
	Observacións
	—

E.2. Contidos educativos

	Procedencia da información
054	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Trátanse contidos transversais mais vixentes na actualidade: prevención de riscos, tolerancia, igualdade...
055	O contido inclúe ámbitos de saber popular, tradicional...
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: trata a escola de canteiros de Poios, as adegas galegas, arte medieval galego...
056	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.

1 0 = Non, en modo algún | 1 = Bastante, en gran medida | 2 = Si, absolutamente | N/A = Non aplica


	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Estrutura e representación
057	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, quebracabezas, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non inclúe minixogos, nin quebracabezas. O contido non detectamos que se presenta de forma xerarquizada.
058	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: No videoxogo non se inclúen retos ou probas nos que demostrar a comprensión.
059	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As informacións conceptuais son transmitidas a través dos diálogos mantidos entre as personaxes.
060	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nalgunhas ocasión resultan monótonos, pesados e evidentes.
	Promoción de valores
061	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nas situacións desencadeadas no instituto observamos unha personaxe mulata e outra que semella ser da india, mais como meros figurantes sen ningún protagonismo.
062	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Está libre de prexuízos políticos, raciais, culturais e relixiosos. Centrarémonos nas personaxes e nos estereotipos na cuestión 136.
063	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Esta cuestión parece formar parte dos contidos que se pretenden, mais na nosa opinión trabállanse dunha forma moi forzada: • As personaxes ao principio dos diálogos soen dar malas contestacións, sobre todo cando a protagonista Antía lles pregunta ou aconsella algo. • As personaxes axudan a outra que o necesita a cambio dun favor. Por exemplo: o bibliotecario axiliza os trámites para que a protagonista poida levar un CD da biblioteca se lle regala un sombreiro.
064	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Na escena na que a personaxe protagonista Antía se dirixe ao centro médico, hai que tirar un papel á papeleira para poder proseguir. Esta acción ven acompañada dunha reflexión ao respecto.
065	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.

	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O videoxogo pode ser xogado na súa totalidade en galego e promove a cultura galega.
066	O contido carece de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Adecuación
067	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Todas as informacións e contidos son explicados nunha linguaxe clara e comprensible.
068	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non se atoparon erros relacionados con estes aspectos.
069	Os escenarios, os elementos e obxectos que compoñen o videoxogo, integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Integran contidos relevantes fundamentalmente as personaxes, a través das súas accións e locucións. Tamén a través das accións que se teñen que realizar cos obxectos integrados nos escenarios.
	Observacións
	—

E.3. Ámbito de incidencia

070	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?
	□ Conceptual
	□ Procedemental ou de habilidades
	□ Actitudinal
	*Xustificar → • Conceptuais: nas informacións contidas nos diálogos ou monólogos das personaxes. • Procedemental: no videoxogo trabállanse as habilidades analíticas: débese avaliar as situacións que van sucedendo identificando que fai falta ou que hai facer para avanzar. • Actitudinal: na toma de decisión ante cuestións relacionadas con normas e valores.
071	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A proporción é coherente mais na nosa opinión están demasiado estruturados ou fragmentados.
	Observacións
	—

E.4. Retos

072	De que tipoloxía son os retos que forman o videoxogo?				
	□ Memorización	□ Lóxica	□ Creación	□ Construción	□ Estratexia
	□ Labirintos	■ Selección	□ Quebracabezas	□ Habilidade	□ Clasificación
	□ Cálculo de elementos	■ Identificación	■ Pregunta-resposta	□ Outro/s (esp.) →	
	*Xustificar: • Seleccionar a opción adecuada entre dúas ou tres alternativas posibles. Exemplo:  • Identificar que elementos da pantalla son necesarios coller e en que momentos son necesarios utilizar para resolver as situacións. • Seleccionar a resposta adecuada para avanzar máis rápido no xogo. Xa que en caso contrario escóitase unha locución de explicación.				
073	Os retos integran distintos niveis de dificultade?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
074	Natureza dos retos:				
	□ Os retos pódense elixir ou seleccionar.				
	□ Os retos pódense crear.				
	■ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida				
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense cada vez que se xoga unha partida, mais algúns dos elementos que os integran varían aleatoriamente.				
	□ Outra (especificar)				
	*Xustificar → As opcións sempre aparecen nas mesmas personaxes e os obxectos sempre no mesmo lugar.				

075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos.
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas
	■ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...
	□ Presentación por parte de personaxes previo ao reto
	□ Accédese directamente ao reto ao premer nunha imaxe ou texto.
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar →
	Adecuación pedagóxica
076	Os retos son apropiados para o tratamento dos contidos educativos integrados no videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: As decisións tomadas teñen escasa repercusión no xogo. Tamén hai obxectos que se collen e que logo non son necesarios utilizar.
077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Preséntanse varias situacións relacionadas coa hixiene postural.
078	Os retos son próximos aos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: As situacións reflicten contextos reais nos que se realizan tarefas diarias (cociñar, facer as camas, transportar a compra...) e laborais (carga/descarga)
079	Os retos preséntanse nunha secuencia e estrutura correcta. O nivel de dificultade é progresivo.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: Non percibimos variacións respecto ao nivel de dificultade.
	Características intrínsecas
080	Os retos son desafiantes. Os seus obxectivos están claramente especificados mais a posibilidade de obtelos móstrase incerta.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
- O videoxogo forma parte da serie de recursos do Proxecto de Educación Ambiental Climántica, recomendado polo alto comisionado das Nacións Unidas para o cambio climático.
- Na minisite do minixogo especifícase que foi desenvolvido por Proxecto Climántica.
  Na pantalla de presentación do xogo móstranse os logos das institucións que colaboraron na creación do xogo.
  Porén a empresa que deseñou dende un punto de vista didáctico e lúdico o xogo (seguindo orientacións, principalmente de Francisco Sóñora Luna, director do proxecto "Climántica") das persoas especialistas de Climántica), así como a responsable da programación foi imaxin|software. Aínda que o seu nome e logo non conta nin no videoxogo, nin na minisite.
- O xogo foi elaborado fai aproximadamente sete anos, contando cun rexistro de 7007 persoas.

B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO

B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo

015	Que recursos acompañan o videoxogo? (breve descrición)
■ Web do proxecto	Dispoñible en tres idiomas: galego, español e inglés. Conta cos seguintes apartados: • Xogar: accédese ao xogo • Demo: móstrase un titorial do xogo. • Para profes: preséntase o xogo e na versión en galego pódese acceder a unha guía didáctica.
□ Embalaxe	
□ Material impreso	
□ Espazo en tenda virtual	
□ Outro (especificar)	
Observacións	
—	

B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo

016	Que materiais ou informacións se integran no videoxogo ou nos recursos sinalados no anterior apartado?		
Materiais	Onde?[1]	Formato[2]	Descrición
■ Titorial	Minisite	Vídeo	Captura en vídeo dunha partida simulada.
	Dentro do videoxogo	Pasa-pantallas	Descríbense as pantallas e botóns que forman o videoxogo.
□ *Trailer*			
■ Sinopse	Na guía didáctica	PDF para descargar	Ver observacións
■ Presentación formal	Minisite	Pantalla	Menciónanse de forma xeral os obxectivos pedagóxicos, lúdicos e destinatarios/as.
■ Guía didáctica específica para docentes	Minisite	PDF para descargar	Estruturada nos seguintes apartados: • Formulación educativa • Que se esconde no xogo? • Proposta de dinámicas na aula • Webgrafía e bibliografía • Anexos
■ Información xeral de carácter pedagóxico.	Na guía didáctica	PDF para descargar	Ver observacións

1 Indicar se está dentro do videoxogo ou na embalaxe, ou no material impreso, etc
2 Indicar se é un PDF para descargar, epub, material impreso, titorial interactivo que explica as accións a realizar, o funcionamento da interface, etc.


□ Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso	Na guía didáctica	PDF para descargar	Ver observacións
□ Materiais didácticos complementarios (vídeos, actividades para imprimir...)	Na guía didáctica	PDF para descargar	Ver observacións
□ Información técnica	Na guía didáctica	PDF para descargar	Ver observacións
□ Outro/s → Solución	Na guía didáctica	PDF para descargar	Ver observacións


Observacións

- A guía didáctica de CLMNTK soamente esta dispoñible en galego. Está composta por 162 follas, inclúe os seguintes apartados:
  - Sinopse
  - Información xeral de carácter pedagóxico
  - Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso.
  - Materiais didácticos complementarios.
  - Información técnica
  - Solución

  Así é que serán descritas nos apartados correspondentes deste documento.
- Sinopse:
  A cidade está envolvida nunha atmosfera calorosa e sufocante, os coches son os donos das
  rúas, a auga está contaminada polos verquidos, o lixo e os residuos acumúlanse por todas partes...
  A contaminación atmosférica é tan elevada, que respirar ao aire libre é tarefa practicamente imposible.
  A cidade está chea de polución no ano 2015, a situación é xa irreversible.
  O planeta necesita da túa axuda para poder salvarse!
  Comeza a prepararte, xa que debes cumprir cunha gran misión: Dar coas solucións que eviten esta contaminación.
  Partirás rumbo á sustentabilidade, introducíndote nun novo territorio, onde crearás vivendas e traballos, tomarás decisións de estratexia empresarial, experimentarás coa enerxía, tratarás coa poboación, descifrarás mensaxes e, sobre todo, controlarás a contaminación da auga, do solo e do aire e preverás os cambios de clima. Sempre coa axuda de Climi, as súas informacións e consellos seranche de moita utilidade.
  Ponte en marcha! Comeza a túa aventura...
- Algunhas imaxes do titorial ao que se accede dende o propio videoxogo:









Conclusións do bloque B

En liñas xerais respecto aos materiais e informacións que acompañan o videoxogo podemos concluír...
• O videoxogo conta cunha minisite propia en tres idiomas, integrada como apartado web na páxina de Climántica. Inclúe un apartado específico para docentes. • Se seleccionamos a web en galego, no apartado para o profesorado, podemos descargar unha guía didáctica específica sobre o xogo. Coa web en español ou en inglés non podemos acceder a este recurso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA

C.1. Código PEGI

017	Faise uso da clasificación PEGI?				
□ Si	* Que etiqueta ou etiquetas se inclúen?				
	□ PEGI 3	□ PEGI 7	□ PEGI 12	□ PEGI 16	□ PEGI 18
	□ Linguaxe groseira		□ Drogas	□ Medo	□ Xogo
	□ Sexo	□ Violencia	□ En liña	□ Discriminación	□ PEGI OK
■ Non					
Observacións					
—					

C.2. Idea do xogo

018	Especifícase se o videoxogo está baseado noutro medio?		
□ Si	□ Orixinal	□ Libro	□ Banda deseñada
	□ Película	□ Feito real	□ Outra (esp.) →
■ Non			
Observacións			
—			

C.3. Funcións xerais

019	Especifícase para que se creou o videoxogo?				
■ Si	*Onde? → • Na guía didáctica • Na minisite (apartado Para profes)				
	*Cal é a súa función?				
	□ Entreter	□ Motivar	□ Adestrar	□ Experimentar	□ Reforzar aprendizaxes
	□ Educar	■ Outras (especificar) • Formar e sensibilizar • Concienciar			
□ Non					
Observacións					
• *Formar e sensibilizar sobre o cambio climático, as súas evidencias e efectos.* • *Concienciar o alumnado das repercusións que os nosos actos teñen no cambio climático.* • Na guía didáctica defínese o videoxogo como unha ferramenta pedagóxica interdisciplinar, que pretende constituírse nun recurso de apoio para traballar, xunto co alumnado, a enerxía, a planificación urbanística, así como outras temáticas de carácter ambiental e social.					

C.4. Clasificación

020	Indícase que tipo de recurso é?				
	■ Si	*Onde? → • Na guía didáctica • Na minisite (apartado Para profes)			
		*Que termo se emprega?			
		□ Videoxogo	■ Xogo	□ Xogo dixital	□ Mini xogo	□ Recurso lúdico
		■ Outro/s (especificar) • Xogo interactivo • Videoxogo multimedia e interactivo • Video xogo [con separación]. Nome do apartado da web do Proxecto Climántica dende a que se pode acceder á minisite do videoxogo.			
	□ Non				
021	Indícase o xénero ou subxénero ao que pertence?				
	■ Si	*Onde? → Guía didáctica			
		*Que termo se emprega?			
		□ Educativo	□ Conversacional	□ Aventura gráfica	□ Serious Game	□ Estratexia
		■ Outro (especificar) → Simulación estratéxica			
	□ Non				
	Observacións				
	• Na actualidade chámanos a atención o termo *videoxogo multimedia interactivo*, por ser demasiado redundante.				

C.5. Grupo destinatario

022	Especifícase para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?			
	■ Si	*Onde? → • Na guía didáctica • Na minisite (apartado Para profes)		
		*Para cal? (especificar)		
		■ Centros educativos	□ Fogar	□ Museo
		□ Outro (especificar)		
	□ Non			
023	Especifícase para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?			
	□ Si	*Onde? →		
		*Para cal? (especificar)		
		□ Local	□ Provincial	□ CCAA	□ Nacional	□ Internacional
		□ Outro (especificar) →		
	■ Non			
024	Especifícase a quen vai dirixido principalmente o videoxogo?			

■ Si	*Onde? → • Na guía didáctica • Na minisite (apartado Para profes)		
	*Que se determina? (especificar)		
	□ Idade	■ Nivel educativo • 3º de Educación Primaria	□ Características especiais (autismo, xordeira, cegueira...)
	□ Outro (especificar) →		
□ Non			
025	Menciónase os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?		
□ Si	*Onde? →		
	*Cales son? →		
■ Non			
Observacións			
• En canto ao grupo destinatario, especifícase que foi deseñado para un nivel de competencia curricular de 3º de Educación Primaria, mais que permite focalizar o seu uso en 1º e 2º ciclo da ESO. Tamén se resalta pode ser implementado en ambientes de educación non formal que inclúan dentro dos seus obxectivos o fomento da cultura sustentable.			

C.6. Obxectivos lúdicos

026	Explicítase o obxectivo u obxectivos finais do xogo?	
■ Si	*Onde? → • Na guía didáctica • Na minisite (apartado Para profes)	
	*Resumo de cales son → Crear e xestionar un territorio sustentable.	
□ Non		
Observacións		
—		

C.7. Regras do xogo

027	Descríbese de forma xeral como se xoga ao videoxogo?	
■ Si	*Onde? → • Na guía didáctica, mediante texto e imaxes. • Na minisite (apartado Demo), mediante vídeo. • Dentro do videoxogo (titorial)	
	*Resumo de cales son → Ver observacións	
□ Non		
Observacións		
• O xogo está dividido en dúas partes: ◦ Zona de rexistro: onde a/o usuaria/o escolle territorio, selecciona e sitúa a súa vivenda		

e indica que medio utilizará para moverse polo territorio.
- Zona de xogo: é o escenario do xogo que mostra o territorio seleccionado. Aquí o primeiro a facer é seleccionar unha central de enerxía e fornecer con vivendas os primeiros habitantes. Hai unha xanela de obxectivos que vai marcando os pasos a dar. No xogo se ten que facer evolucionar o territorio seleccionado durante 20 anos simulados, comezando no mes 1 do ano 2015 e rematando no mes 1 do ano 2035. Cada ano son 10 minutos de xogo.
No transcurso dese tempo, van chegando novos habitantes dos que hai que ter en conta as súas necesidades para poder fornecerlles: vivendas, traballo, lugares de lecer, alimentación, etc.
Na zona de xogo existe un botón que leva ás edificacións que se poden adquirir para ir cumprindo os obxectivos e comprar todo o que necesitan os habitantes.
En pantalla, tamén hai un indicadores que de xeito gráfico informa dos niveis de gasto de auga, consumo de enerxía, xeración de residuos e emisións de CO2 asociados ás construcións realizadas. Se algún indicador chega á zona vermella, pérdese o xogo.

C.8. Retos

028	Enumérase os retos e/ou actividades que se teñen que realizar?	
	☑ Si	*Onde? → • Na guía didáctica • Dentro do videoxogo (xogando)
		*Resumo de cales son →Cumprir cos obxectivos que se van marcando ao longo do xogo. Hai obxectivos que teñen que ver coa satisfacción da poboación, outros relacionados co medio ambiente e por último, coa produtividade. Os obxectivos aparecerán en 5 bloques de tempo tomando como base os anos en que transcorre o xogo e o progresivo aumento da poboación.
	□ Non	
	Observacións	
	—	

C.9. Obxectivos educativos

029	Enuméranse as competencias básicas que activa?	
	☑ Si	*Onde? → Guía didáctica
		*Resumo de cales son? → • Competencias instrumentais • Competencias para a xestión de recursos • Competencias para a comunicación • Competencias para a crítica
	□ Non	
030	Enuméranse os obxectivos educativos concretos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	
	☑ Si	*Onde? → Guía didáctica
		*Resumo de cales son? → • Obxectivo xeral: ◦ Fomentar accións de cara ao cambio climático. • Obxectivos específicos:

	◦ Pór en práctica a necesidade do desenvolvemento sustentable a través dunha simulación. ◦ Tomar conciencia das repercusións que as actividades humanas teñen sobre o medio ambiente. ◦ Coñecer as características elementais do medio físico, social e cultural e as posibilidades de acción no mesmo. ◦ Reflexionar sobre a utilización do espazo no territorio e no aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social e medio ambiental das mesmas. ◦ Saber que os recursos materiais e enerxéticos son limitados e que os residuos derivados dos procesos de fabricación e consumo son difíciles de eliminar, que é necesario un consumo racional. ◦ Motivar o desenvolvemento de experiencias e propostas creativas que axuden a respectar o medio ambiente.
□ Non	
Observacións	
—	

C.10. Contidos educativos

031	Enuméranse os contidos educativos que se tratan no videoxogo?
■ Si	*Onde? → Guía didáctica
	*Resumo de cales son? → • Tipo de enerxías, xestión e consumo. • O desenvolvemento sustentable. • A planificación territorial e urbana. • O cambio climático. • Climas e ambientes naturais galegos. • Catástrofes naturais e tecnolóxicas. • O consumo responsable. • A protección á biodiversidade. • Os dereitos das persoas. • A xestión da auga. • Características e materiais de bioconstrución. • A contaminación do aire, do solo e da auga. • A produción e os sistemas económicos. • A importancia das previsións do tempo meteorolóxico. • Tipos de residuos na sociedade actual. • Sistemas de redución, reutilización e reciclaxe. • Máquinas, aparellos e tecnoloxías “verdes”. • Técnicas de cultivo e apeiros de labranza. • Estilos de vida saudables. • Actividades e deportes ao aire libre. • Patrimonio lúdico galego. • O aproveitamento do monte. • Tipos de turismo. • Pesca e cultivos mariños. • Publicidade e actos de consumo.
□ Non	
Observacións	

—

C.11. Relación co Currículo Oficial

032	Indícase a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo.	
	□ Si	*Onde? →
		*Cal é? →
	□ Non	
033	Especifícase se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? → Guía didáctica
		*Etapa/s → Educación Primaria
		*Ciclo/s → Terceiro Ciclo
		*Curso/s →
		*Área/s → Área de coñecemento do medio natural, social e cultural
	□ Non	
034	Especifícase se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? → Guía didáctica
		*Etapa/s → Educación Primaria
		*Ciclo/s → Terceiro Ciclo
		*Curso/s →
		*Área/s → Área de coñecemento do medio natural, social e cultural
	□ Non	
	Observacións	
	• En relación ao currículo, na guía indícase o seguinte: *Procurouse que o xogo se puidese encaixar de forma adecuada na área de coñecemento do medio natural, social e cultural do currículo de terceiro ciclo de Educación Primaria, mais non existe materia susceptible que non poida ser abordada mediante o videoxogo.*	


Conclusións do bloque C

En liñas xerais respecto á información lúdica-pedagóxica que acompaña o videoxogo podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo de concienciación social, que aglutina simulación e estratexia para sensibilizar e formar sobre as repercusións que os nosos actos teñen no cambio climático. • Diríxese principalmente a Terceiro Ciclo de Educación Primaria, mais recálcase que tamén pode ser empregado en ambientes de educación non formal, como recurso de apoio para traballar a enerxía, a planificación urbanística, así como outras temáticas de carácter ambiental e social. • Tanto os obxectivos educativos, como os contidos, regras e finalidades lúdicas están claramente definidos e especificados. • Bótase en falta unha maior concreación da relación do videoxogo co currículo oficial. • Na guía didáctica realízase unha descrición do xogo non acorde coa versión actual. Afecta soamente á primeira parte do xogo, antes da chegada ao territorio.

Na versión actual non se crean avatares, nin se realizan as actividades previas que se indican na guía.



Creación avatar



Test de 20 preguntas sobre consumo responsable



Labirinto sobre consumo enerxético e mobilidade.

D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

D.1. Idioma

035	Sen entrar no videoxogo, especifícase o idioma ou idiomas que soporta?				
	■ Si □ Non	*Onde? → • Na guía didáctica • Minisite			
		*Indicar número de idiomas → 1			
		■ Galego	■ Español	□ Vasco	□ Catalán	■ Inglés
		□ Outro/s (especificar) →				
036	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan visibles os idiomas?				
	■ Botóns (texto)				
	□ Botóns (locución)				
	■ Caixas con textos escritos (instrucións, narración, axudas...)				
	□ Caixas con textos locutados (instrucións, narración, axudas...)				
	□ Locucións personaxes				
	■ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso...)				
	□ Outros (especificar)				
	Observacións				
	• A guía didáctica non está actualizada, especifícase que os textos en pantalla están en español e en galego. Na actualidade o videoxogo tamén está inglés. • O idioma seleccionado na minisite afecta ao xogo. • A guía didáctica soamente está en galego.				

D.2. Son

037	Que sons integra o videoxogo?
	■ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
	□ Música
	□ Voces
	□ Outros (especificar)
	□ N/A
	Observacións
	• Integra poucos efectos de son, sobre todo escóitanse ao premer nos botón, ao saltar os obxectivos en pantalla, ao saltar as mensaxes de información e ao facer as compras.

D.3. Rexistro

038	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?

■ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso → • Usuario • Contrasinal
□ Non	
Observacións	
—	

D.4. Plataforma

039	Inclúese información sobre as plataformas nas que funciona?		
■ Si □ Non	*Onde? → Guía didáctica		
	*Indicar as plataformas nas que pode ser utilizado.		
	□ Consola (esp.)	■ PC	□ Teléfono intelixente
	□ Tableta	□ Outra/s (esp.) →	
Observacións			
—			

D.5. Sistema operativo

040	Inclúese información sobre os sistemas operativos nos que funciona?				
■ Si □ Non	*Onde? → Guía didáctica				
	*Indicar e especificar versión.				
	□ Windows	□ Linux	□ MacOs	□ Android	□ iOS
	■ Outro/s (especificar) → Xogo web online				
Observacións					
—					

D.6. Sistema periférico

041	Inclúese información sobre os periféricos necesarios para a interacción no videoxogo?			
■ Si □ Non	*Onde? → Na guía didáctica			
	*Indicar cales se necesitan			
	■ Teclado	■ Rato	□ *Joystick*	□ Pantalla táctil
	□ Outro/s (especificar)			
Observacións				
	• Textualmente especifícase: *Uso do rato. O teclado só é necesario para introducir cadeas de texto na entrada ao xogo e nalgúns dos minixogos de habilidade.*			

D.7. Outros requisitos técnicos

042	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?		
	■ Conexión á rede	■ Resolución mínima da pantalla	□ RAM
	□ Tarxeta de son	□ Instalación de plugins	□ Execución de arquivos
	□ Outros (especificar)		□ N/A
	Observacións		
	• O xogo ten unhas dimensión de ancho e alto, medidas en píxeles, de 800 x 600.		

D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

043	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?
	□ Realidade Aumentada
	□ Realidade Virtual
	□ Kinect
	□ Chat
	□ Control parental
	□ Redes Sociais
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
	Observacións
	—

D.9. Linguaxe de programación

044	Especifícase a linguaxe de programación na que se creou o videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.10. Compras

045	O videoxogo inclúe compras integradas?	
	□ Si	*Especificar obxectivos e prezos das compras (mellorar habilidades personaxe, aumentar tempo de xogo...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.11. Publicidade

046	O videoxogo integra publicidade?	
	□ Si	*Especificar tipo de publicidade (subliminar, intrusiva...) →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.12. Garantía

047	Inclúe garantía de compra ou algún tipo de protección legal ante erros xurdidos no videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

D.13. Contacto

048	Inclúese algún teléfono, correo, formulario... para consultas, resolver problemas ou dúbidas?	
	■ Si	*Especificar → Na guía didáctica indícase que se conta coa axuda do equipo Climántica.
	□ Non	
	Observacións	
	• *Para a aplicación do xogo disponse dos seguintes recursos:* ◦ ***1.** O propio xogo accesible desde a páxina http://xogo.climantica.org/* ◦ ***2.** O manual, os cartóns do xogo e a proposta de sesións cos seus materiais, incluídas nesta guía.* ◦ ***3.** O titorial de axuda, accesible desde o propio xogo.* ◦ ***4.** O soporte do equipo de Climántica a través do enderezo climantica@climantica.org*	

Conclusións do bloque D

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír...
• Na guía didáctica especifícanse todas as características técnicas que afectan ao xogo. • Xogo web online, en galego, español e inglés. • Non necesita instalación previa, só é preciso un computador con acceso á Internet. • Non ten locucións, só pequenos efectos sonoros. • Inclúe formas de contacto específicas para axudar durante a aplicación do xogo. • Non inclúe compras, nin publicidade integrada.

E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO


E.1. Obxectivos educativos

	Adecuación
049	Os obxectivos educativos son adecuados ao grupo destinatario ao que se dirixe (en función da idade ou áreas de desenvolvemento: motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 1 **2** N/A[1]
	*Xustificar: Tanto ao grupo destinatario como a poboación en xeral maior de 10 anos.
050	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: A maioría dos obxectivos están relacionados co fomento de accións cara ao cambio climático. *Toda a dinámica e a estrutura do xogo foi deseñada para manter paralelismos cos asentamentos humanos e o desenvolvemento sustentable (xestión económica, progreso social e protección ao medio ambiente).*
051	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se perseguen.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Tomando a finalidade de concienciación e sensibilización sobre o cambio climático, no videoxogo mestúrase simulación e estratexia, permitindo interactuar dentro dun contexto que imita a realidade (o territorio, a súa poboación...), propiciando a toma de decisións a partir dunha serie de recursos (construcións), nun ambiente non real e seguro. *A simulación, presenta un inicio e unha finalidade homoxénea para todos os xogadores, cun catálogo de posibles accións a realizar distribuídas por apartados e cuns recursos iniciais limitados que se asemellan á realidade.* *Todas as decisións e accións que leven a cabo no xogo, influirán no desenvolvemento dos outros apartados, xa que todas as accións a realizar están interrelacionadas.*
052	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	Non polo propio xogo en si, precísase a axuda do profesorado ou a figura dun dinamizador/a. Mais isto resáltase na guía didáctica que acompaña o xogo.
053	Os obxectivos pedagóxicos intégranse coherentemente cos obxectivos do xogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Dado o tipo de xogo, cada acción realizada, outorga un coñecemento das posibles consecuencias ao observar os efectos das intervencións.
	Observacións
	—

E.2. Contidos educativos

	Procedencia da información
054	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.

1 0 = Non, en modo algún | 1 = Bastante, en gran medida | 2 = Si, absolutamente | N/A = Non aplica


	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Na guía didáctica exponse: *As informacións e acontecementos que suceden no xogo, son tomados da realidade (explosión demográfica, problemáticas sociais, perigos que ameazan ao planeta, desenvolvemento de tecnoloxías limpas na industria...).* *Os datos técnicos cos que foi desenvolvido o xogo (consumo enerxético, gasto de auga, xeración de residuos e emisións de CO2 das construcións), son datos de investigacións reais e de actualidade. Só sufriron pequenas variacións para ofertar maior xogabilidade.* A pesar de que o xogo foi creado no ano 2008, consideramos os seus contidos actuais.
055	O contido inclúe ámbitos de saber popular, tradicional...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Inclúe contidos e obxectivos a cumprir durante o xogo, relacionados coa vida no campo (técnicas de cultivo) e na costa, sobre as relacións sociais que se poden establecer nos mercados, a vida en comunidade, etc.
056	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Inclúense información de recursos que se poden producir con materiais primas frecuentes nunha contorna galega.
	Estrutura e representación
057	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, quebracabezas, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O contido organízase a través dunha serie de obxectivos a cumprir nun determinado período de tempo simulado. 
058	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A comprensión,en forma de estratexia, débese aplicar ao longo do xogo para poder chegar ao final do mesmo.
059	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Preséntanse contidos nas fichas das compras que se poden facer, nas información de Climi e implicitamente nas mensaxes de reforzo.



060	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Intégranse a través das fichas, das mensaxes e das respostas que se obteñen no xogo (subida ou non dos indicadores, situacións que acontecen na contorna do xogo....) en base ás accións do/a xogador/a.
	Promoción de valores
061	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar: Non se especifican as características dos habitantes que se achegan ao territorio.
062	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2 **N/A**
	*Xustificar:
063	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: No xogo hai que axudar aos demais para poder avanzar.
064	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: É o obxectivo xeral do xogo.
065	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: O xogo está en galego, mais non foi deseñado especificamente para fomentar o seu uso.
066	O contido carece de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar:
	Adecuación
067	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo

	destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Contidos adecuados a un currículo de Ciencias da natureza e sociais para o tramo de 10 a 14 anos.
068	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non foron detectados.
069	Os escenarios, os elementos e obxectos que compoñen o videoxogo, integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Tanto os fondos e territorios do xogo, como as vivendas, compras... foron *creados baixo deseño didáctico.*





Observacións
• *Toda a dinámica e a estrutura do xogo foi deseñada para manter paralelismos cos asentamentos humanos e o desenvolvemento sustentable (xestión económica, progreso social e protección ao medio ambiente).*



E.3. Ámbito de incidencia

070	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?
	☐ Conceptual

	■ Procedemental ou de habilidades
	■ Actitudinal
	*Xustificar → Conceptuais: a través das informacións das ficha e de Climi. Procedemental ou de habilidade: sobre todo nos minixogos que integra para aumentar moedas. Actitudinal: a través das tomas decisión, compras a realizar segundo as necesidades da poboación.
071	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Están ben relacionados: tómanse decisións relacionados cos valores a partir das compras (conceptos) que se fagan, ás que se poden acceder, en maior ou menor medida, en función das moedas conseguidas (habilidades)
	Observacións
	—

E.4. Retos

072	De que tipoloxía son os retos que forman o videoxogo?				
	■ Memorización	□ Lóxica	□ Creación	■ Construción	■ Estratexia
	■ Labirintos	□ Selección	□ Quebracabezas	■ Habilidade	□ Clasificación
	□ Cálculo de elementos	□ Identificación	□ Pregunta-resposta	■ Outro/s (esp.) → Percepción	
	*Xustificar: • Videoxogo en xeral: contrución de estratexia. • Minixogo “Farois”: habilidade • Minixogo “Bus eléctrico”: labirinto • Minixogo “Fábrica”: memorización • Minixogo “Tenda”:percepción • Minixogo Peixes”: habilidade • Test de 20 preguntas: selección				
073	Os retos integran distintos niveis de dificultade?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
074	Natureza dos retos:				
	□ Os retos pódense elixir ou seleccionar.				
	□ Os retos pódense crear.				
	■ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida				
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense cada vez que se xoga unha partida, mais algúns dos elementos que os integran varían aleatoriamente.				
	□ Outra (especificar)				
	*Xustificar →				
075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos.				
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas				

	□ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...
	□ Presentación por parte de personaxes previo ao reto
	□ Accédese directamente ao reto ao premer nunha imaxe ou texto.
	■ Outros (especificar) → Preséntanse de forma automática
	*Xustificar →
	Adecuación pedagóxica
076	Os retos son apropiados para o tratamento dos contidos educativos integrados no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: En cada reto, as necesidades ou obxectivos a cumprir son diferentes, relacionándose cos obxectivos educativos.
077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Todos os retos son de similares características, mais os contidos “recórdanse”ao longo do videoxogo.
078	Os retos son próximos aos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: A pesar de que os contidos son próximos, os retos están enfocados máis as tomas de decisión que teñen que tomar persoas adultas, alcaldes e presidentes.
079	Os retos preséntanse nunha secuencia e estrutura correcta. O nivel de dificultade é progresivo.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: A medida que se avanza no xogo, este vaise complicado mais non debido á secuencia na que se presentan os retos, se non que aumentan as opcións dispoñibles para resolvelos.
	Características intrínsecas
080	Os retos son desafiantes. Os seus obxectivos están claramente especificados mais a posibilidade de obtelos móstrase incerta.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar: Son varias as variables a conxugar e alternativas a analizar (fichas, momento das compras, clima...) para conseguir os obxectivos lúdicos, os cales destacan por enumerarse ao comezo de cada fases e aos que se pode acceder ao premer no botón específico.
081	Os retos propostos resólvense basicamente consultando a información contida no videoxogo ou nos materiais complementarios.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: A información contida nas fichas axudan en gran medida a resolvelos.
	Observacións
	—

E.5. Retroalimentación e axuda

082	Que accións ou acontecementos suceden no videoxogo para recibir retroalimentación?
	■ Ante accións ou respostas correctas


	■ Ante accións ou respostas incorrectas
	■ Ao conseguir un obxectivo
	□ Ao superar un nivel
	□ Ao superar un reto
	■ Cando se supera o xogo
	□ Cando remata o xogo aínda que non sexa superado
	□ Outras (especificar) →
	*Xustificar →
083	Que retroalimentación se recibe (que se premia ou castiga)?
	■ Apórtanse puntos, moedas, insignias... → Nos minixogos
	□ Quítanse puntos, moedas, insignias...
	■ Apórtanse pistas relevantes para avanzar no xogo
	■ Apórtanse coñecementos ou incentívase a afondar nos contidos, habilidades ou valores tratados no videoxogo.
	□ Son de acerto
	□ Son de erro
	□ Animacións de vitoria
	□ Animacións de derrota
	□ Outros (especificar)
	*Xustificar →
084	A retroalimentación que ofrece o videoxogo é relevante á natureza do xogo e á consecución dos retos.
	*Valoración → 0 1 ■ 2 N/A
	*Xustificar:
085	Como se mostra ou é a axuda que se ofrece no videoxogo?
	□ A axuda móstrase en pantalla aínda que non se solicite ou se realice algunha acción. Esta axuda desaparece gradualmente a medida que se avanza no xogo.
	■ As axudas do videoxogo son indicacións, pero non provén a solución aos problemas expostos. A axuda é indirecta.
	■ Durante o xogo non se ofrecen axudas, actívanse nun espazo da interface sendo decisión do xogador/a consultalas ou non.
	□ No xogo non se ofrece ningún tipo de axudas.
	□ Outro (esp.)
	*Xustificar →
	Observacións
	• No xogo recíbese tres tipos de mensaxes de carácter textual ao longo do desenvolvemento do xogo: mensaxes de obxectivos, mensaxes de alerta e mensaxes de reforzo. ◦ Mensaxes de obxectivos. Aparecen previa activación dos bloques de obxectivos, da pantalla de obxectivos. Nestas mensaxes faise un resumo xeral dos fins que se teñen que cumprir por bloque de anos. Tamén, segundo as compras e accións que o usuario realice, recibirá resposta por parte da

aplicación a través de diferentes mensaxes.

- Mensaxes de alerta. Son avisos que xurdirán ante a compra dunha determinada construción ou relación de construcións; ante a aparición dalgunha problemática no territorio; queixas da poboación, avisos dos estados dos indicadores...
- Mensaxes de reforzo: Son mensaxes de aprobación en relación ás construcións ou elementos que se compren. Poden aumentar a puntuación, informar da satisfacción da poboación perante a boa xestión, indicar que se está a realizar un bo desenvolvemento...

O xogo debe integrar máis de 300 mensaxes. As mensaxes que aparecen variarán en función das accións realizadas. Así, segundo as construcións que se realicen, cando se realicen, onde estamos a xogar... "saltan" na pantalla unhas ou outras mensaxes.

- Zona de información e interacción. Está situada na parte inferior do escenario do xogo. De aquí emerxen outras xanelas do xogo e é onde o xogador terá información actualizada de todo o estado do xogo.



E.6. Teorías de aprendizaxe

086	Con cal dos seguintes principios se identificaría o videoxogo?
	□ O videoxogo ten un marcado carácter lineal e condutista, utiliza procesos de ensaio-erro dirixidos por medio de reforzos positivos (por exemplo: gañar puntos) ante accións automáticas.
	■ Son usados apropiadamente os "programas de reforzo", prémianse as accións realizadas baixo determinadas condicións, non cada vez que se emite unha acción. (Por exemplo: a recompensa prodúcese tras a consecución dun obxectivo educativo).
	□ O videoxogo contempla un enfoque cognitivista, os contidos organízanse de maneira xerárquica pero permite unha interacción non lineal.
	■ O videoxogo presenta problemáticas de complexidades similares ao mundo real, ás que hai que facer fronte aplicando os aspectos a aprender.
	□ É un videoxogo de contorna aberta onde o alumnado constrúe o coñecemento a través da actividade, busca recursos, solicita asesoramento segundo o seu propio criterio... Incorpora finais abertos.
	□ Outras (especificar)
	Observacións
	—

Conclusións da análise E

En liñas xerais respecto ao deseño instrutivo do videoxogo, podemos concluír...

- Os obxectivos educativos son adecuados e integrados coherentemente cos obxectivos do videoxogo.
- O tipo de videoxogo permite en cada partida coñecer e reflexionar sobre as repercusións que os actos humanos teñen no medioambiente.
- A dinámica e estrutura do xogo mantén paralelismos cos asentamos humanos.
- Xogo principalmente de construción e estratexia, no que a retroalimentación que se recibe non se basea na achega de puntuación, se non que se aportan coñecementos ou incentívase a afondar nos contidos, e valores tratados no videoxogo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA

F.1. Tempo

087	O tempo estimado en completar o xogo (ou cada unha das súas fases) adecúase ao contexto para o que foi creado.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Cada ano simulado son 10 minutos de tempo, mais existe un botón en pantalla no que se pode pasar de ano sen ter que esperar ese tempo.
	Observacións
	—

F.2. Control do progreso

088	O videoxogo inclúe un controlador das accións do xogador ou xogadora?	
	□ Si	*Especificar a información que contén (número e porcentaxe dos retos ou actividades superadas e non superadas, tempo invertido...) →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a

	Rol	
089	O videoxogo ou materiais complementarios, fan referencia á figura do profesorado, educador/a, nai, pai...	
	□ Si	*Especificar o rol que se suxire (soporte dos contidos tratados no xogo, guía de experiencias de aprendizaxe colaborativas a partir do uso do xogo...) *Asumir o papel de guía experta/o e de dinamizador/a no acompañamento do traballo coalumnado. A nosa actuación debe centrar as preguntas e orientalas para adquirir un maior coñecemento. Debemos observar, mediar e conducir o xogo.*
	□ Non	
	Posibilidades de intervención no deseño instrutivo	
090	Que opcións se brindan especificamente á figura mediadora para intervir na estrutura do xogo?	
	□ Selección de niveis de dificultade.	
	□ Selección de retos ou actividades.	
	□ Creación completa de retos ou actividades	
	□ Non se brindan opcións para configurar o xogo.	
	□ Outra (especificar)	
	*Xustificar →	
	Comunicación dos criterios de elaboración do videoxogo	
091	Se o videoxogo ou os materiais complementarios contan cun apartado específico para a figura	

	dinamizadora, que información explícita se aporta?
	■ Explícase as grandes finalidades educativas que persegue.
	□ Explícase ou xustifícase a teorías ou teorías de aprendizaxe subxacentes.
	■ Explicación da lóxica interna que organiza os contidos e a secuencia dos retos.
	□ Explicación das fontes ou documentación de referencia tomadas para a selección e tratamento dos contidos do videoxogo.
	□ Explicación dos criterios polos cales se incluíron e/ou excluíron contidos. Xustifícase o por que da selección que se levou a cabo.
	■ Explicación dos conceptos básicos incluídos no videoxogo, e as relacións entre eles.
	□ Explicación dos criterios de conexión do contido coa contorna social e cultural.
	□ Explicación da relación entre os contidos e as áreas do nivel educativo.
	■ Explicación sobre as vantaxes da utilización do videoxogo respecto a outros medios.
	□ Non se conta cun apartado específico para profesorado, educadores/as, nais, pais...
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar →
	Propostas de uso
092	Se o videoxogo conta cunha guía didáctica ou material específico para o profesorado, educadores/as, nais ou pais, que se aporta?
	■ Suxestións didácticas e exemplos de utilización do videoxogo.
	■ Suxestións en canto á realización de actividades posteriores non incluídas nel.
	■ Suxestións en canto a procesos de avaliación, a parte dos resultados obtidos no videoxogo.
	■ Presentación ou incorporación doutros materiais cos cales se pode traballar para a afondar nos contidos.
	□ Non se aconsellan propostas de uso.
	□ Outra (especificar)
	*Xustificar →
	Consideración das necesidades e opinións
093	No videoxogo ou materiais complementarios anticípanse as dificultades posibles da súa posta en práctica.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: De algunha maneira nos consellos para o seu uso na aula, facilitados na guía didáctica.
094	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do profesorado,educadores/as, nais, pais... sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Non explicitamente, mais o equipo Climántica realizou ao longo do territorio galego formación a docentes sobre o videoxogo no que se partillaron opinións. Ler por exemplo a seguinte nova ao respecto publicada no apartado "Formación de profesores" da web de Climántica: "Segundo curso presencial de formación do profesorado Climántica os días 13 e 14 de marzo de 2009": http://www.climantica.org/formacionProfesores/gl/?page=2
	Observacións
	—

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a

095	No videoxogo inclúense retos a superar recorrendo a fontes de información alternativas ao videoxogo, levando ao xogador/a a facer pescuda noutros materiais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
096	No videoxogo ou no material complementario suxírense tarefas que deben realizarse en equipo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Na guía didáctica, dentro das propostas de actividades para a aula recoméndase unha dinámica de grupo para a posta en común e realización de proxectos, así como a creación dun blog.
097	No videoxogo o/a xogador/a pode configurar, seleccionar, cambiar contidos, retos ou actividades, adaptándoo as súas necesidades, permitindo controlar o seu propio proceso de aprendizaxe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
098	Pídese explicitamente, a través dun cuestionario ou calquera outra técnica, a opinión do/a xogador/a sobre a utilización do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	—

F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar...

099	O videoxogo suxire agrupamentos flexibles.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Suxire agrupamentos flexibles na aula, expresado isto na guía didáctica.
100	No videoxogo inclúense tarefas de interacción comunicativa, por exemplo entre alumnado de distintos niveis educativos ou centros educativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
101	O videoxogo inclúe funcionalidades ou suxire estratexias organizativas que vinculan ao conxunto do equipo docente dun centro, con outros centros, do centro coa comunidade, da familia coa comunidade...
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Suxire actividades relacionadas coa comunidade ou contorna inmediata, mais na guía didáctica.
	Observacións
	—

Conclusións da análise F

En liñas xerais respecto á aplicación didáctica do videoxogo, podemos concluír...
• Videoxogo especificamente deseñado para a súa aplicación na aula. • Ten en conta o rol do profesorado. Integra unha guía para docentes específica na que se ofrecen informacións, actividades, solucionarios e orientacións para podermos traballar os aspectos educativos do xogo que precisan da súa intervención, *xa que o/a xogador/a dificilmente alcanzaría de forma solitaria.* • A proposta de actividades que se presenta na guía, a modo de ficha, saliéntase que foi deseñada para ofrecer unha proposta de dinámicas metodolóxicas e para obter un maior potencial educativo e lúdico do xogo. As actividades están pensadas para traballar a diferentes niveis nas sesións de aula: actividades relativas ao propio xogo, actividades para a exploración do contido educativo, actividades para o desenvolvemento da alfabetización dixital e actividades para a indagación. Nas fichas preséntase un resumo dos obxectivos de cada sesión, unha proposta de temporalización e informa da tipoloxía de materiais a empregar nas diferentes sesións co xogo. Indícase que o carácter aberto destas propostas permite que se poidan adaptar segundo as necesidades do alumnado e as características da aula. Ademais, de desenvolverse indistintamente segundo os obxectivos que teñan como docentes, e poden adecuarse ao modo de organizar a clase, á programación sobre o currículo ou a diferentes situacións da práctica profesional • O videoxogo non permite configuracións de ningún tipo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN

G.1. Natureza do mundo do xogo


102	Que tipo de natureza caracteriza o videoxogo?
	□ Natureza abstracta
	□ Natureza icónica
	■ Natureza narrativa
	Observacións
	—

G.2. Estrutura

103	Estrutura de navegación
	■ Lineal
	□ Núcleo con radios
	□ Sandbox
	□ Outra (esp.) →
	Observacións
	—

G.3. Niveis

104	O xogo consta de etapas, misións ou niveis?	
	■ Si	*Especificar número → 5
		*Describir → Os obxectivos ou misións estrutúranse en torno a 5 etapas.
	□ Non	
105	Pódese repetir os niveis as veces desexadas?	
	□ Si, unha vez superados	
	□ Si, aínda que non se superen	
	■ Non, teríase que comezar o videoxogo	
	□ Outra opción (esp.)	
	□ N/A	
	Observacións	
	• Exemplo de pantalla de obxectivos:	



G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo

106	Que opción se brinda para intervir no espazo de configuración do xogo?
	□ Ningunha
	■ Combinatoria (selección avatar, escenarios, xogadores...) → Selección de escenario
	□ Construtiva (construción personaxes, escenarios, obxectos...)
	Observacións


- Pódese seleccionar o territorio natural a urbanizar e xestionar. O territorio é en realidade o menú de todas as accións, da súa escolla depende a simulación estratéxica, a dinámica e estrutura do xogo.
  Pódese escoller 1 de 3 tipos de territorio, que se diferencian no relevo, na extensión, no clima, na fauna, na vexetación e no número de habitantes. Así pois, o espazo en que se pode urbanizar, a tipoloxía das edificacións, a economía (actividades produtivas) e as necesidades dos futuros habitantes, varían segundo a elección que se faga. Os obxectivos do xogo son diferentes.



  - En Abelleira Nova, o/a xogador/a terá que desenvolver unha pequena vila rural, onde terán que prestar especial atención á protección da biodiversidade e aos estilos de vida saudables. As accións que terá que realizar están relacionadas co aproveitamento e coidado das fragas e do monte; coas actividades e deportes ao aire libre; coa agricultura sustentable e co cultivo da vide; coa valoración do patrimonio cultual (xogos tradicionais); co respecto, axuda e valoración entre iguais; turismo activo...
  - En Castro da Lama, deberase crear un pobo pesqueiro onde se traballará máis coas actividades representativas dos sectores económicos; cos dereitos das persoas; coas catástrofes provocadas polos humanos (mareas negras, incendios no monte); coa pesca e cos cultivos mariños...
  - Augas Verdes, terase que transformar nunha grande urbe sustentable. As construcións que se poden facer terán un deseño máis moderno e futurista, onde se afondará máis no tema da mobilidade, nas novas tecnoloxías "verdes"; na era dixital e no papel que desempeña a publicidade nos actos de consumo.

G.5. Trama argumental

107	No caso de incluír trama argumental, como se representa a historia contextual?
	□ Por medio de *cutscenes* (especificar: se só ao principio, entre fases...)

	□ Mediante voces en *off*
	■ Mediante textos en pantalla
	□ Outras (especificar)
	□ N/A
108	O videoxogo prové unha historia entendible para as características evolutivas do grupo destinatario do videoxogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Adquírese o rol de líder para asentar e satisfacer as necesidades básicas dunha poboación que marcha dunha cidade contaminada.
109	O videoxogo incita a coñecer e ir descubrindo a historia.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: O carácter narrativo ou de historia pérdese en gran medida mentres se xoga.
110	A historia envolve emocionalmente (xerando intriga, alegría, misterio, etc.) Non é aburrida.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar:
111	A trama argumental é coherente coa estratexia educativa do videoxogo, axuda á consecución dos obxectivos pedagóxicos.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: A trama argumental como sinalamos, pérdese durante o xogo, adquire a forma de obxectivos e mensaxes textuais da poboación, que á vez é onde se realiza o tratamento da maior parte dos contidos. Exemplos mensaxes da poboación:  Mensaxe de reforzo  Mensaxe de alerta • Mensaxes de reforzo: Son mensaxes de aprobación en relación ás construcións ou elementos que se compren. Poden aumentar a puntuación, informar da satisfacción da poboación perante a boa xestión, indicar que se está a realizar un bo desenvolvemento... • Mensaxes de alerta. Son avisos que xurdirán ante a compra dunha determinada construción ou relación de construcións; ante a aparición dalgunha problemática no territorio; queixas da poboación, avisos dos estados dos indicadores...
	Observacións
	—

G.6. A estrutura espacial do videoxogo

	Os escenarios do xogo		
112	Número:		
	■ Un escenario ou fondo → Por partida		
	□ Varios escenarios (especificar número)		
113	Localización contornas:	Especificar características (reais, fantásticas...)	Nº
	□ Interior		
	■ Exterior	Características reais: territorio natural.	1
	□ Neutro		
	□ Outros (esp.)		
114	As contornas do videoxogo inspíranse e/ou reflicten lugares reais? (cidades, monumentos...)		
	■ Si	*En cales?→ Contornas naturais de Galicia, os tres territorios.	
	□ Algunhas	*En cales?→	
	□ Non		
	□ Difícil determinar		
115	Dimensións:		
	■ 2D		
	□ 3D		
	□ Outra (esp.) →		
116	Perspectiva:		
	□ Cónica		
	■ Isométrica		
	□ Outra (esp.)		
117	Estilo gráfico:		
	□ Realista		
	□ Surrealista		
	□ Abstracto		
	■ Cartoon		
	□ Pixelado		
	□ Manga		
	□ Outro (esp.)		
118	Cores que predominan:		
	□ Cálidas		
	■ Frías		
	□ Claras		
	■ Escuras		

	■ Pastel
	□ Outra (esp.)
119	En que época histórica se ambienta o videoxogo?
	■ Presente
	□ Pasado
	■ Futuro
	□ Non reflexa ambientación
	Observacións
	• Nas cores da interface predomina o azul, empregando para os fondos cores pastel. Pero para as pantallas de rexistro destaca a cor gris. • No xogo hai que facer evolucionar o territorio seleccionado durante 20 anos simulados, comezando no mes 1 do ano 2015 e tentando chegar ao mes 1 do ano 2035.

G.7. Visión do xogador/a

120	No espazo virtual do xogo	
	□ Primeira persoa	
	□ Terceira persoa	
	■ Omnipresente	
	□ Outra (especificar)	
121	O espazo físico (espazo real que ocupa o/a xogador/a) incorpórase dentro da dinámica do xogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	—	

G.8. Personaxes

	Presenza de personaxes
122	Intégranse no videoxogo personaxes?
	■ Si
	□ Non
123	No caso de integrar personaxes, de que maneira?
	■ Pre-definidos (esp.)
	□ Selección avatar (esp. as opcións)
	□ Creación avatar (esp. as opcións)
	□ Outro (esp.)
	□ N/A
160	Accións do xogador/a			
	Xerais		Específicas	Estado do xogo
	Diexéticas	■ Mover personaxe	Premer sobre lugar determinado (indicado no xogo por medio dunhas pisadas verdes)	Personaxe camiña, avanza até o lugar indicado
		□ Calcular		
		□ Escribir		
		■ Seleccionar	Seleccionar opción ante cuestión	Os diálogos das personaxes varían e/ou permítese mover á personaxe.
		□ Premer		
		■ Arrastrar obxectos	Arrastrar o obxecto até o lugar correcto da situación	Os diálogos das personaxes varían e/ou permítese mover á personaxe.
			Arrastrar sinais a lugar correcto e premer no botón	Tórnase á escena de xogo. A personaxe indica se a

		“Comprobar”	actividade foi ou non superada.
	□ Coller		
	□ Colorear		
	□ Construír		
	□ Outras		
Non diexéticas	□ Pause		
	□ Configuración → Partidas e Opcións		
	□ Menú		
	□ Outra (especificar) →		

161	O videoxogo prové de situacións que non son esperadas polo xogador/a.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: As situacións que van sucedendo non destacan por ser demasiado sorprendentes, e sempre hai que tomar o mesmo tipo de decisións.
162	O videoxogo adáptase de acordo á interacción do/a xogador/a xerando distintas situacións.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Consideramos debería adaptarse máis, xa que a pesar de non elixir a opción máis acertada nas cuestións, nalgúns casos resólvense automaticamente a través dos diálogos das personaxes, permitindo avanzar no xogo.
	Observacións
	—

H.8. Resultados do xogo

163	Tipo de resultados
	□ Monoxogador/a con resultado absoluto (resultado de vitoria ou de derrota)
	□ Monoxogador/a con resultado de puntuación (outorgan puntuación, sen que implique vitoria ou derrota)
	□ Multixogador/a con resultado de vitoria única
	□ Multixogador/a con resultado de derrota única
	□ Multixogador/a con resultados de clasificación
	□ Outros (especificar) →
	*Xustificar → • O resultado é de derrota ao consumirse todo o tempo. Automaticamente vólvese á pantalla inicial. • É de vitoria ao conseguir todas as imaxes para o álbum, premer no botón de imprimir e pasar o álbum (pasapantallas) até a última folla. Automaticamente vólvese á pantalla inicial.
164	Marcadores
	□ Alfanuméricos
	□ Icónicos

	■ N/A
	*Xustificar →
165	Cómputo que aparece no marcador
	□ Individual, por equipos ou ambos
	□ Mostra o resultado total ou parcial
	□ Puntuación final ou definitiva da partida
	■ N/A
	*Xustificar →
	Observacións
	—

Conclusións da análise H

En liñas xerais respecto ao sistema de regras do videoxogo, podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo monousuario/a, de regras sinxelas e obxectivos lúdicos claros. • No videoxogo non se fomenta a superación de marcas persoais (tempo, puntuacións...) A motivación é chegar ao final da historia. • Os eventos que se suceden en cada partida sempre son os mesmos. Tamén as accións a realizar son as mesmas.

I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE

I.1. Interface gráfica

166	Que opcións ou elementos se inclúen na interface?
	□ Menú
	■ Botóns
	□ Logos
	■ Mapa xeral do xogo
	■ Caixas de texto
	■ Outros (especificar) → Caixa de obxectos
167	A interface do videoxogo é intuitiva e de fácil manexo.
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
	*Xustificar:
168	As iconas, botóns, símbolos... son orixinais e fáciles de entender.
	*Valoración → 0 ■1 2 N/A
	*Xustificar: Son textuais, fáciles de entender, mais non destacan pola súa orixinalidade.
169	A distribución da información en pantalla é correcta, ordenada (exemplo: reúnense no mesmo espazo botóns con funcionalidades similares)
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	• Na parte inferior inclúese a caixa para os obxectos e os botóns de Partidas e Opcións: ◦ Botón Partidas: • Cargar • Gardar • Aceptar • Saír ◦ Botón Opcións: • Volume • Velocidade • Velocidade dos textos • Efectos sonoros • Saír • Aceptar Re-aprovéitase a parte inferior para mostrar as cuestións coas opcións para a selección. Desaparece os obxectos mostrándose enriba os textos.

I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais

	Escenarios - pantallas - decorados
170	O deseño das pantallas é claro e atractivo, apropiada para o grupo destinatario.

	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Tendo en conta o ano da súa creación.
	Medios (ilustracións, animacións, gráficos...)
171	Os medios gráficos que compoñen o videoxogo son atractivos, apropiados ás características psicoevolutivas do/a xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
172	Axudan a ilustrar conceptos importantes para facilitar a comprensión. Transmiten información relevante no xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
173	O tamaño dos medios gráficos son adecuados para a súa observación correcta.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
174	O aspecto e a ambientación dos escenarios están coidados (efectos atmosféricos, luces, sombras, texturas...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
175	O aspecto gráfico e estético do videoxogo mantense uniforme e non abusa de cambios excesivos en cores de distintas gamas, en formatos de caracteres nos textos, etc.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Texto escrito
176	Non ten faltas de ortografía e as construcións gramaticais das frases son correctas. Non contén erros de tradución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Non foron detectados
177	A información é concisa, con ausencia de ambigüidade e comprensible.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
178	Utiliza fontes tipográficas fáciles de ler.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Mais obsérvanse un pouco pixeladas
179	O tamaño dos textos son adecuados para a súa correcta observación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
180	O tamaño das liñas non son longas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
181	Contraste adecuado do texto sobre o fondo.

	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Mais prescindiriamos da cor vermella nalgúns dos textos.
182	No caso de videoxogos que integren unha narración textual ou historia, a lectura é fácil, cunha linguaxe clara e precisa, adecuada ao xogador/a
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
183	Tense en conta o sentido e a unidade semántica ao fragmentar os subtítulos ou textos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
184	Os subtítulos non se mostran cando o xogador/a debe concentrarse noutras accións. Non se sobrepoñen sobre elementos cos que se pode interactuar.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
185	O tempo estimado para a lectura das viñetas ou narracións é axeitado ás características psicoevolutivas das/os destinatarias/os principais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Poden regularse a velocidade e van acompañados de locucións.
	Locucións
186	A nivel técnico, as locucións escóitanse con claridade.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
187	O timbre de voz, ton, velocidade... das locucións axústanse ás personaxes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Son (música, efectos...)
188	Os elementos sonoros melloran o entendemento das situacións que acontecen no videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
189	Os sons de acerto e erro non son estridentes.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
190	A música ambiental vai acorde coa narración e/ou co subxénero de videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
191	A calidade do son é boa.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Combinación dos aspectos audiovisuais
192	As diferentes linguaxes integradas no videoxogo son coherentes e adecuadas (por exemplo, as imaxes

	inter - relaciónanse correctamente co texto verbal, a música e o son están correctamente mesturadas, os subtítulos ou información están ben sincronizados coa imaxe e o son...)
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
193	A información chave saliéntase a través dalgún mecanismo simbólico: cor, recadro, etc. Sen romper coa estética que engloba o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Observacións
	-

I.3. Accesibilidade

194	Que se pode configurar no videoxogo?
	□ Axustar o tamaño da fonte
	□ Activar e desactivar subtítulos
	□ Activar e desactivar sons, música ambiente...
	□ Controlar a velocidade do xogo (personaxes, textos, narración da voz en off...)
	□ Contraste, brillo e cor do xogo
	□ Configurar teclado, *joystick*, rato...
	□ Non permite configuracións
	□ Outros (especificar) →
	*Xustificar →
	Observacións
	—

I.4. Funcionalidade técnica xeral

195	Permite saltar os *cut scenes* e as presentacións ou informacións de introdución ao xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A introdución inicial pódese saltar.
196	Aínda que non se conclúa o videoxogo, pódese saír del, gravar a situación actual ou os resultados obtidos, e é posible acceder posteriormente ao momento no que se abandonou a execución.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
197	Os tempos de carga son razoables.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: O movemento da personaxe, aínda na máxima velocidade, faise moi lento, moi pesado.
198	No caso de videoxogos on line a URL e *favicon* son significativos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A

	*Xustificar:
199	Os subtítulos pódense pasar manualmente, premendo por exemplo nun botón.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
200	O dominio tecnolóxico que require a posta en funcionamento e o control do videoxogo non entraña dificultades, tendo en conta o grupo ao que se dirixe.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
201	Está libre de erros de programación.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: • A continuación enumeramos diversos erros ou melloras que consideramos debería ter o videoxogo, que afectan tanto á programación, como o deseño ou guión. Mais algúns deles poden deberse aos anos que ten o CD: ◦ O videoxogo permite premer varias veces sobre un obxecto aínda que xa se fixera. ◦ A personaxe camiña de forma lenta, a pesar de ter activada na configuración o nivel máximo de velocidade. ◦ Non se permite pasar os diálogos, afectando en gran medida á xogabilidade. ◦ O arrastre dos obxectos ás veces falla ou a delimitación interna do obxecto en programación debería ter maior tamaño.
	Observacións
	—

Conclusións da análise I

En liñas xerais respecto á usabilidade e interactividade do videoxogo, podemos concluír...
• Videoxogo intuitivo e de fácil manexo. • Coidados aspectos audiovisuais: ilustración, sons, locucións... • Funcionalidade técnica mellorable: a personaxe camiña moi lenta, algúns dos obxectos a arrastrar non son detectados á primeira, nin a segunda ou incluso á terceira. Por exemplo, para poder abrir aporta de emerxencia arrastramos unha seis veces a ferramenta.

K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO

K.1. Conclusións finais

202	Conclusións ou valoracións finais da análise do videoxogo respecto ao seu uso como material didáctico. Recoller un resumo dos aspectos positivos e negativos.

Vantaxes	Inconvenientes
• Inclúe créditos.	• Mecánica lenta. Require paciencia para ser superado, podendo resultar aburrido.
• Deseño coidado e atractivo da embalaxe que complementa o videoxogo (tendo en conta a data de lanzamento).	• Os textos dalgunhas personaxes repítense na mesma partida cando se acude a eles máis dunha vez.
• Coidados aspectos audiovisuais: ilustración, sons, locucións... (tendo en conta a data de lanzamento).	• Acertadamente, trátanse os contidos educativos a través de metáforas ou situacións que acontecen no xogo, mais nas informacións ou diálogos das personaxes móstranse de forma explícita, demasiado extensa e directa.
• Inclúe guía didáctica no que se especifica o modelo educativo dende o que se elaborou a aplicación, coa especificación dos obxectivos e dos contidos.	• Non se percibe unha estrutura de dificultade xerarquizada.
• No videoxogo reprodúcense situacións cotiás e acordes cos seus obxectivos educativos.	• Funcionalidade técnica mellorable: a personaxe camiña moi lenta, algúns dos obxectos a arrastrar non son detectados á primeira, os eventos que se suceden sempre son os mesmos...
• No deseño instrutivo atópanse contidos pertencentes a diferentes áreas transversais.	• Nos retos trátanse os contidos ou forma evidente ou repetitiva, neste último caso en referencia ás opcións de toma de decisións, as cales ademais non afecta en gran medida á progresión no xogo segundo a resposta elixida.
• O videoxogo permite gardar as partidas.	
• Coidado deseño das personaxes, nos que se procurou a non reprodución de estereotipos sexistas.	

Análise do videoxogo

Os Sostibles. Aforrando enerxía

Data de inicio do proceso da análise	10 de abril de 2017
Hardware empregado	• Computador Vaio (Sony) • Modelo: SVF153A1YM • Edición: Windows 10 Home • RAM utilizable: 7,90 GB • Tipo de sistema: Sistema operativo de 64 bits, procesador x64 • Navegador web: Google Chrome ◦ Versión 57.0.2987.133

Índice

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO....4
A.1. Videoxogo obxecto de análise....4
A.2. Autoría....5
A.3. Imaxes de referencia....7
Conclusións do bloque A....7
B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO....8
B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo....8
B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo....9
Conclusións do bloque B....10
C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA....11
C.1. Código PEGI....11
C.2. Idea do xogo....11
C.3. Funcións xerais....11
C.4. Clasificación....11
C.5. Grupo destinatario....12
C.6. Obxectivos lúdicos....13
C.7. Regras do xogo....13
C.8. Retos....13
C.9. Obxectivos educativos....15
C.10. Contidos educativos....16
C.11. Relación co Currículo Oficial....16
Conclusións do bloque C....17
D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS....18
D.1. Idioma....18
D.2. Son....18
D.3. Rexistro....19
D.4. Plataforma....19
D.5. Sistema operativo....19
D.6. Sistema periférico....20
D.7. Outros requisitos técnicos....21
D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción....21
D.9. Linguaxe de programación....21
D.10. Compras....21
D.11. Publicidade....22
D.12. Garantía....22
D.13. Contacto....22
Conclusións do bloque D....22
E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO....23
E.1. Obxectivos educativos....23
E.2. Contidos educativos....23
E.3. Ámbito de incidencia....25
E.4. Retos....26
E.5. Retroalimentación e axuda....28
E.6. Teorías de aprendizaxe....30
Conclusións da análise E....30
F) ANÁLISE DA APLICACIÓN DIDÁCTICA....31
F.1. Tempo....31
F.2. Control do progreso....31
F.3. Modelo da figura dinamizadora ou mediadora entre o videoxogo e o xogador/a....31

F.4. Modelo de aprendizaxe do/a xogador/a....32
F.5. Tarefas organizativas que implican ao centro educativo, museo, fogar....33
Conclusións da análise F....33
G) ANÁLISE DO MUNDO DE FICCIÓN....34
G.1. Natureza do mundo do xogo....34
G.2. Estrutura....34
G.3. Niveis....34
G.4. Posibilidades de intervención no mundo ficticio do xogo....35
G.5. Trama argumental....35
G.6. A estrutura espacial do videoxogo....36
G.7. Visión do xogador/a....37
G.8. Personaxes....37
G.9. Obxectos simbólicos....42
G.10. Estrutura temporal....42
Conclusións da análise G....43
H) ANÁLISE DO SISTEMA DE REGRAS....44
H.1. Regras do xogo....44
H.2. Obxectivos do xogo....44
H.3. Recompensas....45
H.4. Conflito do xogo....45
H.5. Os/as xogadores/as....46
H.6. O equilibrio de dificultade....46
H.7. Eventos do videoxogo....47
H.8. Resultados do xogo....48
Conclusións da análise H....49
I) ANÁLISE DA USABILIDADE E INTERACTIVIDADE....50
I.1. Interface gráfica....50
I.2. Adecuación dos aspectos audiovisuais....50
I.3. Accesibilidade....54
I.4. Funcionalidade técnica xeral....54
Conclusións da análise I....55
K) VALORACIÓN GLOBAL DO VIDEOXOGO ANALIZADO....56
K.1. Conclusións finais....56

A) IDENTIFICACIÓN DO VIDEOXOGO

A.1. Videoxogo obxecto de análise

001	Título	Os Sostibles. Aforrando enerxía		
002	Ano ou data lanzamento	2008		□ Non figura
003	Colección	Forma parte dos xogos da saga "Aventura de la Sostenibilidad"		□ Non forma parte
004	Soporte	■ CD		Especificar
		□ En liña	□ Accesible en Web	
			□ Descarga en Web	
			□ Rede social	
			□ Descarga en tenda	
			□ Outro	
		□ Outro		
005	Localización do xogo	O xogo foi facilitado por unha amizade para a presente análise		
006	Prezo	□ €		
		□ Pts		
		■ Gratuíto		
		□ Outra opción		

Observacións

- Sábese do ano de creación polo Depósito Legal que figura na marxe inferior da embalaxe.
- Sábese que o xogo forma parte dunha saga composta por 4 xogos protagonizados polas personaxes marcias coñecidas como os Sostibles. Trátanse de proxectos dunha empresa vasca creada no ano 2006 chamada Jugalia. En SanMartín (25 de xaneiro de 2011) faise eco doutro dos videoxogos desta colección distribuídos tamén en Galicia, titulado "Os Sostibles e a auga", impulsado por Augas de Galicia e do que non se obtivo copia. Dos 4 xogos dos que se fala, obtívose información soamente de dous, o que é obxecto desta análise e o citado sobre a auga. En dita nova, publicada en elCorreoGallego.es e á que se pode acceder premendo sobre a seguinte ligazón http://www.elcorreogallego.es/tendencias/ecg/os-sostibles-el-videojuego-con-superheroes-para-defender-al-agua/idEdicion-2011-01-25/idNoticia-633141/ sinálase que estes recursos foron tamén utilizados por institucións públicas de Madrid, Barcelona, País Vasco, Granada ou Zamora.
- En Inega (22 de outubro de 2008) infórmase que o Instituto Enerxético de Galicia foi o encargado de achegar a todos os centros de ensino e bibliotecas municipais galegas varios exemplares do videoxogo. Acceso á nova: *"Os Sostibles", videoxogo do INEGA para aprender a aforrar enerxía*. Dispoñible en: http://www.inega.gal/novas/novas/2008/octubre/noticia_0016.html?idioma=es
  Tamén estivo dispoñible nunha ligazón da web da Consellería de Industria e dende a páxina do Inega (http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2009/05/07/videoxogo-aforrar-enerxia/324224.html)
- O videoxogo conseguiuse grazas ás publicacións realizadas pola doutoranda en diversas redes sociais ante a necesidade de obtención para esta análise. Finalmente un amigo foi quen de conseguilo.



Publicación en Facebook



Publicación en Twitter

A.2. Autoría

007	Implicadas/os	nº	Nome	Localidade	Enderezo web
	☒ Empresa tecnolóxica	2	Jugalia	Bizkaia	https://www.facebook.com/JUGALIA-115237158510906/
			MIP Soluciones en Tecnología	A Coruña	http://miptecnologia.com/
	☒ Xunta de Galicia	1	Concellería de Innovación e Industria		
	□ Concello				
	□ Museo				
	□ Biblioteca				
	□ Fundación				
	□ Editorial				
	□ Produtora audiovisual				
	□ Persoa/s física/s				
	☒ Outras/os (especificar)	1	Inega (Instituto enerxético de Galicia)	Santiago de Compostela	http://www.inega.gal/
	□ Non figuran				
008	Iniciativa				
	□ Propia				

	□ Contratación	
	□ Concurso público	
	□ Subvención	
	□ Outra	
	■ Non figura / difícil de determinar	
009	No videoxogo ou no material de soporte inclúense créditos cos nomes propios das persoas que participaron na elaboración do recurso?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
010	No videoxogo ou no material de soporte indícase se participaron na súa creación un equipo pedagóxico ou especialistas en educación?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	


- Descoñecese o rol de cada unha das empresas que se mostran nos créditos deste xogo. Si se informa na embalaxe do xogo que Jugalia (empresa vasca) ten todos os dereitos reservados.
- Ao acceder ao Facebook de Jugalia, cuxa última publicación data de setembro de 2013, pode lerse o seguinte: *Jugalia se dedica al desarrollo de videojuegos . El objetivo de nuestro entusiasta equipo es desarrollar aplicaciones que funcionen como herramientas eficientes de comunicación, divulgación, educación y por supuesto entretenimiento.* Entre os seus produtos cítanse Os Sostibles. A ligazón á páxina web que inclúen é: https://jugalia.es/ trátase na actualidade dunha tenda en liña
  Cal foi a tarefa de MIP Soluciones en Tecnología?
- No videoxogo ao comezo e ao final (ao saír), móstrase en pantalla dinámica os logos das empresas seguidos do das institucións impulsoras do mesmo.



- Dubídase se este videoxogo foi realizado a partir dun concurso público ou a través dunha contratación. As buscas realizadas na rede non deron resultado, si se atoparon novas sobre o videoxogo "Os Sostibles e a auga", relacionadas coa denuncia do PSdeG en canto a adxudicación "a dedo" da campaña da que formaba parte o videoxogo, como pode verse en Europa Press (19 de abril de 2011), dispoñible en
  http://www.20minutos.es/noticia/1025532/0/
  e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, número 556 (10 de outubro de 2011). En concreto: *08/5PRE-4412(61971)(71142) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Gallego Calvar, María Carmen e 3 deputados máis Sobre as razóns do Goberno galego para a*

posta en marcha da campaña titulada "Os sostibles. A aventura da auga". Dispoñible en: http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B80556_2.pdf

A.3. Imaxes de referencia

011	 Introdución ao videoxogo	 Momento do videoxogo
	Observacións	
	—	

A.4. Outros datos

012	Premios e/ou méritos recibidos (indicar como se obtivo a información)
	—
013	Número de copias reproducidas e onde se repartiron, descargas, persoas rexistradas... (indicar como se obtivo a información)
	—
014	Outra información de interese
	—

Conclusións do bloque A

En liñas xerais respecto á identificación do videoxogo podemos concluír...

- Videoxogo gratuíto distribuídos varios exemplares por centros educativos e bibliotecas municipais galegas.
- Depósito legal: *BI-1790-08. Todos los derechos reservados, Jugalia S.L. 2006-2008*
- Os logos das institucións promotoras móstranse na parte dianteira e superior da embalaxe, o das empresas tecnolóxicas na parte inferior de atrás. Tamén ao comezo do xogo e ao saír do mesmo sobre pantallas dinámicas.
- Non se informa das funcións de cada empresa, nin se houbo dentro do equipo especialistas en educación.

B) MATERIAIS QUE COMPLEMENTAN O VIDEOXOGO

B.1. Recursos xerais que acompañan o videoxogo

015	Que recursos acompañan o videoxogo? (breve descrición)	
	□ Web do proxecto	Descoñécese se houbo
	■ Embalaxe	Caixa CD Slim con papel e bandexa negra.
	□ Material impreso	
	□ Espazo en tenda virtual	
	□ Outro (especificar)	
	Observacións	







B.2. Materiais específicos que reforzan e facilitan o uso do videoxogo

016 Que materiais ou informacións se integran no videoxogo ou nos recursos sinalados no anterior apartado?

Materiais	Onde?[1]	Formato[2]	Descrición
□ Titorial			
■ *Tráiler*	Ao comezo do xogo	Audiovisual	Introdución á aventura. Ver observacións
□ Sinopse			
■ Presentación formal	Carátula	Papel	Ver observacións
□ Guía didáctica específica para docentes			
□ Información xeral de carácter pedagóxico.			
□ Orientación e consellos pedagóxicos para o seu uso			
□ Materiais didácticos complementarios (vídeos, actividades para imprimir...)			
□ Información técnica			
□ Outro/s			

Observacións

- *Tráiler*: A personaxe principal conta a historia do planeta afastado no que vivía, no que a partir da evolución e do uso inadecuado dos recursos, este comezou a resistirse. Salienta que algúns habitantes (coñecidos como os sostibles) tentaron parar a situación mais que ninguén lles fixo caso, polo que cando o planeta era inhabitable marcharon nunha nave a outro habitable. Informa de que se non se quere que pase o mesmo na Terra, hai que ser sostibles, pensar no futuro. A partir do xogo explícase como ser máis sostible na casa.
- Presentación formal:
  Este xogo chega a todos e todas vós por iniciativa do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
  O INEGA, ente que depende da Consellería de Innovación e Industria, agarda que ademais de xogar cos sostibles gocedes aprendendo.
  Os sostibles ensinaranvos que con pequenos xestos diarios podemos aforrar enerxía e facer un mundo cun futuro diferente.
  Xogando cos sostibles iremos descubrindo que os nosos hábitos en relación coa enerxía deben mudar para conseguirmos un planeta máis limpo.
  Utilizar lámpadas de baixo consumo, apagar a luz cando non sexa necesaria, a calefacción a 19º ou utilizar a bicicleta máis a miúdo en lugar do automóbil, son algunhas medidas que inciden de maneira importante no aforro da enerxía.
  Desde o INEGA animámosvos a que xoguedes cos sostibles e a que vos acheguedes a un novo mundo da enerxía.

1 Indicar se está dentro do videoxogo ou na embalaxe, ou no material impreso, etc
2 Indicar se é un PDF para descargar, epub, material impreso, titorial interactivo que explica as accións a realizar, o funcionamento da interface, etc.

Conclusións do bloque B

En liñas xerais respecto aos materiais e informacións que acompañan o videoxogo podemos concluír...
• Deseño coidado, atractivo e simple da embalaxe. • A sinopse móstrase a través dun tráiler, de aproximadamente 4 minutos de duración. Considérase bo, en canto a calidade do guión, son e imaxes. • Non se inclúe guía didáctica, nin información previa sobre as actividades ou retos a superar no xogo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

C) INFORMACIÓN LÚDICO-PEDAGÓXICA

C.1. Código PEGI

017	Faise uso da clasificación PEGI?				
□ Si	* Que etiqueta ou etiquetas se inclúen?				
	□ PEGI 3	□ PEGI 7	□ PEGI 12	□ PEGI 16	□ PEGI 18
	□ Linguaxe groseira		□ Drogas	□ Medo	□ Xogo
	□ Sexo	□ Violencia	□ En liña	□ Discriminación	□ PEGI OK
■ Non					
Observacións					
—					

C.2. Idea do xogo

018	Especifícase se o videoxogo está baseado noutro medio?		
□ Si	□ Orixinal	□ Libro	□ Banda deseñada
	□ Película	□ Feito real	□ Outra (esp.) →
■ Non			
Observacións			
—			

C.3. Funcións xerais

019	Especifícase para que se creou o videoxogo?				
■ Si	*Onde? → Na carátula				
	*Cal é a súa función?				
	□ Entreter	□ Motivar	□ Adestrar	□ Experimentar	□ Reforzar aprendizaxes
	□ Educar	■ Outras (especificar) • Xogar, aprender, ensinar			
□ Non					
Observacións					
• *[...] agarda que ademais de xogar cos sostibles gocedes aprendendo]* • *Os sostibles ensinaranvos...*					

C.4. Clasificación

020	Indícase que tipo de recurso é?
■ Si	*Onde? → Na carátula
	*Que termo se emprega?

	□ Videoxogo	■ Xogo	□ Xogo dixital	□ Mini xogo	□ Recurso lúdico
	□ Outro/s (especificar)				
□ Non					
021	Indícase o xénero ou subxénero ao que pertence?				
□ Si	*Onde? →				
	*Que termo se emprega?				
	□ Educativo	□ Conversacional	□ Aventura gráfica	□ Serious Game	□ Estratexia
	□ Outro (especificar)				
■ Non					
Observacións					
-					

C.5. Grupo destinatario

022	Especifícase para que ámbito de aplicación se creou o videoxogo?			
□ Si	*Onde? →			
	*Para cal? (especificar)			
	□ Centros educativos	□ Fogar	□ Museo	
	□ Outro (especificar)			
■ Non				
023	Especifícase para que ámbito xeográfico se creou o videoxogo?			
□ Si	*Onde? →			
	*Para cal? (especificar)			
	□ Local	□ Provincial	□ CCAA	□ Nacional	□ Internacional
	□ Outro (especificar) →			
■ Non				
024	Especifícase a quen vai dirixido principalmente o videoxogo?			
□ Si	*Onde? →			
	*Que se determina? (especificar)			
	□ Idade →	□ Nivel educativo	□ Características especiais (autismo, xordeira, cegueira...)	
	□ Outro (especificar) →			
■ Non				
025	Menciónase os coñecementos previos que se deberían ter para sacar proveito do xogo?			
□ Si	*Onde? →			
	*Cales son? →			
■ Non				

Observacións
• Nin carátula nin no xogo se informa do ámbito de aplicación. Tampouco das idades ás cales vai dirixido, por exemplo. Sábese polas buscas realizadas na rede que o xogo foi repartido en centros escolares e bibliotecas, así como dispoñible para a súa descarga en certas espazos en liña. Interprétase con estes datos que iría dirixido a centros educativos e fogares. Nunha nova do Inega con data do 22 de outubro de 2008, indícase que o videoxogo vai dirixido a nenas e nenos de 6 a 12 anos. Dispoñible en: http://www.inega.gal/novas/novas/2008/octubre/noticia_0016.html

C.6. Obxectivos lúdicos

026	Explicítase o obxectivo u obxectivos finais do xogo?	
	■ Si	*Onde? → No tráiler
		*Resumo de cales son → Aprender a ser sostibles para que no planeta Terra non suceda o mesmo que no planeta da personaxe.
	□ Non	
	Observacións	
	-	

C.7. Regras do xogo

027	Descríbese de forma xeral como se xoga ao videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son →
	■ Non	
	Observacións	
	• O xogo está formado por diferentes retos ou actividades, explícanse previamente antes de comezar cada unha delas.	

C.8. Retos

028	Enumérase os retos e/ou actividades que se teñen que realizar?	
	■ Si	*Onde? → O xogo está formado por diferentes retos ou actividades, explícanse antes do comezo de cada unha delas. É dicir hai que ir superando cada reto ou minixogo para coñecer ou saber que hai que facer no seguinte.
		*Resumo de cales son →Inclúense aquí os textos de cada unha delas, importante para analizar a linguaxe utilizada, redacción, a quen se dirixen, tipoloxía das actividades, ... ○ ***1. Surfeando as lámpadas*** *Neste xogo debes coller lámpadas de baixo consumo como estas [imaxe]* *Esquiva o resto dos obxectos, se os tocas perderás unha vida. Só podes cometer 2 fallos, ao terceiro deberás empezar de novo.* *Utiliza os cursores para moverte co patinete solar.* *Usa a barra espazadora para agacharte, iso axudarache a esquivar os obxectos.*

- ***2. Apagaluces***
  Neste xogo hai que apagar as luces dos cuartos baleiros.
  Como veredes nalgúns cuartos hai Infogabes. Os Infogabes non saben o que fan, por iso cando saen dos cuartos non apagan a luz. Pero ti vaslles ensinar.
  Para apagar as luces espera a que os Infogabes saian do cuarto e despois clica sobre as lámpadas.
  Non apagues a luz dos cuartos nos que haxa xente.
  Cando os Infogabes aprendan que apagando a luz cando se sae dun cuarto baleiro se aforra enerxía, converteranse en sostibles.
  Na parte de arriba, á esquerda hai unha barra que indica o gasto irresponsable de enerxía.
  Tes que apagar as luces antes de que esa barra se complete.
  Si non o fas terás que empezar de novo.
  Truco: cando un Infogabe se Converte en sostible poderás esquecerte do seu cuarto porque el mesmo apagará a luz cando saia. Se chocas cos sostibles non te preocupes, non che ocorrerá nada.
- ***3. Cambialuces***
  Neste xogo tes que cambiar todas as lámpadas que vexas por lámpadas de baixo consumo.
  Para cambiar as lámpadas, móvete coas teclas de dirección e colócate sobre elas.
  Usa a barra espaciadora para cambiar as lámpadas por lámpadas de baixo consumo.
  Neste xogo tamén hai Infogabes. Se fas as cousas ben, aprenderán.
  Esquívaos, xa sabes que se chocas con eles perderás unha vida.
  Na parte de arriba, á esquerda, hai unha barra que indica o gasto irresponsable de enerxía. Tes que cambiar as lámpadas antes de que a barra se encha.
  Truco: hai zonas da pantalla onde os Infogabes non che poden tocar. Úsaas para te protexeres tamén.
- ***4. As lámpadas usadas ao punto limpo***
  Neste xogo o obxectivo é evitar que as lámpadas cheguen aos colectores, porque xa sabemos que debemos levalas ao Punto Limpo máis próximo.
  Colle as lámpadas das fitas que van aos colectores e déixaas sobre o camión que pasa pola parte de abaixo.
  Para collelas, só tes que clicar co rato, e verás cómo quedan pegadas ao punto de mira. Despois sóltaas sobre o camión clicando de novo.
- ***5. O consumo é un fantasma***
  Neste xogo, o obxectivo é apagar correctamente todos os aparatos electrónico que vexas.
  Para apagar os aparatos, móvete coas teclas de dirección e colócate sobre as luces vermellas.
  Despois usa a barra espazadora para apagalos.
  Neste xogo tamén hai Infogabes. Se fas as cousas ben, aprenderás.
  Esquívaos, xa sabes que se chocas con eles perderás unha vida.
- ***6. Elixir ben é aforrar***
  Neste xogo, todos os electrodomésticos que cheguen ao chan teñen que ter a etiqueta A.
  Os electrodomésticos que teñen a etiqueta A son os que menos consumen.
  Para cambiar as etiquetas tes que usar o "Lanzador de etiquetas". Pero coidado, o seu número é limitado! Poderás ver cantas gastaches no contador da esquerda.
  Apunta coas teclas de dirección. Usa a barra espazadora para lanzar as

	etiquetas A. *Se algún electrodoméstico que non teña etiqueta A chega ao chan, cometerás un fallo.* *Truco: non fai falta que lles dispares aos electrodomésticos que xa teñen etiqueta A. É moi fácil distinguilos porque levan para caídas.* ◦ ***7. A cociña sostible*** *Neste xogo tes que conseguir que todos os electrodomésticos da cociña teñan a etiqueta A.* *Deberás memorizar qué electrodomésticos non levan etiqueta A.* *Primeiro, clica para coller unha letra A. Despois, volve clicar para soltala sobre os electrodomésticos que non teñan etiqueta A.* *As etiquetas se móvense, ten moito ciudado e cole só as letras A. Si colles outra letra, será un fallo.* *Para colocar as etiquetas tes un tempo límite. Na parte inferior tes un reloxo que marca o tempo que che queda.* *Este xogo é moi fácil e divertido. Seguro que che serve para lembrar que os electrodomésticos que teñen etiqueta de cualificación A consomen menos enerxía.* ◦ ***8. Illa fiestras*** *Neste xogo tes que conseguir que todas as fiestras do edificio queden ben illadas. Así evitarás que escape a calor.* *Evita os Infogabes e cando aprendan o importante que é illar ben as nosas casas converteranse en sostibles.* *Para illar as fiestras, móvete coas teclas de dirección e colócate sobre elas.* *Despois, preme a barra espazadora para illar.* *Para que unha fiestra esté totalmente illada tes que repetir a acción 3 veces.* ◦ ***9. Sen se pasar coa calefacción*** *Neste xogo, tes que poñer todas as calefacción do edificio a unha temperatura de 21 graos.* *Evita aos Infogabes e cando aprendan o importante que é ter a calefacción a unha temperatura media, converteranse en sostibles.* *Para baixar a temperatura, móvete coas teclas de dirección e colócate sobre o termoestato.* *Despois, preme a barra espazadora.* *Xa sabes que os Infogabes non aprenden á primeira.* *Para que se convertan en sostibles deberás baixar a temperatura da calefacción 2 veces.*
□ Non	
Observacións	
-	

C.9. Obxectivos educativos

029	Enuméranse as competencias básicas que activa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	□ Non	
030	Enuméranse os obxectivos educativos concretos que se pretenden conseguir usando o videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →

	*Resumo de cales son? →
■ Non	
Observacións	
• No xogo e na carátula enuméranse as grandes finalidade ou obxectivos xerais, relacionados co aforro enerxético. • De forma indirecta, os obxectivos e contidos son informados previo ao reto pola personaxe animada.	

C.10. Contidos educativos

031	Enuméranse os contidos educativos que se tratan no videoxogo?	
	□ Si	*Onde? →
		*Resumo de cales son? →
	■ Non	
	Observacións	
	• De forma indirecta, os obxectivos e contidos son informados previo ao reto pola personaxe animada.	

C.11. Relación co Currículo Oficial

032	Indícase a Lei do sistema educativo vixente durante o lanzamento do xogo.	
	□ Si	*Onde? →
		*Cal é? →
	■ Non	
033	Especifícase se os obxectivos pedagóxicos do videoxogo se cinguen aos obxectivos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	
034	Especifícase se os contidos do videoxogo se cinguen aos contidos prescritos pola Administración Educativa?	
	□ Si	*Onde? →
		*Etapa/s →
		*Ciclo/s →
		*Curso/s →
		*Área/s →
	■ Non	

Observacións
—

Conclusións do bloque C

En liñas xerais respecto á información lúdica-pedagóxica que acompaña o videoxogo podemos concluír...
• Estamos ante un videoxogo que pretende concienciar ás nenas e nenos galegos de entre 6 a 12 anos da importancia do aforro enerxético. • Tanto os obxectivos educativos, como os contidos e regras son tratados previo ao comezo de cada reto ou minixogo, a través do que denominan “Videoconsellos” (animación da personaxe) e Axudas en xogo (instrucións escritas e con algunha imaxe).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D) CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

D.1. Idioma

035	Sen entrar no videoxogo, especifícase o idioma ou idiomas que soporta?				
	□ Si ■ Non	*Onde? →			
		*Indicar número de idiomas → 1			
		■ Galego	□ Español	□ Vasco	□ Catalán	□ Inglés
		□ Outro/s (especificar) →			
036	En que compoñentes ou elementos do videoxogo se fan visibles os idiomas?				
	■ Botóns (texto)				
	□ Botóns (locución)				
	■ Caixas con textos escritos (instrucións, narración, axudas...)				
	□ Caixas con textos locutados (instrucións, narración, axudas...)				
	■ Locucións personaxes → nas animacións, presentacións iniciais				
	□ Materiais complementarios (guía didáctica, manual de uso...)				
	□ Outros (especificar) →				
	Observacións				
	• Os botóns móstranse en galego, mais non son locutados. • As voces en off que hai son da personaxe, escóitase nos videoconsellos. • O texto escrito en galego tamén está nas instrucións previas a cada reto, sen locucións.				

D.2. Son

037	Que sons integra o videoxogo?
	□ Efectos de son (onomatopeas, aplausos...)
	■ Música
	■ Voces
	□ Outros (especificar) →
	□ N/A
	Observacións
	—

D.3. Rexistro

038	Para xogar ao videoxogo é necesario rexistrarse?	
	■ Si	*Especificar os datos que solicita para o acceso → Require login para gardar as partidas, solicítase nome e idade
	□ Non	
	Observacións	
		

D.4. Plataforma

039	Inclúese información sobre as plataformas nas que funciona?		
	□ Si ■ Non	*Onde? →	
		*Indicar as plataformas nas que pode ser utilizado.	
		□ Consola (esp.)	■ PC □ Teléfono intelixente
		□ Tableta	□ Outra/s (esp.) →
	Observación		
	• Na carátula especifícanse os requisitos mínimos, mais non se especifica explícitamente que ese requisitos pertencen a un PC.		

D.5. Sistema operativo

040	Inclúese información sobre os sistemas operativos nos que funciona?				
	■ Si □ Non	*Onde? → Carátula			
		*Indicar e especificar versión.			
		■ Windows	□ Linux	■ MacOs	□ Android	□ iOS
		□ Outro/s (especificar) →			
	Observacións				
	• Requisitos mínimos: Pentium III 800 Mhz / Power PC 500 Mhz				

256 Mb RAM
Windows 2000, XP / Mac Os X 10.2
CD-ROM 24X
Microsoft DirectX 8.1
Tarxeta de vídeo 32 Mb
Tarxeta de son


- Xogo instalado en PC a través de asistente de autoinstalación



D.6. Sistema periférico

041	Inclúese información sobre os periféricos necesarios para a interacción no videoxogo?			
□ Si ■ Non	*Onde? →			
	*Indicar cales se necesitan			
	■ Teclado	■ Rato	□ *Joystick*	□ Pantalla táctil
	□ Outro/s (especificar)			
Observacións				

- O teclado utilízase principalmente dentro dos xogos e o rato para moverse entre os botóns, seleccionar opcións...



D.7. Outros requisitos técnicos

042	Que outros requisitos técnicos son necesarios para o seu uso?		
	□ Conexión á rede	□ Resolución mínima da pantalla	□ RAM
	■ Tarxeta de son	□ Instalación de plugins	□ Execución de arquivos
	■ Outros (especificar) → Tarxeta de vídeo...		
	Observacións		
	• Ver requisitos mínimos na unidade D.5.		

D.8. Tecnoloxías de comunicación e interacción

043	Que tecnoloxías para a comunicación e interacción incorpora e/ou necesita?
	□ Realidade Aumentada
	□ Realidade Virtual
	□ Kinect
	□ Chat
	□ Control parental
	□ Redes Sociais
	□ Outras (especificar)
	■ N/A
	Observacións
	—

D.9. Linguaxe de programación

044	Especifícase a linguaxe de programación na que se creou o videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	■ Non	
	Observacións	
	-	

D.10. Compras

045	O videoxogo inclúe compras integradas?	
	□ Si	*Especificar obxectivos e prezos das compras (mellorar habilidades personaxe, aumentar tempo de xogo...) →
	■ Non	
	Observacións	

—

D.11. Publicidade

046	O videoxogo integra publicidade?	
	□ Si	*Especificar tipo de publicidade (subliminar, intrusiva...) →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

D.12. Garantía

047	Inclúe garantía de compra ou algún tipo de protección legal ante erros xurdidos no videoxogo?	
	□ Si	*Especificar →
	□ Non	
	Observacións	
	—	

D.13. Contacto

048	Inclúese algún teléfono, correo, formulario... para consultas, resolver problemas ou dúbidas?	
	□ Si	*Especificar →
	□ Non	
	Observacións	
	• Na carátula, a carón das empresas desenvolvedoras, móstranse o seu enderezo e correo electrónico.	

Conclusións do bloque D

En liñas xerais respecto ás características técnicas do videoxogo, podemos concluír...
• Videoxogo en galego. • Inclúe locucións, música e efectos sonoros. • Programado para Windows 2000/XP e Mac Os X 10.l2 • Na carátula inclúe o enderezo e correo das empresas creadoras do xogo, xunto aos seus logos. Mais non se explicita que sexa para consultas que poidan xurdir durante as partidas. • Non inclúe compras, nin publicidade integrada.

E) ANÁLISE DO DESEÑO INSTRUTIVO

E.1. Obxectivos educativos

	Adecuación
049	Os obxectivos educativos son adecuados ao grupo destinatario ao que se dirixe (en función da idade ou áreas de desenvolvemento: motriz, cognitivo...)
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A[1]
	*Xustificar: Se tomamos o amplo rango de idade de 6 a 12 anos, pode resultar complexo para as máis cativas/os en canto habilidades motrices nalgúns xogos e á hora de contestar as preguntas. Para as/os 12 os contidos e probas poden resultar demasiado fáciles.
050	Os obxectivos educativos son coherentes entre si.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Os obxectivos xiran en torno ao aforro enerxético no fogar.
051	O xénero e/ou subxénero de videoxogo é acorde aos obxectivos educativos que se perseguen.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Trátanse de minixogos, moitos dos cales de habilidade. Algúns requiren atención e accións repetitivas: exemplo apagar luces e baixar a calefacción, polo que para estes contidos poden ser apropiados.
052	Todos os obxectivos educativos poden ser alcanzados ao finalizar o videoxogo.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	Consideramos que os obxectivos xerais tal e como están expostos na carátula si poden ser alcanzados, xa que no xogo principalmente se incide no aforro enerxético no fogar. Cambiar lámpadas de baixo consumo, elixir electrodomésticos de etiquetas enerxéticas A, ...
053	Os obxectivos pedagóxicos intégranse coherentemente cos obxectivos do xogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Os obxectivos pedagóxicos intégranse no xogo a través da animación/locución da personaxe e por medio dos cuestionarios que integra ao superar cada unha das probas
	Observacións
	—

E.2. Contidos educativos

	Procedencia da información
054	O contido pertence a un ámbito de saber especializado ou académico, cun valor exclusivamente científico. Son válidos cientificamente e vixentes na actualidade.
	*Valoración → 0 1 **2** N/A
	*Xustificar: Certamente na actualidade resultan válidos os consellos expostos no xogo, en canto etiquetaxe dos electrodomésticos, lámpadas de baixo consumo, fiestras illadas, ...
055	O contido inclúe ámbitos de saber popular, tradicional...
	*Valoración → **0** 1 2 N/A

1 0 = Non, en modo algún | 1 = Bastante, en gran medida | 2 = Si, absolutamente | N/A = Non aplica

	*Xustificar:
056	O videoxogo inclúe, como fonte de información ou retos, recursos producidos na contorna inmediata.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
	Estrutura e representación
057	O contido organízase a través dunha serie xerarquizada de retos, quebracabezas, minixogos ou niveis.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Organízase a través de minixogos pero de forma lineal, sen opción deselección
058	O contido preséntase dunha forma inquisitiva, no videoxogo débese demostrar a comprensión aplicándoa a un reto específico.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
059	O contido preséntase dunha forma expositiva, preséntase a información con textos na pantalla ou con locucións expoñendo as información conceptuais.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Nos "Videoconsellos", nos reforzos ao ser superado o xogo e nos cuestionarios.
060	Os contidos educativos están ben integrados na estrutura do xogo.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Os contidos son tratados de forma demasiado expositiva. E nalgúns retos prima demasiado o posuír habilidades motrices.
	Promoción de valores
061	O videoxogo recolle unha realidade pluricultural.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
062	O contido está libre de prexuízos políticos, raciais, sexuais, culturais ou relixiosos.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar:
063	O contido oriéntase ao desenvolvemento dunha conciencia pacifista e de axuda mutua.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: De axuda: axudar aos denominados infogabes a ser sostibles; axudar ao planeta; ...
064	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia ecoloxista.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: A baixo nivel, soamente se tratan pequenas accións que deberían ser realizadas nos fogares para aforrar enerxía
065	O contido oriéntase no desenvolvemento dunha conciencia a prol do idioma galego.
	*Valoración → 0 1 2 N/A
	*Xustificar: Está en galego mais non orientado para o seu uso.
066	O contido carece de connotacións agresivas e violentas.
	*Valoración → 0 1 2 N/A

	*Xustificar: Non hai relacións entre personaxes. Si é certo que nun dos xogos emprégase unha especie de "metralladora" mais non é para facer desaparecer algo, é para mudar unha cousa por outra, sen connotacións agresivas. No entanto, podería ser empregado outro recurso. 
	Adecuación
067	Os contidos son adecuados aos coñecementos e habilidades que sobre o tema pode ter o grupo destinatario principal do videoxogo.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: Non tanto en relación a habilidades, a gran maioría dos actos que reflexa para trasladar á realidade requiren da acción dun adulto. Por exemplo: illar as ventás, mudar os electrodomésticos, ... Neste caso utilízase os coñecementos que pode adquirir un menor no xogo, para actuar como encargado/a de "avisar" ou trasladar aos adultos cos que convive o que aprenderon. Mais é certo que inclúe outros retos perfectamente aplicables á realidade para unha nena/o de 6 anos, como pagar a luz ao saír dun cuarto, por exemplo.
068	Están exentos de erros de información e conceptuais.
	*Valoración → 0 **1** 2 N/A
	*Xustificar: En xeral si, mais non obtén un 2 na valoración xa que nun dos xogos, en concreto o titulado "Sen se pasar coa calefacción" (xogo 9, o último) confunde no relativo á temperatura ideal á qie se debe pór a calefacción no inverno: Nos consellos previos ao xogo indícase que mellor non superar 22º que con 18º e cun xersei fino pode ser suficiente; nas instrucións do xogo vindícase que dentro do mesmo hai que pór a calefacción a 21º, mais realmente o/a xogador/a ten que poñela a 20º. E na carátula do xogo fálase de 19º.
069	Os escenarios, os elementos e obxectos que compoñen o videoxogo, integran (implicitamente ou explicitamente) contidos relevantes para a consecución dos obxectivos educativos.
	*Valoración → **0** 1 2 N/A
	*Xustificar: O único a forma das bombillas de baixo consumo, algunhas cores das etiquetas enerxéticas, ...
	Observacións
	—

E.3. Ámbito de incidencia

070	A nivel xeral, que ámbito/s de incidencia predomina/n no videoxogo?
	□ Conceptual
	□ Procedemental ou de habilidades

	■ Actitudinal
	*Xustificar → • Conceptuais: nas informacións transmitidas nas presentacións e nos cuestionarios. • Procedemental: nos propios minixogos • Actitudinal: en xeral, mais soamente "visible" no tráiler, na historia de inicio.
071	En caso de converxer distintos ámbitos de incidencia, a proporción é coherente e están convenientemente interrelacionados?
	*Valoración → 0 ■ 1 2 N/A
	*Xustificar: Predominan con diferencia os conceptuais.
	Observacións
	—

E.4. Retos

072	De que tipoloxía son os retos que forman o videoxogo?				
	■ Memorización	□ Lóxica	□ Creación	□ Construción	□ Estratexia
	□ Labirintos	□ Selección	□ Quebracabezas	■ Habilidade	□ Clasificación
	□ Cálculo de elementos	□ Identificación	■ Pregunta-resposta	□ Outro/s (esp.) →	
	*Xustificar: • Hai un reto de memorización. • Hai 9 actividades de pregunta-resposta. Saen ao superar cada xogo. Nalgúns casos móstrase unha pregunta e noutras ocasións tres. • Os minixogos polo xeral requiren habilidade viso-manual, rapidez e atención. En xeral: ◦ Xogo 1: Habilidade ◦ Xogo 2: Atención e rapidez ◦ Xogo 3: Habilidade, atención ◦ Xogo 4: Rapidez, coordinación e sorte. Xogo con aleatoriedade, poden xurdir momentos nos que saen moitas lámpadas pola cinta transportadora "de golpe" a cal vai tamén máis rápido e coincidindo cando o camión da pantalla, resultando complicado poder superalo. ◦ Xogo 5: Habilidade, atención ◦ Xogo 6: Atención ◦ Xogo 7: Memorización, rapidez ◦ Xogo 8: Habilidade, atención ◦ Xogo 9: Habilidade, atención, rapidez				
073	Os retos integran distintos niveis de dificultade?				
	□ Si	*Especificar →			
	■ Non				
074	Natureza dos retos:				
	□ Os retos pódense elixir ou seleccionar.				
	□ Os retos pódense crear.				
	■ Os retos están predefinidos no xogo e repítense de maneira exacta cada vez que se xoga unha partida				
	□ Os retos están predefinidos no xogo e repítense cada vez que se xoga unha partida, mais algúns dos elementos que os integran varían aleatoriamente.				

	□ Outra (especificar)
	*Xustificar → Nas preguntas ao non ser acertadas cambian a orde das respostas, mais o contido é o mesmo.
075	Tratamento. Recursos e estratexias para a presentación dos retos.
	□ Empréganse elementos sorpresas ou fórmulas novidosas
	□ Ao interactuar o xogador cun obxecto, elemento, personaxe...
	■ Presentación por parte de personaxes previo ao reto
	□ Accédese directamente ao reto ao premer nunha imaxe ou texto.
	□ Outros (especificar) →
	*Xustificar → Retos lineais, sen opción de selección.
	Adecuación pedagóxica
076	Os retos son apropiados para o tratamento dos contidos educativos integrados no videoxogo.
	*Valoración → 0 ■1 2 N/A
	*Xustificar: Dos 9 minixogos, soamente 1 ou 2 poderían ser considerados apropiados. É o caso do xogo "Apagaluces". A gran maioría resultan repetitivos, por ter que realizar as mesmas accións nun e noutros: mover á personaxe polas estancias e premer na barra espaciadora para activar ou desactivar algo. Algúns do xogos resultan pouco apropiados, pois as accións a realizar pouco teñen que ver coa temática, simplemente se integran elementos relacionados para darlles sentido, exemplo: "Surfeando as lámpadas" e "As lámpadas usadas ao punto limpo".
077	Preséntanse diferentes retos asociados a un mesmo contido facilitando o recordo e a comprensión.
	*Valoración → 0 ■1 2 N/A
	*Xustificar: Sobre todo os relacionados coas lámpadas de baixo consumo e as etiquetas enerxéticas
078	Os retos son próximos aos problemas prácticos e actuais da vida cotiá, persoal e social do grupo destinatario.
	*Valoración → 0 1 ■2 N/A
